PUBLICACIÓNS DO CENTRO
DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS
RAMÓN PIÑEIRO

LA NOCHE
SUPLEMENTO DEL SABADO

Santiago de Compostela
1949-1950

XUNTA DE GALICIA

PUBLICACIÓNS DO CENTRO
DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS
RAMÓN PIÑEIRO

LA NOCHE
SUPLEMENTO DEL SABADO

Santiago de Compostela
1949-1950

PUBLICACIÓNS DO CENTRO
DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS
RAMÓN PIÑEIRO

LA NOCHE
SUPLEMENTO DEL SABADO

Santiago de Compostela
1949-1950

XUNTA DE GALICIA

SUPLEMENTO DEL SÁBADO

(Santiago de Compostela, 1949 - 1950)

EDICIÓN FACSÍMILE

SUPLEMENTO DEL SÁBADO

(Santiago de Compostela, 1949 - 1950)

EDICIÓN FACSÍMILE

Director do proxecto

Luís Alonso Girgado

Colaboradores

Xabier Castro Rodríguez

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Begoña Eguizábal Gándara

Manuel Quintáns Suárez

Amelia Rodrigues Esteves

Edita
Xunta de Galicia
Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias
Ramón Piñeiro

Coordinador científico
Constantino García

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Deseño e Composición
José Ramón Pérez

Imprime
Editorial Compostela

ISBN: 84-453-1849-7

Depósito legal: C-1789/96

LIMIAR

Cando en febreiro de 1946 o xornal compostelán *La Noche* iniciaba a súa xeira baixo a dirección de José Goñi, inspirador e mentor daquelas páxinas de fondo acento galego, poucos podían sospeita-la importancia e interese que, co paso do tempo, ía adquirir aquela publicación tanto na historia do noso xornalismo contemporáneo como nas máis difíciles décadas culturais da posguerra.

Ben cedo a vocación galeguista e a atención ó ámbito cultural daquel xornal, único vespertino dos que se facían entre nós, se manifestaron nas colaboracións de ilustres escritores como Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Xosé Filgueira Valverde, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisco Fernández del Riego e moitísimos máis (o popular xornalista Borobó entre eles) que farían unha nómina de case imposible enumeración.

Os primeiros anos da xeira do xornal foron xa recuperados e actualizados polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro no libro *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*, que contou co valioso testemuño de Luz Pozo, Pura Vázquez, Manuel María e Borobó, colaboradores naquelas páxinas dende primeira hora.

O Centro Ramón Piñeiro presenta agora, en edición facsímile, o *Suplemento del Sábado* que, baixo a dirección de Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto, foi un experimento, unha primeira tentativa galeguista que mesturou diferentes ámbitos da actividade cultural: literatura, arte, economía, etc.

Un bo número de colaboradores de *La Noche* fixéronse sinaturas presentes que prestixiaron o Suplemento, rematado no seu número dezaseis pola forza das adversas circunstancias daquel tempo. Malia a súa curta existencia, constitúe sen dúbida un fito no noso xornalismo cultural e a súa presentación facsimilar, estamos certos, constituirá unha grata sorpresa para algúns e un reencontro nostálxico para outros. Para min é unha ledicia facer este limiar, e así quero manifestalo.

Celso Currás Fernández,
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, novembro de 1996.

ÍNDICE XERAL

Páx.

1. Presentacións **9**

Francisco Fernández del Riego: Breve historia do Suplemento 11

Borobó: Os sábados de *La Noche* 15

Baldomero Cores Trasmonte: A codificación da galeguidade en anos difíciles (1949-1950) 23

2. Introducción **35**

1. Unha década de publicacións: 1940-1950 37

2. Estudio do Suplemento del Sábado de *La Noche* 40

2.1. O Suplemento no contexto do xornal 40

2.2. Xénese e datos externos: os erros na numeración. Notas editoriais 43

2.3. Colaboradores 45

2.4. Estructura e contidos: seccións e números extraordinarios 47

2.5. Consideracións finais 49

3. Repertorio biobibliográfico dos colaboradores **51**

4. Anexo: Cincuentenario do xornal *La Noche* **85**

1. Editorial Compostela: unha aventura compostelá 87

2. Trinta anos de historia 90

3. Os medios humanos 97

4. *La Noche*, unha lumieira na escuridade dun tempo ido 103

5. *La Noche*, un xornal con personalidade propia 107

6. Etapas diferentes no desenvolvemento de *La Noche* 111

7. *La Noche* na perspectiva dos seus colaboradores 114

8. Conclusións 116

9. Índice onomástico 116

5. Índice xeral **123**

1. Sumarios 125

2. Colaboradores 141

3. Títulos: 153

3.1. Verso 153

3.2. Prosa: 3.2.1. Artigos 154

3.2.2. Narracións 158

3.2.3. Notas e novas 159

3.2.4. Varia 167

3.3. Ilustracións 168

PRESENTACIÓNS

Breve historia do Suplemento

Francisco Fernández del Riego

Xosé Goñi Aizpúrua era un xornalista basco, formado na ideoloxía do tradicionalismo. Con todo, nas súas actividades, manifestouse sempre como home de xorne liberal. En calquera caso, con evidente simpatía polos problemas de Galicia e da cultura galega. Mentres dirixiu os xornais compostelanos *El Correo Gallego* e *La Noche*, ofreceu expresivas amosas, limitadas polas circunstancias, desa simpatía.

A nosa relación con el encetouse a través do profesor Camilo Barcia Trelles, catedrático entón de Dereito Internacional da Universidade de Santiago. Mantiñamos con este unha boa amizade e acostumaba a nos mandar os libros da súa autoría que ía publicando. Sobre un deles, quizais o titulado *Vázquez de Menchaca*, fixemos un comentario que lle remesamos. Apareceu de contado nas páxinas do xornal que Goñi dirixía. Máis ou menos por este tempo, o catedrático de Literatura da mesma Universidade, Alonso Zamora Vicente, mandounos un volume seu sobre o poeta da escola sevillana Francisco de la Torre. Tamén lle adicamos unha glosa, que se publicou no devandito xornal.

Aconsellado por Barcia, escribiunos Goñi convidándonos a colaborar no periódico. Respostamos á invitación mandándolle os primeiros artigos, firmados co pseudónimo Salvador Lorenzana. Foi así como comezaron as nosas relacións. Tratabamos –como colaboradores– de diversos temas, sempre relativos a feitos culturais do país. Posteriormente, iniciamos unha serie, que aparecía cada sete días co epígrafe "Un tema galego cada semana".

Por veces, os artigos remesados deixaban de se publicar, sobre todo nos comezos. Fronte á nosa reclamación por tal motivo, en carta do 9 de marzo de 1948, Goñi xustificábase así: "Non lle extrañe que iso ocurra. En contrapartida, agradecereille que teña en conta que non publiquei tampouco varios artigos que veño recibindo, nos que se ataca a vostede sen as consideracións que estimo indispensables".

Andando varios meses, pedímoslle ao novo amigo que acollese a Ánxel Fole como colaborador nas páxinas do xornal. Aceitou a proposta, e as colaboracións do escritor lugués comezaron a ser relativamente asiduas. Pero non tardaron en xurdir atrancos. O 22 de febreiro de 1949 escribíanos o director do seguinte xeito: "Devólvolle o último artigo de Ánxel Fole que me mandou. Prefiriría que dito señor enviase artigos sobre temas ou escritores menos discutidos desde o punto de vista católico. Polo demais, tratándose dun amigo seu, e tan boa pluma, aforro de lle decir que celebrarei moito contar coa colaboración súa".

Pouco tempo despois, queixámonos de que deixasen de se publicar os habituais "Parladoiros" de Otero Pedrayo. Tamén neste caso dábanos Goñi unha explicación, o 18 de maio do ano devandito: "Houbo que suprimilos provisionalmente, a causa do pasamento do linotipista que estaba encargado de compoñelos. Aínda que pareza incríbel, son poucos os tipógrafos do país que coñecen o idioma escrito. Espero que podamos reanudar a súa publicación axiña. De todos xeitos, o gran Don Ramón sigue en cabeza dos nosos colaboradores, honrándonos cos seus magníficos artigos".

A preocupación de Xosé Goñi polos problemas e as xentes da nosa cultura mantíñase viva. No mesmo ano de referencia, convocounos a Xaime Illa Couto e a nós, para nos reunir conxuntamente en Santiago. Acariñaba a idea de artellar un proxecto de "Suplemento dos sábados", consagrado ás letras e á economía de Galicia. Tentaba depositalo nas nosas mans para dirixilo e redactalo. Logo dunha demorada conversa, con cambio de impresións, chegamos a un acordo. Xa de regreso en Vigo, recibimos do noso anfitrión, o 22 de setembro, o seguinte texto: "Axunto unha copia do proxecto sobre o que falamos días pasados, para que sirva de base. Celebraría moito que o frutífero cambio de impresións que tivemos, ofrecera axiña resultados prácticos. Desexo que o Suplemento non tarde máis de quince días en saír".

No mes seguinte, o 7 de outubro, Goñi escribiunos de novo: "Anúnciase no xornal a saída do Suplemento. Felicítoos, porque traballaron magnificamente. Interesa que vaian preparando orixinal para o segundo. Porque convén levar oito días de adianto de orixinais entre número e número. Xa están feitos tódolos debuxos que mandaron".

Unha semana máis tarde saíu do prelo o número inicial. Xaime Illa escribiu para el un breve "Guión" co que se presentaba. Colaboraban nas súas páxinas, Álvaro Cunqueiro, Borobó, Florentino Cuevillas, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Otero Pedrayo e Ánxel Fole. Os textos anónimos redactámo-los Celso Collazo e máis nós. Fóra dos literarios, incluíanse outros sobre "Vida e economía". As ilustracións eran de Xohán Ledo, pseudónimo de Ricardo García Suárez.

Un par de días pasados, Goñi reiteraba o seu agradecemento pola que calificaba de moi boa colaboración a que estabamos a emprestar. Non obstante, pensaba que sería de interés adicarlle maior atención aos temas económicos, para evitar que o Suplemento fose exclusivamente literario.

Mantívose o segundo número con características semellantes ás do anterior. Pero o terceiro reflexou aspectos un algo diferentes. O día 30 do mesmo outubro, celebrábanse as Bodas de Ouro de comerciantes e industriais de toda Galicia, que levaban máis de cincuenta anos no exercicio das súas actividades profesionais. Goñi tentaba que se lle adicase o Suplemento da data precedente a esa conmemoración. A tal fin, pregábamo-nos que fixésemos traballos (aínda os propiamente literarios) nos que se recollese o ambiente daquela época. En consecuencia, parecíalle que o Suplemento do día debería ter o significado especial que o tema demandaba.

Nas entregas que se foron sucedendo, figuraron novas firmas que iamos solicitando, ademais das xa habituais: Bal y Gay, Luís Manteiga, Luís Seoane, Luís Viñas, Ramón Piñeiro (co pseudónimo de Luís Veiga do Campo), Carlos Martínez-Barbeito, Carballo Calero (co pseudónimo de Fernando Cadaval), Paz Andrade, Augusto Casas, Iglesia Alvariño ou Celestino Fernández de la Vega. Sumáronse ás anteriores outras seccións fixas a cargo de Emilio Álvarez Blázquez e Antonio Bonet Correa, rubricadas con pseudónimos.

Ao ser promovido ao arcebispado de Santiago o titular da diócese mindoniense, Don Fernando Quiroga Palacios, pensouse en lle adicar unha edición especial do Suplemento. Resolveuse que o 10 de decembro sería

a data axeitada. No entanto, foran incorporándose outros colaboradores, a parte dos xa reseñados: Varela Jácome, Antonio Prado, López Garabal, Prof. Hernansáez, P. Isorna.

No número de homenaxe a Quiroga Palacios, home de fonda galeguidade, fixemos nós o seu perfil biográfico. Colaboraron Emilio Álvarez Blázquez, Raimundo García Domínguez –co pseudónimo Raimundo Lozano–, Ánxel Fole, Pedret Casado, Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Celso Collazo, Xosé Mª Álvarez Blazquez, Iglesia Alvariño e Xesús Carro. Nós escribimos, sen firma algunha, as semblanzas de López Ferreiro e de Diego Xelmírez. Álvaro Cunqueiro fixo a louvanza do novo arcebispo, co pseudónimo Álvaro Labrada, que el non autorizara na ocasión. Mesmamente, este feito provocou a protesta do interesado, que nos transmitimos ao Director do xornal.

En resposta, recibimos de Goñi unha longa carta, que transcribimos: "Os colaboradores do Suplemento poden ser moitos, e a nosa manga, sen ser elástica, non é tan estreita como para lle meter medo a ninguén. O que non deben esquecer os colaboradores, seña calquera o seu xeito de pensar e a súa posición persoal, é que un xornal non sempre pode compracer a todos. Entre outras razóns, porque os xornais teñen todos varias limitacións. Tampouco poden esquecer que aínda cando, como neste caso, exista quen lles pida colaboracións, esa colaboración sempre queda subordinada ao director. Este, con bo ou mal criterio -que non é caso a discutir agora- é quen en última instancia resolve..., cando non resolveron previamente algunhas desas limitacións das que eu falaba.

A colaboración de Álvaro Cunqueiro non pasou sen problemas polas páxinas do Suplemento

Polo demais, nada hai de extraordinario na devolución de dous artigos, cuios firmantes teñen motivo para saber que, en ningún caso, obedece a desconsideración o feito de non publicar eses artigos.

No tocante a Cunqueiro, ben se decata vostede do motivo polo cal non puido ir firmado co seu nome o artigo relativo ao Sr. Arcebispo. Pero posto que Cunqueiro se ofendeu agora, direille a vostede que en principio, desde este momento, eu non quixera publicar ningún artigo seu nen con firma nen sen ela. Entre outras razóns, porque Cunqueiro pode face-lo que queira, sen que eu me mesture nos seus asuntos. Pero o que non pode facer é merecer consideracións cando as perdeu por motivos que el non debe ignorar. Pesie a iso, seguiuse a lle ter esas consideracións e outras que el non coñece nen compre que as coñeza".

Aos números do Suplemento que foron aparecendo sucesivamente, incorporáronse outros colaboradores, ademais dos acostumados: Vicente Risco, Manuel Rabanal, Iglesias Vilarelle, Leandro Carré, Álvaro Paradela, Lázaro Montero, José Castro Arines. No séptimo dos publicados, encetara Carlos Martínez-Barbeito unha riola de artigos sobre o mundo familiar de Rosalía e Manuel Murguía. Pero a serie interrumpiuse sen xustificación aparente. Foi o propio director do xornal o que determinou a suspensión. Como en ocasións precedentes, demandámoslle unha explicación do feito. Respostounos o 31 de decembro, nos seguintes termos:

"A colaboración de Barbeito decidín suspendela de momento, ata ter ocasión de ler a súa novela, sobre a cal teño informacións que non podo aceitar sen ese previo coñecemento de causa. Vostede verá si é procedente darlle estas explicacións ao interesado, o cal pode sentirse amolado, e, desde o seu punto de vista, decir que é moi dono de escribir o que queira e como queira. Facultade que, como vostede comprenderá, non entra no meu ánimo discutirlle en caso algún.

Penso, como vostede, que un novo cambio de impresións é indispensable entre nós. Insisto en que o río non é tan ancho como para que non poda ser vadeado con relativa facilidade. Todo o que fai falta é sincero espírito de mutua colaboración e de mutua comprensión. Estou seguro de que ese espírito non lle falta a vostede, e teña a seguranza tamén de que nós o compartimos.

Dentro dese espírito, o noso criterio xa quedou exposto de xeito claro e categórico. *La Noche* ten o lexítimo orgullo de querer ser, e selo de feito, paladín de Galicia. Se esto halle carrexar disgustos, benzoados señan. Polo demais, *La Noche* é un xornal español e católico. E nen como galego, nen como español, nen como católico, quixera nunca deixar de ser leal a sí mesmo".

Fóra dos temas literarios e económicos, o Suplemento dos Sábados ocupouse tamén de temas de arte. Realizou unha enquisa sobre a pintura galega, na que participaron figuras representativas da nosa plástica: García Patiño, Urbano Lugrís, Xulio Prieto, Xulia Minguillón, Prego de Oliver, Ánxel Johán, Díaz Pardo, Vidal Abascal e López Garabal. Publicaron ilustracións de textos e viñetas os xa citados Urbano Lugrís e López Garabal, ademais de Xohán Ledo, Mario Granell, Antonio Prado e Xosé Sesto.

En xaneiro de 1950 finou Castelao en Buenos Aires. No Suplemento do día 14 dese mes firmaba Paz

Andrade un artigo exaltatorio da singular personalidade que acababa de desaparecer. Nós redactabamos unha breve nota co título "Morreu o grande artista", que se incluiu como anónima. Era a primeira vez que se facía na prensa do país, desde o 36, unha apoloxía do autor de *Cousas*. Naquela circunstancia, a dirección do xornal –sen dúbida para se desentender de posibles interpretacións– inseriu no número un recadro co epígrafe "Desde nuestro lado. Ancha es España".

De todos xeitos, o significado que se lle imprimiu ao devandito, foi determinante, en boa parte, da ulterior desaparición do Suplemento. Sobrevivíu aínda en dúas entegas máis: as correspondentes ao 21 e ao 28 de xaneiro. Con esta última deuse por rematada a sucinta, pero reveladora, historia do "Suplemento de los Sábados de *La Noche*".

Cando Goñi nos comunicou o feito, laiábase da inevitable desaparición, allea aos seus desexos. Decíanos que, malia todo, a breve existencia do Suplemento cumprira ao seu ver, en tempos difíceis, un significativo papel ao servicio de Galicia. En calquera caso, consideraba que non houbera prevalencia de ningunha das dúas partes. O xornal valérase dos intelectuais galegos para prestixiar as súas páxinas. E nós beneficiáramonos da publicación para encetar unha política de difusión galeguizadora.

Cos antecedentes que vimos de reseñar, o lector de hoxe poderá apreciar o esforzo que se produciu, naquelas horas acedas, para promocionar dalgún xeito a temesiña tarea que iría medrando co decorrer do tempo. Na traxectoria seguida a partir de entón pola cultura galega, en novo rexurdimento, cómpre ter en conta o que supuxo ese primeiro intento de recuperación...

Ánxel Fole conversa co alcalde de Lugo. Fole, como Cunqueiro, tivo problemas de censura en La Noche

Os sábados de *La Noche*

Borobó

A noticia do falecemento de Castelao

A primeira noticia que se publica na prensa galega da morte de Castelao, ocorrida o sábado 7 de xaneiro de 1950, aparece en *La Noche*, de Santiago, na primeira columna da primeira páxina do nº 8929 (seguía a numeración do seu predecesor *El Compostelano*), correspondente ó día 9, luns, dese mesmo mes e ano. A breve noticia dicía así:

"Buenos Aires, 7.- Después de una cruel dolencia que desde hace tiempo le tenía postrado, falleció en el Sanatorio del Centro Gallego de esta capital, el ilustre artista gallego Alfonso R. Castelao".

Logo seguía unha N. de la R., bastante extensa, na que se advirte a impecable pluma de José Landeira Yrago, quen, sen dúbida, a escribiu ponderando o esencial da vida e da obra de Castelao. Sinalaba ademais que no último Suplemento del Sábado de *La Noche*, o escritor Ánxel Fole acababa de discorrer sobre a súa figura literaria e tamén que o mesmo Suplemento se ocupaba de *As cruces de pedra na Galiza*, a piques de saír do prelo.

En realidade, Fole, baixo o pseudónimo Neumandro, limitábase a sinalar, nun artigo titulado "Teatro gallego", que *Fiestra valdeira,* "admirable obra de Rafael Dieste, con *Pimpinela* de Castelao, y algunas otras de Villar Ponte, forman casi exclusivamente nuestro teatro". A alusión ó artista, que ese mesmo día estaba morrendo, non pasa de aí.

Se ben resulta unha notable coincidencia que ás mesmas horas nas que fina o autor de *As cruces de pedra na Galiza*, apareza naquel Suplemento del Sábado (7-I-1950) unha nota anónima, de trinta liñas e a dobre columna, no que baixo o título de "Cruceros Gallegos" se anuncia a próxima aparición do magno libro de Castelao, sen menciona-lo nome deste. Aínda que toda a inmensa minoría galega que lía *La Noche* sabía de sobra a quén se refería Fernández del Riego (seguramente o redactor da nota) ó escribir o seguinte: "Un genial artista de Galicia va a publicar una monumental obra sobre nuestros cruceros. La obra tiene un alto valor simbólico, y una profunda significación. El artista ha ahondado en la entraña del arte popular, que tiene en los cruceros magnífica y cabal expresión".

Repercusión en *La Noche*

Cando chegara a noticia á Redacción do vespertino santiagués, estaba eu en Padrón, retido –como me recordaría moitos anos despois o propio Landeira– por unha enorme chea do Sar. Pero á mañá seguinte xa estaba alí, coa pluma na destra...

Ese día, martes 10, aparece na parte inferior da segunda páxina, un solto titulado así, a dúas columnas: "Telegramas cursados por la muerte de Alfonso R. Castelao". Daba conta de térense recibido, na redacción do xornal e na alcaldía de Santiago, senllos cablegramas do Centro Galego de Bos Aires, comunicando o falecemento. Logo referíase ós cablegramas de condolencia enviados por D. Luis Iglesias, presidente do Padroado Rosalía de Castro, e D. Manuel Casás, presidente da Real Academia Galega, ó seu homólogo do Centro bonaerense. Ademais insería outro despacho remitido polo fundador do Padroado, Mosquera Pérez, o Vello dos contos, ó directivo daquela entidade, Ricardo Badía, pedíndolle que o representase nos actos fúnebres.

Pois ben, na última páxina dese número do día 10, no seu sitio habitual, publicábase o meu "Anaco" titulado, simplemente, "Daniel", tal como se chamaba a Castelao familiarmente no seu Rianxo. É dicir, que *La Noche*, de José Goñi, se arriscou a inserir varios traballos sobre o inmortal rianxeiro, xa catro ou cinco días antes do seu seguinte Suplemento del Sábado, 14 de xaneiro, onde apareceu o artigo de Valentín Paz Andrade "Castelao, el hombre y el artista".

O derradeiro encargo de Celso Emilio

Pouco tempo antes da inesperada morte de Celso Emilio Ferreiro, díxome o poeta da *Longa noite de pedra*:

–¿Tes algo escrito sobre Castelao? Si o tes, cabería publicalo nun libro colectivo que, sobre el, me encargaron coordinar.

–Teño tres "Anacos" que escribín nada máis morre-lo noso Daniel en Bos Aires –informei a Celso.

Mais non houbo oportunidade de darllos ó poeta, pois xa non volvín a velo. E non souben máis da sorte que correu aquel proxectado libro.

O primeiro destes "Anacos" foi, tamén, se cadra, a primeira glosa sobre do xenial transterrado (pois non se me daban ben os artigos necrolóxicos) que apareceu aquel mes da súa morte na prensa galega. Foron escritos, os tres, antes e despois da viaxe a Rianxo que fixemos uns poucos veciños de Santiago para asistir ó funeral pola alma de Castelao na Igrexa de Santa Comba, celebrado o venres 20 de xaneiro, ás once da mañá.

Nas exequias fúnebres

Lémbrome que iamos moi apertados, nun coche de aluguer, Carlos Maside, García Sabell, paréceme que Mosquera (o Vello dos contos), o psiquiatra Somoza, Manuel Beiras (Eubensei), Floro Morán, dono do Hotel España, e algún máis que non recordo con fixeza. Maside mareouse na viaxe por aquela estrada, entón infernal.

Topamos ó chegar a Rianxo a D. Ramón Otero Pedrayo, que viñera dende Ourense coa súa dona. E tamén ó estupendo doutor Álvaro Paradela co famoso fotógrafo Cancela, que saíran aquela mañá da Coruña. Toda a demais xente que asistiu ó funeral era veciña da vila de Castelao.

Logo da misa fomos darlle o pésame ás irmás de Daniel Alfonso: Teresa e Josefina. A menor, doente e calada, é a que aínda vive. A maior, faladora, testa clara, chea de lembranzas, recitounos de memoria un discurso enteiro de Otero Pedrayo verbo do seu irmán, e o "Anaco", titulado "Daniel", que sobre el saíra en *La Noche* o martes 10 de xaneiro, ou sexa, tres días despois da morte e dez días antes das exequias fúnebres.

O artigo de Paz Andrade

A táboa cronolóxica da vida e da obra de Castelao intercalada no exhaustivo libro de Paz Andrade sobre do seu máximo amigo, remata coa constancia da súa morte: "O día nove (de xaneiro de 1950) enterro na Chacarita, Panteón do Centro Gallego (de Bos Aires)". Mais, ó rente, rematando os "Eventos coetáneos", figura este dato: "*La Noche*, primeiro artigo necrolóxico, no núm. de 14 de xan. 1950".

Este escrito, titulado "Castelao, el hombre y el artista", orixinal do propio Valentín, constitúe o Apéndice I da súa grande obra biográfica, *Castelao na luz e na sombra*, publicada por Ediciós do Castro. Está datado o fermoso artigo en Vigo, 15 de xaneiro de 1950. Vai precedido no Apéndice da seguinte nota: "Primeiro artigo necrolóxico sobre Castelao. Publicouse no xornal *La Noche*, de Sant Iago o 17 de xaneiro de 1950. Texto orixinal, denantes de pasar a censura".

O artigo de Paz Andrade apareceu exactamente no Suplemento del Sábado do 14 de xaneiro de 1950. Titulado a catro columnas, ocupa toda a primeira plana do Suplemento, salvo unha nota sobre o P. Feijóo, e un recadro do que logo me ocuparei. Ilústrao unha reprodución da célebre caricatura na que Bagaría retrata ó seu admirado colega, co corazón sangrando, cando era deputado nas Cortes Constituíntes da II República.

Aquel fermoso texto do proteico Valentín –capaz de concilia-las súas tarefas xurídicas e económicas coa inspiración poética que refulxe así mesmo na súa prosa xornalística– comezaba saudosamente: "Durante la séptima noche del año naciente –vértebra dorsal del siglo– han debido doblar a muerte las campanas de todas las iglesias de Galicia. Campanas marineras de Rianxo. Graves campanas de Compostela. Líricas campanas de Bastabales, de Anllóns..."

Paz Andrade chamou a atención sobre a morte de Castelao en Bos Aires nunha fermosa necrolóxica

Respectou a censura na súa integridade o texto orixinal de Valentín, debido á moderación coa que exercía daquela o censor Monje Julí, moi suave en canto ós temas literarios do país. Como ocorrera xa ó permiti-la publicación do meu "Daniel" catro días antes de que aparecera o artigo "Castelao, el hombre y el artista", de Paz Andrade.

O tríptico de "Anacos"

O segundo dos meus orixinais a propósito de Castelao no mes da súa morte, titulado "La ventana vacía", foi escrito e publicado o día seguinte do seu funeral en Rianxo. É dicir, o sábado 21 de xaneiro de 1950, unha semana xusta despois do de Valentín. A "Daniel" e "La ventana vacía" engadiríase un terceiro, "Retrato de neno", que completou aquel tríptico de "Anacos" ofrecido moitos anos máis tarde a Celso Emilio Ferreiro.

Temporalmente, deixaran de denominarse "Anacos" cando foron escritos e publicados por vez primeira. Pois, a causa dun "Anaco" no que discorrín sobre as sereas estudiadas polo profesor Rabanal, tivera que disfraza-la miña columna coa rúbrica de "Atlas en el Toral", asinándoa co pseudónimo de Julio Sierra, en lugar do de Borobó.

O perfil de Castroviejo

Sen embargo, é xusto facer constancia aquí que na mesma mañá daquel martes (10-I-1950), saíra un perfil dedicado a Castelao en *El Pueblo Gallego* que, de leva-la sinatura de Xosé Mª Castroviejo como era costume, sería, sen dúbida, o que tería preferencia entre tódolos escritos asinados que se publicaron aquí logo da morte do noso Daniel. Pois o meu "Atlas en el Toral" saíu da rotativa de *La Noche* na tarde daquel martes, 10 de xaneiro, cando levaba xa tres días Castelao no paraíso, onde quizais atoparía a súa Galicia ideal.

"Ancha es España"

Indicaba antes que xunto ó artigo de Paz Andrade naquel Suplemento del Sábado (14-I-1950) se inserira un recadro, titulado "Ancha es España", que requiriría a nosa atención. Pois posúe o interese de expresa-la posición editorial de *La Noche*, naquel histórico momento da morte de Castelao, onde se observa o aperturista que xa se manifesta o seu ideario xornalístico. Trala pluma de José Goñi, que mantiña as convicciónns fundamentais da súa empresa, advírtense os trazos doutra pluma, abondo sutil, que xoga co eufemismo como se fose unha estornela: "Si ancha es Castilla –se decía–, más ancha es España aún. Caben en ella cuantos aportaron una chispa de genio a su hogar, eternamente encendido... Pasada la hora de la discordia ha de honrarse singularmente a quienes fueron, sin pausa, símbolos vivos de concordia... como el finado Alfonso Rodríguez Castelao".

Esquecementos na Introducción

Nada se di[1] na Introducción ó fermoso volume recentemente publicado polo Centro Ramón Piñeiro, *Plumas e letras en La Noche (1946-1949),* sobre este breve e saboroso editorial aparecido nese número clave

[1] Nota do director do volume citado: A omisión da que se queixa o autor non está xustificada na medida en que o lugar para cita-lo aludido editorial é, precisamente, esta edición fasimilar do Suplemento, onde se publicou o devandito editorial.

do Suplemento. Apúntase, sen embargo, na Introducción que "xunto a esta achega de Paz Andrade (o seu profundo artigo "Castelao, el hombre y el artista") salientamos outra asinada por L. "Morreu o grande artista", que incluída na páxina titulada "Descubrimiento de Galicia" complétase cunha Antoloxía de pensamentos de Castelao". L. seguramente sería a sigla de Lorenzana, máis ben que a de Landeira.

Podería mencionarse tamén o artigo de Otero Pedrayo, titulado "A casiña de Rianxo", que se publicou así mesmo nesa páxina dedicada ó "Descubrimiento de Galicia", se ben na correspondente ó último número do Suplemento del Sábado. Fai nel don Ramón un emotivo canto á morada familiar de Castelao que visitou, con nós, ós trece días da súa morte; pero sen dici-lo seu nome, aínda que estea o artigo dedicado esencialmente a pondera-la eterna espera do seu regreso a ela. Daquela "figura lanzal, outa, rexa e tenra, agardada na casiña onde arestora loce a lámpada eterna do agardar e do ensoar de Galicia".

Tres sinaturas do Suplemento: Antonio Fraguas (que fala nun acto na casa de Rosalía) e, tras el, Fernández del Riego e Borobó (no centro da segunda fila)

Mais, no resumo das ocasións "en que aparece o nome de Castelao asociado ás páxinas de *La Noche*" que se fai en tan exhaustiva introducción non figura a menor referencia ó meu temperán "Daniel", nin tampouco ós dous "Atlas en el Toral" que o sucederon: "La ventana vacía" e "Retrato de neno". Acaso por non valorar positivamente[2] o material xornalístico que acheguei ó acervo da nosa cultura, seguindo o seu desenvolvemento, día a día, nos meus "Anacos". Os que, como escribiría, pouco despois, quen máis tarde sería presidente da Real Academia Galega e Delegado do Goberno en Galicia, estaban "fraguando algo así como la crónica secreta o la historia en clave de nuestra realidad cotidiana del tiempo y de las cosas más próximas a nosotros, del mundo con su realidad multiforme".

Se ben agora caio na conta de que *Plumas e Letras en La Noche* abrangue os anos 1946-1949. Para comprender enteiro o primeiro cuadrienio de *La Noche* tería que remata-lo 31 de xaneiro de 1950, ós catro anos xustos da súa fundación. Dese modo quedaría incluída toda a pequena etapa na que se publica o Suplemento (iniciada o 15-X-1949 e concluída o 28-I-1950), sendo a presente edición facsimilar o seu precioso complemento. Así, integraría todo ese mes de xaneiro, de tanta transcendencia para a historia contemporánea de Galicia, dado que foi o da morte de Castelao en Bos Aires, o do seu funeral en Rianxo e no que apareceron tódolos orixinais xornalísticos antes mencionados.

Tal vez por esa transcendencia se adiantara na Introducción ó citado volume a referencia ó artigo de Paz Andrade e a nota inserta dentro do "Descubrimiento de Galicia", publicados, logo do seu treito cronolóxico, no Suplemento del Sábado (14-I--1950). Por todo iso confío en que os meus "Anacos" aparezan reflectidos nun futuro volume que o Centro Ramón Piñeiro agardo que poderá dedicar ó segundo cuadrienio de *La Noche*.

Titular de benvida

Poderían rastrexarse os trazos da miña pluma nalgún solto, con categoría de editorial, como aquel titulado "Ancha es España", e na confección de certos epígrafes, como o que titulara a todo o ancho das catro columnas que compuñan a primeira páxina do Suplemento del Sábado (10-XII-1949), consagrado á exaltación do prelado ourensán Monseñor Quiroga Palacios á Arquidiócese compostelana: "Ben vido, don Fernando, a Santiago, sede de Xelmírez e os Fonseca".

Xa tratei sobre este titular no meu proemio a *Plumas e letras en La Noche (1946-1949):* "Había que sintetizar en moi poucas palabras –escribía alí– máis ou menos o que se dixera reiteradamente nos meus "Anacos" sobre a raigame histórica da Mitra compostelana, para darlle a benvida ó seu flamante posesor. E quedou concretado en certa frase en galego que causou extraordinaria impresión". Sinalaba ademais que acaso por iso –segundo indicaría Xesús Alonso Montero– "o número peor recibido polo pensamento oficial foi o nº 9" do Suplemento, onde se publicou.

A propósito deste asunto, e da relación que puido ter co final do Suplemento, supoño que proporciona maior información Francisco Fernández del Riego, verdadeiro artífice del, ó prologar esta edición facsímile. Así como imaxino que o bo e xeneroso Salvador Lorenzana relatará con moito detalle o motivo de que Álvaro Cunqueiro deixase de colaborar en *La Noche* e no seu suplemento literario, dado que conserva no seu riquísimo arquivo epistolar as cartas que se cruzaron entre o xenial mindoniense e o noso gran director, José Goñi, explicando os seus respectivos argumentos.

---

[2] Nota do director do volume citado: De novo a queixa de Borobó semella inxustificada. O noso libro, *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)* abrangue un ámbito cronolóxico previo á morte de Castelao. Do seu pasamento en Bos Aires, da súa vida e obra apareceron varios escritos no Suplemento, cousa que supuxo a súa desaparición. Agora, neste facsimilar completámo-las referencias a Castelao cos textos de Borobó non citados daquela. No seguinte parágrafo "Se ben agora caio na conta..." o xornalista semella entende-la nosa omisión.

Quedará dese modo mellor aclarado o explicable incidente periodístico ó que aludín no meu referido proemio, acerca de "La noche y las estrellas", e a causa do que perdeu o noso vespertino, "xa para sempre, a mellor sinatura galega –e acaso española– do seu tempo".

Os latinos do seminario de Santa Catalina

Así mesmo dei conta pormenorizada, nese proemio á primeira antoloxía de *Plumas e Letras en La Noche*, da visita que fixen, como enviado especial deste rotativo, a D. Fernando Quiroga, na súa sé de Mondoñedo, previa á súa entronización como Arcebispo de Santiago. Pero esquecín de consignar, por non dispor nese instante da colección do Suplemento del Sábado, de que no mesmo n° 9 deste se publicou unha crónica miña, asinada por Raimundo Lozano, que baixo o título de "Ida y vuelta a Mondoñedo. Lembranzas de una visita", viña a se-la conclusión da pequena serie en que relatei a miña entrevista con Monseñor Quiroga na cidade natal de Cunqueiro.

Crónica en que se narra con certa precisión o recorrido que fixen polo Seminario de Santa Catalina –auténtico viveiro de eximios poetas– servíndome de monumental dragomán o propio don Fernando. E ó ver ós adolescentes seminaristas que bicaban o anel do seu bispo, "el cronista buscaba entre los *latinos más* traviesos" –escribía– algún risco do futuro Pastor Díaz, Noriega Varela ou Iglesia Alvariño, pois estaba "completamente seguro que entre ellos se hallaría el futuro vate de la futura generación. Si don Fernando tuviera repartido caramelos, al que más le gustasen, ese sería".

Ou sexa que eu imaxinaba que o seminarista máis lambón deses días habería de se-lo que con maior inspiración seguiría a brillante estela dos gloriosos codios mindonienses. Sen pensar entón que Aquilino, *o señor das palabras*, antigo *latino* de Santa Catalina, aínda que ben sei que lle gustaba tanto o doce como a calquera arcipreste, non podería sequera logo probalo, posto que foi case tan diabético como Carlos Maside ou Cordero Carrete. Pero se ben D. Felipe (o impar secretario do Instituto P. Sarmiento) alcanzou a venerable idade nonaxenaria, Iglesia Alvariño morreu en plena madurez corporal e intelectual; o mesmo que Maside, quen poucos meses antes de fenecer, nunha afastada tarde santiaguesa, debuxou o meu retrato para a posteridade.

E dito isto pregúntome se se cumpriu ou non o meu ditoso augurio. ¿Algún daqueles mancebos eclesiásticos chegaría a pisa-las pegadas insignes de Aquilino, ou de Díaz Castro, o admirable poeta de *Nimbos*? ¿Houbo mesmo nas xeracións seguintes á deles, en toda Galicia, algún versificador que alcanzara a súa dimensión poética e espiritual?

Adiantándose á urxencia

A miña colaboración, non obstante, foi pouco frecuente e tan só ocasional no Suplemento del Sábado, pois este viña tódalas semanas composto literariamente desde Vigo, por Del Riego e Illa Couto, tal como recoñecín en "La noche y las estrellas". Aínda que debín de ter intención de cooperar con el dende o primeiro número cunha breve sección por Borobó asinada, como se deduce da nosa que aparece na súa primeira páxina, titulada "La noche supersónica".

Invocaba ó meu vello diaño Ánxelo Novo, o cal, "no sin cierto afán de detraer", acostumaba repetir, "muy satisfecho de su ironía, que *La Noche* de pasado mañana, sale anteayer". Ou sexa, dun modo semellante, aínda que moi distinto, ó que o fan as revistas de actualidade política de hoxe en día.

"Tan hiperbólica celeridade –engadía– aún no ha sido del todo conseguida, pero anda muy cerca de obtenerla. Nuestra rotativa se adelanta cotidianamente a la urgencia, le come el terreno a la prisa, para que *La Noche* llegue a los rincones más apartados de Galicia, antes de que la noche –la cronológica de siempre– cierre".

Xa que, en canto ó periódico, *La Noche* pechaba sempre á unha da tarde co fin de alcanza-lo tren de Ourense, que saía da estación santiaguesa da Renfe ás dúas menos cuarto. E por iso, os meus tan apreciados aprendices da imprenta, Manolo Ponte e os irmáns Aldrey, habían de correr como alma que leva o diaño (acaso don Ánxelo), Preguntoiro, Caldereria, Hórreo abaixo, cargados cos paquetes de exemplares, para chegar á estación ferroviaria minutos antes de que o tren marchara. Competindo nesa carreira urbana e descendente coa miña querida tía Paulina, a seculeira, que facía tal traxecto a outra hora nas súas repetidas viaxes á nosa vila cesureña. Batendo a marca de Ponte e Juanito Aldrey, desde a súa casa do Preguntoiro, ó deixala en nove minutos e medio, cando contaba xa noventa e oito anos, un decenio antes de morrer. Era imposible superar esta atlética marca da miña centenaria tía, nin tampouco o periodístico da tan adiantada saída de *La Noche*. "Mas, de sábado a sábado, de semana en semana, pretendemos –expuña no meu solto– entrar en contacto, espiritual y material, con los paisanos dispersos en mil florecientes colonias. Sin quedar nunca atrasados venciendo al tiempo aunque halla que recurrir a procedimientos supersónicos".

Acaso soñaba eu, ó escribir isto, coa posibilidade de distribuí-lo Suplemento del Sábado, utilizando os avións supersónicos, que por ese tempo e espacio comenzaban a voar, entre as Galicias máis ou menos ideais de tódolos continentes. Pero só chegaron a se publicar dezaseis números do Suplemento, sen que dese opción a que cruzase o Atlántico a maior velocidade que o son. Así, unicamente quedou na memoria histórica da *inmensa minoría* galega como un bo intencionado remedio, tal vez, de *Los Lunes de El Imparcial*, insuflado, claro está, de ideoloxía galeguista.

Ilustre antecedente periodístico que podería aducir sen rubor calquera gacetilleiro oriundo do cacicato territorial dos Gasset. Creado polo propio fundador do célebre diario decimonónico para gozo e contento dos seus fillos e xenros. Entre estes Ortega y Munilla, deputado por Ortigueira e por Padrón, quen se mal se ocupou dos seus distritos, tivo o mérito, en cambio, de abri-las páxinas de *Los Lunes*, que persoalmente dirixía, ó mozo e xenial Ramón del Valle-Inclán. Sen esquecer que foi o pai de D. José Ortega y Gasset, Artime pola súa avoa materna, que tiña un aire de familia que perduraría na súa figura e no seu carácter, como descubrín en aquel "Cacho de broa", medio século inédito, transcrito no meu mencionado proemio.

O maior folión periodístico

Nembargantes, máis que a inspiración lunática que podería devir de *Los Lunes* dos Gasset, prevalecía posiblemente, na breve existencia do Suplemento del Sábado, a súa condición sabática. Como se a data semanal da súa aparición anticipase esa febre do sábado noite que ía implícito no seu título.

Mais don Ánxelo Novo, que sempre percibe o olor a xofre, quizais polo perfume demoníaco que exhala, sostén que aqueles sábados literarios e económicos de *La Noche* tiñan algo de *Sabbat*. Como se fose escrito por unha congregación de xudeus conversos que observara a lei mosaica ás agachadas. Ou ben, como se os seus colaboradores fosen unha sorte de bruxos, ou de meigos, que participasen nos *Sabbat* da cristiandade occidental que tamén se chamaban aquelarres.

Pois non en balde colaboraban Risco, Cunqueiro ou Fole, no Suplemento del Sábado ¡Xeniais magos da nosa cultura! ¡Enxeñosos bruxos da Galicia que aínda necesitaba dun San Martín Dumiense que reescribira a súa *Correctione rusticorum!* Aquí cabería lembrar que don Vicente, na súa *Biografía del diablo*, sinalaba "la semejanza del Aquelarre con una fiesta de aldea, especialmente con el que en Galicia se llamaba un folión". E deste modo translaticio, o Suplemento del Sábado puido ser, durante dezaseis irrepetibles semanas, un marabilloso *Sabbat* das letras galaicas: o maior folión, dezaseis veces repetidos, que tivo cabida na prensa galega durante a *longa noite de pedra*.

O propio Vicente Risco discorre "Sobre los estudios etnográficos en Galicia", ocupando a última páxina do antepenúltimo número do Suplemento datado o 31 de decembro de 1949, onde se fixo un repaso ás actividades culturais do ano que concluía, nuns casos, e noutros, como foi o de Manuel Rabanal ó tratar de "49 años de filología gallega", ás de toda a metade transcorrida do século. A este criterio cronolóxico máis folgado atívose tamén Risco, remontándose no seu traballo ó século enteiro de existencia científica do folclore.

D. Vicente empregaba as palabras *etnografía* e *folclore* como sinónimas. "En algunos países –informaba– suelen llamar *etnografía* a la consideración de la cultura material, y *folklore* a la de la espiritual". Pero Risco prefería, persoalmente, prescindir dunha palabra exótica, e que a xente comenzara a tomar de broma: "En Madrid, por lo menos, "ir de folkore" es ir de... juerga", aducía.

O folclore de López Garabal

A parte desta ampla recensión risquiana dos estudios etnográficos galegos, nada achega D. Vicente nin ningún dos seus epígonos ó Suplemento respecto ó noso folclore que se pareza minimamente a canto publicaron en *Nós*. Pois nos sábados de *La Noche* tocoulle "ir de folclore" ó pintor Manuel López Garabal, autor dunha serie de pequenos cadros de costumes. Ou mellor dito, debuxos acompañados de breves textos, do tamaño dos *retrincos* de Castelao.

Pero López Garabal nada tiña que ver con *Nós*, nin con Risco, nin con Castelao. Era alleo totalmente ó corazón de Galaxia que latexaba precursoramente no Suplemento del Sábado. Pois o bo artista santiagués foi como un viaxeiro clandestino nesa nave intelectual e minoritaria; o acceso a ela facilitámosllo Landeira e mais eu, por pura amizade naqueles días, e con bastante desgusto dos deseñadores –como se di agora– do Suplemento, Del Riego e Illa Couto.

Frecuentaba moito entón López Garabal a nosa redacción, onde o recibiamos con moito cariño e non só por ser fillo do primeiro alcalde de Santiago durante a República: D. Raimundo López Pol. O cal presidiu a corporación resultante das célebres eleccións municipais do 12 de abril, que derribaron á Monarquía. Foi o meu tocaio D. Raimundo quen presidiu tamén a comisión organizadora da Asemblea de Municipios, que elaborou o anteproxecto do primeiro Estatuto de Galicia. Co bienio negro deixou de ser alcalde López Pol, e non volvería selo ó triunfar o Frente Popular, o cal lle salvou do holocausto, no que foi sacrificado Ánxel Casal, o editor de *Nós*, quen ocupara o posto que D. Raimundo exerceu anos antes, democraticamente elixido e con admirable dignidade.

Nunca máis puido nin quixo retornar D. Raimundo á política municipal, e adiñeirado mercador da Calderería, preferiu retirarse á súa finca de Ximonde no Ulla, cultivando as súas froiteiras, mentres un dos seus dous fillos atendía á súa tenda e os outros gañaban o cocido pintando e ensinando debuxo na Escola de Traballo, fundada en tempos da República.

Levaba sangue de artista, polo seu materno cordón umbilical, o fillo maior –nado en 1907– do acreditado tendeiro da Calderería. Era sobriño-neto de José Garabal, discípulo dos Madrazo e pintor da Real Casa. É dicir, o estupendo retratista das notabilidades de Compostela, quizais o cadro máis interesante de toda a pintura galega do século XIX. Seguiu López Garabal a traxectoria artística do seu tío avó. Estudiou tamén na Escola de San Fernando e coñeceu a fondo as técnicas pictóricas, singularmente a preparación do lenzo, que xa D. José Garabal familiarmente lle transmitira a través do seu fillo D. Cándido, o ocorrente chamarileiro establecido na Casa da Troia.

Contara ademais o fillo de López Pol coas lecciónns de Tito Vázquez, singular mestre murciano da pintura académica, afincado en Santiago dende que veu a cumpri-lo servicio militar na cidade xacobea. Tanta sería a admiración que López Garabal conservou sempre polo seu primeiro mestre que rara era a conversa sobre arte mantida con él que non a esmaltase pronunciando o seu apotegma favorito: "¡Ya lo dijo Tito Vázquez!" Frase que se fixo proverbial entre os que formabámo-la tribo periodística compostelá.

Casou Manuel L. Garabal cunha moza artista que así mesmo fora discípula –quizais a mellor– de Tito Vázquez: a excelente pintora Concha Vázquez, que ningún parentesco gardaba co seu mestre.

Os debuxos de López Garabal no Suplemento dan unha borrosa idea do seu estilo artístico. Carecen da sobriedade da liña e do esquematismo figurativo característico dos nosos debuxantes esenciais: Castelao, Maside... Pero ha de apreciarse a súa intención de logra-lo que cabería definir como realismo social na interpretación do folclore galaico.

Colaborou Manolo L. Garabal no Suplemento dende o segundo número deste, aparecendo os seus traballos en tódolos restantes, excepto en tres dos últimos (12,14 e 16). En cambio, publícanse no derradeiro as súas respostas á enquisa sobre a pintura galega que viña desen-

O pintor López Garabal diante do retrato da súa dona

volvéndose dende o nº 6. Por certo que na entrada a esas respostas infórmase que a M. L. Garabal "una penosa enfermedad le matuvo alejado algunos años de sus actividades artísticas. Desde 1926 hasta 1941 figuró en distintas exposiciones nacionales. A partir de 1943, le fueron rechazadas, sistemáticamente, sus obras en las tres siguientes". É de supor que tal persecución non sería por un exceso de vangarda na obra do noso honesto e querido artista. A súa maior preocupación acaso fose a conservación dos óleos: "Porque el oficio se está olvidando de tal forma, que no durarán, físicamente, treinta años la mayoría de las pinturas de hoy".

A posición ante a arte de M. L. Garabal era clara: "Trato de reflejar, plásticamente –dicía–, toda emoción que produzca en mí una vivencia. Lucho por conseguir expresarla claramente, para que esta emoción pueda sentirla quien contemple la obra".

Así se evidencia nos once debuxos aparecidos no Suplemento, onde reflicte outras tantas vivencias rústicas que motivaron a súa emotividade. A cuestión estriba en se conseguiu expresala, con suficiente claridade, para transmitila ós que hoxe observan os seus debuxos. Contribúen á súa comprensión as anotacións en prosa vernácula que o artista pon nelas. Breves descricións dos seus tipos, xantares e costumes do país: xentes da Ulla e de Fisterra; a matanza do porco, a colación, as filloas; o home que ve a Compaña, a piñota, a noite de Nadal...

Cándida simplicidade que se exalta ante a fermosura, con exemplo, das mozas de Fisterra, ata cumprimentalas con metáforas de cuño modernista: "... Da gloria ver estas mozas. Tipos puros de raza, sin mezcla na sangue, móvense con unha gracia especial e seu cor é cobrizo; semellan talmente âs grandes tanagras".

E na noite de Nadal bota en falta, sobre todo, algo que xa se perdera nas ceas de Nadal: "¿E que foi da caña queimada? ¿Temos nos champán ou licor pra compararlle?... O patrón da cas –con solemnidá–, prendíalle lume, apagaban o quinqué, e todo se iluminaba ca luz azul ouro do alcohol o queimarse".

Os ilustradores do Suplemento

Capítulo á parte merecen os ilustradores propios do Suplemento concibido en Vigo. A penas se distinguen as súas sinaturas nas deliciosas viñetas que tanto o embelecen. Queda clara, si, a de Urbano Lugrís na que ilustra, na primeira plana do primeiro número, a versión de Cunqueiro de "O poema de amor lonxano de Xofre Rudel", trobador provenzal. Viñeta que tamén ilustraría a sección de "Libros a la vista" nos últimos números do Suplemento. Ademais avala as respostas do singular surrealista ferrolán (natural de Ferrol da Súa Excelencia, como certo día lle puntualizou ó Caudillo, no Azor) á enquisa sobre a pintura galega, no nº 7, un náutico retrato seu, disfrazado con esta heterónima dedicatoria: "A mi amigo Lugrís, fraternalmente, Ulyses Fingal. Brest, 48".

Pero hase de adiviña-lo estilo, a gracia, a destreza dos seus autores, nas viñetas anónimas que colman os sábados de *La Noche*, sen siglas sequera que os identifiquen, e que se multiplicarían no número consagrado á entronización do Arcebispo Quiroga. Así, os preciosos debuxos de Carlos Maside que noutros números se descobren, acaso como o postremo exemplo gráfico da súa mestría á que sempre lamentarei non ter podido dar ancha canle nas páxinas do meu diario, como culminación da senda periodística, emprendida no *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego* polo gran pintor conveciño que me deixou debuxado para a posteridade.

E xunto ás viñetas do mestre Maside, aprécianse as do seu médico e fiel discípulo, Xohán Ledo, algunha vez asinadas coas iniciais X. L.; pseudónimo de Ricardo García Suárez, sutil debuxante, que compartiría, con Álvaro Cunqueiro, a fermosa tarefa de prologar a *II Monografía de Arte Novo* editada por Galaxia, "adicada ó pintor Carlos Maside, o día 3 do mes de Santos de 1954". Pouco tempo antes de morrer en Compostela o cultísimo artista cesureño, quen aínda puido mencionar ese libro no seu testamento, ó lega-los vintenove cadros que nel aparecen reproducidos e relacionados.

Outras viñetas quizais sexan orixinais de Xaime Illa Couto, o dilecto avogado, xa mencionado como deseñador do Suplemento. E posiblemente tamén de Laxeiro (constante protagonista das anécdotas contadas, en cada número, por Ronsel) e dos maxistrais debuxantes pontevedreses, Agustín Portela e José Sesto. A estes pertencen os debuxos de maior tamaño e calidade que se publicaron naqueles sábados. Son os que aparecen, respectivamente, na primeira e na última páxinas do número lido na Noiteboa de 1949. Ilustran senllos artigos de Aquilino Iglesia Alvariño e de Xosé Mª Álvarez Blázquez.

A inmensa minoría de lectores de *La Noche* volveu dese modo senti-lo gozo de ter entre as súas mans un novo debuxo do marabilloso ilustrador de *Pontevedra, boa vila*, libro aparecido un par de anos antes, case á vez que *Cómaros verdes*, de Iglesia Alvariño, e no que este colaborou, así como outros trinta e cinco escritores, de tres xeracións distintas, entre os que tiven a ventura de me achar. E ó contempla-los anxos músicos de Portela tanxendo na "Noite boa" de Aquilino e de *La Noche*, unha doce *señardá* posúeme, lembrándome de tales virtuosos nas artes plásticas e poéticas.

José Sesto, felizmente, aínda tivo a ledicia de ver publicada pola Fundación Barrié, a segunda edición de *El Libro de Santiago*, orixinal de Filgueira Valverde e primorosamente ilustrado por el. Imprimírao en principio a Editora Nacional e sería o mellor recordo que quedase do Ano Santo 1948, segundo prognosticaba o Patriarca Bispo de Madrid-Alcalá, Eijo Garay, na Carta-Prólogo que o bendicía. Sesto, pois, é xa un fervoroso ilustrador galeguista bendicido pola xerarquía eclesiástica, cando colabora no Suplemento, un ano despois, coa súa preciosa estampa da "Noite boa", adorando el mesmo, co seu bigote e as súas gafas, ó Neno Xesús, en compaña dos pastores de Belén. Igual que os pintores flamengos introducían ós oferentes dos seus cadros xunto ás persoas divinas.

Por ser parente dos seus parentes souben moi pronto da estética familiaridade con que trataba Sesto ás máis santas figuras da Cristiandade. Dende que folleei o seu precioso álbum de San Francisco –supoño que aínda inédito– anos antes do holocausto, na casa do noso primo común Ramón Diéguez Carlés: aquel orixinal químico cesureño que deu co vidrado característico da Cerámica Celta da súa propiedade. E a esta cooperou Sesto cos seus debuxos, dun modo altruísta e semellante ó de Castelao, Asorey, Sobrino, Maside e outros artistas que contribuíron co seu gran de area, ou pela de barro –como o meu propio pai, creador da maioría das súas pezas de molde–, a aquela nobre empresa inexplicablemente interrompida.

Tamén Mario Granell debuxou algúns graciosos pratos da Cerámica Celta. Pouco antes fora o caricaturista habitual do Suplemento, onde amosa o seu enxeño e axilidade gráfica nunha ducia de debuxos. Meses despois de finalizados os sábados de *La Noche*, volvía tropezarme con Mario na miña vila, onde decoraba as casetas da III Feira do Automóbil da Ocasión e, á vez, aledaba o ambiente coa súa maneira de comportarse.

Hoxe que tanto se fala de Eugenio Granell, o escritor e pintor surrealista, polo feito de lega-la súa obra a Compostela, que colmará as salas do antigo pazo marquesal de Bendaña, tal vez sexa oportuno recordar aquí especialmente ó seu irmán Mario, transcribindo parte dun "anaco novo" que contén datos de certo interese para a intrahistoria dos Granell... e do noso país:

"Acaso fuésemos juntos a la escuela de don Antonio, el maestro. Durante el poco tiempo que permanecieron los Fernández Granell en Cesures, allá por los primeros años veinte. Su padre tenía entonces una tienda en Santiago y no recuerdo el motivo de que viniese a vivir con su familia a veintidós kilómetros de la ciudad jacobea. Mario Granell era de mi edad, pero poseía ya la vivacidad y precocidad propias de los rapaces que nacen y crecen entre gente bohemia con visos de intelectual. A los raparigos cesureños nos pasmaban sus ocurrencias.

Tardé unos años en volver a encontrarle, cuando el vivaz y precoz artista ya daba que hablar en Santiago por su temprana rebeldía. Era en 1930, año en que Mario Granell fundó la revista *S.I.R.* (Sociedad Infantil Revolucionaria), cuyos dibujos hacía compartiendo en ella con su hermano Eugenio la tarea literaria, como anotó hace poco Garrido Moreno. Los jovencísimos hermanos Granell me parece que militaban ya en el trostkismo; ideología tan adrede para el espíritu revolucionario galaico y en la que comulgaban esos días tantos artistas y escritores gallegos, entre ellos el ex-conde de Grovas. Pues efectivamente Ánxelo Novo, en una de sus más entrañables transfiguraciones, fue gran amigo y camarada de los tres hemanos Granell.

Pues hay un tercer Granell, además de Eugenio y Mario. Aquel que cercado por los nacionales, en la torre de la Catedral de Sigüenza, el último día de la guerra civil, para escapar se tiró de lo alto y no se rompió ni un hueso. Era el más trotskista de todos, pero después de aquel afortunado salto, y otros muchos azares, vivió retirado de la política, sin que el arte sedujera singularmente al hermano de nuestros estupendos surrealistas.

Iba diciendo que tropecé de nuevo con Mario en aquellos días últimos de la Monarquía. Fue exactamente en la estación de Cornes (la de Santiago, antes de que se pusiera en marcha el ferrocarril de Orense a La Coruña). Tomaba yo el tren, todas las tardes de aquel curso, para mi pueblo. Pero Mario iba más lejos, puesto que habían desterrado al rebelde muchacho por su temprana acción revolucionaria en la ciudad levítica. Le hallé sentado en un banco de la estación, conversando con un estudiante vigués muy distinguido José Mª Domínguez, que había sido expulsado de Santiago por el mismo motivo. Seguramente la acción revolucionaria consistía en exigir la dimisión de don Luis Blanco Ribero, el tenaz y cómico Rector."

A índole deste traballo exclúe seguir tratando da esquecida personalidade de José María Domínguez, a quen Álvaro Cunqueiro dedicará o poema nº 18 da *Cantiga nova que se chama riveira*:

Adolescencia de aramios
quiso ter
Mollóu os ollos na risa
pra ben ver.

Pero esta dedicatoria, así como tódalas demais que fixo Cunqueiro dos versos neotrobadorescos que ía compondo na tasca de P. Benito a quen compartía con el as cuncas numeradas de Ribeiro, non figuran á cabeza dos seus respectivos poemas nas edicións posteriores de *Cantiga nova que se chama riveira*. Aínda que si os nomes de cada un deles nunha nota posta por Cunqueiro ó final da segunda edición feita por Monterrey, repetida na súa *Obra Galega Completa*, editada por Galaxia. Deixou de estar destacado así o nome de José Mª Domínguez, xunto co do malogrado escultor Eiroa e os dos pintores Carlos Maside e Manuel Colmeiro, os médicos García Sabell e Manuel Álvarez, o polifacético Luís Seoane e outros autores de obra menos ou máis dilatada, como Luís Manteiga ou Francisco Fernández del Riego, ou o xa deputado das Cortes Constituíntes da República, Ramón Suárez Picallo.

Ó quedar incluído soamente na lista dos vintecinco nomes que se relacionan nesta nota, José María perdeu quizais a súa última posibilidade de perdurar na memoria literaria dos seus paisanos. Aínda que evocara eu, máis dunha vez, a personalidade intelectual daquel universitario compostelán e vigués, Domínguez García, desordenado homónimo meu, con quen compartín moitas dramáticas xornadas na Residencia do Pinar e nas trincheiras vermellas do Madrid cercado. E que se viu forzado a quebra-la súa brillante estela de profesor de Dereito Natural e Político, iniciada como axudante de Recaséns Siches e de D. Fernando de los Ríos, para concluír sendo alto funcionario da F.A.O., no seu exilio

dourado de Roma. Aínda os escasísimos superviventes das dedicatorias cunqueiranas lembrarán, sen dúbida, ó sorrinte e cultísimo mozo vigués que así mesmo mollaba os seus labios nas numeradas e líricas cuncas daquela gloriosa taberna da Raíña.

Para completar este exhaustivo reconto dos ilustradores e debuxantes das viñetas que embelecen os sábados de *La Noche,* nada máis valioso que a constancia da contribución ó segundo número do Suplemento, feita por Manuel Torres, o austero artista marinense. Pois este sobrio caricaturista, que comezou alternando con Castelao e Maside nas planas da prensa viguesa para ser logo un dos astros da pléiade pictórica galega, tamén participou no acervo daquel excepcional cuadrimestre do periodismo galaico. Ilustrando co debuxo dunha barca, colmada de romeiros, a etnográfica e tráxica recensión da volta da romaría de San Quietán de Lonxe. Que evidencia a posibilidade de que quen foi dúas veces mestre, da nosa pintura e como escolante de Ensinanza Primaria, así mesmo puidera selo, se proseguise a súa escritura, da prosa vernácula.

Rastrexo borobesco

Sobre tódolos mestres da prosa, que, cultivándoa ben en español ou en galego, colaboraron reiteradamente no Suplemento del Sábado, nada engadirei ó moito e bo que escriban sobre eles nesta edición facsimilar Fernández del Riego e o excelente equipo do Centro Ramón Piñeiro, dirixido por Luís Alonso Girgado. Pero para rematar dunha vez esta longa lembranza dos sábados de *La Noche* que constitúe un novo capítulo do meu inacabable "Memorial de Trevonzos" (e por isto é lóxico que transcenda a tarefa persoal do narrador), teño que recordar aquí que a miña cooperación ó Suplemento, sen ser moi intensa, foi algo maior que a referida máis atrás, nas páxinas intermedias deste proemio. Aínda que polo meu uso e abuso de pseudónimos quizais quede irrecoñecible.

Tal como o meu familiar alcume de Raimundo Lozano, que empreguei primeiramente no nº 3, do sábado 29-X-1949, ó asinar un longo artigo –que ocupa toda a primeira plana, coa tenda debuxada por Portela–, titulado "Hace 50 años. Crónica de estas Bodas de Oro". Esta conmemoración semicentenaria viña se-la dunha efeméride mercantil da Casa Simeón García, fundada outro medio século atrás polo célebre comerciante camerano en Compostela, e que parecía tan boiante e incombustible a mediados do século XX.

Os Sáenz-Díez, netos de D. Simeón, eran os donos carlistas da Editorial Compostela S.A., propietaria de *El Correo Gallego* e *La Noche*. Eu gardaba unha respectuosa e fría distancia con D. Juan e D. Pedro, a pesar do noso parentesco afastado. Mentres viviu Goñi exerceu de bondadoso intermediario entre o novo director e a propiedade dos xornais. A morte do extraordinario periodista guipuscoano, anticipou en poucos meses a miña exclusión deles.

Pero cando, quince anos antes, trataba do papel dos mercadores dos Cameros no comercio santiagués, aínda translocía certo orgullo pola miña estirpe paterna, recordando ós condiscípulos dun antepasado meu que "llegaron a ser famosos en el comercio de España. Otro, Práxedes Mateo Sagasta, fue primer ministro de Amadeo de Saboya, de la Reina Cristina y de Alfonso XIII. En cuanto al tío abuelo del firmante, tuvo un almacén de granos en Cesures, y un galeón, que muchos años después aún lucía su nombre, Tomás Lozano, Ulla abajo hasta la Arosa. Otro Lozano, otro camerano, no todos habían de ser comerciantes, fue lectoral de Santiago y murió de Obispo en Palencia".

Por excepción, nese mesmo nº 3 do Suplemento, incluíronse varias páxinas do número normal, e na última, ó par da "Nebulosa" de Rabanal, aparecía un "Atlas en el Toral", asinado esa vez por Borobó. Discorría nel, aténdome ó asunto que se conmemoraba, sobre a fundación do Círculo Mercantil de Santiago, por iniciativa de D. Acisclo Sáenz-Díez, xenro de D. Simeón, como esposo de Dª Isabel García e pai dos amos de *La Noche*. Creou o Círculo Mercantil D. Acisclo co propósito de que nel non se xogasen "las pestañas, ni los géneros, y las tiendas, gran parte de los mercadores finiseculares. La timba estaba acabando con un comercio que pronto cumpliría el milenio".

E aínda que non foi, precisamente, as casas de xogo (a timba), nin o bingo, nin a primitiva, nin as quinielas, nin a lotería da O.N.C.E., o que acabou cos seculares almacéns Simeón García, penso que hoxe serían moi necesarios moitos don Acisclo, para atenua-la epidemia de ludopatía que nos invade.

Este rastrexo dos riscos da miña esgallada pluma nos sábados de *La Noche* cabe concluílo coa referencia dunha editorial, que inicia o nº 4 baixo o título de "Galicia va a acercarse más al resto de España", no que se mostraba o meu constante escepticismo ante os medios de comunicación, a propósito do servicio aéreo que ía a aproximarnos a outras rexións españolas, vintecatro ou corenta e oito horas menos do que tardaría o tren.

"Creemos, sin embargo, que las relaciones espirituales no dependen de los medios de comunicación más rápidos –escribía anonimamente entón–. De hombre a hombre, o de Universidad a Universidad, ni la Renfe, ni la Iberia, podrán facilitar más inmediata relación de la que Salamanca y Santiago tuvieron antaño".

Bulía no meu maxín, quizais, ó pensar isto, o que sostería catro anos máis tarde (10 e 13-X-1953) nuns anacos titulados "Santiago en Salamanca" e "Gallegos en Salamanca", sobre que "La Universidad salmantina ha sido la primera Universidad de Compostela". Afirmación que ós poucos días foi corroborada polo propio secretario xeral da salmantina, o insigne unamunista, D. Manuel García Blanco, enviándome o estudio do seu historiador, o P. Beltrán de Heredia, sobre *Los orígenes de la Universidad de Salamanca*, criterio histórico co que coincidía, sen sabelo, a miña aventurada opinión.

Nobre anticipación, en tres medievais centurias, da alcurnia universitaria da Arquidiócese compostelá, que casi ninguén mencionou ó conmemorarse neste curso o V Centenario da... segunda Universidade de Santiago: *¡Gallaecia Fulget!*

Madrid, 11-VI-1996

A codificación da galeguidade en anos difíciles (1949-1950)

Baldomero Cores Trasmonte

O "Suplemento del Lunes" e o "Suplemento del Sábado"

Nos anos complicados, caóticos ás veces, da posguerra española, a codificación da galeguidade era unha aventura non sempre venturosa, moitas veces arriscada, soamente asumible por quen tivera ou algunha dose de utopía ou un valor a proba de bomba. Os que xa estaban dentro de esa opción non tiñan tanto que perder como os que arribaban a esas augas da galeguidade, gozosas e tormentosas. Os que literariamente chegamos a elas non necesariamente seguimos unha mesma vía nin camiños marcados. E, a estas alturas, non penso que aquel Suplemento del Sábado, que entre 1949 e 1950 publicou o xornal *La Noche,* tivera ningún efecto sobre a incorporación dos novos a esa arriscada empresa. Concretamente, a miña incorporación á galeguidade literaria estivo mesturada por un conxunto de vivencias, non só de lecturas, integrada no turmix do tempo, que foron agromando e facéndose máis concretas, aínda que non máis conscientes, porque desa conciencia dificilmente podería dicir cándo empezara.

O Suplemento del Sábado limitouse a 16 números, publicados entre o sábado do 15 de outubro de 1949 e o 28 de xaneiro 1950. Para entender minimamente a súa presencia no xornalismo da galeguidade hai que enmarcalo no ambiente externo e interno en que nacía e no tempo en que se desenvolveu na súa curta xeira. A influencia da nova estratexia en materia de política internacional e, concretamente, algunha tolerancia maior en materia de política interior, así como a política empresarial que tentaba levar á práctica a entidade encargada da súa publicación, definían o entorno en que se desenvolvía o Suplemento do Sábado publicado por *La Noche*.

Cando se publicaba o Suplemento do Sábado a diplomacia franquista loitaba a morte para integra-lo Estado español nas estructuras políticas da comunidade internacional e na procura dunha intensa política de relacións internacionais cos países máis influíntes. Tentando supera-la fase de illamento a que estivera sometido entre 1936 e 1946, o réxime franquista pretendía integrarse no concerto das nacións, ofrecéndose, en primeiro lugar, como o único baluarte posible para dete-lo avance ruso, no caso de que lle dera por invadir Europa, especie que era corrente naqueles momentos. Moitos estrategos, non só españois, coidaban que se tal invasión se producira, Rusia podía chegar ós Pirineos en dous meses e que soamente logo era posible o contraataque desde o baluarte español para inicia-la recuperación do territorio europeo. Os anos 1948, 1949 e 1950 serán precisamente os momentos de máxima actividade diplomática para inserirse nos mecanismos internacionais e intentar reforza-la economía española coa axuda do plan Marshall e outros apoios bilaterais ou internacionais. Desde a condena do réxime español, o 12 de decembro de 1946, as Nacións Unidas andaban a buscar novas canles, admitindo a diversos países, entre os que España logrou un posto na comunidade de nacións o día 4 de novembro de 1950.

Non falta quen di que neses anos precisamente o réxime iniciou unha actitude de maior tolerancia no desenvolvemento da súa política interior. É certo que o fascismo espectacular da Falanxe viuse substituído por outras formas semánticas de aparencia máis tolerante, como de se tratar dunha tolerancia vixiada, pero a realidade cotián das liberdades non se traducía en fórmulas máis flexibles. O goberno designado o 18 de xullo de 1945 supuxo algúns cambios importantes na concorrencia de tendencias dentro do réxime, pasando a ocupa-lo Ministerio da Gobernación Blas Pérez González, o de Asuntos Exteriores, Martín Artajo e o de Educación Nacional, Ibáñez Martín. Esto supoñía, en principio, unha manifesta inclinación das tendencias da militancia católica en detrimento do monopolio ideolóxico da Falanxe, pero esto non significaba que non estiveran presentes membros desta, xa que Blas Pérez, Dávila e Girón de Velasco formaban parte dos cadros falanxistas.

Teoricamente, parece que a política interior debía acondicionarse a aquela afanosa política de integración internacional, pero, na práctica, os cambios reais foron mínimos. A lexislación de prensa seguía a mante-la censura con moi poucas posibilidades de excepción. Sobre todo, en materia de organización periférica do Estado seguiuse coa imposición do centralismo e do unitarismo administrativo e político, reforzados, ademais, por campañas de extrema obsesión españoleadora. Dentro desa etapa de tolerancia vixiada, máis ben de semántica apertura de man, hai que situar ideoloxicamente o Suplemento del Sábado, como calquera outro producto xornalístico que se publicara daquela.

A política empresarial, dentro deses límites globais, tamén constitúe un factor relevante que inflúe sobre a visión do contido e da temática dun proxecto como o que se desenvolvía entre 1949 e 1950. A Editorial Compostela reducira a súa publicación de medios a *El Correo Gallego* e *La Noche*, se ben recadara o *Eco de Santiago* no ano 1938 e *El Compostelano* en 1946. Ideoloxicamente, os medios santiagueses, sen competencia con outros medios propios de outras empresas na cidade, estaban orientados cara a unha política racionalmente manifesta de expresión dunha concepción católica como obxectivos básicos sobre calquera outros. A concorrencia en Santiago con outros xornais era mínima, xa que *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia* non entrarán con forza na cidade ata finais da década dos cincuenta, sendo Padín o que dá pulo ó primeiro e eu ó segundo, xa en 1959. Pero, a tirada dos dous xornais santiagueses, sen embargo, tampouco era tan importante como para que poida asegurarse que o Suplemento del Sábado fora un instrumento eficaz de galeguidade.

Por esixencias das circunstancias futbolísticas, naquel intre dominantes, a editorial iniciou no ano 1948 a publicación do que chamou o Suplemento del Lunes. A competencia con revistas como *Riazor*, da Coruña, ou *Imán*, de Vigo e con outras dese tempo, obrigaba a una adicación á información deportiva. Como estamos a falar de memoria calquera anacronismo debe ser salvado polo lector, se ben o espírito é exactamente o que se expresa. En calquera caso, *La Hoja del Lunes*, da Coruña, xornal excelentemente elaborado, no que participaba Emilio Merino, primeiro redactor de *La Noche*, aseguraba un producto de excelente factura. Como neste país os mal pensados xorden de debaixo dos cons, non faltaban os que dicían que, como a "Folla" estaba feita polos xornalistas e o producto era para os xornalistas, poñían máis interese na súa elabo-

ración que nos xornais nos que prestaban os seus servicios.

O ambiente favorable para os equipos galegos axudaba a aumenta-lo interese polo fútbol en Galicia. Tanto o Deportivo como o Celta ocupaban postos destacados nas táboas de clasificación. Chegouse a dicir, con esa facilidade con que os galegos se lanzan ós espacios utópicos, que calquera deles podería ser campión da Liga. O partido celebrado en Riazor entre os dous equipos, no que hoxe se chamaría tontamente un *derby*, saldouse a favor do equipo coruñés. Como pasa sempre cando se produce unha goleada, o porteiro receptor dos tantos adoita se-lo mellor do campo. Simón, o eterno suplente de Acuña no Deportivo, agora titular do clube vigués, aínda que encaixou os catro goles, fixo un gran partido. Era un porteiro pequeniño de estatura, como Lestón, e como este, excepcionalmente áxil e con bo sentido da colocación embaixo dos paos. De non ser por el, o Celta puido ter un resultado aínda máis negro. Desde quince días antes o ambiente estaba caldeado e en Galicia non se falaba doutra cousa que daquel *derby*.

A empresa non lle regateou medios ó Suplemento del Lunes, facilitando unha boa presentación e unha boa confección, coa vistosa cabeceira en vermellón ferinte, pero o corpo con un fondo azul ou doutra cor, o que lle daba certa orixinalidade. A ilustración fotográfica, viñetas e caricaturas, era bastante extensa, e destacaban as caricaturas de Mariño Mirazo, que foi o noso presidente no Club Fortuna e que sabía moito de fútbol. En canto ó contido, o tratamento do fútbol, mesturando descrición e información, tiña certa dignidade. A redacción, por estar centralizada no propio xornal, con poucas aportacións externas, mantiña unha unidade, podendo citarse a Travieso Quelle como o seu máximo inspirador e autor dunha sección moi lida naqueles momentos e titulada "Rua del Villar", que publicaba en *La Hoja del Lunes* da Asociación da Prensa da Coruña.

Debuxo de Manuel Torres, un dos ilustradores do Suplemento

Xa en marcha o experimento deportivo, a empresa fixo outro, pero agora de contido económico e literario. Así, o Suplemento del Sábado amañecía artellado dentro dunha política editorial e non como un ente illado e disperso. Sen perda dos vencellos que tiña coas páxinas adicadas a cultura, aparecía como un encarte de *La Noche* no panorama xornalístico, fóra das páxinas ordinarias do xornal, pero sen que este deixara de publicar en ocasións seccións literarias ou económicas. O lema era moi xenérico, xa que soamente a identificación pola fin de semana, relativa fin de semana, xa que hoxe comenza o venres polo serán, e daquela comenzaba o sábado pola mañá, cando non o sábado pola noitiña.

Tamén estaba moi ilustrado o Suplemento del Sábado. Pero as viñetas e debuxos, en xeral de pequena factura, eran tristes e de pouco resalte, o que axudaba pouco a captar lectores ou polo menos olleadores daquelas páxinas. Hai que sinalar, sen embargo, que algúns dos debuxos de vacas e cabalos proceden da pluma de Manuel Torres, quen nun dos números do Suplemento ilustra un dos seus artigos cun debuxo asinado expresamente. Como eu teño numerosas vacas pintadas por Torres e outros debuxos, xa que me ilustrou "O Corroncho de David", coido que debo aclarar este feito, se ben sempre, nesto das cousas sen sinatura, caben puntos de vista. Aproveito a ocasión, así mesmo, para dicir que a longa serie de debuxos que publicou en *La Voz de Galicia* foron publicados á miña instancia, non sen sacrificio pola miña parte, xa que, dado o sentido meticuloso das cousas que tiña Torres, tiña eu que estar pendente de que non se perdera un só debuxo, tendo que facer numerosos traslados á Coruña para evitar calquera deses extravíos, tan normais nas redaccións. Un deses extravíos, por certo, foi o poema adicado por don Aquilino a Ramón Cabanillas, que eu prestara á redacción de *La Noche* para a súa reproducción e que, logo, por eses mesmos azares, non volveu máis ás miñas mans. Tiña o mérito de que contiña as correccións que no texto lido fixera Iglesia Alvariño.

Os operadores literarios e a formación do Suplemento del Sábado

Sería totalmente inusitado que Goñi, como calquera outro director dun medio de comunicación, deixara nas mans de ninguén a elaboración dun suplemento que, como o Suplemento del Sábado, podía ofrecer algunha desconfianza á administración xornalística e á outra en xeral. Se, por outro lado, existiu tal encargo, a realidade é que Goñi non cumpriu nin podía cumpri-la súa palabra, como é natural nun medio de comunicación. Ademais, a responsabilidade ideolóxica corresponde á dirección (e as posibles sancións eran importantes) e non era posible que se descentralizase ningunha información para dar protagonismo a persoas ou grupos sociais, por non dicir a sectores politicamente encubertos ou en entredito por mor das circunstancias políticas. Loxicamente, por moitos encargos que Goñi fixera a grupos concretos, as mesmas circunstancias impedían que deixara o control en mans alleas ó xornal. Isto soamente pasa nun xornal en moi poucas ocasións, se é que pasa algunha vez, porque os que están desde fóra non teñen a perspectiva das interioridades da empresa. Por eso, se Goñi chegou a falar cun grupo de Vigo para face-lo Suplemento, tivo bo coidado en neutraliza-las súas posibilidades de acción co acoplamento doutros colaboradores que normalmente colaboraban no xornal.

De ser certo tal encargo dunha colaboración tan concreta, era normal que fóra Salvador Lorenzana quen levara o peso do labor, porque cando comenza o Suplemento del Sábado, Salvador Lorenzana era xa ben coñecido como un fino xornalista literario, por aplicarlle a definición que el mesmo fixera de Vicente Risco. Del Riego non era un crítico no estricto senso da palabra, senón un excelente evocador literario e como teimudo notario literario viña dando conta desde 1948, no órgano do Centro Galego de Bos Aires, *–Galicia–* do que pasaba no país galego, nunha sección titulada "Galicia cada trinta días". Por certo que en decembro de 1949 anunciaba que *La Noche* publicaría proximanente un Suplemento semanal adicado a Galicia, con Seccións tituladas "Feria del espíritu", "Descubrimiento de Galicia" e "Vida y economía".

Por outro lado, tampouco pode dicirse que o grupo vigués sexa o máis importante nin o máis numeroso en canto á colaboración no Suplemento. Os operadores literarios que asinan ou redactan nel proceden de distintas zonas de Galicia e de distintas maneiras de entende-las cousas galegas. Entre as plumas que destacaban, aínda que en principio dominaban as do cenáculo vigués, en realidade o resultado non foi así. O Suplemento seguíuse centralizado en Santiago, como punto de confluencia de sinaturas moi diversas. Desde Ferrol, Paradela; desde Santiago, Iglesia Alvariño e López Garabal; desde París, Bonet Correa (ou Andrés de Cernadas); desde Mondoñedo, Álvaro Cunqueiro, aseguraban unha distribución ecolóxica dos colaboradores do Suplemento do Sábado.

Como parte do seu entorno, imbricado coas páxinas do Suplemento, as dúas grandes estrelas con columnas na derradeira páxina de *La Noche* incluíanse paralelamente na derradeira páxina do xornal. Manuel Rabanal, desde a súa "Nebulosa", e Borobó, desde os seus "Anacos", acaparaban a atención dos lectores medianamente cultos. Con estilos moi diferentes, eran dous xornalistas igualmente eficaces na capacidade de atención dos seus lectores. Os dous, ademais, eran escritores especialmente fornecidos por unha preparación académica –filolóxica en Rabanal e histórica en Borobó–, pois non debera esquecerse que este é un excelente coñecedor da historia contemporánea. Así como hoxe se dá moito historiador xornalista, sen unha comprensión real do feito histórico galego, podería dicirse que Borobó era un xornalista historiador, pois dificilmente, aínda no máis cotián do seu artigo, podería excluírse unha prensión temporal dos feitos.

Os dous estaban, ou están, no caso de Borobó, ben provistos dunha bagaxe cultural pouco frecuente nun xornalista, pero mentres que Rabanal facía ostentación dela, en Borobó parecía pasar máis inadvertida, xa que o seu estilo era máis descritivo e moito máis irónico. A metalinguaxe de Borobó era máis popular, máis orientada cara á xente, mentres que a de Rabanal estaba máis destinada a xente máis culta e máis refinada lingüisticamente.

Naturalmente, as sinaturas de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo eran fundamentais desde había tempo, pero figuraban, tamén, nas páxinas ordinarias de *La Noche* en maior proporción que no Suplemento. Mentres que a prosa de Risco era moi simple, case cotiá, a de Otero Pedrayo suscitaba máis problemas. Con moita frecuencia, como se eu tivera algo que ver con don Ramón, a quen daquela non coñecía, se ben co tempo tería con el unha excelente amizade, tiña que saír



Ramón Piñeiro colaborou no Suplemento baixo o pseudónimo Luis Veiga do Campo

en defensa da súa prosa ante acusadores que, por derivación, tiraban tanto como el como contra o que eu parecía significar. En realidade, eu tiña as mesmas dificultades para entender aquela prosa, se ben fun recortando día a día os "Parladoiros", xuntando unha boa colección que, logo, doei a Ramón Lugrís.

Co pseudónimo de Luis Veiga do Campo, Ramón Piñeiro asinou, no número do día 12 de novembro de 1949 do Suplemento, un artigo baixo o título "A poesía de Luís Pimentel". Toda a súa filosofía, da saudade e da outra, que logo pretendeu desenvolver, caben naquel artigo. Cando se trasladou definitivamente a vivir a Santiago, Otero Guldrís e mais eu fómo-los seus primeiros amigos. Paraba, aquel que para nós fora durante un mes un misterioso personaxe, na praciña de Fonterrabía, a cincuenta metros da miña casa, sita en Entremurallas, número 9. Aló polas sete do serán pasabamos a buscalo, ou, en non poucas ocasións, chegaban Otero e mais el ata a miña casa a procurarme. Normalmente, dabamos unha volta que duraba cando menos ata as dez e media da noite, normalmente ata cando el se daba por vencido practicamente.

O itinerario era moi penoso para o filósofo da saudade. Desde Entremurallas ou desde Fonterrabía cruzabámo-lo Toural, seguiamos pola Rúa Nova para subir pola empinada costa de Fonte Sequelo, iamos logo polo Preguntoiro para cruza-la praza de Cervantes e chegar ata as Algalias. Paréceme que ningún dos tres facía aquela viaxe por tomar unhas cuncas, pero o punto de destino remataba por se-la Porcona ou calquera outra taberna da zona. Don Ramón non podía seguir aquel ritmo, pero, como sempre foi moi calado, prefería sacrificarse e acompañábanos con non pequeno sacrificio. Sobre todo a subida da costa de Fonte Sequelo facíaselle imposible, e o tomar unha cunca, segundo manifestou, afectaba á súa saúde, segundo nos explicou con detalle. Por primeira vez, despois de pasado un mes,

polo tanto, tivemos algunha impresión de que embaixo daquel misterioso ser había unha persoa humana.

Non facía falla que pasara moito tempo para que tivesémo-la sensación de que as elucubracións monográficas de Veiga do Campo (Ramón Piñeiro) eran máis simples do que inicialmente parecera. En certo modo, explicaba aquilo a falla dunha obra de mediana entidade, sobre todo por falla de lecturas, de xeito que a conversa remataba por facerse monótona, se ben a axuda do humor, que tanto nos ten prexudicado, colaboraba en mante-lo lume do diálogo, se podía chamarse diálogo. Os Platóns que lle seguiron, que non sempre foron tan amigos como nós, moitos deles máis ben á procura das avantaxes da editorial Galaxia, non atoparon demasiada obra en que asenta-la personaxe, chegando algúns a inventa-lo fetiche da mesa camiña.

Unha vez, Otero Guldrís e mais eu acompañamos a Ramón Piñeiro a facer unha visita ó Instituto P. Sarmiento, aló polo ano 1951. Andaba xa con outros ó asalto calado e indirecto das institucións galegas e aquel reducto podía servirlle como unha panca importante precisamente en Santiago. Despois de observar externamente os andeis acugulados e libros e folletos, algúns dunha excepcional riqueza para a galeguidade, Ramón Piñeiro afirmou dogmático: –"¡Pedras vellas!". Referíase a que os seus colaboradores se adicaban á arqueoloxía e á erudición histórica.

Ramón Piñeiro quería que eu fora facendo un grupo coa xuventude estudiantil de Santiago. A min aquela proposta parecíame como unha reproducción da fronte de xuventudes do galeguismo. Despois dun trato tan intenso como ningún dos novos tivera con el, parecíame que si estaba algo dotado para a conspiración, non o estaba para orientar unha xuventude cara a unha política máis aberta e máis conectada coa realidade inmediata do país. En calquera caso, ofrecinlle o nome dun amigo co que eu mantiña unha estreita relación desde os días do bacharelato, pero Piñeiro, que confiaba moi pouco nel, en principio non quixo saber nada. Logo, en vista de que a cousa non tiña outra saída, conecteinos e de alí saíu unha intensa relación.

Unha vez, á vista daquela mestura de pescos e labregos, con tipos intermedios de mil matices, que pululaban pola "Embaixada" de Corcubión en Santiago como se andaran polo seu propio medio, serviulle para intentar unha forzada comparación entre eles. Saquei a impresión de que o seu coñecemento da psicoloxía dos labregos e dos pescos era moi cativa. Algún día explicarei outras moitas cousas, para que a figura de Ramón Piñeiro acade aquela perspectiva que merece, lonxe da utilización de que foi obxecto. Debería quedar nidiamente fixado que todo esto non priva para que entre el e eu houbera unha excelente relación, dificilmente rachada por algún que outro cabreo. As gripes que pillei, que non foron poucas, pilleinas diante da súa porta, logo de ir con el a busca-lo correo.

Foi a nosa unha relación itinerante, con Galicia ó fondo, aportando eu as miñas ousadías, que tanto me teñen custado, e que o filósofo da saudade escoitaba con paciencia e, posiblemente, con ironía contida, porque non era persoa na que o humorismo constituíra un dos seus fortes. Eso da "camilla", por suposto, non xogou ningún papel conmigo, e o que xoga para outros poida que non sexa máis que un mecanismo subconsciente chamado fetichismo, porque pode dar lustre a quen diga que por alí pasou, como se pasara por embaixo da Pedra dos Cadrises de Muxía. Queda no disco duro un montón de experiencias, que, se é o caso, sairán a relucir cando a situación o demande, moitas delas nacidas da nosa relación parlamentaria. En calquera caso, coido que entre Piñeiro e eu houbo sempre unha relación normal, pero sen cruzarse os camiños en fricciónes inútiles, como lle pasou noutros casos con outros que eran máis dogmáticos. Sen o desexo de lixa-la súa imaxe, de seguro que estaría máis disposto a percibi-las heterodoxias dun inconsciente que as "pelotillas" dos aproveitados.

Ramón Piñeiro e Carballo Calero, dous ilustres nomes das páxinas do Suplemento

O campo ideolóxico compromiso/evasión e o contido do Suplemento del Sábado

A mesma indefinición do título do Suplemento, soamente acoutable dende unha perspectiva temporal, como o relativo á fin de semana, permitía que dentro del entrara un mosaico literario, como unha especie de *magazzine*, sen máis límites que os que quixeran darlle os seus productores. Pero serán, na práctica, tres temas –o industrial e comercial, o literario e o artístico– os que acoutarán a especialización en canto ó que serán temas de carácter galego. O inserimento de artigos e editoriais referentes á igrexa católica conectaba axeitadamente a ideoloxía da editorial coa dalgúns dos colaboradores, dándolle o vencello necesario para mantelo vivo durante o tempo que durou, que non foi moito.

O Suplemento non se caracterizou por subliña-los aspectos críticos das cuestións literarias ou económicas.

Nos sectores en que tentou proxectarse, o económico e o literario, distínguense pola información e a descrición, con nidia proxección eruditista. A presencia de Xosé María Álvarez Blázquez ou de Bonet Correa (este como Andrés de Cernadas), aseguraban esa vía eruditista, temperada pola vía evocadora de Salvador Lorenzana. A insistencia en subliña-la homenaxe a Lamas Carvajal como o grande acontecemento do século tiña o seu sentido de aglutinación, pero non deixaba de ser unha evocación folclórica. De ningunha maneira habería que quitarlle a Lamas os seus valores, senón a aqueles que o utilizaban como ariete de desenvolvemento cultural e destacaban soamente os seus aspectos folclóricos.

Empezaba por aqueles anos a tomarse conciencia teórica en Galicia e, concretamente, en Santiago, da dicotomía literatura de compromiso/literatura de evasión. Antonio Rodríguez Cadarso xogou, como Xosé Ruibal, un papel moi significativo neste aspecto. No ano 1950, Cadarso facía en *La Noche* máis ben entrevistas, pero non as que se usaban decote, senón xa coa idea de entrar no personaxe con alicerces sociais. Por exemplo, modelo deste tipo de xénero xornalístico podía se-la entrevista que lle fixo a Lola Membribes en *La Noche* do 27 de xullo de 1950.

Un dos grandes defensores do compromiso literario e filosófico, Luciano del Río, sen embargo, máis metido en publicacións pedagóxicas daquela, non exercerá de entrada a influencia que exerceu anos máis tarde. Couceiro despachouno, en 1953, con esta nota: "Maestro nacional. Se consagra al estudio de la filosofía pedagógica. Colabora en la prensa regional". ¡Un momento! Luciano del Río era moito máis. Era unha mente filosófica, unha preocupación pola realidade do seu redor desde dimensións globalizadoras. Desde a ferramenta metalingüística era o mestre do compromiso literario.

Dentro do compromiso máis práctico, polo menos na medida en que ofrecía unha visión do vivir galego, destacaba Álvaro Paradela, filósofo da retranca. Paradela era, asi mesmo, unha das plumas que máis calaba no lector común de entón. O seu contido social destacaba entre os escritores de erudición ou de puro culturalismo, como predominaban no Suplemento. Atopaba sempre a palabra exacta para impactar, como se di hoxe, nos lectores. Ás vivendas dos labregos, por exemplo, chamáballe "muriendas", para destaca-la penuria co campo galego. Polo que tiña de provocador, o seu "vindeirismo" entraba na xente como unha fiestra de liberdade.

O seu lema, "vindeirismo", alcanzou sona na década dos cincuenta. Con intento superador, o 20 de decembro de 1958, publiquei en *La Noche* un artigo titulado "El porvirismo de Paradela o la superlaringe animada", no que intentaba completar aquela imaxe fatalista con outra máis creadora de porvirismo, que desde 1961 me ía servir para ofrecer ós lectores do *Faro de Vigo* unha sección de socioloxía galega que, logo de numerosa presencia, tiven que deixar, e non precisamente por mor do xornal, que fixo o imposible para que a seguira facendo.

Paradela, sintomaticamente, publicou no Suplemento del Sábado soamente cousas máis imaxinativas, máis literarias e menos transcendentes. Por esas páxinas, certamente, non se dá o lector idea do papel que xogou Paradela na creación dunha conciencia de superación do atraso campesiño e da inxusticia dunha forma de vida que non era posible superar desde dentro. Paradela, sen embargo, viña xa publicando artigos en *La Noche* e seguiu logo publicando outros moitos, moi prolificamente, como para se-lo terceiro entre as plumas que aparecían, a carón de Rabanal e Borobó.

Se houbera que enmarca-lo Suplemento del Sábado desde a percepción do lector, podería ser definido como unha mostra da literatura de evasión. Non ten nada de particular que, polo tanto, o nome de Álvaro Cunqueiro apareza decote, entre as grandes e máis sensibles colaboracións. Estaba daquela Cunqueiro sometido a unha crítica moi forte por parte dos que coidaban que debía practicarse unha literatura de compromiso, porque, en tempos en que era necesaria unha crítica, entendíase que a literatura de evasión era unha especie de narcótico social. Afortunadamente, aquela distinción foise esvaendo ante a prosa e o verso de Cunqueiro, sen que arestora discuta ninguén o seu valor creador e estético.

As posibilidades da codificación da galeguidade tampouco permitía moitos excesos, pero, ás veces, a peor censura e a que nace dun mesmo. O pasamento de Castelao en Bos Aires, que foi un acontecemento na galeguidade exterior, axuda a recoñecer aqueles límites da censura oficial e da autocensura empresarial. Desde a Galicia interior non podían ser moitas as posibilidades de adicarlle unha lembranza que contemplara a figura na totalidade das súas dimensións multiformes e creadoras. O común recoñecía en Castelao ó autor de chistes e algún máis refinado podía consideralo como un grande humorista, pero non se pasaba deses límites. En *La Noche*, cando o seu pasamento, publicouse o día 9 de xaneiro de 1950 un solto titulado "Castelao falleció en Buenos Aires", ilustrado con un coñecido debuxo de Carlos Maside. No solto, despois de gaba-la figura literaria de Castelao, non faltaba a alusión política, aínda que rebaixada ó común dos humanos, nos seguintes termos: "No es el momento de juzgar su actividad política, sujeta, como todo lo humano, a una revisión que tal vez no le exima de rigores".

Xa non era pouco o simple feito de dar noticia do pasamento de Castelao, pero esa fórmula de revisión do humano e o exame obxectivo, incluso recensionando os rigores, era unha cautela que axudaba a poder dá-la noticia sen que a censura atacase frontalmente. No Suplemento del Sábado do día 14 de xaneiro publicáronse máis notas e colaboracións sobre o pasamento de Castelao. Na primeira páxina, a catro columnas, un longo artigo de Valentín Paz-Andrade, titulado "Castelao. El hombre y el artista", ilustrado coa coñecida caricatura de Bagaría, abríase dicindo que os sinos de Galicia debían tocar a morto. Difícil era, naturalmente, conterse nun marco cultural para definir a Castelao, pero Paz dixo: "Engranó con la generación de los Precursores, en el movimiento de rehabilitación de la cultura gallega, mucho más consistente que su proyección política".

Nun solto titulado "Morreu o grande artista", no que se subliñaba a súa aportación artística, e nunha pequena antoloxía, soamente acollían algunhas reflexións sobre o humorismo, tirado da súa famosa conferencia. En calquera caso, ante calquera dúbida, pola transcendencia que tiña a publicación da simple noticia, o Suplemento publica un editorial, baixo o título de "Desde nuestro lado. Ancha es España", no que se tenta acouta-lo recordo, prescindindo de calquera alusión ou motivación política. Despois de aclarar que a Editorial

Compostela nacera para defende-los ideais cristalizados no Alzamento Nacional, subliñaba que seguía a manter aqueles mesmos ideais "en la defensa de la fe católica y en la expresión de un ancho españolismo".

Dicía o editorial que en España caben os heterodoxos que historiou don Marcelino M. Pelayo, así como aqueles que por un azar xeopolítico se bateron material e espiritualmente nas trincheira "del otro lado". E completaba o pensamento: "Entre ellos hemos de acoger en primer lugar a los que pecaron, quizá, por amar demasiado...". O editorial dicía que pasada a hora da discordia ha de honrarse singularmente ós que foron símbolos vivos de concordia. "Entre "los del otro lado", ningún hombre neutralizaba las pasiones de los gallegos como el finado Alfonso Rodríguez Castelao".

Cóntase que esta extensa, moi extensa adicación para o momento que corría, foi o feito que alertou ó poder para suprimi-lo Suplemento. Non parece pensable que a censura deixara pasar dúas semanas en vez de decidirse e fulminalo dunha vez para sempre. No fondo, non se podía saber se aquela adicación era unha homenaxe ou unha censura encuberta ó finado, dependía do cristal con que se mirase, pois, como se ve, destacábase a figura desde un lado e non na súa totalidade. O Suplemento seguiu a publicarse logo o 21 e o 28 de xaneiro de 1950, e, como dicimos, é moito tempo como para que a censura, con Serrano Castilla como destilador da verdade oficial, non fulminase non só o Suplemento, senón tamén o mesmo xornal.

A Embaixada de Corcubión en Santiago, ideoloxía, pragmatismo e os colabores de *La Noche*

Poida que o meu caso non sexa paradigmático para defini-los desexos, aspiracións e intereses dun rapaz daqueles momentos. Tampouco podería servir para dar idea das lecturas dun rapaz que andaba a remata-lo seu bacharelato. Nin polas experiencias cotiáns, cunha visión tétrica de Galicia, nin pola abundancia de lecturas era frecuente que un bacharel sentira unha visión da cultura e de Galicia con aqueles alicerces. Non pretendo, en ningún momento, voltar páxinas atrás no libro da vida e, se nesta ocasión, ou nalgunha outra que se presente, teño que facelo, é, como neste caso, a solicitude externa, xenerosa por certo.

Cando no ano 1940 meus pais trasladaron a súa residencia para Santiago, para rexenta-lo traspaso do Hotel Comercio, sito na rúa de Entremurallas, número 9, paralela coa rúa da Senra, nacía máis unha casa de beneficencia e un centro de irradiación cultural que un negocio de hostalería. Por eso, hai que referirse a ese hotel, non soamente polo seu impacto na restauración gastronómica santiaguesa, senón tamén por outras dimensións culturais que o tempo lle foi encanando. Don Aquilino Iglesia Alvariño, que tiña unha fonte inesgotable de información filolóxica naquela casa, deulle o nome de "Embaixada de Corcubión", se ben, tamén lle chamaba o "Consulado Xeral de Corcubión" en certos momentos, segundo o contexto en que se manifestase.

Na historia da restauración gastronómica, hoxe que a picaresca abunda e andan a buscar estirpe casas de comidas que daquela tiñan pouco ou ningún valor, aquela casa empezou sendo o Hotel Comercio e logo Pensión Comercio. Ademais das habitacións que tiña a casa, case tódolos días tiña practicamente arrendadas as doutra casa sita na Fonte de Santo Antonio. Naquela casa xuntábase a tradición culinaria francesa coas máis enxebres da Costa da Morte. Foise o avogado Bernardo Dios Mosquera sen face-la historia daquela casa, que como parroquián coñecía moi ben e que el destacaba entre as primeiras dentro do ramo gastronómico.

Unha vez, acugulado de xente o Teatro Principal, con motivo dun festival da Tuna da estudiantina santiaguesa, Manolo Rumbao encheuse de contar chistes e historias. Dentro dos humoristas galegos haberá que adicarlle un parágrafo de alto contido a aquel humorista que se ben foi na tuna onde fixo máis alarde do seu valer, o seu recordo quedou impreso na memoria colectiva de Santiago por moitos anos. Manolo xantaba no Hotel Comercio, de xeito que mentres estivo na casa tivemos contacto directo con seu fino humorismo, como un privilexio que polo menos docificaba a traxedia que envolvía aqueles momentos. Pois ben: durante toda a función, Manolo adicoulle á miña nai moitos dos seus chistes, facendo unha propaganda que a casa non necesitaba, pero que o público subliñaba con aplausos a eito.

Existía daquela unha boa medida para defini-la importancia dun restaurante, como era a presencia dos curas no comedor. Aquela casa contaba coa fidelidade de tódolos curas das táboas de Nemancos, de Soneira, de toda a Costa da Morte e da Terra de Xallas. Cada xoves, aquela casa parecía un Seminario ou un cónclave eclesiástico.

Como agora hai moito heroe verbal, pero que daquela nin se sabe por onde andaba, tamén interesa dicir algo sobre experiencias persoais en materia de heroísmo xuvenil. Aquelas experiencias prácticas, aquela visión da realidade galega, que chegaba ata un mesmo sen necesidade de ir a ela, inevitablemente tiñan que afecta-la visión intelectual e literaria de quen se incorporaba á galeguidade militante. Por esixencias legais, os hoteis tiñan que leva-los partes de entrada de viaxeiros á Comisaría de Policía antes das doce da noite. Nin un minuto máis debía pasar, se non se quería que o pretoriano de turno se alporizase ou, no peor dos casos, mandara facer unha inspección da xente que paraba aquela noite no hotel.

A cousa era normal en moitos hoteis, como un puro trámite máis ou menos penoso. Na Embaixada de Corcubión, polo xeral, era este un trámite sumamente perigoso para o que había que estar moi preparado psicoloxicamente. Porque resultaba que no territorio dese consulado estaban o Ézaro e o Pindo, dous nomes malditos nos mapas oficiais, porque os seus fuxidos poñían en xogo a capacidade de acción do mesmo réxime. Como boa parte da clientela, por chamarlle dalgún xeito ó que máis parecía unha casa filantrópica, era natural de eses pobos, de Gures mesmo, abondaba con que un nome soara o máis mínimo a aquelas paraxes para que a policía fixera acto de presencia a altas horas da noite, a espertar e interrogar habilmente, quizais, a unha velliña que ó día seguinte debía ser operada no Hospital.

Para impedir tales desmáns, optamos por acochar a todos aqueles que de Ézaro ou Pindo acudían á casa nas habitacións particulares da familia. Naturalmente, non existían territorios exentos nin os mandamentos xudiciais tiñan demasiado valor, pero, cando menos, axudaban a resolver de entrada o problema. Algunhas veces, máis dun vello e dunha vella tivo que acocharse embaixo da miña cama, mentres que o xendarme merodeaba

polo lugar. A miña vocación de valedor do pobo, que non chegou a materializarse por mor do chalaneo que mantén a Galicia estantía, parece como se iniciara en momentos dramáticos, nos que outros rapaces estaban preocupados por cousas menos transcendentes.

Naturalmente, para decatarse do valor das liberdades públicas e privadas, da inxusticia dos actos, da traslación das culpas dos fuxidos aos parentes con que os perseguidores querían cachar ós fuxidos, non fai falla acudir a tan pragmáticas experiencias. Pero non era común nin corrente que un rapaz tivera diante dos seus ollos en todo momento unha Galicia sanguiñenta e dorida na súa propia casa, tendo que tentar de resolver problemas a eito de xente allea á familia que, por arte de maxia, pasaba a ser practicamente familia, como se dunha grande tribo se tratara. A primeira Galicia doméstica, a parte da Galicia que calquera podería apalpar, emerxía dramaticamente cada día naquela casa.

Pero se se trae agora a esta evocación aquela Embaixada ou Consulado Xeral do Partido de Corcubión, extensible á Costa da Morte ou á Terra de Xallas, pois o ámbito territorial era moito máis extenso que o partido xudicial corcubionés, é pola influencia que puido exercer, ou polo menos, polas relacións que puido ter con algúns dos colaboradores do Suplemento ou, en xeral, de *La Noche*.

Por exemplo, antes de casar, Manuel Rabanal parou na Embaixada de Corcubión. Por mor desta circunstancia, tocoume iniciarme nas letras, pero máis como mensaxeiro que como escritor, é dicir, como un medio de comunicación interrelacional, se se puidera dicir de tan redundante maneira. Tocoume ser portador das "Nebulosas", primeiro desde a casa, e logo, cando estudiaba latín e grego con Rabanal, desde a aula ata a redacción de *La Noche*. Máis completo foi o servicio cando tivo lugar unha famosa polémica suscitada por Rabanal e na que interviñeron o mesmo Rabanal (baixo o pseudónimo de "El Zorro"), o cóengo González Vila e outros. Desde a "Nebulosa", Rabanal atacaba a "El Zorro" e este chamáballe cabezudo, porque, como xa se sabe por outros retratos, a caixa pensante do profesor era das de campionato.

En varias ocasións tiven a honra de ser motivo da súa "Nebulosa". O 24 de marzo de 1950, titulou Rabanal unha columna baixo o título de "Otro de los buenos". Acababa eu de recibi-lo Premio do distrito universitario convocado sobre a figura de Santo Tomás de Aquino, xa que se pretendía festexa-lo seu día con grandes pulos. Despois de falar con don Eladio Leirós, o profesor de Filosofía do Instituto, cheguei á conclusión de que acaía como anel ó dedo un tema sobre o ideario político de Santo Tomás de Aquino. O traballo, titulado "La ciencia política en el tomismo", publicouse na revista *Servicio* do día 6 de marzo de 1950.

Como non recordo qué se dicía nese artigo, tampouco sei agora se se confirmaría ou rectificaría neste momento moito do que alí se dicía. Entregueille o artigo a Rabanal e este fixo unha columna que soamente o título xa parece demasiado, pero que dito por el sempre era unha garantía cando menos de estima. Rabanal aseguraba que "se ha resumido acertadamente el ambiente político del siglo décimo tercero", dicindo, con respecto á forma, o seguinte: "El estilo, algo indeciso, algo balbuciente, revela un autor joven, casi niño. Nada, sin embargo, disuena, cojea o languidece".

As "Nebulosas" de Manuel Rabanal foron unha constante nas páxinas de La Noche

Outra figura das letras galegas que por outras razóns estivo vencellado á Pensión Comercio foi Aquilino Iglesia Alvariño, activo colaborador do Suplemento del Sábado. Coñecía moi ben o sitio, porque unha das recaladas camiño da casa estaba nunha das tabernas de Entremurallas. Foi, como sabemos, don Aquilino quen lle deu o nome de Embaixada de Corcubión, ás veces intercambiable co de Consulado Xeral do Partido de Corcubión. Poida que se quedara curto, porque abarcaba toda Galicia, pero, certamente, aquela denominación expresa claramente o que significaba.

Outra inclusión miña na orde literaria ou intelectual, como queira chamarse, non menos ancilar, por usar palabra grata a Rabanal, foi a colaboración no seu proxecto do excepcional diccionario galego que non chegou a ve-la luz. De chegar a facerse realidade, aquela sería unha obra monumental, un dos grandes esforzos dun galego que en solitario percorreu lugares e lugares da terra galega. A miña colaboración era realmente difícil e complicada. Non é o momento de explica-las razóns da desconfianza dos paisanos de Galicia. Como eran desconfiados por sustancia, esencia ou escarmento histórico e individual, don Aquilino non era capaz de rachar aquel cerco, aquela coiraza que os paisanos poñían diante dun filólogo, como hoxe poñen diante dos inventores das sondaxes políticas. A voz grave e o ton doutoral que o acompañaban, que non daba idea da humildosa vivencia que mantiña, non eran os mellores aliados para lanzarse polos rueiros a facer un diccionario.

Tocábame a min sentarme na mesa cos paisanos que podían aportar algún dato, segundo o programa establecido por don Aquilino, segundo estivera recollendo termos rurais ou mariñeiros, ou intermedios, dada a natureza socioeconómica da zona, para abrandalos, facelos máis comunicativos e, incluso, altamente colaboradores. Cando xa estaban preparados, un tanto domesticados filoloxicamente, chamaba ó mestre e comenzaba o labor de interrogatorio, que eu aclaraba á

miña maneira en certas ocasións. Ás veces, como unha vez que recadámo-las pezas da lancha xeiteira, coas frases do contexto en que se dicían as palabras, aquilo era unha lección de filoloxía que constituiría un privilexio para calquera, por moi ancilar que fora a súa función. Nunha famosa polémica que mantiven con Paradela en 1959, con motivo da placa adicada a Brañas en Carballo, púxome como alcume, pois non pretendía definirme, "filólogo de rueiro". No meu longo *curriculum vitae* aquel título figura sempre como un timbre importante. Poida, sen embargo, que aquel filólogo de rueiro tivera as mellores clases por libre que puideran darse, porque o maxisterio de don Aquilino superaba tódalas barreiras.

A vía da universalidade cultural e a influencia de Ramón Cabanillas

As miñas lecturas na etapa final do bacharelato, coincidente co Suplemento del Sábado, estiveron moi pegadas ás colecciónns Universal e Austral de Espasa Calpe, a de Blecua e a de Novelas y Cuentos. Sempre que non perdera capacidade de acción, pois naqueles momentos e durante outros moitos a acción dominaba o ánimo do dicente, a lectura foi unha chave de entrada en mundos diferentes ós daquela realidade entornante. Sobre todo, poucas novelas do mar, foran de Verne, Salgari, Stevenson ou de calquera outro se me escapaban, porque a miña vocación mariñeira tiña unha fonda poutada afirmada na area da ribeira de Cée.

Os xéneros non era tanto a definición das miñas lecturas. Poesía, novela, filosofía, ensaio, ciencia, teatro, calquera xénero. O mesmo podería dicirse da temática, xa que fora ciencia ou ficción, realidade ou o que fora, atopaban en min un lector. En Blecua, por exemplo, tiven ocasión de atoparme cos clásicos gregos, con Homero intensamente, sobre todo con Ulises, con Cicerón, Virxilio, etc. Na Austral foi unha revelación a obra e a vida de François Villón e xa non digamos de don Antonio Machado. Como o foi Shakespeare nas traduccións de Astrana Marín publicadas pola colección Universal.

A literatura rusa chegou a ser moi familiar para nós, nas versións que de Dostoiewski, Turgueniev, Chejov, Tolstoi se publicaran na colección Universal. Se non lin dez veces *Taras Bulba* non o lin nada, porque ía para Cée nos verans, sobre todo co fin de xogar no Unión Club, e aquela obra era para min de uso normal, como o era *Facundo*, de Sarmiento. Como un tío meu tiña os *Episodios Nacionales* de Galdós, pois non faltaba Galdós naquela mestura indiscriminada de lecturas. A incorporación á novelística moderna, a Kafka, John Dos Passos, Joyce, Sartre aparecerán xa nos primeiros anos da carreira de Dereito.

O teatro chegaba a nós sobre todo a través da colección Novelas y Cuentos. Shakespeare e Molière eran de lectura común. Na literatura española, naturalmente, Jacinto Benavente non podía faltar. Pero, na práctica, non pasaba compañía de teatro que non acudiramos a ela. Tivémo-la oportunidade única de ver traballar a grandes artistas que entraban xa na etapa da retirada, como Enrique Borrás, Enrique Rambal, seguido polo fillo, Ernesto Vilches, que nos impresionou pola dicción, Carlos Lemos, Ismael Merlo, Catalina Bárcena, Lola Membribes, María Fernanda Ladrón de Guevara e tantos outros.

Cando chegaba a Compañía de Endíganos podía chegar a mirar a tres ou catro obras diarias. Alfonso del Real e outros artistas coñecidos facían un infatigable labor e o feito de desenvolverse nunha carpa non lle restaba ningún valor a aquelas postas en escena. Sobre todo, cando poñían *Marianela* a xente choraba a chorar, como chorara con *El derecho de nacer*. Máis concretamente, *La Casa de la Troya*, de Pérez Lugín e Linares Rivas, ou *Mal año de Lobos*, de Linares Rivas. Como se desenvolvían aquela en Santiago e esta na Marela de Corcubión non perdía unha sesión. Polo xeral, ademais, o pequeno teatro estaba cheo, malia o número de obras que a compañía daba a coñecer. Tamén a zarzuela ocupaba un lugar nos gustos dos santiagueses, con Antonio Medio, Pilar Lorengar ou Florencio Calpe, que cando desapareceron deixaron un baleiro importante que dificilmente foi capaz de encher Antonio Navarro, tamén visitante seguido do teatro santiagués. De min podo dicir que non perdía unha e que, cantante de bathroom, facía os meus primeiros pasos e gorgoriños, e contan que non era dos peores, pois a todo hai sempre quen gañe.

O interese polo cine, primeiro como vivencia, despois como espectáculo e logo como animador non amañecía naqueles días. A vivencia de cine tívena sempre, porque do Cine París éramos siareiros, sobre todo os domingos polo serán. *El prisionero del odio*, protagonizada por Barner Baxter, foi toda unha conmoción, e poucas veces vin chorar nun cine con tanta intensidade e tanta compenetración, como se ás vellas choronas de Cée, que as tivo insuperables, volveran a aquela película. Cando cheguei a Santiago, tiña algunha avantaxe sobre os rapaces santiagueses, porque, mentres que estes estaban moi versados en películas de Kent Maynard, eu coñecía moi polo miúdo as de Tom Mix e, sobre todo, as de George O´Brien, o que me daba certo protagonismo sobre a materia. O certo é que logo nas páxinas de *La Noche* tiven de escribir moito sobre cine como fenómeno colectivo, mentres que outros chamados intelectuais seguían a non decatarse da súa importancia. Tampouco faltou o meu concurso cando se comenzou a face-lo cine club en Santiago, tal como consta no artigo "Hacia un cine club universitario", publicado o día 10 de febreiro 1955.

Pero, a miña arribada á literatura galega produciuse polo impacto dunha fatal consecuencia, faltal en sentido positivo, como un destino favorable. Cando comencei a asistir a algunhas conferencias na Universidade, resultaba que na parede central da aula de Filosofía e Letras, embaixo do mapa en relevo figuraban os primeiros versos de "Galicia, nai e señora", de Ramón Cabanillas. De Rosalía coñecía a obra de don Victoriano García Martí, a quen trataba por proximidade veciñal e algunha coincidencia. Pero de don Ramón non coñecía practicamente nada máis que ese verso. Picado pola curiosidade, porque expresaba algunhas das vivencias que pragmaticamente parecían subxacer no meu entorno, logrei mirar *Da Terra Asoballada* e outras obras na Biblioteca Xeral da Universidade.

Unha desas casualidades da vida, sen embargo, achegará máis aínda o meu gusto polo verso de Cabanillas, cando tiven ocasión de coñecelo persoalmente. Meu tío Vicente mantiña con don Ramón unha estreita amizade, desde unha admiración tan sinxela como devota. Como un dos animadores e moitos anos presidente do Centro Galego de Baracaldo, manterá un respecto por don Ramón Cabanillas que se iniciara en Madrid, e que se continuou logo cando o vate vivía ou

pasaba longas tempadas coa súa filla. E chamoume para dicirme que me mandaba saúdos por don Ramón. Poucos días despois, don Ramón chamoume a casa e, como estaba moi preto, invitámolo a casa, xa que, tendo amizade co meu tío, tamén gustaba a miña familia ter noticias polo vate.

A miña codificación da galeguidade, marcada pragmaticamente, asentada sobre unha universalidade cultural, atopou naquel personaxe simple e humilde, un novo sentido. Sentirse algo ó lado de quen estimaba grande era moito para quen empezaba, e eso que xa a miña iconoclastia non deixaba títere con cabeza en materia de personaxes de cartón.

Os Hernansáez e o agrarismo galego, con especial referencia a Hernansáez Meoro, "paladín de la vida rústica" galega

O Suplemento del Sábado non se limitaba á literatura galega. Estendía, así mesmo, a súa temática á economía do país, pero sobre todo destacaba a expresión literaria. Polo xeral, predominan nas súas páxinas o sector pesqueiro, o que pode revelar que, nese aspecto, a influencia do grupo vigués era máis grande que noutros terreos. En cambio, cando se fai o extraordinario do comercio, montouse fundamentalmente sobre o comercio de Santiago con colaboradores santiagueses, entre os que destacaba Eubensei.

Sen máis especificacións que o nome de Hernansáez aparecen tres colaboracións de temática agraria de Galicia. Sen máis exame, puidera caerse na confusión de pensar que se trata dun mesmo autor. Nesa mesma confusión caeu Couceiro, na entrada Hernansáez Moscoso, no seu diccionario, ó mesturar outras de cada un dos Hernansáez. Como, ademais, o pai era máis coñecido nos medios agrarios, como profesor que foi da Escola de Agricultura de Vega, da Granxa Experimental de San Pedro de Nos, como un dos grandes estudiosos e divulgadores da materia agraria galega, córrese a tentación de confundilos. Pero, en realidade, trátase de pai e fillo, os dous chamados de nome Xosé María, os dous asinantes co primeiro apelido de Hernansáez, pero o pai co segundo apelido de López e o fillo co segundo de Meoro.

A carón do seu pai, Xosé María Hernansáez Meoro merece un posto distinguido entre os agraristas que tentaron de desenvolve-lo campo galego desde unha perspectiva científica. Por existir menos datos sobre el, non estará de máis recordalo agora con máis detalle. Era catedrático de Ciencias Naturais do Instituto Arcebispo Xelmírez de Santiago de Compostela desde o ano 1940. Nacera en Murcia o día 23 de outubro de 1893, sendo fillo de Xosé María Hernansáez López e de María dos Ánxeles Meoro Fontana. De neno viviu na Coruña e alí fixo o bacharelato, que rematou o 18 de xuño de 1909. No curso de 1909-10 estivo matriculado na Universidade de Oviedo e de inmediato foise a estudiar na Universidade de Salamanca, pero rematou logo en Oviedo, licenciándose en Ciencias Químicas o 18 de outubro de 1914.

Ese mesmo ano de 1914, o 14 de novembro, foi nomeado polo rectorado axudante interino da Sección de Ciencias do Instituto da Coruña e logo por real orde do 25 de xaneiro de 1916 foi designado, por concurso, segundo axudante da Sección de Ciencias do mesmo instituto. Cesou en tales cargos ó ser nomeado catedrático numerario o 6 de abril de 1917, co número un, en virtude de oposición libre, da cátedra de Agricultura do Instituto de Cartaxena.

No Instituto de Cartaxena foi designado secretario por real orde do 30 de decembro de 1922, para cesalo 23 de decembro de 1927. Desde xullo de 1936 e ata 1939 foi director interino, por se-lo catedrático máis antigo. No ano 1940 incorporouse ó Instituto de Ensinanza Media de Santiago. Perseguido polas súas tendencias besteiristas, non chegou a ser depurado, gracias a casualidade de alumnos influentes, que lograron que se fóra para Santiago sen represalias abertas.

A súa obra adicada a problemas do campo é moi variada, sempre desde o aspecto tecnolóxico. *El castaño* foi publicado polo Consello de Fomento da Coruña en 1917. *Bocetos agrícolas* é un voluminoso libro, visto desde o punto de vista da acción agraria e o progreso. Tamén publicou outro libro sobre *Seguros de ganado* e *El cultivo de la alfalfa*. Era colaborador da revista *La Cosecha*, editada na Coruña entre os anos 1929 e 1934, onde publicou en forma de folletón encadernable o segundo tomo de *Bocetos agrícolas*. Dentro desta especialidade agraria, complétase a súa aportación bibliográfica con un "Modelo de estatutos para mutuales de seguro de ganado". A conferencia do Congreso de Economía Galega de 1925, titulada "Seguro de ganados", asinada baixo o nome de Xosé María Hernansáez é da súa autoría.

Entre outras obras que se saen da especialidade agraria, na obra de Hernansáez Meoro hai que citar a *Terminología científica industrial y artística*, así como unha *Guía de Santiago* que non chegou a publicar e que posiblemente xa nin exista, o que sería unha pena, porque os comentarios do autor sobre a cidade eran sempre moi intelixentes e moi interesantes.

No curso 1940-41 deunos clase, de Ciencias Naturais, Ramón Sobrino Buhigas, o autor do monumental libro sobre os petroglifos. Durante moito tempo foi aquel un libro mítico para nós, como unha das obras mellor e máis pacientes do autor galego. Con tódalas erosións que o paso de tempo poida producir, coidamos que segue a ser unha obra fundamental. A primeira vez que oímos falar dunha braña como un ecosistema, como un complexo mundo, foi a Sobrino. Non parecía estar de boa gana dando clase, pero cando a daba era dunha precisión excepcional. Existía sobre el o mito de que era imposible copiarlle. Contábase que facía que lía o xornal mentres os alumnos escribían, e que co cigarro deixaba un furado polo que vixiaba.

Nos outros dous cursos seguintes, as ciencias naturais explicounas Hernansáez Meoro. Ademais, tivemos ocasión de asistir á clase que daba de Seguridad Social Agraria na Escola Social de Santiago. Na súa descrición biográfica non pode omitirse o lado bohemio que presidía os seus actos. Non deixaba entrar a ninguén no laboratorio do Instituto porque, practicamente, tiña tomado aquel recinto para fabricar xabón e logo vendelo, xa que os tempos non daban para máis e a bohemia do mestre obrigaba a practica-la economía somerxida nese nivel no que el era mestre.

Como durante a guerra civil tiven en Cée moita experiencia na fabricación de xabón, como outros nenos da vila, xa que a pastilla de Lagarto era artigo de luxo, puidemos colaborar en aquela furtiva tarefa, furtiva a gritos, por suposto, porque o sebo estendía as

súas pegadas moi lonxe do laboratorio, por moito que tentara sublimalos con recendos máis doces. Non sería a primeira vez que ía altera-la formalidade das ensinanzas e dos programas por cousas desta natureza. Por exemplo, cando don Antonio Ferrín, o dono da pasantía onde eu tiña que ir completa-la formación despois das clases, se decatou da miña liorta coas matemáticas, ofreceume aprender a encadernar. E dito e feito, porque, gracias a aquela ensinanza atípica, aprendín una actividade que logo me veu moi ben e que serviu para que as obras de Shakespeare da Colección Universal luciran nunha encadernación a proba de bomba. E xa non digamos da aprendizaxe de mecanografía baixo o profesorado de Mochales, o bedel maior da Universidade, aproveitando un receso cara á preparación da reválida. No mundo do futuro, a capacidade de reciclaxe profesional vai ser moi importante e non deixa de ser esta un testemuño desa facilidade para facer moitas cousas diferentes, eso si, sempre que posible fora, facéndoas o mellor posible e, en moitos casos, mellor que moitos que son monofactores.

Cando finou, en *La Noche* do día 15 de decembro de 1955, Otero Guldrís e máis eu coidamos que era necesario facer xustiza a aquela figura do agrarismo. O meu artigo titulábase "Mensaje cultural de Hernansáez. Paladín de la vida rústica" e tiña unha intención moi concreta, de xeito que o que teña de ditirámbico debido á ocasión, estaba matizado pola mensaxe intencionada que levaba dentro.

A vía do fútbol e a experiencia literaria

O Suplemento del Lunes daba idea do clima deportivo que se vivía naqueles momentos, como xa diximos en parágrafos precedentes. Ademais da literatura propiamente deportiva, como as crónicas e informacións referentes ó espectáculo, entrevistas e comentarios e reportaxes, o suplemento comenzou a incorporar algúns textos sociais ou psicolóxicos sobre o tema. Se non existía unha interrelación entre o Suplemento del Sábado e o Suplemento del Lunes, existía, en cambio, unha relación entre os colaboradores de *La Noche* e o desconcertante avance do fútbol como fenómeno de masas. J. Reboredo Casas, o 10 de outubro de 1949, publicou un artigo titulado "Psicología del fútbol", no que daba conta de algúns aspectos relacionados coa psicoloxía das masas. O 31 de outubro, Xosé del Río Sáinz publicou outro artigo, "Literatura deportiva", xa máis vencellado ó campo en que se desenvolvía, polo seu obxecto, o Suplemento del Sábado.

Os intelectuais ou persoas cultas, como podían chamarse daquela, criticaban o cine e o fútbol, e soamente tentaban de explicalos como fenómenos de masas. Moi masivo debía ser eu, porque, precisamente, se algo subliñarei co tempo foi a forma como se inseriron os dous medios no ambiente cultural da época. A literatura suspicaz ou contraria ó fútbol era moi clara. O 4 de outubro de 1948, Vicente Risco publicou un artigo titulado "Fútbol y lo demás", no que describía o estado da cuestión desde unha perspectiva da relación entre individualidade e masificación. Dun xeito moi concreto, Rabanal publicou dúas "Nebulosas" tituladas "Contra la futbología", nas que expresaba o seu pensamento sobre os excesos verbais relacionados co fútbol. No artigo, "Futbología y boligrafía", publicado o día 18 de novembro de 1950, no que criticaba á Delegación das Quinielas por rexeitar un boleto cuberto con bolígrafo, precisaba que "sabemos muy bien los enemigos de la futbología –no querer ni poder hablar más que de fútbol–...". Tamén Borobó, o día 15 de novembro de 1950, sentíase na necesidade "por una vez y sin que sirva de precedente vamos a tratar de fútbol en serio", para trazar unha emotiva semblanza de Xoán Monjardín.

Máis preocupado pola acción que pola contemplación, o fútbol ocupou un lugar fundamental desde que me iniciei no Campo de Vallecas, a carón da Fundación Fernando Blanco de Cée. Xa en Santiago, a adicación foi moi intensa, e, segundo os críticos, moi eficaz. Desde os primeiros anos de Cée, formado na liberdade da ribeira e do monte da Armada, preocupado polo fútbol como máxima inquedanza, aquel Instituto de Santiago parecía demasiado formal e demasiado convencional, como unha gaiola para un cabalo desbocado. Malamente, sen embargo, foron saíndo as materias e aprobando a trancas e barrancas nos primeiros anos, abriuse logo un camiño máis fecundo dos tres últimos anos, xa máis asentados. O profesor Covelo, auxiliar de Ciencias Naturais, dixo un día en plena clase: "Baldomero: he visto el partido: si dedica sólo una décima parte de esa energía a estudiar puede usted ser matrícula". Ós que non cren na caída do cabalo, podo asegurarlles que pode pasar, e pasou.

Pois ben: Fundamos o Club In eremo de Santiago de Compostela, que, polo que ten que ver con Rabanal, merece algunhas liñas. O *In eremo* era un excepcional equipo xuvenil que levaba o nome que figura na cartela do edificio da Compañía na rúa de Mazarelos, daquela sede do Instituto Xelmírez compostelá, viveiro de excepcionais xogadores. Como a dirección do Instituto puxera moitos atrancos para que nos revivisémo-la selección do Instituto, de tan grata memoria, e incluso chegou a negarnos as camisetas que estaban amoreadas no laboratorio, fundamos pola nosa conta o Club In eremo, vencellado ó Instituto pola cartela do lintel da porta do edificio. Era un equipo que nacía dunha rebeldía e que chegou a ser importante na historia do fútbol modesto de Santiago.

Parecía aquel *In eremo* o que hoxe podía chamarse un equipo de futbolín, tanto pola xuventude dos seus xogadores como polo trenzado do seu xogo. A Rabanal non lle pasou inadvertido o nome do equipo e estaba entusiasmado por aquela culta denominación deportiva. Tanto é así que adicou unha "Nebulosa" a glosa-lo nome do equipo. Como era daquela xefe de estudios do Instituto, aínda que non axudaron moito, polo menos miraron algúns profesores con máis simpatía a aquel equipo rebelde.

A sistematización da literatura e da historia política de Galicia

Nos anos de 1949 e 1950, non existía un tratado global da literatura galega dispoñible facilmente polo lector común. Dous colaboradores das páxinas de *La Noche*, que figuran tamén no Suplemento, déronlle sistemática a un traballo que estaba dentro dun réxime de entropía cultural. Benito Varela Jácome, cando publicou a *Historia de la Literatura Gallega*, no ano 1951, referíase ós escasos estudios de conxunto. Tamén tiña un carácter universalista, pola filiación e non pola lingua, de xeito que entraron todos aqueles que publicaron en Galicia, sen introduci-la escisión lingüística no seu método. O seu libro foi un esforzo singular de paciencia, de densidade informativa e de reducción do que antes chamamos entropía cultural ou, neste caso, entropía literaria. Desde as páxinas de *La Noche*, don Benito afiaba os detalles daquel proxecto. Publicado no ano

1951, xa pode supoñerse que estaba a facerse cando se publicaban as páxinas do Suplemento del Sábado. Como se estaba a elaborar, desde facía algúns anos, outro dos monumentos da vida galega, como é o *Diccionario bio-bibliográfico de autores gallegos*, de Antonio Couceiro, xa coñecido como "O Couceiro", sen máis adxectivos.

Tampouco existía unha adicación constante á historia política de Galicia no mundo contemporáneo ou liberal. Algunhas aportacións de singular valor de Otero Pedrayo, Pedret Casado, Chao Espina, etc., anticipaban, con criterio erudito, a necesidade dun desenvolvemento máis demorado e máis actualizado desas figuras do pensamento galego que estiveron en contacto coa vida política e cultural de Galicia. *La Revolución de Septiembre en Compostela*, publicado despois de ser entregado a Cordero Carrete catro anos antes, abría as canles para unha comprensión do ambiente ideolóxico en que se desenvolveu a vida política en Galicia. Figuras como Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Ramón de Lasagra, Xoán Vicente Viqueira, entre outros, serán entrevistos e entremirados desde aquela perspectiva ideolóxica coa que, de forma pioneira, se iniciaban estudios que aínda en moitos casos non pasaron da fase do xornalismo historicista ou do historicismo xornalístico, pero, eso si, con marchamo académico.

Benito Varela (segundo pola dereita) con Antonio Fraguas e Filgueira Valverde (á esquerda). Don Benito colaborou asiduamente en La Noche

O Suplemento dá conta da creación da Editorial Galaxia. Ata ese momento, o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos viña publicando, desde 1944, os *Cuadernos de Estudios Gallegos,* e os seus Anexos, entre os que destacaban os adicados a Fontán e a Varela de Montes. A carón do Instituto, pero con organización independente, a Sociedade dos Bibliófilos Galegos comenzou as súas actividades coa publicación da *Descripción del Reino de Galicia y de las cosas notables de él*, do P. Molina. A publicación do *Diccionario* de Couceiro, en 1951, será dabondo para que unha empresa como aquela pasara a historia da bibliografía e da cultura galegas.

Por certo que, en *Estudios de Información*, de Madrid, onde se publicou en 1965 o meu traballo "Sociología del libro regional: las colecciones y bibliotecas de Galicia", moi detallado noutros aspectos, omitiuse por inadvertencia un parágrafo sobre a Sociedade e a Biblioteca Galega que tentaba levar a cabo. Quede constancia daquel erro material, non atribuíble a ninguén máis que á máquina de escribir, e do mesmo xeito que no peirao de Ferrol estivo un guindastre castigado durante moito tempo, coa mesma lóxica podería aplicarse o conto a aquela máquina que se papou un parágrafo enteiro. Ou pode atribuírse a miña letra, terror de mecanógrafas expertas.

Co fin de estimula-las novas aportacións en distintos xéneros, a Sociedade creou uns premios. O primeiro deles fallouse o 22 de abril de 1950, na víspora do Día do Libro, por un xurado composto por Ramón Cabanillas, como presidente; vocais, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Guerra Campos, Francisco Serrano Castilla, Francisco Fernández del Riego e, como secretario, Raimundo García Domínguez. O primeiro premio correspondeu a *Xente da barreira*, novela de Ricardo Carballo Calero, que asinaba artigos no Suplemento del Sábado co nome de Fernando Cadaval, e o segundo para Xosé María Álvarez Blázquez –outro dos animadores do devandito Suplemento– pola súa novela *Habrá una cabaña en el cielo.*

O segundo premio convocado pola Sociedade fallouse o día 14 de marzo de 1951, constituíndo o xurado Abelardo Moralejo, en calidade de presidente; Manuel Rei Martínez, Xoán Armada Losada, Manuel Rabanal, como vocais, e como secretario Xosé María Álvarez Blázquez. O premio foille outorgado á traducción ó galego do Pokorny, feita por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, e o segundo levouno Iglesia Alvariño, coa súa versión do *Carmina*, de Horacio. Do libro de Pokorny dera o Suplemento del Sábado parte da súa traducción, e do contido de tales escritos revélase que a autoría do traballo, limiar incluído, corresponde a Celestino.

Cando se crea a Editorial Galaxia existía unha importante actividade orientada a enriquece-lo patrimonio bibliográfico de Galicia. Esperada con expectación nos medios culturais, axiña xogará a nova editorial un papel disgregador da galeguidade xa de por si dispersa. Usando como táctica a conspiración de silencio, instaurou teimudamente a distinción entre amigos e inimigos, seguindo a mesma liña que, aplicando criterios oficiais ben coñecidos. O gran mártir inmolado foi don Vicente Risco, sobre o que se deixou caer toda a bosta ideolóxica, aínda que moitos deles non estiveran capacitados para tira-la primeira pedra. Tamén Varela Jácome foi excluído, como se non existira no panorama das letras galegas, sendo, como é, un dos seus máis intelixentes investigadores e un dos máis agudos sistematizadores. Rodríguez Mourullo, Francisco Otero Guldrís, en certos momentos Alonso Montero, entre outros moitos, quedaron excluídos e nunca entrarán no

elenco das súas publicacións. Se me queren poñer a min entre eles, tampouco me botaría para atrás, aínda que soamente fora para que cando se tente de asegura-lo éxito da galeguidade se faga con criterios de universalidade, xenerosidade e eficacia espiritual. En "*Sociología del libro regional: las colecciones y bibliotecas de Galicia*", xa citado, facíamos unha avaliación da editorial. Volveremos sobre o tema cando faga falla.

A editorial adoptou a vía saudosista, é dicir, a vía fácil, que moitos coidamos que era unha perda de tempo, como o foi, aquela vaga literatura en tempos de treboada ideolóxica e cultural. Coa superación do franquismo chegouse sen un aparato cultural ben definido, capaz de ser desbordado por calquera campaña teimuda e orientada cara a outros principios. O resultado foi unha táctica de contemporización, que administraron moi oportunamente e á súa maneira os grupos centralistas, sen que desde Galicia fora posible ofrecer modelos federalistas, ou doutro tipo, nos que Galicia puidera ocupa-lo lugar que lle corresponde nos destinos da humanidade. Pero desde aquelas noticias do Suplemento del Sábado, ou desde aquela acollida que xenerosamente lle fixera Manuel Rabanal desde a súa "Nebulosa", non se podía escruta-lo horizonte...

Xa me gostaría ter algunhas liñas máis dispoñibles para completa-la evocación daquel Suplemento del Sábado. A sección relixiosa, co comentario do Evanxeo, revelaba unha das fontes de participación na empresa do Suplemento. A preocupación por ofrecer unha visión dunha posible pintura galega, mediante o desenvolvemento dun cuestionario elaborado por Salvador Lorenzana, era unha boa anticipación dos problemas que se presentarán algúns anos máis tarde. Non sei a influencia que puidera ter sobre min, interesado xa daquela na materia, pero algúns conceptos, aínda que puideran ser discrepantes en algúns aspectos, foron logo expostos no pomposo decálogo heterodoxo de la pintura galiciana, publicado en *La Noche*, o 30 de abril de 1954. A gran preocupación pola obra de Maside e de Pesqueira reflectirase decote desde a nosa perspectiva, na que foron pioneiros Rabanal e Borobó. Tamén a colaboración constante de Manuel López Garabal, cun artigo ilustrado ou unha ilustración comentada, axudaba a darlle variedade e enxebrismo a aquel Suplemento del Sábado. O Suplemento del Sábado, en calquera caso, e sen prexuicio dos comentarios que suscite, non cabe dúbida que foi un fito máis nesa visión dunha galeguidade sentida e presentida. Todo o demais, por suposto, é evocación, que é o que se nos pide.

Filgueira Valverde fala sobre Rosalía. Entre os asistentes ó acto, Otero Pedrayo (cuartor pola dereita)

INTRODUCCIÓN

1. Unha década de publicacións: 1940-1950

Contexto socio-cultural

É ben sabido que a superación da situación creada pola guerra civil (1936-1939) foi particularmente un proceso lento, difícil e ateigado de problemas. Houbo, en efecto, unha longa posguerra de fame e miseria, de illamento e represión, de censura e atraso cultural, de silencio e exilio, de persecución de calquera disidencia. Non se pode, polo tanto, face-la historia deste decenio sen facer referencia á guerra civil e a situación previa a esta.

A Segunda República foi unha das etapas culturais máis brillantes da historia da prensa galega. Durante estes anos apareceron en Galicia preto de douscentos xornais e, en conxunto, circularon arredor dos trescentos trinta. Proliferaban as publicacións de partidos políticos e sindicatos: anarquistas como *Mar y Tierra* (1932), e *Orientación* (1934); socialistas como *La Hora* (1931) e *La Lucha* (1932); comunistas como *Revolución* (1931) e *Tribuna* (1933); republicanas como *Galicia Federal* (1931), *La Draga* (1933), etc. Pero anotamos tamén outras nacionalistas como *Alento* (1934); relativas ó ensino como *Escuela Vivida* (1935); literario-culturais como *Cristal* (1932), *Resol* (1932) e *Yunque* (1932); relixiosas como *Monasticón* (1934); etc. Destaca no ámbito da prensa diaria, sobre todo, *El Pueblo Gallego* (1936, 2ª época), pero tamén *Vanguardia Gallega* (1931) e *El País* (1932). *Faro de Vigo* (1853) e *La Voz de Galicia* (1882), xunto con *El Pueblo Gallego,* eran as publicacións de maior difusión e, polo tanto, de maior repercusión na sociedade.

A prensa tiña un carácter educativo e formador da conciencia cívica e, polo tanto, ocupaba un lugar de relevo na situación social, política e cultural do momento. Contaba ademais co apoio do artigo 34 da nova Constitución, mediante o cal se garantía a libre emisión de ideas sen sometemento a ningún tipo de censura.

O pulo, neste período, do sentimento nacionalista incidiu tamén na prensa en diversos aspectos: a lingua, co emprego cada vez maior do galego; a temática, que xira agora principalmente arredor dos problemas e intereses de Galicia; os números extraordinarios do 25 de xullo, conmemorativos do día de Galicia. Destacan, entre outras, as colaboracións de Eduardo Blanco Amor, Roberto Blanco Torres, Castelao, Florentino L. Cuevillas, Rafael Dieste, Wenceslao Fernández Flórez, Maside, Euxenio Montes, Emilia Pardo Bazán, Ramón Otero Pedrayo, Antón Vilar Ponte, etc. Co estoupido da guerra civil a nómina de colaboradores en publicacións periódicas minguou notablemente: uns foron asasinados (Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Roberto Blanco Torres, Xaime Quintanilla, etc.), outros morreron loitando, outros tiveron que exiliarse e moitos outros, simplemente, foron apartados do seu traballo.

Durante a guerra suspendéronse unha gran parte das publicacións, ben pola súa ideoloxía (a prensa do Partigo Galeguista e dos republicanos, os órganos dos sindicatos ou partidos obreiros, etc.), ben por dificultades económicas ou polas mesmas circunstancias da contenda (a escaseza de papel, por exemplo, que levou ó control do número e extensión das publicacións periódicas e así o papel convertiuse nunha arma do Goberno para prexudicar ou beneficiar a determinados xornais). A isto temos que engadi-lo Bando do 28 de xullo de 1936 da Xunta de Defensa Nacional mediante o que todo impreso debía pasar, antes da súa publicación, pola censura previa –co conseguinte sometemento dos delictos de imprenta á xurisdicción militar– e a Lei de Prensa de abril de 1938 (que comeza do seguinte xeito: "Corresponde al Estado la organización, vigilancia y control de la Institución nacional de la prensa periódica" e continúa sinalando as tres funcións fundamentais da mesma: transmitir ó Estado as voces da Nación, comunicar á Nación as ordes e directrices do Goberno, forma-la cultura popular e crea-la conciencia colectiva), complementada pola Lei de Responsabilidades Políticas de febreiro de 1939, así como a represión exercida polas autoridades do novo réxime e a acción propagandística de Falanxe e da Igrexa. No marco deste cadro represivo viron a luz 98 xornais (dos que 37 desapareceron antes de 1939), datos que contrastan cos da época precedente. Evidentemente, as publicacións que se manteñen apoian con maior ou menor entusiasmo ás novas autoridades.

Dende 1930 Galicia é un país de poboación moi nova nun momento importante de crecemento demográfico, a pesar do alto índice de mortandade nos anos da guerra. Este crecemento chega ó seu momento cume no ano 1950, no que a poboación ascende a 2.604.000 habitantes aproximadamente. Así, pois, a década que nos ocupa (1940-1950) correspóndese cun dos maiores aumentos de poboación de Galicia, un momento álxido previo á emigración masiva cara a América (a partir de 1950 a poboación continúa crecendo, pero debido ó aludido fenómeno migratorio prodúcese unha redución da mesma, acompañada dun avellentamento progresivo).

O decenio 1940-1950, marcado tamén polas disensións internas e a propia debilidade organizativa da sociedade galega, considérase, dependendo dos historiadores, o inicio ou ben da época do culturalismo (denominación con certos tintes pexorativos) ou ben da época da resistencia. Ambos termos son válidos, pois tanto resistencia como culturalismo existiron neste momento; a diferencia está na percepción que cada un ten do que isto significa. Na resistencia débense distinguir dúas frontes: a Galicia interior ou continental e a Galicia exterior ou de alén mar. Obviamente, se ben as reivindicacións son as mesmas para ambas, non son as mesmas as posibilidades de acción.

No exterior, especialmente en Bos Aires, onde se refuxia gran parte da intelectualidade galega (Alonso Ríos, Blanco Amor, Castelao, Manuel Colmeiro, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste, Maruja Mallo, Xosé Núñez Búa, Luís Seoane, Suárez Picallo, Lorenzo Varela, entre outros), son numerosos os logros alcanzados, sobre todo ata a chegada ó poder de Perón en 1945 (a maior parte das iniciativas posteriores aparecen vía Montevideo). Créase unha Irmandade Galega (en realidade o Partido Galeguista camuflado), órgano que relanza a publicación de *A Nosa Terra*; aparecen en 1940 dúas colección de libros galegos, Dorna e Hórreo, na Editorial Emecé, gracias á mediación de Luís Seoane quen, así mesmo, é o responsable da publicación do quincenario *Correo Literario* (cando en 1942, tras diversos problemas, Arturo Cuadrado e Seoane deixan de colaborar con Emecé, este último funda a Editorial Nova –que durará ata 1948– na que destacan a colección poética Pomba e Camino de Santiago, especializada, esta última, en libros de carácter narrativo ou ensaístico); estréase *Os vellos non deben de namorarse*

en agosto de 1941. Fronte ós dous títulos editados en Galicia entre 1940 e 1945, publícanse en Arxentina dezaseis obras en galego –entre as que destaca *Sempre en Galiza* (1944) de Castelao– e vintedúas en castelán de temática galega (fundamentalmente reedicións de obras de Concepción Arenal, Rosalía de Castro, P. Feixoo, Manuel Murguía, Pardo Bazán, Sarmiento, Valle-Inclán, Benito Vicetto, etc., pero tamén orixinais de Rafael Dieste, A. Iglesia Alvariño e R. Otero Pedrayo e mesmo a traducción ó castelán dunha antoloxía do conto galego); estréase –no verán de 1947– a obra de teatro *Esfolla na eira,* de Cándido González e Antón Comesaña; Seoane, en 1948, xunto con Arturo Cuadrado, dá vida a un novo proxecto editorial, Botella al Mar; lévase a cabo a Mostra do Libro Galego (1948) que serviu para dar a coñecer ó mundo a nosa cultura literaria e nace en 1950 Edicións Galicia, da man do Centro Galego de Bos Aires.

Pero non só se facían cousas en Arxentina, tamén en México, Uruguai, Cuba, e, en menor medida, na República Dominicana e nos Estados Unidos os galegos traballaban a prol da nosa identidade, se ben nunca chegaron a alcanzar a mesma importancia. Montevideo foi escenario da constitución oficial do Consello de Galicia, que pretendía gardar, manter e defende-los dereitos de Galicia no exilio republicano. Nesta capital dábanse cita destacadas personalidades da política e da cultura galegas (Luís Tobío, Leopoldo Novoa, Alfredo Somoza, entre outros).

Por outra banda, algúns coñecidos galeguistas pasaron parte da súa etapa da emigración na Habana; é o caso de Basilio Álvarez, Alfonso Gayoso Frías, Xerardo Álvarez Gallego, Ángel Lázaro e Xosé Rubia Barcia. O labor máis destacado dos galegos instalados nesta illa foi a publicación dun bo número de revistas e boletíns. Na República Dominicana estiveron Alberto Paz y Mateos e Eugenio Granell.

Emilio González López, Xosé Rubia Barcia, Ernesto Guerra da Cal, Ramón Martínez López, César Barja, Erasmo Buceta, Agapito Rey, Souto Candeira, Ramón Iglesias Parga, Francisco Vázquez Díaz, Amado Ricón, Carlos Feal, Xan González, Antonio Carreño, Eugenio Granell e Xosé Otero Espasandín exerceron en disversas universidades dos Estados Unidos. México foi o segundo país elixido polos emigrantes galegos e alí instaláronse un bo número deles. Das personalidades alí afincadas pódese mencionar a Jesús Bal y Gay, Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo Cobelas, Luis Soto Fernández, Arturo Souto e Alejandro Campos Ramírez.

Outras manifestacións salientables son o programa "De Ribadeo a Tui" de Radio España Independiente dende 1945; o programa semanal "Recordando Galicia" emitido por Radio Ribadavia de Bos Aires en 1945; as emisións en galego da BBC de Londres entre 1947 e 1956 ou de Radio París e a audición semanal "Sempre en Galiza", emitida integramente en galego por Radio Carve (Montevideo) dende 1950. Nese ano non só desapareceu Castelao, tamén se esvaen as esperanzas do pronto retorno dos exiliados. Pódese, pois, afirmar que trala derrota republicana iníciase unha segunda idade de ouro da cultura galega na emigración, que ten lugar dun xeito autónomo, independientemente do que acontecía en Galicia.

Mentres, en Galicia as principais institucións culturais eran controladas (como a Real Academia Galega ou a Universidade) ou suprimidas (por exemplo a editorial Nós ou o Seminario de Estudos Galegos). Os galeguistas renuncian ó nacionalismo –o que levou á ruptura cos galeguistas do exilio– e centran a resistencia na recuperación do galego en tódalas súas manifestacións culturais: é o que se deu en chamar restauración cultural do país. Entre os feitos máis destacados atópanse a creación do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento (15 de febreiro de 1944); a celebración de Xogos Florais (en 1945 en Santiago de Compostela e o ano seguinte en Betanzos); a aparición en 1946 do suplemento literario de *La Región*, Índice de Lecturas, consistente en catro páxinas de información bibliográfica asinadas por diversas personalidades das letras galegas; a creación do Padroado Rosalía de Castro (1949); a constitución da editorial Bibliófilos Gallegos (1949); a aparición das colecciónsa poéticas Benito Soto (Pontevedra, 1949), impulsada por Celso Emilio Ferreiro, e Xistral (Lugo, 1949), por obra de Manuel María e Ángel Johán; a fundación de Cerámicas do Castro (1949) e a aparición de Edicións Monterrey, obra de Xosé Mª e Emilio Álvarez Blázquez xunto con Luís Viñas, e da Editorial Galaxia, unha iniciativa dos supervivintes da Xeración Nós e os escritores máis mozos (ámbalas dúas en 1950). Neste mesmo ano 1950 disólvese o Partido Galeguista. Na nosa historia literaria vénse tomando como inicio desta recuperación cultural o ano 1947, data da publicación de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño, o primeiro libro importante da posguerra escrito en galego.

No que á prensa se refire anotámo-la creación, en 1941, da Escola Oficial de Xornalismo en Madrid e a constitución da Asociación de Prensa de Santiago de Compostela (5 de decembro de 1945) e de Lugo (10 de outubro de 1948). A meirande parte das novas publicacións deste momento teñen un carácter lúdico, lonxe de calquera tipo de compromiso social. Son publicacións deportivas, relixiosas, culturais, literarias, etc. Isto non quere dicir que, de xeito clandestino e case artesanal, non se realizase outro tipo de prensa. Estes xornais e revistas recibían o nome de "propaganda ilegal", un xeito de descalificación ó que era en realidade comunicación libre. Unha característica máis deste período é a concentración dos xornais nas capitais de provincia e nos núcleos de maior poboación; así, a prensa, que antes do 36 estaba esparexida ó longo da xeografía galega, adquire un carácter predominantemente urbano.

Os novos valores literarios que constitúen o que se deu en chamar Xeración dos 50 (Anxo Tarrío), Xeración das Festas Minervais (Méndez Ferrín), Xeración de La Noche (Borobó) ou mesmo Xeración Illa Nova (Franco Grande), mestúranse cos membros de Nós e da Xeración do 36 nas páxinas destas publicacións. Así, Ramón Cabanillas, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Xosé Mª Díaz Castro, Xosé Mª Díaz Jácome, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Fabeiro, Francisco Fernández del Riego, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Filgueira Valverde, Eduardo Moreiras, Uxío Novoneyra, Manuel María, Ramón Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Luz Pozo Garza, Vicente Risco, Pura Vázquez, entre outros, conviven no ámbito da comunicación.

A censura, a uniformidade e a afinidade co réxime da maioría das publicacións (non clandestinas) desta época diminúe o valor das mesmas como documento histórico, ó tratarse dunha prensa "orientada". Mentres, na emigración, aparecen novas revistas e xornais que serven de canle expresiva ó antifranquismo; é o caso,

por exemplo, de *Abrente* (Bos Aires, 1940), *Loita* (México, 1943) e moitos outros que trataremos posteriormente.

Panorama da prensa galega (1940-1950)

Para facernos unha idea da situación existente convén citar un párrafo do artigo de Emilio Álvarez Blázquez, "O Suplemento de *La Noche*, trinta anos despois"[1], onde escribe:

«A prensa galega era, naqueles pesados tempos, un espello fendido e abafado que non daba, nin de perto nin de lonxe, a imaxen do país e somentes refrexaba a tristura de un camiño choído, que arrincaba de un fastío cotián e negador.»

Un momento escuro para Galicia no que a panorámica das publicacións periódicas estaba conformada por unha serie de títulos que clasificamos en primeiro termo polo lugar, a Galicia do interior ou do exterior (América e o territorio español), e así mesmo en tres grandes grupos, dependendo do tipo de publicación:

1) Galicia interior

a) xornais

La Noche (Santiago, 1946), *Siembra* (Vigo, 1946), *O'Meco* (O Grove, 1948) e *Hoja del Lunes* (Ourense, 1950).

b) revistas

Triunfal (Pontevedra, 1941), *El Museo de Pontevedra* (Pontevedra, 1942), *Finisterre* (Pontevedra, 1943), *Orientación económica y financiera* (A Coruña, 1943), *San Pedro de Mezonzo* (A Coruña, 1943), *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Santiago, 1944), *Foro Gallego* (A Coruña, 1944), *Numen* (Vigo, 1944), *Sonata Gallega* (Pontevedra, 1944), *Gelmírez* (Santiago, 1945), *Posío* (Ourense, 1945), *Cartel* (Vigo, 1945), *Galas* (Ferrol, 1946), *Galicia* (1946), *Galicia y su Ganadería* (Lugo, 1946), *Inquietudes* (A Coruña, 1946), *Guión* (Ferrol, 1947), *Alba* (A Coruña, 1948), *Anuario Brigantino* (Betanzos, 1948), *Mensajes de Poesía* (Vigo, 1948), *Nova Galicia* (1948), *Vamos* (Santiago, 1948), *Xistral* (Lugo, 1948), *Proa* (Ferrol, 1950) e *Tapal* (Noia, 1950).

c) outras publicacións (boletíns, semanarios, órganos murais, etc.)

Magisterio Católico Español (Ourense, 1940), *Acción Católica Femenina* (Santiago, 1941), *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* (Lugo, 1941), *Eucaristía* (A Coruña, 1941), *Boletín Diocesano de Acción Católica* (Santiago, 1942), *Archivos de Anatomía* (Santiago, 1943), *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Ourense* (Ourense, 1943), *Meta* (Vigo, 1943), *Tu Parroquia* (A Coruña, 1943), *Balón* (A Coruña, 1944), *Norte* (Viveiro, 1944), *Agro* (Pontevedra, 1945), *Campiña* (A Coruña, 1945), *Ultreya* (Santiago, 1945), *Ciudad* (Pontevedra, 1946), *Relevo* (A Coruña, 1946), *Estadio* (Ferrol, 1947), *Lealtad Gallega* (1947), *Orientación* (1947), *Quehacer* (Ourense, 1947), *Senda Guerrilleira* (1947), *Solidaridad Obrera* (1947), *Tras dos Penedos* (1947), *Combate* (1948), *Compostela* (Santiago, 1948), *Vida Guerrilleira* (1948), *La Voz de Dios* (Viveiro, 1948), *Xuntanza* (1948), *Archivo de Medicina Práctica* (A Coruña, 1949), *Castillo* (Vilalba, 1950) e *Faro* (1950).

2) Galicia exterior

a) xornais

A Nosa Terra (Bos Aires, 1941), *Patria Galega* (A Habana, 1941), *El Secante* (A Habana, 1942), *Correo Literario* (Bos Aires, 1943), *Loita* (México, 1943), *Lugo* (Bos Aires, 1943), *Diario de la Marina* (A Habana, 1944), *Nuevo Correo* (Bos Aires, 1945) e *Opinión Gallega* (Bos Aires, 1947).

b) revistas

Abrente (Bos Aires, 1940), *Lar* (A Habana, 1940), *De Mar a Mar* (Bos Aires, 1942), *Puente Caldelas* (Bos Aires, 1942), *Saudade* (México, 1942), *Centro Pontevedrés* (Bos Aires, 1943), *Finisterre* (Madrid, 1943), *Galicia* (México, 1943), *Curros Enríquez* (A Habana, 1944), *Galeuzca* (Bos Aires, 1945), *Cabalgata* (Bos Aires, 1946), *Alborada* (Barcelona, 1948), *Alborada* (Madrid, 1948), *Lareira* (Valencia, 1950), *Rianxo* (Bos Aires, 1950) e *La Vida Gallega en Cuba* (1950).

c) outras publicacións (boletíns, semanarios, órganos murais, etc.).

Boletín Galego de Información (México, 1940), *Faro Gallego* (A Habana, 1940), *Galicia* (Bos Aires, 2ª época, 1940), *Renovação* (Madrid, 1940), *El Eco de Galicia* (Montevideo, 1941), *Heraldo Ortigueirés* (A Habana, 1941), *Patria Galega* (A Habana, 1941), *El Guerrillero* (Santalla, O Bierzo, 1943), *Boletín de Propaganda de la Sociedad Unión Mugardesa* (A Habana, 1946), *Mundo Obrero* (Madrid, 1946), *Galiza* (París, 1947), *El Republicano Gallego* (1948) e *Unity Galega* (Nova York, 1946).

En Galicia, como resulta evidente tras esta nómina de títulos, a maior parte das publicacións periódicas afástanse da política (salvo os boletíns de propaganda fascista como *Relevo* ou *Quehacer*) e de calquera orientación reivindicativa ou disidente. É unha prensa fundamentalmente dedicada ó lecer –e, así, atopamos cabeceiras deportivas como *Meta, Estadio* ou *Balón*; referidas a espectáculos (*Galas, Guión, O'Meco*); culturais (*El Museo de Pontevedra, Anuario Brigantino, Cuadernos de Estudios Gallegos*, etc.) e literarias (*Triunfal, Alba, Mensajes de Poesía*, etc.), case todas elas de efémera existencia–, á relixión (*Boletín Diocesano de Acción Católica, La Voz de Dios, Eucaristía*, etc.) e mesmo a aspectos económicos (*Orientación Económica y Financiera, Galicia y su Ganadería, Agro, Campiña*) e puramente técnicos ou profesionais (*Foro Gallego, Trabajos de Farmacia, Archivos de Anatomía, Archivo de Medicina Práctica*).

Aparecen, sen embargo, na clandestinidade, algunhas publicacións de carácter antifranquista: *El Guerrillero, Galicia, Solidaridad Obrera, Orientación, Combate, Nova Galicia* e *Xuntanza*, publicacións feitas con poucos medios e que sufriron numerosas alteracións e irregularidades tanto de periodicidade como de número de páxinas, formato, etc.

No exterior son abundantes estas publicacións antifranquistas (*Abrente, Boletín Galego de Información,*

[1] Emilio Álvarez Blázquez, "O Suplemento de La Noche, trinta anos despois", en *Grial*, nº LXXI, Vigo, p. 89. Este artigo contén información puntual e de primeira man sobre o Suplemento, no que o autor tivo moi directa participación. Trátase dunha obrigada fonte de consulta.

Galeuzca, Galicia, El Guerrillero, Loita, Mundo Obrero, Patria Galega, El Republicano Gallego, Saudade e *Unidade Gallega*) ás que hai que engadir os órganos de expresión das Casas de Galicia ou Centros Galegos, onde predomina a información de carácter heteroxéneo (actividades do centro, vida social, deportes, etc.) tendendo, as máis das veces, a unha exaltación da cultura galega.

2. Estudio do Suplemento del Sábado de *La Noche*

2. 1. O Suplemento no contexto do xornal

O día 1 de febreiro de 1946 unha nova cabeceira xornalística, *La Noche*[2], tomaba o relevo de *El Compostelano*, que desaparecía nesa mesma data. O novo xornal, propiedade da Editorial Compostela como *El Correo Gallego*[3], que saía polas mañás, aparecía como "Único diario de la tarde en Galicia" baixo a dirección de José Goñi[4], que desempeñou a súa función ata 1960. Vencellado politicamente á tradición carlista – "católico, feo e tradicional", dicía del Emilio Álvarez Blázquez[5]– e de orixe basca, Goñi quería facer de *La Noche* un xornal galego, con personalidade marcada e propiamente galega, con elementos diferenciais que o distinguiran daqueles que se facían fóra de Galicia.

O selo especificamente galego do novo xornal semella explícito na ampla e significativa nómina dos seus colaboradores[6], varios deles vencellados á Universidade de Santiago de Compostela, que podemos simbolizar na ilustre figura de don Ramón Otero Pedrayo. Dende o inicio da xeira de *La Noche*, don Ramón mantivo unha sección diaria –Parladoiro– que foi a primeira e única na que se sustentou permanentemente o emprego do galego.

A preocupación pola cultura galega, e particularmente pola literatura, xorde con claridade nas páxinas culturais que dirixía don Antonio Couceiro Freijomil[7]. Nelas temos artigos de temática literaria, lingüística e artística (no medio de narracións e composicións poéticas) nas páxinas de Artes y Letras e Plumas y Letras Gallegas; en seccións como Nuestras Exclusivas ou Un Tema Gallego cada Semana; en números monográficos como os que aparecían o 25 de xullo ou no Nadal e tamén en artigos de primeira páxina e columnas –que eran seccións fixas– como as que mantiñan Manuel Rabanal (Nebulosa) ou Raimundo García Domínguez (Anacos, Cacho de Broa, Lacón con Grelos, Atlas en el Toral), que asinaba baixo os pseudónimos Borobó ou Julio Sierra.

Mención especial merece a temperá e asidua presencia de Francisco Fernández del Riego naquelas páxinas –culturais e galegas– que logo ía enriquecer coas do Suplemento del Sábado (1949-1950), no que tivo responsabilidades de dirección[8]. Fernández del Riego, que en 1946 vivía en Vigo, comentara algún estudio de Camilo Barcia Trelles, catedrático de Dereito Internacional da Universidade de Santiago. Foi a intermediación deste profesor a que posibilitou que José Goñi o invitara a colaborar en *La Noche*, onde xa en abril de 1946 atopamos as súas primeiras achegas. Pero aínda que os seus artigos apareceron (case sempre baixo o seu ben coñecido pseudónimo de Salvador Lorenzana) en seccións como Caleidoscopio Gallego, Nuestras Exclusivas, Con Pluma Ajena ou nas páxinas de Artes y Letras ou Plumas y Letras Gallegas, sen dúbida foi a sección Un tema Gallego cada Semana, creada polo propio Fernández del Riego, a súa máis característica canle de manifestación.

Entre 1946 e 1949, publicou arredor de cen amplos traballos na sección Un Tema Gallego cada Semana, once deles en galego. Practicamente ningún tema ou problema cultural carece alí de tratamento. Figuras consagradas como as de Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Benito Vicetto, López Ferreiro, o padre Feijoo, Eduardo Pondal, Vicente Risco ou Martínez Salazar; poetas como Manuel Antonio, García Lorca, Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel ou Amado Carballo e, ó seu carón, un amplo grupo de pintores (Laxeiro, Colmeiro, Prego de Oliver, Luís Seoane, Suárez Llanos, e moitos outros) foron rescatados, valorados e analizados unha e outra vez polo escritor, que en realidade, ollada en panorámica a totalidade dos seus artigos, fixo todo un percorrido pola literatura galega dende os trobadores medievais ata os poetas mozos que xurdían a finais da década de 1940, así como pola nosa pitura contemporánea.

Trazou Fernández del Riego longas análises por xéneros (lírica, dramática, narrativa), elaborou resumes da producción cultural e literaria anual e aínda tivo ocasión de abordar terreos como os da lexislación, etnografía, bibliografía, biografía, situación editorial, temas e figuras históricas, música, xeografía, arquitectura e lingüística. O resultado é toda unha praxe de galeguismo cultural que asombra pola súa amplitude e diversi-

---

2 Ó parecer a cabeceira escollida para o novo xornal era *La Tarde*, pero como era propiedade da empresa que tiraba *El Pueblo Gallego* tiveron que cambiala por *La Noche*, que deu acollida a parte dos colaboradores do xornal vigués de Portela Valladares, incautado en 1936 pola Prensa del Movimiento.

3 Para o coñecemento da historia e a traxectoria de *El Correo Gallego*, con numerosas referencias a *La Noche*, véxase agora o libro de Xavier Navaza, *El Correo Gallego: doce décadas de periodismo en Galicia*, Santiago de Compostela: ed. Compostela, 1996. Sobre o mesmo xornal pódese consultar tamén (aínda que o seu interese é moi relativo) o libro de Luis Blanco Vila, *El Correo Gallego: cien años de aportación a la historia (1878-1978)*, Santiago de Compostela: ed. Compostela, 1978.

4 José Goñi mercara *El Compostelano* (que estaba en moi difícil situación económica) a finais de 1945, en condicións moi ventaxosas. En palabras de Borobó, "a loucura de maior trascendencia de José Goñi foi a fundación de *La Noche*". (Vx. Borobó, "Memorial de Trevonzos", en *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, p. 23).

5 Emilio Álvarez Blázquez, art. cit. pp. 89.

6 Ademais de colaboradores de *El Pueblo Gallego*, contou con profesores da Universidade, cóengos e figuras ilustres instaladas en Santiago de Compostela como don Ramón Mª Aller. A nómina daqueles colaboradores, incrementada co paso do tempo, pódese consultar en *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*, op. cit., na "Introducción", pp. 83-87.

7 Dirixía a páxina de Artes y Letras, da que andando o tempo se farían cargo José Landeira Yrago e Borobó. Este último incorporouse como redactor á *La Noche* en xaneiro de 1947, aínda que con anterioridade enviaba dende Madrid os seus "Anacos".

8 Francisco Fernández del Riego considera o Suplemento que el mesmo dirixiu como unha das primeiras manifestacións de recuperación da cultura galega "en anos de mesta oscuridade". Tentaban aquelas páxinas "pór en vixencia un documento vivo que acusase a presencia, a inquietude, do ser galego... pór ó descuberto as esencias do país, das súas cualidades, ostensibles ou recónditas". (Francisco Fernández del Riego, *A xeración Galaxia*, Vigo: Ed. Galaxia, 1996, p. 13-20).

dade, que está centrada en Galicia (ou na súa visión dende fóra) e que constitúe unha proposta e un estímulo para a recuperación da identidade cultural, espiritual e idiomática galega. Neste senso Francisco Fernández del Riego non agacha a súa actitude crítica perante un presente problemático e insatisfactorio, anima ós novos escritores e artistas a continuar polos vieiros especificamente galegos do sentimento da terra e da fala e denuncia actitudes de arredismo e afastamento, situacións de precariedade e carencia que impiden a recuperación cultural. Unha delas era a inexistencia dunha editorial galega[9] forte e ben organizada como soporte do labor intelectual nos seus máis variados ámbitos. Non está de máis reiterar que nalgúns artigos[10] publicados por el en *La Noche* está o precedente da fundación –pouco tempo despois– da Editorial Galaxia[11].

Coa perspectiva de medio século que hoxe temos podemos tentar unha valoración de conxunto do que no terreo cultural supuxo o período 1946-1949, certamente pouco coñecido[12], da andaina de *La Noche*. Esta valoración pódese sintetizar nos seguintes puntos:

a) A amplitude que os temas culturais (con evidente predominio da creación e crítica literaria) tivo en *La Noche* contrasta fortemente coa pobreza que, naqueles anos, amosaban os restantes xornais de Galicia e do resto de España. Lémbrese ó respecto a nota publicada na revista *Ínsula* e reproducida parcialmente no Suplemento del Sábado de *La Noche*.

b) No que se refire ó idioma, o emprego do galego estaba, en boa medida, fortemente limitado pola consideración (ou desconsideración) que as autoridades do réxime tiveran de cada quen. Isto condicionou, aínda que en diferente medida, as actitudes individuais. Semella evidente que as colaboracións en galego estaban restrinxidas e que a censura era máis permisiva co verso que coa prosa, coa reprodución de textos xa publicados que cos de nova producción, tendo ademais en conta a temática. O recurso –tan frecuente– ó pseudónimo[13] podía ser unha obriga ou unha cautela. Malia moitos atrancos, Otero Pedrayo[14], Xosé Ramón y Fernández-Oxea, Manuel Beiras[15] (sempre baixo o pseudónimo Eubensei) e, con moita menos frecuencia, Ánxel Fole, Francisco Fernández del Riego (como Salvador Lorenzana), Xosé Filgueira Valverde e Evaristo Correa Calderón contribuíron á escasísima presencia da prosa en galego. Pero só as achegas dos tres primeiros e, en menor grao, as de Fernández del Riego, teñen unha certa entidade.

Fernández del Riego escribiu centos de artigos para La Noche *e dirixiu o seu Suplemento*

c) No eido da lírica o emprego do galego é moi superior. Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Fabeiro, Pura Vázquez, Álvaro Cunqueiro, Herminia Fariña, Mª do Carme Kruckenberg, Antonio Noriega Varela, Manuel María ou Emilio Álvarez Blázquez figuran entre os poetas que, en máis dunha ocasión

---

9 Sobre este problema vx. os artigos de Francisco Fernández del Riego "La cuestión editorial y el cultivo del idioma" (30-IV-1947) e "La cuestión editorial en Galicia" (4-XI-1949), publicados nas páxinas de *La Noche*.

10 Moi concretamente no citado "La cuestión editorial en Galicia" (4-XI-1949), no que se lembra a tradición editorial de Lar e Nós e se reclama unha empresa editorial galega forte e moderna como única canle do desenvolvemento cultural propiamente galego.

11 Vx. ó respecto o artigo de Borobó "La futura editorial Galaxia" (22-XI-1949), onde se fala do "lírico negocio" creado por "un grupo de intelectuales y juristas vigueses" e se explicita o seu plan de publicacións así como o lanzamento de cincocentas accións para establecer o capital fundacional da sociedade. En máis dunha ocasión Xaime Illa Couto e Francisco Fernández del Riego, entre outros, teñen falado do Suplemento de *La Noche* como un primeiro paso do que logo serían empresas máis cobizosas, fundamentalmente a creación da Editorial Galaxia.

12 Esta primeira xeira do xornal na década de 1940 está omitida por Xosé Luís Franco Grande no seu libro *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*, 1985, que só se ocupa da seguinte década da andaina do xornal compostelán, protagonizada literariamente pola nova xeración de mozos universitarios (Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Manuel Beiras, Ramón Lugrís, Xosé Manuel López Nogueira, Manuel Vidán Torreira, Gustavo Docampo, Bernardino Graña ou Xosé Fernández Ferreiro, entre outros), manifestados na sección Letras Estudiantiles. Méndez Ferrín sitúa *La Noche* como ámbito no que os mozos da súa xeración estrean a súa vida literaria (Vx. Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Ed. Xerais, 1984, p. 260 e ss.).

13 Foron numerosos os escritores que asinaron os seus artigos baixo pseudónimo. Algúns deles (Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Manuel Fabeiro, Celso Emilio Ferreiro, José Landeira Yrago, Emilio Álvarez Blázquez, etc.) alternaron o emprego do pseudónimo co do seu nome e apelidos. Ricardo Carballo Calero, Manuel Beiras e Francisco Fernández del Riego só compareceron baixo pseudónimo. Ramón Otero Pedrayo e Raimundo García Domínguez utilizaron varios.

14 Coas súas protestas, o sector máis reaccionario da sociedade santiaguesa presionou a José Goñi para que suprimira o "Parladoiro" de Ramón Otero Pedrayo, feito ó que coadxuvou a morte do linotipista Couceiro, que era –ó dicir de Borobó– o único capaz de descifrar a letra de don Ramón. Este espisodio da suspensión da serie está tratado por Borobó no seu "Memorial de Trevonzos", en *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*, pp. 25-27.

15 Manuel Beiras García asinaba co pseudónimo Juan de la Calle en *El Correo Gallego*, onde trataba, en castelán, asuntos de carácter local santiagués. Como Eubensei escribía para *La Noche* os seus artigos en galego.

Filgueira Valverde nunha das súas moitas conferencias. Á súa esquerda, Dámaso Alonso. Filgueira tratou en La Noche *temas de literatura e arte*

publicaron os seus poemas galegos[16]. Pero a súa presencia é moi inferior á que tiveron poetas do século XIX ou aqueles desaparecidos antes de 1946[17].

d) En conxunto, as páxinas e seccións literarias miran máis ó pasado que ó presente. Entre a morea de autores do século XIX lembrados ou homenaxeados, salientan aqueles que fixeron contribucións á poesía festiva[18] (temos moi numerosos epigramas), relixiosa ou verquida no canto á terra. Existe un ben perceptible predomino dos escritores pertencentes ás xeracións anteriores á guerra civil (Nós está representada por Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas) e unha cativa representación dos mozos que iniciaban o seu quefacer despois da contenda. Manuel María, José A. Valente, Xosé Mª e Emilio Álvarez Blázquez, Luz Pozo, Mª do Carme Kruckenberg ou Pura Vázquez integran o grupo dos máis novos.

e) Non deixa de chama-la atención o espacio dedicado ós pintores galegos. Neste senso nos artigos de Manuel Rabanal, Borobó, José de Castro Arines, Filgueira Valverde, Ánxel Fole, Emilio Álvarez Negreira, Eduardo Moreiras, Miguel Ramón Pola, Jesús Rey Alvite, Vicente Risco, Manuel Roldán, Xulio Sigüenza, Luis Trabazo, Manuel Blanco Tobío, José Luis Bugallal, Manuel Beiras García e o xa mencionado Francisco Fernández del Riego (ademais de notas e entrevistas que aparecen sen sinatura) analízanse ben a obra de pintores xa de sona naqueles anos, ben exposicións puntuais dos que comezaban o seu labor. A aposta pola modernidade é, neste terreo da pintura, de moita máis importancia que a que se fixo no terreo literario. É obvio que a universalidade da linguaxe pictórica evitaba moitos problemas coa censura, problemas que padecían os escritores, orfos ademais de calquera empresa editorial que favorecera a creación en galego.

O resultado foi, en calquera caso, unha morea de artigos nos que se repasaba a situación da pintura galega naqueles anos, estudiábase a significación dos nomes que xa obtiveran recoñecemento e éxito e dábase conta do traballo dos máis novos. Fernando Álvarez de Sotomayor, Luís Seoane, Laxeiro, Colmeiro, Germán Taibo, Isaac Díaz Pardo, Maruxa Mallo, Manuel Prego de Oliver, Rafael Alonso, Méndez Pena, Juan Luis, Suárez Llanos, Urbano Lugrís, Marcelino Santamaría, Xesús Corredoira, Enrique Vidal Abascal, Manuel Abelenda, Seijo Rubio, Palmeiro ou Manuel López Garabal son algúns dos nosos pintores máis presentes nas páxinas culturais de *La Noche*.

f) Non tiveron culpa os responsables das páxinas culturais do xornal da pouca significación da crítica literaria, entendida como análise e valoración das obras de creación que viran a luz naqueles anos 1946-1949. Esa crítica, con algunha excepción como a que suscitou a obra de Aquilino Iglesia Alvariño[19], non puido atender unha producción literaria galega case absolutamente inexistente[20]. Nin se publicaban libros en galego nin era doado atopar ningún libro[21] na nosa lingua.

Con certa frecuencia os colaboradores que se dedicaban ó estudio dos escritores e ó comentario das súas obras (Francisco Fernández del Riego, Benito Varela Jácome, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Ricardo Carballo Calero, Celso Collazo Lema, Antonio Couceiro Freijomil, Enrique Chao Espina, Teófilo G. Calatrava, Ánxel Johán, José Landeira Yrago, Eduardo Moreiras, Manuel Rabanal, Vicente Risco ou Borobó), no mellor dos casos volvían os ollos ás figuras do pasado recente, algunhas delas aínda vivas e outras desaparecidas ou silenciadas (Valentín Lamas Carvajal, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Noriega Varela, Augusto Mª Casas, Rafael Dieste, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Luís Pimentel, Dictinio de Castillo-Elejabeytia, Samuel Eiján Lorenzo e algún outro), pero con moita máis

---

16 Algúns deles apareceron tamén en revistas daqueles anos como *Posío, Sonata Gallega, Gelmírez, Xistral* ou *Alba*. Os citados poetas (con algunha excepción como Manuel María) publicaron tamén poemas en castelán.

17 Entre eles, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Victoriano Taibo, Manuel Astray Rivas, José Mª Castaño, Antonio Mª de la Iglesia, Enrique Labarta Pose, Manuel Antonio, José Moar Vázquez, Heraclio Pérez Placer, Juan Manuel Pintos, Juan Antonio Saco y Arce e Marcial Valladares Núñez.

18 Na liña da poesía epigramática temos a Enrique Labarta Pose, Manuel Martínez González, Francisco Añón, Xosé Pérez Ballesteros, Marcial Valladares Núñez e Xavier Valcarce Ocampo.

19 A publicación de *Cómaros verdes* (1947) non pasou desapercibida nas páxinas de *La Noche*. Do poemario de Aquilino Iglesia Alvariño, e da súa obra poética anterior, ocupáronse Manuel Rabanal, Borobó, Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro.

20 É ben coñecida a práctica inexistencia de obras de creación literaria en galego na primeira década da posguerra: *Brétemas Mariñás* (1946), de Celestino Luis Crespo; *Cómaros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño; *Camiños no tempo* (1949), de Ramón Cabanillas e *Poemas de ti e de min* (1949), de Emilio e Xosé Mª Álvarez Blázquez, son excepcións nun panorama ermo, baleiro.

21 Daquela situación é ben significativo o artigo de Juan de Vigo, "En las librerías de Galicia es casi imposible encontrar un libro escrito en gallego" (15-V-1947).

asiduidade apareceron tratados os autores do século XIX e non faltaron tampouco referencias á lírica medieval. Necrolóxicas, centenarios, aniversarios eran aproveitados para revisar e rescatar autores e obras.

Unha moi estimable parte das colaboracións literarias estaban dedicadas a escritores galegos de expresión castelá (dende o padre Feijóo ata C. J. Cela, pasando por Emilia Pardo Bazán, Nicomedes Pastor Díaz, Benito Vicetto, Aurelio Aguirre, Carlos Martínez Barbeito, Feliciano Rolán, Wenceslao Fernández Flórez, Xosé Mª Castroviejo, Juan Bautista Andrade) sen que estiveran ausentes os achegamentos ós que, sen ser galegos, se preocuparan por Galicia ou se inspiraron nela ou escribiron algo en galego (J. R. Jiménez, Azorín, Tirso de Molina, Federico García Lorca, Gerardo Diego). Consignemos tamén as notas que daban conta da aparición dos sucesivos números de revistas como *Alba, Posío, Gelmírez, Sonata Gallega, Cuadernos de Estudios Gallegos, Galicia Literaria* ou *Vida Gallega*; da actividade e publicacións da Editorial de Bibliófilos Gallegos[22], do Padroado Rosalía de Castro[23], da Real Academia Gallega[24] e do Instituto Padre Sarmiento, da aparición da colección Benito Soto[25] de poesía ou do proxecto do Instituto Padre Sarmiento de publicar unha Historia de Galicia.

g) A problemática da lingua –implícita na literatura, da que é fundamento– dificilmente podía ser obxecto de tratamento nun xornal daqueles anos en Galicia. Malia as circunstancias, publicáronse artigos arredor da cuestión da autoría de Manuel Beiras García, Ricardo Carballo Calero, Antonio Couceiro Freijomil, Manuel Rabanal e Francisco Fernández del Riego. Anotemos, como curiosidade, a atención á xerga do "barallete"[26]. Pero, en xeral, as achegas de temática lingüística eran de carácter erudito[27], sobre elementos puntuais da gramática ou do léxico, sobre a ausencia de textos normativos e as diverxencias na fala. O problema máis tratado foi a da urxente necesidade dun axeitado diccionario[28], o que motivou enquisas, entrevistas e notas diversas.

Malia a morea de problemas, atrancos e limitacións, *La Noche* –"o primeiro xornal que despois da guerra prendeu na problemática do país", en palabras de Illa Couto[29]– tivo un papel protagónico e pioneiro na volta ó emprego da nosa lingua e na apertura de espacio para o tratamento de temática cultural galega. Na segunda metade da década 1940-1950 foron as páxinas deste xornal o testemuño máis importante do incipiente proceso de recuperación cultural de Galicia. Para o coñecemento directo da nosa vida cultural, desenvolvida naqueles tempos "baixo unha abafante bóveda de silencio", *La Noche* é de imprescindible consulta.

Como fundamental epílogo do esforzo de restauración cultural, e no contexto que rematamos de deseñar moi en síntese, xorde, no último trimestre de 1949, o Suplemento del Sábado, co propósito de "amosar a vida espiritual e material de Galicia, interpretada polas mellores plumas galegas de aquel momento"[30].

Cando aparece o nº 1 do Suplemento del Sábado (15-X-1949) en *La Noche* eran habituais as seccións Nebulosa (de Manuel Rabanal) e Atlas en el Toral (de Borobó), ámbalas dúas na cuarta páxina. Variables, no que atangue a súa situación, eran outras dúas, tamén fixas e diarias: En Galicia, tal Día como Hoy (de Couceiro Freijomil) e 3 Diálogos a Simple Vista (sen sinatura). A páxina de Artes y Letras, que aparecía os xoves (sección fixa nela era Un Tema Gallego cada Semana) e facía que o xornal tirara seis páxinas no canto das catro habituais, desapareceu cando o Suplemento comezou a súa andaina. Os artigos de primeira páxina, de temática cultural, estaban asinados por Fernández del Riego, Otero Pedrayo, Chamoso Lamas, Xosé Ramón y Fernández-Ojea ou Eubensei, estes dous últimos manifféstanse sempre en galego. Na segunda páxina era diaria a sección Síntesis de la Prensa Gallega. Os luns aparecía o amplo Suplemento Deportivo, de oito páxinas.

2.2. Xénese e datos externos: os erros na numeración. Notas editoriais

No seu número 8.856 correspondente ó mércores, 12 de outubro de 1949, o xornal compostelán *La Noche* publicaba en primeira páxina, sen sinatura, a seguinte nota baixo o título "Nuestro Suplemento semanal de los sábados":

"A partir del próximo sábado, *La Noche* publicará semanalmente un Suplemento de ocho páginas dedicado integramente a la vida económica y cultural de Galicia. La industria y el comercio del país, como su arte y su literatura, han de tener en este Suplemento de *La Noche* eco fiel y profuso. Un selecto núcleo de cola-

---

22 Sobre a súa fundación e constitución temos datos precisos nas notas –sen sinatura– "La Editorial de Bibliófilos Gallegos" (6-IV-1948), "Hacia la constitución de la Editorial de los Bibliófilos Gallegos" (14-VIII-1948), "Reunión del Consejo de Administración de la sociedad de los Bibliófilos Gallegos" (4-VIII-1949) e "Tres libros a la vista. Primeras publicaciones de la Editorial de Bibliófilos Gallegos" (2-I-1950).

23 Ademais de numerosos artigos sobre a vida e a obra literaria de Rosalía, a constitución do Padroado que leva o seu nome e algunhas actividades do mesmo foron obxecto de notas de actualidade –tamén sen sinatura– como "Quedó constituido en Santiago el Padroado Rosalía de Castro" (1-XI-1948), "La Víspera del Apóstol se constituirá el Padroado Rosalía de Castro" (15-VII-1949), "Padroado Rosalía de Castro" (23-VII-1949) e outras posteriores. Información máis ampla ó respecto pódese atopar no xa citado *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*, no "Índice Xeral", pp. 469-560.

24 Vx. ó respecto o amplo e documentado artigo de Antonio Muiño Loureda: "Pasado y presente de la Real Academia Gallega" (28-VII-1947).

25 Vx. o artigo de Julio Sierra, "La colección del pirata" (19-VII-1949), na súa habitual sección Atlas en el Toral.

26 Vx. José Ramón y Fernández-Ojea, "Encol do barallete" (28-V-1947) e Borobó, "Benchosei habla del barallete" (28-IV-1947) e "En col do barallete" (14-VI-1947).

27 Sobre a situación lingüística insistiron Francisco Fernández del Riego, Manuel Beiras, Ricardo Carballo Calero, Xosé Ramón y Fernández-Ojea e Manuel Rabanal; este último, particularmente, nunha serie de cinco artigos –"Hacia el estudio del gallego"– publicada entre o 17-XI-1949 e o 23-XI-1949, así como noutras colaboracións da súa sección Nebulosa.

28 Ademais dos artigos de Eubensei, "O noso diccionario" (30-VIII-1949) e "Do Diccionario: outra volta e unha revolta" (28-X-1949), en *La Noche* apareceu (entre o 29-IX-1949 e o 30-XII-1949) unha enquisa baixo a pregunta xeral "¿Estima usted necesaria la publicación de un nuevo Diccionario gallego?". Entre os consultados estaban Paulino Pedret Casado, Antonio Couceiro Freijomil, Vicente García de Diego, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisco Javier Sánchez Cantón, Ramón Cabanillas, Dámaso Alonso e Armando Cotarelo Valledor.

29 Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de galegos*, Vigo: Galaxia, 1982, p. 179.

30 Francisco Fernández del Riego, op. cit. p. 26.

boradores diseminados por todo el país han de participar en este nuevo Suplemento de *La Noche*.

La Noche, que tan cordial y entusiasta acogida encontró desde sus primeros tiempos en toda la región y en las colonias gallegas esparcidas a lo ancho del mundo, aspira ambiciosamente a corresponder a ella siendo cada día más y mejor el portavoz de la tierra para quienes en ella viven y para aquellos que desde lejos la añoran".

Efectivamente, o sábado seguinte, 15 de outubro de 1946, aparecía o nº 1 de *La Noche. Suplemento del Sábado*, en pregos en forma de caderno que ían entre as páxinas do xornal, cun prezo de 50 cts. Na orixe deserta nova publicación está, unha vez máis, a figura de José Goñi e a súa constante preocupación pola cultura galega. O mes anterior á saída do Suplemento, mantivera José Goñi en Santiago de Compostela unha xuntanza con Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto da que saíu o novo proxecto no que se ofrecía "a posibilidade de dedicar unhas páxinas a Galicia, na edición dos sábados, facendo as cousas con xeito e a modiño"[31], ó dicir de Emilio Álvarez Blázquez. Á citada xuntanza asistiron tamén, con José Goñi, José Landeira Yrago e Raimundo García Domínguez, "Borobó", que xa daquela xogaban un papel de relevo en *La Noche*.

Non imos reiterar aquí datos e observacións das que xa Francisco Fernández del Riego se ocupaba na súa "Breve historia do Suplemento" que figura na sección de Presentacións deste libro. Si cómpre deixar constancia de que o Suplemento, aínda que era unha publicación dun xornal de Santiago de Compostela, se dirixía e confeccionaba en Vigo, cidade na que *La Noche* tiña aberta unha Delegación na rúa do Príncipe. Lémbrese que por aquelas datas de 1949 estaban a ter lugar as xuntanzas preparatorias, nos baixos do Hotel Compostela de Santiago, doutra fundamental empresa da nosa cultura, a fundación da Editorial Galaxia.

A ritualidade informal que é característica da confección dunhas páxinas como, neste caso, as do Suplemento, tiña lugar na taberna do Hotel Alameda, en Vigo, e os oficiantes eran Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto, Celso Collazo e Emilio Álvarez Blázquez. A configuración das páxinas non experimentou outras variacións que non foran a sucesiva incorporación de colaboradores e a aparición dalgunhas novas seccións e columnas. Pódese afirmar que a identidade do Suplemento non sufriu alteracións de importancia, nin de forma nin de contido. Tampouco se deron graves problemas de censura, agás o que determinou, a finais de xaneiro de 1950, a suspensión da publicación polas notas e artigos de exaltación e lembranza de Castelao (no Suplemento do 14 de xaneiro de 1950) co gallo da súa morte en Bos Aires o día 7 de xaneiro daquel mesmo ano.

Non é ben coñecida a aventura, a experiencia cultural que supuxo naqueles tempos o Suplemento del Sábado de *La Noche*. A única insatisfacción foi a súa curta andaina. Polo demais, sen dúbida representou a primeira e significativa presencia cultural de signo galego nun xornal de Galicia e a primeira iniciativa desas características digna de lembranza. Co paso do tempo, Emilio Álvarez Blázquez ía evocala como "aquel ensaio galeguista e galeguizante... no ermo ríspido, murcho e crudel dunha posguerra incivil... nunha Galicia pechada, calada, muda e xorda"[32].

Adiantamos xa no epígrafe deste apartado uns erros na numeración[33] das entregas do Suplemento, feito que posúe importancia na medida en que pode inducir a equivocacións á hora de cita-los números e mesmo na consideración da totalidade dos mesmos.

Eses erros consisten no seguinte. O nº 12 (31-XII-1949) dá paso ó 14 (7-I-1950), despois vólvese ó 13 (14-I-1950) e logo repítese o 14 (21-I-50) para rematar no 15 (28-I-1950), que, sorprendentemente, aparece datado en 1949. Estes erros de numeración e datación semellan máis evidentes a partir do seguinte gráfico:

ONDE APARECE	DEBERA APARECER
nº 14 (7-I-1950)	nº 13 (7-I-1950)
nº 13 (14-I-1950)	nº 14 (14-I-1950)
nº 14 (21-I-1950)	nº 15 (21-I-1950)
nº 15 (28-I-1949)	nº 16 (28-I-1950)

Mantivo o Suplemento a periodicidade semanal. As oito páxinas só sufriron alteración no caso do aviso[34] do nº 3 (29-X-1949), no que o formato das páxinas habituais do xornal (53x40 cm) está reducido ó das que tiñan as do Suplemento (39x27cm). Excepcionalmente, xornal e Suplemento constitúen unha unidade, e aínda o primeiro vai inserto no segundo. A numeración das páxinas é correlativa. Presentado –como dixemos– como caderno incorporado ás páxinas do xornal os sábados, non facía mención nin de dirección nin de redactores responsables ou colaboradores. Impreso a unha tinta, leva a veces titulares en vermello e algúns textos en cor azul. Abrangue un total de 16 números publicados dende o 15 de outubro de 1949 ata o 28 de xaneiro de 1950.

Temos nas páxinas do Suplemento algunhas notas editoriais (en castelán e sen sinatura) que podemos interpretar como textos programáticos, declaracións de intencións ou posicionamentos dos responsables da publicación (ou do xornal) diante de certos acontecementos.

Foi Illa Couto o encargado de redacta-lo texto[35] de presentación –"Guión"– que apareceu en primeira

---

31 Emilio Álvarez Blázquez, art. cit, p. 89. Ademais deste fundamental artigo, as poucas referencias ó Suplemento que coñecemos, están espalladas polos traballos de Borobó, Xaime Illa Couto e Francisco Fernández del Riego que figuran referidos en notas anteriores destas páxinas.

32 Ibíd. p. 89.

33 Non repara no erro César Antonio Molina, que fala das "quince entregas" do Suplemento e aínda do Suplemento de Artes y Letras, que apareceu no mesmo xornal en 1952 pero que nada ten que ver co Suplemento del Sábado do que estamos a tratar e, polo tanto, non é "Última etapa" do mesmo nin moito menos. (Vx. César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Xerais, 1989; pp. 529-535).

34 Di textualmente: "Las cuatro páginas finales contienen el número de *La Noche* correspondiente al día de hoy", que é claramente indicativo da fusión do Suplemento e o número habitual do xornal.

35 Máis explícita e sintética é a nota que publica o xornal no número correspondente ó venres, 14-X-1949: "*La Noche* publicará semanalmente su Suplemento Económico y Cultural de Galicia, 8 páginas de interesantísimo contenido, la vida espiritual y material del país reflejada por las mejores plumas gallegas".

páxina do nº 1 (15-X-1949) da publicación. Non é un escrito excesivamente preciso nin esixente, quizais porque non podía selo. O seu eixe é a constante referencia a Galicia, "occidental rincón de la vieja Europa". Neste senso, o Suplemento aspira a rexistrar "la presencia, la inquietud y el asombro de vivir" da xente galega e, así, enche-lo baleiro que existía ó respecto. Rexistra-la presencia e as inquietudes da xente conleva expresa-la súa "sensibilidade genuina, en su variedad y universalidad fecunda" e dar conta dos "problemas básicos" da súa existencia. En definitiva, "descubrirnos a nosotros mismos, descubriendo a Galicia".

Pero con finalidade máis directa e inmediata xorde o devezo de axitar, espertar, dar vida ó panorama do cotián, constituírse en "índice de preocupaciones vitales y económicas, guión de los valores del espíritu". Vida –existencia–, economía e espírito[36] (referidos sempre a Galicia) son termos ben claros e ilustrativos de que non estamos diante dunha publicación literaria nin cultural sen máis, senón diante dunhas páxinas heteroxéneas e multidisciplinares nas que a carón de fragmentos do Evanxeo traducidos ó galego aparecen colaboracións sobre o aforro, o comercio ou a pesca; xunto a traduccións de poetas franceses ou norteamericanos, traballos sobre pintores galegos e comentarios festivos da vida cotiá; á beira de traballos ensaísticos ou amplos estudios, notas sucintas e puntuais encol do que era actualidade na máis variada dimensión.

Engadamos, finalmente, unha chamada á unidade, á formación e consolidación dun grupo coherente de galegos consciente da súa condición con independencia do lugar no que vivan.

Como expresión ideolóxica do grupo que dirixía e confeccionaba as páxinas temos que interpretar a nota –"Morreu o grande artista"– que, agachada na penúltima páxina do nº 13 (14-I-1950) e asinada por L. constitúe unha homenaxe a Castelao[37] ("o grande artista"), que sen embargo non aparece citado directamente por precaución. Castelao, que morrera unha semana antes, xorde aludido con claridade, no referido número do Suplemento, no artigo de primeira páxina, da autoría de Valentín Paz Andrade, "Castelao, el hombre y el artista", no que as notas elexíacas da necrolóxica, completadas por observacións sobre a súa obra artística e literaria, deixan paso á exaltación do home que soubo vivir por e para Galicia, amala fondamente e retratala na súa obra.

O ton xeral do artigo e certas alusións como a "mutilación moral del extrañamiento" (en evidente referencia ó exilio), a "vida gloriosa, extraordinaria" e aínda á "proyección política" non pasaron inadvertidos á censura. Tampouco á dirección do xornal, que na mesma páxina e a carón do artigo, insertaba, como medida cautelar ou precautoria, unha nota, "Desde nuestro lado. Ancha es España", que fai profesión de fe política e relixiosa de acordo co réxime, para a continuación asumir, "pasada la hora de la discordia", unha posición conciliadora, aberta a heterodoxos e "confundidos... del otro lado", Castelao entre eles, valorado como home que "neutralizaba las pasiones de los gallegos" daquel "otro lado".

Mais esta estratexia non abondou para impedir a reacción da censura, que decretou por "oficio de la Superioridad" a desaparición do Suplemento, aínda que este continuase con dous números máis ata finais de xaneiro.

Puro paradoxo é que no derradeiro número aparecera outra nota, "La prensa y las páginas literarias" (28-I-1950) que gababa a atención ós "problemas literarios" por parte de *La Noche*, valorando a súa contribución como "esfuerzo paradigmático" que "no tiene paralelo en ningún otro diario español". A continuación reproduce a opinión da coñecida e prestixiosa revista madrileña *Ínsula* sobre a mesma cuestión. Pero esta nota, que constitúe unha implícita defensa do Suplemento, sen dúbida chegou tarde e non foi suficiente para evita-la súa definitiva suspensión.

2.3. Colaboradores

Xa deixamos constancia do papel fundamental que desenvolveron na orixe, fundación e dirección do Suplemento tanto Francisco Fernández del Riego como Xaime Illa. Engadíronse logo Emilio Álvarez Blázquez e Celso Collazo á "plantilla fixa" das páxinas. As reunións tiñan lugar na referida taberna do Hotel Alameda, pero tamén noutros locais como o Café Derby, o Café Suevia ou o Club Alberi. Acudían tamén Plácido Castro e Ánxel Sevillano.

A configuración das páxinas foi da responsabilidade de Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto; o primeiro dirixía, gobernaba todo "dende o principio o cabo". Facía todo tipo de escritos, longos ou curtos, con pseudónimo ou iniciais ou de forma anónima. Xaime Illa deseñaba, proxectaba cabeceiras e seccións, ilustraba e colaboraba con artigos de diferente temática, sobre todo de economía, pero tamén de carácter relixioso, neste último labor, a carón de Xosé Luís Fontenla Méndez. Xurdiron así as grandes seccións do Suplemento: Descubrimiento de Galicia, Feria del Espíritu, Vida y Economía, Pregón de las Artes, Cartel de las Letras, etc.

Xaime Illa era xa avogado e tiña certa experiencia do traballo xornalístico, pois estivera vencellado había anos a *El Pueblo Gallego*, para o que escribía crónicas sobre a marcha da guerra. Bolseiro da sección de Estudios Xurídicos do Seminario de Estudos Galegos, ó que foi levado por Filgueira Valverde, nos tempos do Suplemento estaba xa vencellado á empresa da fundación de Galaxia. Nalgunha ocasión ten manifestado que a súa actividade no Suplemento foi unha primeira experiencia, un primeiro ensaio do que logo ía se-lo labor na *Revista de Economía de Galicia*, que ía tira-lo seu primeiro número en 1958 baixo a súa dirección.

---

36 Sobre a mestura do económico e o cultural, vx. o artigo –non exento de certa ironía– de Julio Sierra, "Economía y Literatura" (11-XI-1949), na sección Atlas en el Toral.

37 A primeira referencia que rexistramos en *La Noche* sobre a morte de Castelao aparece o luns, 9-I-1950, nunha nota de primeira páxina baixo o título "Castelao falleció en Buenos Aires". Ilustrada cun gravado de Carlos Maside, as breves liñas que dan conta da morte de Castelao o día 7, están complementadas cunha nota da redacción na que lemos: "No puede hacerse el balance de las actividades culturales gallegas de los últimos veinticinco años sin contar con el genio y la figura de Alfonso R. Castelao, ese muerto próximo y distante acogido a la emigración... Castelao, en el orden artístico, constituye el hasta ahora insuperado arquetipo del espíritu creador". O día seguinte, martes, aparece, na sección Atlas en el Toral, un fermoso artigo –"Daniel"– de Borobó en lembranza do artista, escritor e político rianxeiro. Con anterioridade (20-VI-1949) Salvador Lorenzana, no artigo "Ars longa, vita brevis", daba conta da doenza do ilustre rianxeiro. O citado artigo foi seguido por outros dous da autoría do mesmo Borobó: "La ventana vacía" (21-I-1950) e "Retrato de neno" (6-II-1950). Tamén no día 9-I-1950, *La Noche* reproducía, ó pé da súa segunda páxina, os "Telegramas cursados por la muerte de Alfonso R. Castelao". O eco da morte de Castelao en *La Noche* está tratado por Borobó na sección de Presentacións deste mesmo libro.



Illa Couto, impulsor do Suplemento *e autor de artigos sobre economía galega*

As xuntanzas nas que se confeccionaban as páxinas eran tertulias nas que se falaba de todo e cada quen facía tamén un pouco de todo: recepción e revisión das colaboracións, contactos con novos colaboradores, redacción de notas para completar algunhas páxinas, introducción de novas seccións, etc. Non se tiña conciencia da propiedade intelectual, non se cobraba polos traballos. Moitos escritos soltos, de curta extensión, ían anónimos porque non se lles concedía importancia; daban conta de noticias de actualidade e tiñan carácter puramente informativo. Ás veces a sinatura reducíase ás iniciais, que alternaban cos pseudónimos e os textos sen sinatura. Como nalgúns casos unha mesma persoa escribía de temas diferentes habilitaba un ou máis pseudónimos, que tamén nalgún caso se xustificaban por problemas de censura.

Sen facer relación exhaustiva podemos dicir que as colaboracións anónimas chegan case ás trescentas. Entre as iniciais máis frecuentes atopamos L. (Lorenzana), V. R. (Vicente Risco), C. ou C. C. (Ricardo Carballo Calero), E. A. B. (Emilio Álvarez Blázquez), E. M. (Euxenio Montes), F. C. (Fernando Cadaval), X. L. (Xohán Ledo), A. I. ou A. I. A. (Aquilino Iglesia Alvariño), A. C. (Álvaro Cunqueiro). Anotemos, como curiosidade, o sigloide Luvicor (Luís Viñas Cortegoso).

Polo que se refire ós pseudónimos, moitos deles apareceran nas páxinas de *La Noche*, nas que colaboraban boa parte dos nomes que logo ingresarán no Suplemento. Facemos mención aquí de Neumandro (Ánxel Fole), Jaime Lorenzo (Illa Couto), Luis Veiga do Campo (Ramón Piñeiro), Mareiro (Valentín Paz Andrade), Abel Quijano (Luis Manteiga)[38], Andrés de Cernadas, Vizconde de Cernadas e Vizconde de Trives (Antonio Bonet Correa), Ronsel (Emilio Álvarez Blázquez), Álvaro Labrada (Álvaro Cunqueiro), Xus (Celso Collazo), Fernando Cadaval (Carballo Calero), Raimundo Lozano e Borobó (Raimundo García Domínguez), Salvador Lorenzana (Francisco Fernández del Riego), Xohán Ledo e José Salgueiro (Ricardo García Suárez) e Eubensei (Manuel Beiras García).

Entre os colaboradores de máis relevo polo volume das súas achegas cómpre salientar a Ricardo Carballo Calero, Antonio Bonet Correa, Augusto Mª Casas, Celso Collazo, Celestino Fernández de la Vega, Mario Fernández Granell, José Mª Hernansáez, Florentino López Cuevillas, Manuel Garabal, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Emilio e Xosé Mª Álvarez Blázquez e Ánxel Fole. Máis restrinxida é a participación de Xesús Carro García, Luis Caparrós, José de Castro Arines, Xesús Bal y Gay, F. Delgado Gurriarán, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Xosé Isorna Ferreirós, Luis Manteiga, Paulino Pedret, Valentín Paz Andrade, Vicente Risco, Manuel Rabanal, Luís Seoane, Varela Jácome, Pascual Sigüenza, Ramón Piñeiro, Luis Seco García, Teodoro Sandomingo, Agustín Portela, Álvaro Paradela, Antonio Iglesias Vilarelle e Manuel Beiras García. Boa parte deles só contribúen cunha colaboración ou dúas.

Xa falamos da importante cantidade de textos anónimos e das causas e circunstancias que motivan este feito. Engadamos agora que os responsables dos mesmos foron Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto, Emilio e Xosé Mª Álvarez Blázquez, Luis Viñas Cortegoso, Xosé Luís Fontenla Méndez, Ricardo García Suárez, Antonio Bonet Correa e Atanasio López. A anonimia abrangue tanto as colaboracións textuais como as de ilustración (as moitas e pequenas viñetas esparexidas polas páxinas).

Os redactores vigueses do Suplemento mantiveron relación con algúns galeguistas que vivían en Santiago de Compostela, particularmente co chamado Grupo de Bastabales, organizado por Ramón Piñeiro e integrado por Rodríguez Somoza, García-Sabell e Borobó. Este grupo estaba en contacto con Ricardo Carballo Calero, que estaba en Ferrol e logo íase trasladar a Lugo para dar clases no Colexio Fingoy. En Vigo, Emilio Álvarez Blázquez facía de secretario da redacción das páxinas e tiña conta das colaboracións que chegaban. O seu irmán Álvaro fixo algunhas das viñetas, labor no que así mesmo interveu Ricardo García Suárez (Xohán Ledo), que logo traballou como ilustrador dos libros de Galaxia e colaborador da *Revista de Economía de Galicia*. Pola súa banda, Celso Collazo tiña unha pequena compensación económica pola súa contribución ó Suplemento, e ó parecer era o único que cobraba; aqueles poucos cartos eran case a súa única fonte de ingresos. Plácido Castro, que era correspondente de *El Correo Gallego* en Londres, onde xa dende 1947 colaboraba nas emisións galegas[39] da BBC, figuraba entre o pequeno grupo de traductores das páxinas do Suplemento, a carón de Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, F. Delgado Gurriarán, Euxenio Montes, Luis Tobío e Celestino Fernández de la Vega. Textos en prosa e verso (estes últimos con meirande frecuencia) de escritores como W. Whitman, Edgar A.

---

38 Sobre este pouco coñecido escritor santiagués escribiu Borobó unha fermosa necrolóxica –"Ha muerto Luis Manteiga"– na súa sección Atlas en el Toral (26-V-1949), asinada co pseudónimo Julio Sierra, habitual na sección.

39 Dirixidas por Alexandro Raimúndez (baixo o pseudónimo Xavier Fernández) e coa colaboración, desde Galicia, de Francisco Fernández del Riego. (Sobre o tema vx. agora *Galicia desde Londres*, Oleiros-A Coruña: Ed. Tambre, 1994. Edición de Raúl de Toro Santos. Prólogo de Francisco Fernández del Riego).

Poe, Aloysius Bertrand, Julius Pokorny, Arthur Rimbaud, Christine G. Rosetti, Pierre Drieu la Rochelle, John Masefield, William Butler Yeats e Johan C. F. Hölderlin foron traducidos ó galego.

Foi esporádica e pouco significativa a contribución e presencia de colaboradores non galegos, pero cunha certa relación (nalgún caso fonda e directa) con Galicia. Podemos lembrar neste apartado as achegas de Lázaro Montero, P. Laín Entralgo, Carlos Caba, Julio Lago Alonso, Manuel Rabanal, José Mª Navaz y Sanz, Adriano del Valle ou Francisco Luis Bernárdez; achegas que ás veces non enviaban directamente os escritores, senón que estaban recollidas doutras publicacións. En fin, ben co gallo de aniversarios, ben a xeito de homenaxe ou por outros motivos, os responsables do Suplemento reproduciron textos de autores galegos (textos poéticos case sempre) como Feliciano Rolán, Euxenio Montes, Castelao, Victoriano Taibo, Emilio Pita, frei Francisco de Santiago e aínda trobadores como Airas Nunes e Pero Meogo, xunto co rei Afonso X, vencellado a Galicia na súa vida e obra literaria.

Xa comentamos que o grupo de redactores de Vigo facía no Suplemento un labor heteroxéneo e múltiple en boa parte anónimo. Existe sen embargo un feixe de colaboradores que están fortemente vencellados a determinadas áreas temáticas ou ben a certas seccións. Acontece así que os artigos sobre economía galega (aforro, agro, pesca, comercio, industria) eran da responsabilidade de Xaime Illa Couto, José Mª Hernansáez e Valentín Paz Andrade, se ben a meirande parte das colaboracións (notas ou traballos extensos) aparecen sen sinatura. E a anonimia esténdese ás traduccións ó galego de textos dos Evanxeos[40], que comezan a aparecer no Suplemento a partir do nº 7. Polos testemuños de Emilio Álvarez Blázquez e Xaime Illa Couto sabemos que aquela sección estaba ó cargo do último dos citados e máis de Xosé Luís Fontenla Méndez.

Baixo pseudónimo, Antonio Bonet Correa[41] tiña o seu cargo a sección Correo de París; Celso Collazo facía La Paja y el Grano, Emilio Álvarez Blázquez responsabilizábase de Genio y Figura e Asterisco (pseudónimo que agachaba varios colaboradores) escribía para o Correo Bibliográfico.

Ata agora só pasamos revista á nómina de colaboradores literarios. Pero o Suplemento, ademais dos elementos que conforman o seu deseño (cabeceiras, seccións, columnas, etc) tivo unha parte gráfica, de ilustración, que posúe unha cuádruple dimensión: a) Viñetas, b) Tiras humorísticas, c) Unidades integradas por ilustración e texto, d) Ilustracións soltas.

As viñetas foron obra de varios ilustradores: Xaime Illa Couto, Álvaro Álvarez Blázquez, Xohán Ledo, Urbano Lugrís e Mario Fernández Granell. Trátase de elementos con función ornamental que figuran en certas cabeceiras de seccións ou se insertan como elementos separadores e delimitadores das partes dun artigo longo. Van sen sinatura, aparecen repetidas ó longo dos diferentes números do Suplemento e están inspiradas en elementos da vida cotiá, da natureza, do mar ou da cultura galega. Temos así cuncas, xerros, dornas, cruceiros, gaitas, farois, peixes, vacas, xamóns, cabaliños, cangrexos, árbores, espigas, polbos e paxaros. Pero hai tamén outras de índole vangardista e de inspiración surrealista. Hainas de carácter folclórico (escenas de danza) e histórico-cultural (dólmenes, chapiteis, medallóns, cálices, pipas, anteollos, zapatos, candelabros, etc.).

Os debuxos de ton humorístico (ben soltos ou integrados nunha tira), que conforman series como Internos y Externos ou Hay que Viajar, foron obra de Mario F. Granell. Máis continuidade tivo outra serie de textos ilustrados de López Garabal, que foi dando vida a unha especie de galería de xentes, de figuras populares de xinea galega e tamén de costumes e escenas do cotiá, dende a matanza do porco ou a elaboración das filloas ata a Santa Compaña. Os textos, narrativos ou descritivos, están sempre en galego.

Menor asiduidade tiveron ilustradores como Xosé Sesto, Agustín Portela, Urbano Lugrís, Manuel Torres Martínez, Antonio Prado Díaz e Xohán Ledo, aínda que o traballo deste último, como xa constatamos, vai case sempre sen asinar e abrangue tamén o terreo da creación literaria.

2.4. Estructura e contidos: seccións e números extraordinarios

Dende primeira hora, Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto dirixiron e proxectaron a configuración das páxinas do Suplemento, configurado en tres seccións fundamentais: a) Descubrimiento de Galicia, b) Feria del Espíritu, c) Vida y Economía. Estas tres seccións aparecen, nesa orde, ó longo das páxinas, aínda que experimentan algunhas variacións na súa situación e configuración interna. A primeira delas manifesta xa na súa cabeceira a atención á temática galega, central (pero non única) no Suplemento. Descubrimiento de Galicia ocupa a páxina 2 para pasar despois á 7. Integrada por unha ou dúas colaboracións de certa amplitude, a sección constitúe unha ollada múltiple, heteroxénea, a problemas e motivos do pasado e do presente de Galicia. Temos, así, artigos sobre Rosalía, o mestre Mateo, Otero Pedrayo, Luís Seoane, Tui na novela, a paisaxe e as cidades, etc. Colaboran nesta páxina (ás veces prolongada noutras posteriores) Xosé Mª Álvarez Blázquez, Florentino López Cuevillas, Pascual Sigüenza, Lorenzo Varela, Augusto Casas, A. Prado Díaz, Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole e Ramón Piñeiro.

Miscelánea tamén polo que respecta ós contidos, pero así mesmo de raíz galega, é a primeira páxina, na que son frecuentes as ilustracións e textos de López Garabal. Carente de cabeceira fixa, atopamos nesta páxina traballos sobre os celtas, o Nadal, o comercio, a gandería e o ferrocarril; sobre figuras como o padre Feijoo, o Marqués de Sargadelos, o trobador Xofré Rudel e Castelao; sobre E. A. Poe e Lamas Carvajal co gallo dos seus centenarios e tamén sobre o teatro galego ou o cardeal Quiroga Palacios. Celebracións, homenaxes, motivos de actualidade orientan esta páxina, na que rexistramos traballos de Álvaro Cunqueiro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Borobó, Santiago Fernández, José Mª Navaz y Sanz, Carlos Martínez Barbeito,

---

40 Sobre os Evanxeos xa se manifestara en *La Noche* o padre Xosé Ísorna, autor tamén de artigos de temática franciscana. Posteriormente Manuel Vidán Torreira publicou diferentes artigos sobre a liturxia en galego e fixo a traducción galega de textos bíblicos, labor no que tamén colaborou Jesús Precedo Lafuente.

41 A súa sección Correo de París (ou Carta de París) reaparece, integrada no apartado Carta de Europa, na Colección Grial de cadernos (1951-1952), nos que tamén están presentes outros colaboradores do Suplemento como Ramón Piñeiro, Celestino F. de la Vega, Ánxel Fole, Otero Pedrayo, Xohán Ledo, Carballo Calero ou Celso Collazo. Dos catro números que forman a colección temos unha edición facsímile (Vigo: Ed. Galaxia, 1991).

Xosé Mª Álvarez Blázquez (primeiro pola dereita) con Filgueira Valverde e Antonio Fraguas

Benito Varela Jácome, Ricardo Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Luis Seco, Ánxel Fole, José Mª Hernansáez, Augusto Casas ou Valentín Paz Andrade. Temos varios artigos asinados con pseudónimo e non poucos anónimos.

As consideradas páxinas centrais –4 e 5– estaban ocupadas pola sección Feria del Espíritu, dedicada fundamentalmente á pintura e á literatura. Seccións características eran Cartel de las Letras e Pregón de las Artes. Na primeira colaboraban, entre outros, Carballo Calero, Celso Collazo, Augusto Casas, Luis Manteiga, Filgueira Valverde e Álvaro Cunqueiro. A segunda foi canle de conversas con pintores como Julia Minguillón, Prego de Oliver, Díaz Pardo, Julio Prieto, Urbano Lugrís e Ánxel Johán. Integrada habitualmente en Cartel de las Letras figuraba a sección poética Poemas de Aquí e de Alá, que presentou, en traduccións ó galego, poemas de Rimbaud, W. Whitman, Christine G. Rosetti, T. Hardy, J. Masefield e textos de Aloysius Bertrand e J. Pokorny. Os poemas viñan precedidos por breves notas de presentación dos escritores traducidos. Euxenio Montes, Fernández del Riego, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celestino Fernández de la Vega e Plácido Castro asinaban (ás veces con iniciais, ás veces con pseudónimo) tanto as notas como as traduccións.

Industria e comercio, gandería e pesca, problemas do agro, aspectos diversos do aforro, a producción conserveira, a explotación da madeira e das algas, o consumo do leite, das patacas e do polbo eran asuntos tratados na sección Vida y Economía, que aparecía na páxina 6 e por veces se prolongaba na seguinte. Insistamos na atención practicamente total e exclusiva a Galicia. Sinaturas frecuentes aquí (entre moitas achegas e notas anónimas) eran as de Xaime Illa (que endexamais asinou co seu nome), Navaz y Sanz, José Mª Hernansáez e Valentín Paz Andrade.

Na páxina 8 figuraban seccións como Índice Semanal de las Artes y las Letras, De Sábado a Sábado e outras como Genio y Figura, La Paja y el Grano e aínda algunha vez Carta de París. Estas tres últimas foron da responsabilidade de Ronsel (Emilio Álvarez Blázquez), Xus (Celso Collazo) e Vizconde de Cernadas (Antonio Bonet Correa) respectivamente. As dúas primeiras tiñan unha dimensión marcadamente informativa e, en breves notas, daban conta da actividade cultural: concertos, exposicións, conferencias, certames, premios literarios, homenaxes, publicacións, etc.

A partir do nº 7 do Suplemento aparece a sección dedicada á traducción ó galego de textos do Evanxeo, que temos con frecuencia na páxina 3. Sempre anónima, a sección era froito da colaboración de Illa Couto e Xosé Luís Fontenla Méndez. A sección constituíu unha primeira e meritoria tentativa de galeguización dos textos da liturxia da misa. Con posterioridade, xa na década de 1960, Vidán Torreira colaborou nas páxinas de *La Noche* a prol do emprego do galego na liturxia, problemática que desenvolveu na sección Liturxia Sagra.

Houbo un feixe de seccións breves (columna ou parte de columna) que ían xurdindo en páxinas cambiantes e que con frecuencia carecían de sinatura ou aparecían con pseudónimo. Sabemos que algunhas delas foron da autoría de Francisco Fernández del Riego ou dos redactores do cadro de persoal do Suplemento. Lembremos ó respecto Notas de Oír y Ver, Libros a la Vista, Cliché Animado, De Sábado a Sábado, Escaparate del Sábado, La Ciencia y la Vida, Correo Bibliográfico, Lectura de la Semana ou Economía Agraria. Vencelladas a unha sinatura fixa e con carácter propio e meirande estabilidade estiveron La Paja y el Grano, onde Celso Collazo exercía a crítica; Correo (ou Carta) de París, na que Antonio Bonet Correa ofrecía novas culturais da capital francesa, e Genio y Figura, non exenta de ton humorístico, da autoría de Emilio Álvarez Blázquez, particularmente interesado en cousas de Laxeiro.

Sen que podamos catalogalos de monográficos, o certo é que houbo algúns números extraordinarios que chamaron a atención sobre temas ou figuras concretas. O primeiro deles é o nº 3 (29-X-1949), no que se celebra o medio século de actividade comercial galega; as súas "bodas de ouro". Temos nesta ocasión un número no que é claramente predominante o tratamento dos problemas económicos, con artigos que saen do estricto ámbito do comarcal, cuestión da que se ocupan nas súas colaboracións Borobó, Celso Collazo, S. de Santiago e Luis Caparrós entre outros. Parte das habituais seccións non están afectadas polo carácter específico (pero non exclusivo) deste número, no que por vez primeira e única o Suplemento e o número correspondente do xornal están integrados nunha unidade, de acordo coa advertencia da nota de primeira páxina[42]. Digamos ó respecto que, efectivamente, *La Noche* tiraba normalmente só catro páxinas e o domingo non aparecía. Pola contra, os luns ofrecía un Suplemento de oito páxinas integramente dedicado ó futbol, con moi ampla información dos equipos galegos.

O extraordinario máis marcadamente monográfico é o nº 9 (10-XII-1949), que dá a benvida a don Fernando Quiroga Palacios a Compostela. "O novo Pastor da Eirexa de Santiago" chega á cidade "pra ocupar a sede

---

42 Vx. nota 35.

arzobispal" e este feito sinala "a ricaz tradición galega da archidiócese xacobea", segundo lemos no "Perfil biográfico" (anónimo) escrito en galego da primeira páxina. Pero o protagonismo do persoeiro da igrexa galega –saudado por Álvaro Cunqueiro no artigo "Ben vido, don Fernando, a Santiago..."–, asinado co pseudónimo Álvaro Labrada, deixa paso a unha ampla panorámica de figuras da igrexa galega: Diego Xelmírez, López Ferreiro, Saco y Arce, Lago González, Alonso de Fonseca y Acevedo, Amor Ruibal, Diego Cernadas de Castro, etc. Non está ausente a figura de San Francisco, de fonda tradición na nosa literatura, e adquiren papel protagónico Santiago de Compostela e Mondoñedo pola súa significación eclesiástica e relixiosa. Emilio Álvarez Blázquez, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Borobó, Ánxel Fole, Celso Collazo, Ricardo Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Jesús Carro e Xosé Mª Álvarez Blázquez contribúen nesta ocasión. Boa parte das colaboracións están escritas en galego. Sen dúbida estamos diante dunhas páxinas significativas e interesantes que deben figurar entre as mellores do Suplemento.

Co título "Na Noite Boa", un artigo de Aquilino Iglesia Alvariño abría un novo extraordinario, outravolta de temática relixiosa, dedicado ó Nadal. Cinco páxinas ocupan o desenvolvemento da temática, de intensa raizame popular e convertida en motivo artístico e literario ó longo dos séculos. Chama a atención a amplitude da sección correspondente ós Evanxeos e a análise do motivo do Nadal na poesía popular feita por Xosé Mª Álvarez Blázquez. Aproveitando o nada sospeitoso (senón todo o contrario) da temática, Ricardo Carballo Calero –esta vez sen pseudónimo– escribe en galego "Nadal o pegureiro" e Emilio Álvarez Blázquez contribúe co poema "Letanía do Nadal". A esta achega lírica hai que engadir a breve escolma de vilancicos galegos na que aparecen pezas de frei Francisco de Santiago, Alberto Camino e Emilio Pita. Salientémo-lo interese das ilustracións coas que Agustín Portela, López Garabal e Sesto López colaboran, ademais de fermosas viñetas sen sinatura de moi diversa fasquía.

Este percorrido polos números extraordinarios (que en ningún caso incrementan as oito páxinas habituais) debe quedar pechado co dedicado ó balance xeral do ano 1949. En efecto, nun feixe de longos traballos ofrécese axeitada síntese do ano literario, a panorámica filolóxica galega (M. Rabanal), a investigación literaria (Xosé Mª Álvarez Blázquez), a poesía (Ricardo Carballo Calero), a pintura (Ricardo García Suárez), a economía (José Mª Hernansáez) e os estudios etnográficos (Vicente Risco), aínda que esta última colaboración non está restrinxida cronoloxicamente ó ano 1949. Este número hai que situalo na liña do que era –e continúa a ser– costume en xornais e revistas que adoitan publicar números extraordinarios de resume para facilitar ós lectores útiles visións de conxunto do máis significativo que aconteceu ó longo do ano.

2.5. Consideracións finais

Cando, como neste caso, volvémo-la vista ó pasado e retrocedemos medio século para facer algunhas consideracións sobre a aventura que supuxo o Suplemento del Sábado de *La Noche*, non deixamos de atopar algunha grata sorpresa naquel morno pano de fondo da década de 1940.

Sen dúbida, nesta xeira inicial de *La Noche* (1946-1950) a desaparición do Suplemento sinala un punto de inflexión que só cobraría novo pulo –polo que á atención á temática cultural se refire– a partir de 1954 aproximadamente. Con inequívoca vocación galega *La Noche* baseou a súa preocupación cultural en catro piares esenciais: os Parladoiros de Otero Pedrayo, os Anacos de Borobó, as Nebulosas de Manuel Rabanal e Un Tema Gallego cada Semana de Francisco Fernández del Riego. Pero temos que engadir páxinas especiais, números extraordinarios e numerosas colaboracións de primeira páxina nas que a actualidade e problemática cultural estaban presentes. O Suplemento del Sábado quixo ser unha proposta cultural e galega que dera culminación ó que o xornal, dirixido por José Goñi, viña facendo nese terreo dende o seu nacemento mesmo. Pero os tempos eran tan atafegantes, a presión da censura (e da propia autocensura) tan forte que aquel Suplemento só sobreviviu catro meses. Morreu con Castelao, que non foi mala maneira de morrer.

É evidente a pobreza, a miseria cultural daqueles anos. Pero non menos evidente é que, loitando contra adversidades e carencias de toda clase, naqueles tempos se puxeron os alicerces que posibilitaron, na década seguinte, unha inicial etapa de recuperación. *La Noche* foi unha primeira fiestra, pero de seguido apareceron iniciativas como a Editorial de los Bibliófilos Gallegos, as colecciónS Benito Soto e Xistral, as Edicións Monterrey e, sobre todo, Galaxia. De todo aquilo deu conta o xornal compostelán, no que tiveron acubillo a case práctica totalidade dos máis significativos escritores galegos.

No que atangue concretamente ó Suplemento, nada houbo comparable en Galicia, no eido xornalístico, naqueles anos. Tería que pasar moito tempo ata que xornais como *La Voz de Galicia* ou *El Progreso* mantiveran suplementos culturais dalgunha entidade. Xa que logo, o Suplemento del Sábado de *La Noche* foi un adiantado ilustre e digno de memoria no ámbito da prensa cultural galega, unha luz acesa no escuro, unha primeira ollada a Galicia dende unha perspectiva galega.

Problemas de carácter técnico na confección das páxinas, necesidade de enchelas cada semana a base do entusiasmo e do múltiple traballo dun reducido grupo de redactores e colaboradores, motivaron trocos e variacións que sen embargo non impediron o desenvolvemento do esquema esencial da estructura das páxinas: tres grandes seccións e unha bipolarización temática: materia e espírito, vida e cultura, economía a carón de artes e letras. E Galicia, no cerne mesmo de todo. E a incrustación, acá e alá, de artigos en galego, poemas, notas, colaboracións diversas... todo o que era posible ata chegar ós límites que a prudencia aconsellaba non exceder. Aínda así, o labor de Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Francisco Fernández del Riego non pasou sen rexeitamentos e protestas dun sector de lectores, pero se mantivo gracias ó apoio de José Goñi. Documento e testemuño do mellor que se fixo na época, este meritorio e interesante Suplemento, co engadido dun fermoso material de ilustración, merece estar a disposición dos interesados para o máis exacto coñecemento do noso pasado inmediato.

REPERTORIO BIOBIBLIOGRÁFICO DOS COLABORADORES

ALFONSO X

Nado en Toledo en 1221 e finado na mesma cidade en 1284, aínda que de orixe castelá parte da súa infancia está vencellada a Galicia, especialmente Maceda (Ourense), onde entrou en contacto co galego, que acabaría por ter extraordinaria importancia no seu posterior quefacer cultural. A súa importante dimensión política foi paralela á decisiva obra cultural proxectada dende a súa corte. O home, o universo, a ordenación xurídica, o coñecemento, a arte, os xogos e, de maneira especial, a literatura, conforman os alicerces básicos do desenvolvemento cultural da corte alfonsí.

As achegas que compoñen a súa lírica profana son: 1 cantar de amigo, 4 cantigas de amor e 39 cantigas do xénero satírico onde se inclúen 4 tençóns. En clara oposición ó antibelicismo doutros compositores reclama a presencia da milicia e satiriza o medo e a covardía de moitos soldados indignos.

Mais o Rei-Poeta estaba chamado a ofrecer unha das mostras máis excepcionais, decisivas e meritorias da arte e da literatura do seu tempo; un incomparable traballo lírico- relixioso que supuxo o cumio do enxalzamento mariano e dos seus milagres: as *Cantigas de Santa María*. Son 426 composicións diferenciadas entre o lírico e o narrativo. A expresión do Rei, sometido ás veces como "entendedor" á súa señora, vai parella á devoción mariana que agroma noutros textos de loor. Hai, na fin de cada unha, unha tentativa de exemplaridade, unha moral e un didactismo que entroncan perfectamente no pensamento da época en que foron escritas; realizadas a partir doutros códices, da tradición oral, da experiencia real ou das diferentes adaptacións de relatos filosóficos, haxiográficos ou ascéticos.

Ademais do labor artístico e literario, o traballo de Afonso X dirixiuse por outros camiños. Da tarefa histórica, salientámo-la súa transcendencia como director e elaborador de obras clave da historiografía medieval como a *Estoria de España*, a *Crónica General de España*, que abandonou, e a *Grande e General Estoria*, que tentou ser unha grande historia universal onde se encadrasen os feitos hispánicos. Das obras xurídicas, as *Partidas* e o *Fuero* son os códigos máis importantes da Idade Media, unificando a lexislación, axudando ós xuristas e facendo coñece-los dereitos e obrigas. No eido científico, e contando coa axuda doutros sabios e mestres, deu á luz libros de astronomía, zodiacais, sobre artes liberais (*Septenario*) ou ó redor das propiedades das pedras preciosas no *Lapidario*. Finalmente, entre os textos de recreo e xogos, salientan os traballos sobre o xadrez, dados e táboas.

Para a realización deste grandioso traballo que abrangueu múltiples campos do coñecemento, o Rei Sabio reuniu á súa beira un numeroso grupo de homes da ciencia e das artes da Península, ofrecendo, finalmente, un impresionante resultado cultural.

No Suplemento figura cunha soa composición, unha cantiga de escarnio titulada "Como eu en día de Páscoa" (19-XI-1949), precedida dun breve comentario introductorio no que se subliña o humor e a ironía, calidades que foron inherentes ó monarca e que caracterizan esta composición.

Emilio Álvarez Blázquez

Emilio ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Nado en Tui en 1916, cursou estudios de Maxisterio en Pontevedra e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, aprendizaxe que se viu interrompida co estoupido da guerra civil. Dende 1947 ata o seu pasamento desempeñou o cargo de Chanceler do Consulado de Uruguai en Vigo. En 1957 foi nomeado membro correspondente da R.A.G. e en 1964 gañou o premio de poesía galega do Centro Galego de Bos Aires. Foi socio fundador e secretario, durante algúns anos, da colección Salnés e de Edicións Castrelos, esta última en colaboración cos seus irmáns Álvaro e Xosé María. Finou en Vigo en 1988.

Xeracionalmente pertence, xunto cos seus irmáns e outros escritores como Luís Seoane, Ricardo Carballo Calero, Miguel González Garcés, Xosé Díaz Jácome e Pura Vázquez, á xeración de 1936. Sendo mozo fundou, con outros compañeiros, a revista escolar *Tvde*, do Instituto de Tui, que daquela dirixía Xesús Ferro Couselo. Con posterioridade colaboraría asiduamente noutras como *Logos*, *Numen*, *Alba* e *Grial*, moitas veces baixo o pseudónimo Ronsel. Como poeta publicou en castelán *Poemas de amor* e *Romance del peón caminero*. En colaboración co seu irmán Xosé María é autor do poemario *Poemas de ti e de min* (1949). Pouco antes de morrer deu ó prelo outro libro poético, *O tempo desancorado* (1988). No ámbito do teatro é coautor, xunto co seu irmán Xosé María, da peza teatral en verso *Nos pazos altivos* –estreada en Xixón en 1947–, *El libro del por qué* (1946) e *El zapato de cristal* (1947), conto escénico en tres actos.

A primeira comparecencia de Emilio Álvarez Blázquez en *La Noche* é a publicación dun poema, "Carro do tempo" (25-IV-1946). Logo virían dous artigos, sobre o pintor Colmeiro e o poeta Ramón González-Alegre respectivamente.

Máis relevo tivo a súa colaboración no Suplemento, no que figura baixo as siglas E.A.B., co seu nome e apelidos ou agachado no pseudónimo Ronsel. A carón de Fernández del Riego, Xaime Illa –en labor de direc-

Xosé María Álvarez Blázquez

ción– e Celso Collazo, Emilio Álvarez Blázquez figuraba no cadro fixo de redactores que facían, na viguesa Taberna do Alameda, as páxinas do Suplemento.

Como Ronsel mantivo unha columna xa dende o nº 2 do Suplemento. O seu primeiro artigo no mesmo foi "Once mil gaitas" (22-IX-1949), de carácter humorístico. Logo virían outros –ata sete en total–, varios deles dedicados á pintura galega (Laxeiro en particular), na irregular sección "Genio y figura", que se mantivo pouco tempo. Xa sen pseudónimo, publicou catro novas achegas, entre elas o poema "Letanía do Nadal" (24-XII-1949).

Xosé Mª Álvarez Blázquez

Un ano antes có seu irmán Emilio, nacera Xosé María, na vila de Tui, en 1915. Diplomado en Maxisterio, no ano 1935 obtivo o seu primeiro destino na Guarda. Xa en 1936 comeza, por libre, a carreira de Filosofía e Letras, que interrompe a causa da guerra civil. Mestre, poeta, erudito, entra na vida literaria despois da xeración creadora do Seminario de Estudos Galegos e a súa actividade chega tanto ó terreo da literatura (poesía, teatro, novela) como ó da investigación (folclore, prehistoria). No eido editorial cofundou, xunto con Luís Viñas Cortegoso, as Edicións Monterrey (1950) e dirixiu Edicións Castrelos (1964). Xunto co poeta Juan Vidal Martínez e Antonio Díaz Herrera fundou a revista *Cristal* (1932). Morreu en Vigo en 1985.

Membro correspondente da R. A. G., acadou ó longo da súa vida numerosos premios e distincións. A súa producción narrativa iníciase cun libro de contos, *Os ruíns* (1936). De entre os demais títulos destácanse *En el pueblo hay caras nuevas* (1945), que foi traducido ó galego recentemente, *Crecen las aguas* (1956) e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971). No ámbito dos estudios e ensaios anotamos *Escolma da poesía medieval I* (1952), *Escolma medieval galego-portuguesa* (1952), *Escolma da Poesía Galega. A poesía dos séculos XIV ao XIX* (1959) e, *Alexandro Bóveda, apunte biográfico* (1982). Dentro do xénero poético, cómpre salientar obras como *Abril* (1932), *Poemas de ti e de min* (1949), escrita en colaboración co seu irmán Emilio; *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioneiro de Monferó* (1953) e *Canle segredo* (1976). En 1995 publicouse o seu libro *Sonetos del alba insomne*, conxunto de composicións escritas entre 1955 e 1960. No eido do teatro é coautor, na compaña de Emilio Álvarez Blázquez, de *El zapato de cristal. Cuento escenificado* (1947) e *Los zapatos altivos. Comedia en tres actos* (1947).

No terreo do xornalismo inicia a súa andaina en 1930. En especial son de destacar as súas colaboracións en *La Noche* e *Faro de Vigo*, ademais de *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944) e *Grial* (1951). Desenvolveu unha interesante actividade radiofónica tanto nas emisións galegas da B.B.C. de Londres (1953-1954) como, con posterioridade, en Radio Vigo.

Nas páxinas do Suplemento publica Xosé Mª Álvarez Blázquez oito artigos, maioritariamente de tema literario, escritos todos eles en castelán, entre os que destacan os da serie "Tuy en la novela" –a terceira entrega desta serie, "Tuy en la novela" (*Las tinieblas floridas*, de Mauricio Bacarisse) 17-XII-1949, aparece como anónima, pero trátase dunha nova achega deste autor tudense. Isto mesmo acontece co artigo "Un hombre del 98" (12-XI-1949)–. Significativo é o seu traballo "La investigación literaria en 1949", aparecido no número correspondente ó 31 de decembro dese mesmo ano, no que fai balanzo da actividade desenvolvida no mundo cultural galego –estase no intre de lanzamento de importantes empresas culturais–, entre a que destaca a aparición do primeiro volume da colección de Bibliófilos Gallegos. Trátase do facsímile da edición mindoniense, de 1550, da *Descripción del Reyno de Galicia y de las cosas notables en él*, obra do padre Bartolomé Molina, co engadido dun extenso prólogo de Xosé Filgueira Valverde. En *La Noche* tiña publicado con anterioridade, dende febreiro de 1947, artigos de corte ensaístico, traballos de historia e paremioloxía, cartas, etc.

Asterisco

Baixo esta rúbrica aparece asinada a sección "Correo bibliográfico", apartado que tentaba dar resposta ás múltiples consultas dos lectores do xornal sobre temas de bibliografía xeral.

Ayras Nunez

Trobador compostelán, posiblemente clérigo, tería desenvolvido o seu labor como compositor entre 1280-1290; sería, pois, contemporáneo de Sancho IV, baseándose esta afirmación no feito de ter escrito un sirventés político no que ataca ós infantes De la Cerda. Autor dunha breve obra, esta foi transmitida polos apógrafos quiñentistas; as súas composicións, profundamente orixinais, son catorce en total, distribuíndose da seguinte maneira: seis de amor, tres de amigo (dúas delas incluídas no grupo das bailadas), unha pastorela e catro composicións burlescas. Foi no terreo amoroso onde Airas Nunes amosou os seus mellores recursos e habelencias; nunha das súas bailadas ("As avelaneiras frolidas") o trobador compostelá recolle como base fundamental unha estrofa de Johan Zorro coa que rea-

liza unha composición a partir das variantes daquela. En realidade podemos estar diante de dúas variacións sobre un mesmo tema de motivo tradicional popular coral ben coñecido no seu tempo. Unha segunda teoría levaríanos a pensar que Airas Nunes, partindo do texto de Zorro, retomou o tema mellorándoo.

É salientable o seu sirventés da verdade, unha sátira moral onde critica a hipocresía; o poeta confirma que se lanzou ó mundo procurando a verdade sen atopala, nin no Císter nin en Compostela, lugar simbólico para romeiros e peregrinacións.

Jesús **Bal y Gay**

Naceu en Lugo en 1905 e cursou Bacharelato e piano no Conservatorio de Madrid. Traballou nun primeiro momento no Centro de Estudios Históricos da capital, ó tempo que participaba na sección de Etnografía e Folclore do Seminario de Estudos Galegos. Posteriormente viaxou a Inglaterra, onde exerceu como lector de español na Universidade de Cambridge. Emigrou máis tarde a México e alí traballou na Casa de España, no Conservatorio e na Universidade. De volta a España establécese definitivamente en Madrid, cidade na que finou en 1993.

Fundou en 1924, con Evaristo Correa Calderón, Álvaro Gil e Luís Pimentel, a revista *Ronsel*, na que participou activamente: publicou os seus primeiros artigos de tema musical, traduciu ó castelán poetas franceses (René Albert Fleury e Auguste Pierre Garnier), visitou a importantes escritores para pedirlles a súa colaboración para a revista, etc. Esta publicación supuxo para o autor a cristalización da súa vocación artística e literaria.

Ó longo da súa vida publicou numerosos traballos arredor do mundo da música, entre os que destacan as transcricións de música antiga. É autor, así mesmo, de diversas composicións para canto sobre poemas de Rafael Alberti, Luís Amado Carballo, Juan Ramón Jiménez e Emilio Prados.

No ámbito da literatura galega cultivou a poesía (primeiro dispersa por xornais e revistas e máis tarde recolleita no poemario *Cartón*). Entre 1928 e 1936, por encargo da Junta para la Ampliación de Estudios de Madrid, e xunto con Eduardo Martínez Torner, recompilou 1.300 melodías do romanceiro popular galego que viron a luz anos despois, en 1973, no *Cancionero Gallego* (parte deste material xa fora publicado con anterioridade en *Folklore musical de Melide*, de 1933).

De Jesús Bal y Gay unicamente figura en *La Noche* o artigo "Personalidad musical de Galicia", publicado no cuarto número do Suplemento (5-XI-1949).

Manuel **Beiras García**

Destacado membro do movemento galeguista xa dende os seus inicios, Manuel Beiras García, que nacera en Santiago de Compostela en 1904, obtivo, logo de realizar os correspondentes estudios, o grao de Titular Mercantil. Entrou cedo en contacto cos homes da Xeración Nós e mais do Seminario de Estudos Galegos e afiliouse ó Partido Galeguista dende a súa fundación. En 1935 ingresa, a instancias de Vicente Risco, na Dereita Galeguista, que cambia polo Partido Galeguista tras de se entrevistar con Alexandre Bóveda. En 1978 tomou parte, xunto con Ramón Martínez López, na reconstrucción do Partido Galeguista, que se integraría algún tempo despois en coalición co P.S.G. e o P.O.G., pola cal sería elixido concelleiro por Santiago de Compostela. Como consecuencia da intensa actividade cultural que desenvolveu concedéuselle a Medalla de Ouro de Santiago ó mérito cidadán e o título de Fillo Predilecto en 1991, ademais da Medalla Castelao. Morreu na súa cidade natal en 1996.

A música, o xornalismo e a literatura teñen sido os ámbitos da cultura nos que leva manifestado con profusión o seu labor creativo. Membro da Masa Coral Compostelá, creou a Asociación Filharmónica de Compostela en 1950. No terreo xornalístico, iniciouse no xornal *Diario de Galicia*, xa de moi novo. Colaborou no importante xornal vigués *Galicia*, dirixido por Valentín Paz Andrade. Manda traballos seus tamén para o periódico *El Compostelano*, que logo se continuou en *La Noche*, a partir de 1946, onde escribe en galego baixo o pseudónimo Eubensei. Foi o organizador dos Xogos Florais en 1944. Por estes anos da posguerra funda, con outras xentes, a emisora Radio Galicia EAJ 4, na que mantivo a emisión literaria "O vello dos contos", en colaboración con Xosé Mosquera Pérez, con quen, ademais, fundou o Padroado Rosalía de Castro e rehabilitou a Casa da Matanza para convertela no museo que leva o nome da poeta. Prestou a pluma tamén para outros medios como *El Correo Gallego* ou *A Nosa Terra*.

No ámbito da literatura, foi o autor da versión galega de *Os contos de Grimm* (1983), de Jakob e Wilhelm Grimm e de *Os contos de Grimm. Escolma II*ª (1991), de Jakob L. Grimm. Un ano despois fixo a versión galega *–Platero e mais eu–* da coñecida obra de Juan Ramón Jiménez.

Suman dezasete as achegas de don Manuel Beiras a *La Noche*, na que colaborou dende 1946, xa nos primeiros días da publicación do xornal. Trátase dun dos poucos colaboradores que emprega exclusivamente o galego, sempre baixo o pseudónimo Eubensei.

Manuel Beiras García

Narracións curtas e artigos sobre Lugrís, Rosalía e o diccionario galego son temas do seu labor xornalístico.

No Suplemento, baixo o pseudónimo Eubensei, só aparece cunha narración –"O Pufo" (29-X-1949)– sobre a vida dun personaxe de Muxía que emigrou á Patagonia.

Francisco Luis **Bernárdez**

Fillo de pais galegos, naceu en Bos Aires en 1900. A súa vida transcorreu entre a Arxentina e Galicia, quizais porque como el dicía "o galego é sempre nostálxico". Entre 1920 e 1925 reside en Galicia (Vigo, Ourense e Dacón), pasando tamén algunhas tempadas en Portugal e Francia. Con vintetrés anos vinculouse á causa galeguista, á vez que comezou a asumi-lo galego como lingua literaria. Durante esta época entrou en contacto con Cabanillas e Noriega Varela e colaborou en *El Pueblo Gallego.* Xa en Bos Aires militou no grupo literario Martín Fierro, que naqueles anos representaba o espírito máis vivo e anovador do discorrer literario arxentino. Morreu en Bos Aires en 1978.

Froito da súa estadía na nosa terra son os seus catro primeiros poemarios: *Orto* (1922), *Bazar* (1922), *Kindergarten* (1924) e *Alcántara* (1925), todos eles de corte posmodernista. A súa producción posterior, inspirada fundamentalmente en temas relixiosos, segue unha liña máis clásica que marcará a súa madurez poética. Premio Nacional de Poesía no ano 1944 foi o autor, entre outras, das seguintes obras: *El buque* (1935), *Cielo de tierra* (1937), *La ciudad sin Laura* (1938), *Poemas elementales* (1942), *Poemas de carne y hueso* (1943), *El ruiseñor* (1945), *Las estrellas* (1947), *El ángel de la guarda* (1949), *Poemas nacionales* (1950), *La flor* (1951), *El arca* (1953), *Discurso encol do Idioma Galego*, (1953), *Estar enamorado* (1955), *Tres poemas católicos* (1959) e *Poemas de cada día* (1963).

Antonio Bonet Correa



Publica numerosos artigos en xornais e revistas como *El Pueblo Gallego, La Nación, Sur, Grial, A Nosa Terra*, etc., algúns dos cales fan referencia a temas galegos (Rosalía, Castelao, Pimentel, Cabanillas e Rey Romero) e mesmo están escritos na nosa lingua. A este respecto, de especial interese é o libro *Florilegio del Cancionero Vaticano* (1952), selección de cincuenta textos medievais, en edición trilingüe galego-portugués/castelán, realizada "como homenaje a la noble Galicia de mis padres y de mis abuelos, casi tan querida para mi como mi Argentina natal". Este *Florilegio* (Poesía amorosa galaicoportuguesa de la Edad Media), dedicado á memoria "de mis amigos Armado Carballo y Manuel Antonio, últimos juglares de la tierra y del mar de Galicia", leva un prólogo do autor no que percorre os xéneros da lírica medieval, a temática, a cultura, así como unha breve panorámica sobre algúns dos máis significativos compositores incluídos no citado cancioneiro.

Tan só aparece unha colaboración de Francisco Luis Bernárdez no Suplemento del Sábado. Trátase de "Evocación de Compostela" (7-I-1950), que tal como xa se indica é unha visión de "Galicia desde la otra orilla"; é dicir, Hispanoamérica.

Aloysius **Bertrand**

Escritor italiano, nado na localidade piamontesa de Ceva no ano 1807. Durante a súa xuventude viviu na cidade francesa de Dijon, onde publicou diferentes colaboracións (artigos, cartas, poemas) no xornal literario *Le Provincial*. Despois de pasar anos de fame e miseria, finou en París en 1841.

Distintas achegas do escritor foron publicadas no libro *Keepsake fantastique* (1924) de carácter póstumo. Escribiu, con pouco éxito, pezas de vodevil. Trabou amizade con Charles Nodier, Victor Hugo e Sainte-Beuve. O máis interesante do seu labor literario é a lírica, e particularmente o libro *Gaspard de la nuit* (1842) que apareceu un ano despois da súa morte e foi considerado como un precedente dos poemas en prosa de Baudelaire e Rimbaud.

No Suplemento de *La Noche* (3-XII-1949), baixo o epígrafe "Escola flamenca", temos unha nota sobre o escritor da autoría de A.(lvaro) C.(unqueiro), que así mesmo traduce ó galego dous poemas en prosa –"Harlem" e "O estudiante de Leyde"– pertencentes ó libro *Gaspard de la nuit,* xa mencionado.

Antonio **Bonet Correa**

De orixe coruñesa, naceu en 1925. Licenciouse en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Bolseiro do Instituto Padre Sarmiento, traballou co doutor Schlunk en Asturias e foi axudante de cátedra de Historia da Arte na Universidade compostelá. O goberno francés concedeulle unha bolsa en 1951 para ampliar estudios artísticos na Universidade de París e na Escola de Louvre, da que é diplomado en Museoloxía. Doutor pola Universidade de Madrid e profesor de Historia da Arte na mesma, exerceu tamén a docencia nas universidades de Murcia (1965) e Sevilla (1967), xa como catedrático. Académico de Bellas Artes de San Fernando, obtivo numerosas distincións e premios e desempeñou distintos cargos en institucións docentes e culturais dentro e fóra de

España. Desenvolveu así mesmo un moi amplo labor como conferenciante.

Colaborou con asiduidade na revista *Goya*, pero tamén publicou artigos e ensaios en *Cuadernos de Estudios Gallegos, Colección Grial, Archivo Español de Arte, Arbor, Apollo, Cuadernos de la Alhambra, Arte y Hogar* e numerosas publicacións do estranxeiro. Da morea de estudios da súa autoría anotamos algúns que teñen relación con Galicia, como *Ovidio Murguía. Estudio y catálogo de su obra* (1952), *Manuel Colmeiro* (1953), "Variaciones entorno al paisaje" (1955), "El urbanismo barroco y la Plaza del Obradoiro en Santiago de Compostela" (1959), "La arquitectura en Galicia durante el s. XVII" (1960), "Las peregrinaciones a Santiago de Compostela y el arte románico" (1961) e "Elena Colmeiro" (1962), entre outros.

Mellor que ningún outro dos colaboradores do Suplemento de *La Noche*, Bonet Correa exemplifica o caso do escritor continuamente agochado en pseudónimos. Así, algunhas veces era Andrés de Cernadas, outras o Vizconde de Cernadas e aínda o Vizconde de Trives, pero sempre nunha sección fixa, "Correo de París". A sección comeza a súa andaina no Suplemento do día 19-XI-1949, configurada en varios soltos ou notas da actualidade cultural (e sobre todo da artística), entre as que temos necrolóxicas, exposicións, conferencias, aniversarios, etc., sempre referido ó estranxeiro.

Borobó

Pseudónimo de Raimundo García Domínguez.

Carlos **Caba Landa**

Membro académico correspondente da R.A.G., naceu en Zaragoza en 1899. Realizou estudios nas universidades de París e Xénova. Colaborou co profesor criminólogo da Universidade de Padua na edición en castelán da obra *Sexología*, ademais, revisou e corrixiu a obra *Doctorado en Crímenes*, do Dr. Mattews, médico de Scotland Yard. Morreu en Donosti en 1976.

En colaboración co seu irmán Pedro publicou *Las ideologías del siglo* (1920) e *Andalucía: su comunismo y su cante jondo* (1933). En solitario, *Roger de Flor, adalid de almogávares* (1946), biografía novelada, e as novelas *Wolfram, Wolfram* (1947), *Caucho a la deriva* (1952) e *Crimen en la frontera* (1955), obra coa que obtivo o Premio El Buscón de 1956 e que foi traducida ó portugués co título *Sangue na fronteira* (1959). Á súa morte deixou inacabados varios traballos, entre os que destacan os relatos autobiográficos "Don Práxedes, historia de un sindicalista" e "Memorias de un hombre de nuestro tiempo", que non foran editados no seu tempo por problemas coa censura franquista.

Foi colaborador diario do xornal donostiarra *La Voz de España*, coa súa columna "Casos y cosas". Á revista pontevedresa *Sonata Gallega* contribúe co traballo "Buceos en torno a un problema no bien definido" (nº 12, 1949). A única colaboración no Suplemento del Sábado da autoría de Carlos Caba é o artigo "Editores y productores" (14-I-1950).

Fernando **Cadaval**

Pseudónimo de Ricardo Carballo Calero.

Alberto **Camino Sigüer**

Foi un dos precursores do Renacemento da literatura galega, que en Santiago estivo vencellado á celebración das festas do Nadal e ós vilancetes que se cantaban naquela ocasión. Nado en Ferrol en 1820, parte da infancia do escritor transcorreu en Burgos e Valladolid, pero en 1826 chegou a Santiago e foi curial nas terras do Xallas. En 1849 pasou a vivir en Madrid, onde morrería en 1861, sen deixar de escribir na prensa de Galicia durante os seus últimos anos.

Colaborou en publicacións como *El Iris de Galicia, El Recreo Compostelano, La Aurora de Galicia, Faro de Vigo, El Miño, Galicia, La Preseverancia* ou o *Semanario Santiagués* con poemas e artigos. Pero escribiu tamén para *La Antorcha*, de Barcelona, e *La Esperanza*, de Madrid.

A súa producción lírica en galego é moi reducida[1], sempre en poemas soltos. Deles, os máis coñecidos son as composicións, de carácter elexíaco, "Nai chorosa" e "O desconsolo", que apareceron en distintos xornais e revistas antes de ser recompiladas no volume *Poesías gallegas* (1896) preparado por Martínez Salazar e prologado por Leandro Salaregui y Medina.

As restantes composicións ("Lexos dela", "¡Dorme!", "A béldrica", "A foliada de San Xoán", "Repique", "Ao nacemento do real meniño" e algunha outra), amosan a un poeta costumista ou folclorista, autor de vilancicos e outras pezas que mesturan fondo sentimento e gracia rebuldeira.

Como acontece con outros moitos casos –dende trobadores do medioevo ata escritores dos séculos XIX e XX–, a presencia no Suplemento de Alberto Camino é pasiva e indirecta; é dicir, os coordenadores das páxinas literarias, por diferentes razóns (aniversarios, actualidade, etc.) inclúen textos destes autores a xeito de homenaxe, para reivindicalos ou, en ocasións, dálos a coñecer en traduccións ó galego. Alberto Camino só figura cun vilancico "Alegría, festa e rua..." (24-XII-1949) nun número do Suplemento dedicado ó Nadal na lírica galega.

Luis **Caparrós Múñoz**

Nacera en Sevilla en 1983 e estivo vencellado a Galicia –e particularmente á Coruña– dende a súa xuventude, pois alí desenvolveu unha longa actividade xornalística que o levou en 1948 a *La Voz de Galicia*, onde traballou arreo e na que, en 1963, comezou a súa serie máis popular, "Pluma de Medianoche". Paralelamente, os seus artigos apareceron en *La Noche, ABC, Destino, Arriba, Galicia Turística* e *Sábado Gráfico*. Foi subdirector de *La Hoja del Lunes* da Coruña e director da revista *Kilovatio*, impulsada pola empresa Unión Fenosa. Morreu na súa cidade natal en 1983.

Ademais do seu traballo na prensa, Caparrós cultivou o teatro nas pezas *A las doce en punto* e *El hombre roto*, levadas a escena por grupos de teatro experimental e de afeccionados. Tamén son da súa autoría *Playas*

[1] A súa obra poética foi estudiada por Xosé Mª Dobarro Paz en *Alberto Camino: Poeta galego*, Santiago de Compostela: Universidade, Facultade de Filoloxía, 1980.

innumerables (1964), *La sonrisa coruñesa y su por qué* (1967) e o libro de viaxes *Viaje a través de la Europa de la prosperidad* (1965), prologado por Augusto Assía.

Luis Caparrós colaborou en *La Noche* dende o ano 1949. O seu primeiro traballo –"Gerardo Porto, un pintor sincero" (13-VI-1949)– é anterior á aparición do Suplemento, ó que contribúe co artigo –que en realidade é unha entrevista– "D. Emilio Bidegaín evoca la vida de un empleado comercial hace ciencuenta años", (29-X-1949). Pintura, teatro, música e poesía son os temas tratados polo escritor, que frecuentou as páxinas do xornal de forma breve e irregular. Anotemos, como curiosidade, o seu poema "Desengaño del marinero" (1-XI-1949), un dos poucos que chegou a publicar.

Ricardo **Carballo Calero**

Nado na cidade de Ferrol en 1910, licenciouse en Dereito e en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Exerceu a docencia en diferentes centros educativos ata que, en 1972, obtivo a praza de Catedrático de Lingüística e Literatura Galegas na devandita universidade. Foi secretario do Seminario de Estudos Galegos, membro da R.A.G. e vicedirector do Instituto Padre Sarmiento. O seu pasamento tivo lugar en Santiago de Compostela en 1990.

Publicou dous poemarios en castelán, *Trinitarias* (1928) e *La soledad confusa* (1931). Xa en galego aparecen *Vieiros* (1931) e *O silenzo axionllado* (1934). Os libros *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) e *Salterio de Fingoy* (1961) foron incluídos na obra *Pretérito imperfeito (1927-1961)* (1980), á que seguiron os poemarios que completan o ciclo *Futuro condicional (1961-1980)* (1982), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e *Reticências...(1986-1989)* (1990), de publicación póstuma[2]. *A xente da Barreira* (1951), foi a primeira novela publicada en galego despois da guerra civil. En *Narrativa completa* (1984) está reunida boa parte da súa prosa, logo continuada en *Scórpio* (1987), a súa derradeira novela. Polo que se refire ó seu labor dramático, en *Teatro completo* (1982) están recollidas un total de oito pezas que constitúen a totalidade da súa producción.

Ricardo Carballo Calero



A súa obra científica, filolóxica e ensaística é amplísima, destacando en especial *Sete poetas galegos* (1955), *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955), *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963), *Gramática elemental del gallego común* (1966), *Problemas de língua galega* (1981), *Escritos sobre Castelao* (1989) e *Estudos e ensaios sobre a Literatura Galega* (1989). Colaborou con asiduidade en revistas como *Guión, Galiza, Resol, Papel de Color, Alba, Aturuxo, Galicia Emigrante, Vieiros* e *Grial*. A recompilación dos seus textos xornalísticos, así como dun feixe de pequenos estudios de carácter lingüístico e literario, figura no libro *Do galego e da Galiza* (1990). En 1992 Carmen Blanco preparou a edición de *Umha voz na Galiza: artigos de jornal (1933-1989).*

Carballo Calero chega ás páxinas de *La Noche* en 1949. Baixo o pseudónimo Fernando Cadaval, en castelán, publica media ducia de artigos sobre importantes figuras galegas (dous deles sobre don Augusto Ulloa).

No Suplemento alterna, ás veces coas siglas C. ou C.C., o emprego do galego e o castelán. Suman doce as súas achegas, "Grandal" (22-IX-1949) –sobre un famoso personaxe ferrolán morto a comezos do s. XIX e novelado por Francisco Suárez y García– é a primeira delas. A crítica literaria, particularmente sobre poesía, constitúe a temática máis frecuente dos restantes artigos do escritor e profesor ferrolán. Valla como exemplo a análise sobre tal xénero que fai en "Los problemas de la poesía gallega en 1949", no número correspondente ó 31 de decembro de 1949.

Leandro **Carré Alvarellos**

Xunto cos seus irmáns Uxío e Lois, Leandro Carré Alvarellos continuou o labor cultural que iniciara o seu pai Uxío Carré Aldao. Ademais do seu gusto pola gramática e a lexicografía, Leandro traballou os eidos da narrativa e do teatro, sen esquece-lo entusiasmo amosado pola cultura popular galega. Fundou e dirixiu a Editorial Lar, na que apareceron numerosas novelas curtas entre 1924 e 1927, catro delas da súa autoría: *Naiciña* (nº 4, 1925), *A propia vida* (nº 14, 1925), *O home que deu vida a un morto* (nº 21, 1926), "romance grotesco" entre humorístico e macabro, e *O xornal de Mavi* (nº 36, 1927). Anos despois publicou a novela *Nos picoutos de Antoín* (1955), premiada polo Centro Gallego de Montevideo. Ademais, xunto a Ánxel Casal, dirixiu a sección galega da revista *4 Ventos* de Braga. Finou na Coruña, a mesma cidade que en 1884 o vira nacer, no ano 1976.

Foi director do grupo "Cantigas da Terra" e posteriormente da Escola Dramática Galega, á fronte da que estivo ó longo de varios anos. Como actor teatral destaca a súa temática rural, costumista, e por veces a ambientación burguesa por un camiño moi próximo ás orientacións de Benavente, ou, mellor, de Linares Rivas, como afirmara o profesor Ricardo Carballo Calero. Entre as súas pezas teatrais atopamos: *Tolerías* (1918), *Enredos* (1919) ou *O pecado alleo* (1924). No ano 1928 publicou un interesante *Diccionario Galego-*

[2] A súa lírica en castelán ata 1947 non publicada en libro, está agora compilada en *Poesía perdida*, ed. de Claudio Rodríguez Fer, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1993.

Castelán, máis amplo no número de voces có de Valladares, e no ano 1967 unha *Gramática Gallega*.

Comeza a colaborar en *La Noche* en 1946 con dous artigos "El estudio de Rennert sobre el trovador Macías" e "A Santa Compaña". No Suplemento participa cun só traballo, "Teatro gallego" (14-I-1950), título que coincide co de outro artigo aparecido no interior do mesmo xornal o 22 de maio de 1948; ambos amosan o seu interese polos temas teatrais e o estado da dramaturxia do momento.

Xesús **Carro García**

Naceu en 1884 en Santiago de Compostela. Fixo a carreira eclesiástica na Universidade Pontificia Compostelana, especializándose en Arqueoloxía e Historia da Arte. En 1916 foi designado secretario da Sección de Historia e Arqueoloxía galegas da Sociedad de Amigos del País e a partir de 1928 encargouse da Sección de Arqueoloxía e Historia da Arte no Seminario de Estudos Galegos. Entre os anos 1928--1931 gozou dunha bolsa da Junta Superior de Ampliación de Estudios para estudia-los Museos de Arte de Francia, Inglaterra e Alemaña. No Instituto Padre Sarmiento ocupou dende a súa constitución a xefatura da Sección de Estudios Compostelanos e da Peregrinación. Ademais, foi académico de número da R.A.G. e membro correspondente do Instituto Español de Estudios Medievales e da Academia de Bellas Artes de San Fernando. Por último, un ano antes do seu pasamento, ocorrido en Compostela en 1973, concedéuselle a medalla de ouro ó Mérito Cultural e o título de fillo predilecto de Santiago de Compostela.

Publicou en castelán *Las Catedrales gallegas* (1950) e *Estudios Jacobeos* (1954). Xa en galego, foi responsable da edición paleoxeográfica da *Crónica de Santa María de Iria* (1951), manuscrito galego do s. XV, e colaborou con W.M. Whitehill e Germán Prado na edición do *Codex Calixtinus* (1944). Por último, en 1965 aparece *A pelegrinaxe ao Xacobe de Galicia*, o seu derradeiro libro. Colaborador asiduo nos medios escritos da época, parte dos seus traballos, moitos deles referidos a diversos aspectos da cultura compostelana, atópanse espallados por distintas revistas como *Nós, A Nosa Terra, Logos, Boletín da Real Academia Galega, Arquivos, Boletín de la Universidad de Santiago, Eco, Compostelanum, Spes, Cadernos de Estudos Galegos* e nos xornais *El Ideal Gallego, El Correo Gallego* e *El Pueblo Gallego*, entre outros.

A presencia de Xesús Carro en *La Noche* é serodia e mínima. Colabora no Suplemento cun único traballo (10-XII-1949), de tema eclesiástico, no número extraordinario dedicado á chegada a Compostela de Fernando Quiroga Palacios para ocupar a sé arcebispal.

Augusto María **Casas Blanco**

Ourense foi a cidade onde naceu, en 1906. Licenciado en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, pertenceu ó corpo de Funcionarios do Ministerio da Gobernación. Formou parte do Seminario de Estudos Galegos, á vez que colaborou en diferentes revistas e xornais, destacando como comentarista das tendencias e correntes de vangarda. Morreu en Barcelona en 1973.

Poeta incluído no grupo novecentista e prosista bilingüe, foi autor de cinco poemarios en galego: *O vento segrel* (1932), *Cantigas da noite moza* (1950), *Isa folla que vai polo río* (1954), *Alén* (1962) e *Servidume da treva* (1965). Ademais, foi autor dunha narración, *Muiñada de estrelas* (1926). A súa obra xira ó redor da saudade e, inicialmente, mantivo certos contactos coa lírica de Amado Carballo, para pouco a pouco converterse nun poeta intimista de sobrecolledora melancolía. Do seu labor como biógrafo salientamos, entre outros, os libros *El Papa Luna* (1944) e *Fray Junípero Serra, el Apóstol de California* (1949). Ó eido da narrativa pertence *La tierra del alma y otros cuentos* (1950). Finalmente, frecuentou os estudios literarios con aportacións como "Esquema da nova poesía galega" (1935) e "Las mejores poesías de Rosalía de Castro" (1946).

A súa colaboración no xornal *La Noche* principia en xullo de 1947 coa composición "Romance de Pedro Verdes", pertencente a *O vento segrel*. Non volverá publicar ata a aparición do Suplemento. Neste, ocúpase basicamente de temas literarios referidos a autores galegos (Otero Pedrayo, Lamas Carvajal, Rosalía de Castro, os precursores). Entre as súas colaboracións, seis en total, temos un poema, en galego, "Canzón da noite do meu corazón" (31-XII-1949), ilustrado co ex-libris do propio poeta.

José de **Castro Arines**

Realizou estudios de Filosofía e Letras nas Universidades de Santiago e Madrid, onde tamén estudiaría xornalismo na Escola Oficial e gravado na Escola Nacional de Artes Gráficas. Obtivo varias bolsas de investigación da Deputación de Pontevedra e Fundación March. Entre os cargos que desempeñou están os de director de cine documental e escenógrafo do Teatro Español de Madrid, ademais de funcionario da Presidencia do Goberno. Tamén foi redactor xefe da sección de arte do xornal madrileño *Informaciones*, membro fundador da Asociación de Críticos de España e numerario da Asociación Internacional de Críticos de Arte. Foille outorgado o premio Nacional de Literatura e o de Teatro do Ateneo de Madrid, cidade na que reside actualmente.

Dedicado fundamentalmente ó xornalismo, no que desempeñou diversas funcións, iniciouse no labor crítico en *El Alcázar* e posteriormente sería redactor--xefe da revista *Arte y Letras*. Traballou en *Mundo Hispánico* e sería correspondente en Madrid de publicacións coma *Diario de Barcelona* ou *Les Nouvelles Littéraires* de París.

Das obras que leva publicado indícanse: *Goya* (1962), *Alfonso Costa: conversación sobre vocación, pintura y manierismo* (1986), *La mano de José Luís Barros* (1990), o bilingüe *O libro das galerías galegas* (1975) e mais *As artes galegas* (1985). Son de destacar tamén numerosos ensaios monográficos sobre diversos autores, caso dos artistas galegos Luís Seoane –sobre quen publicou *Luís Seoane* (1963)– e Manuel Colmeiro.

Son máis de vinte as colaboracións de temática cultural que Castro Arines publicou en *La Noche* (en páxinas como "Artes y Letras" ou seccións como "Nuestras exclusivas") entre 1946 e 1949. Artistas galegos como Pérez Villamil, Urbano Lugrís, Laxeiro, Suárez Couto, Virxilio Blanco ou Cristina Mallo, a carón de escritores

estranxeiros como Thornton Wilder ou John Steinbeck, foron obxecto de atención en artigos escritos sempre en castelán.

Por contra, no Suplemento só aparece cunha entrevista (21-I-1950) a dous escritores, José Suárez Carreño e Carlos de Santiago.

Plácido Ramón **Castro del Río**

A vila coruñesa de Cee foi o seu lugar de nacemento en 1902. Nos seus anos de nenez e mocidade viviu en Glasgow e Londres, onde cursou estudios universitarios. Retornado a Galicia, residiu na Coruña e Vigo e exerceu de profesor de inglés no Instituto de Ensino Medio de Vilagarcía de Arousa. O seu pasamento produciuse en 1967.

Boa parte do seu labor literario consistiu nas traduccións ó galego de escritores de expresión inglesa. Neste sentido, colaborou con Florencio Delgado Gurriarán e Luís Tobío Fernández no libro[3] *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949), pero tamén é autor de estudios e traduccións de obras e composicións de Robert Burns, W. B. Yeats, Christine G. Rosetti, Robert L. Stevenson, William Blake, W. H. Davies e Omar Khayyám. Deste último traduciu –a través da versión inglesa de E. Fitzgerald– o célebre poemario[4] *Os Rubayyat*.

No Suplemento de *La Noche* (15-X-1949) colaborou coa versión ó galego de dous poemas de Christine G. Rosetti. Desta poeta traduciu diferentes composicións que foron publicadas na revista *Galicia* (nº 442, decembro de 1949) e difundidas pola BBC de Londres[5] no programa galego que, como guionista, –entre 1947 e 1956– realizou xunto con Fernández del Riego.

Colaborou en *El Pueblo Gallego* con artigos sobre política inglesa. Foi encargado de relacións exteriores do Partido Galeguista e participou na campaña do Estatuto Galego a carón de A. Bóveda, Castelao e Paz Andrade.

Andrés de **Cernadas**

Pseudónimo de Antonio Bonet Correa.

Vizconde de **Cernadas**

Pseudónimo de Antonio Bonet Correa.

Celso **Collazo Lema**

Nado na localidade coruñesa de Vimianzo en 1925, desenvolveu a súa actividade no terreo do ensaio, do xornalismo e da poesía. Ten feitos distintos estudios de crítica literaria nos que analizou a obra de Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal. Colaborou ademais en distintas revistas como *Alba* ou *Ínsula*. O seu labor principal desenvólvese no eido xornalístico, feito que lle permitiu viaxar por numerosos países. Traballou como correspondente do diario *Pueblo* en Londres e, ademais, foi delegado da Axencia Efe en Nova York.

Do seu importante labor como crítico e ensaísta mencionámo-los primeiros artigos por el publicados no xornal *La Noche*. O primeiro, titulado "Lo que viene de las islas", dátase do 31 de agosto de 1948. Un ano máis tarde, no 29 do mesmo mes, publica "Sentido y elocuencia de la obra de Lamas Carvajal". Na sección Artes y Letras, "Carta a un joven poeta" (22-IX--1949). As máis das súas colaboracións están no Suplemento del Sábado: "*Una bien cumplida dama*, de Henry James" (12-XI-1949); "Las novelas femeninas" (19-XI-1949), "Amor Ruibal, filósofo y filólogo" (10--XII-1949), "Los ojos apasionados" (17-XII-1949) e "Revista anual: La novela gallega" (31-XII-1949).

Só dous artigos –o primeiro deles datado en 1948– escribira Celso Collazo en *La Noche* con anterioridade á aparición do Suplemento. A súa colaboración neste tivo un evidente relevo, con especial atención ós temas literarios. Pero ademais das súas achegas a aquelas páxinas, atendeu –baixo o pseudónimo Xus– a columna da sección "La paja y el grano", na que tratou os temas máis dispares: dende o comercio e a electricidade, ata André Gide ou o empego do galego polos escritores. Daquela sección apareceron seis entregas, cunha cronoloxía irregular.

Álvaro **Cunqueiro Mora**

A vila de Mondoñedo foi o lugar onde naceu en 1911 o escritor Álvaro Cunqueiro. Cursou en Lugo o Bacharelato e en 1927 trasládouse a Compostela para ingresar na Facultade de Filosofía e Letras, na sección de Historia. Xa daquela principia a colaborar en xornais e revistas do momento como *Yunque*, *Resol*, *Papel de Color*, *Grial*, *Galiza Emigrante*, *Saudade*, *Finisterre*, *Atlántida*, *Escritos*, *Posío*, *Alba* e *Xistral*. Militou no Partido Galeguista e abrazou a causa republicana, pero rexeitou a alianza coas esquerdas cando se intentaba o ingreso na Fronte Popular. Tralo estoupido da guerra civil traballa na revista *Era Azul* e logo será redactor en *El Pueblo Gallego* de Vigo e en *La Voz de España* de San Sebastián. En 1939 ingresou no corpo de redacción de *ABC*, do que chegaría a ser subdirector, ó tempo que colaboraba tamén en *Vértice*, *Misión* e *Escorial*. De 1947 a 1957, logo de lle ser retirado o carné de xornalista, marchou a Mondoñedo, retomando o oficio de escritor e publica moitas das súas mellores obras. Tempo despois, colaborou en *Faro de Vigo*, en especial de 1961 –ano no que foi nomeado académico de número da R.A.G.– a 1970, momento no que cesa na dirección do citado rotativo, á que accedera en 1964. Coa chegada da democracia, subscribiuse ó proxecto Realidade Galega, de Ramón Piñeiro, e participou na campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia. O 28 de xaneiro de 1980 é investido Doutor *Honoris causa* pola Universidade de Santiago. Morreu en Vigo en 1981.

O seu primeiro libro poético é *Mar ao norde* (1932), no que amosa a súa rebeldía contra a tradición e a contemporaneidade. Seguiranlle *Poemas do sí e non* (1933), o seu poemario máis vangardista, e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), co que inicia a súa liña neotrobadoresca, que logo ha continuar en *Dona*

---

[3] Unha recensión do mesmo aparece no Suplemento (14-V-1950, p. 5), sen sinatura, na sección "Libros a la Vista".

[4] En *Grial*, nº 8, 1965, pp. 159-188.

[5] Algúns datos biográficos do escritor e diversas referencias ó seu labor literario nos programas da BBC figuran no volume *Galicia desde Londres*, edición de Raúl de Toro Santos e prólogo de Francisco Fernández del Riego, Oleiros-A Coruña: Ed. Tambre, 1994. Vx. especialmente as páxinas 40-43, 45-46 e 526-527.

do corpo delgado (1950). En *Obra en galego completa* (1980), aparece o poemario *Herba aquí e acolá*, amplo conxunto de textos poéticos compostos en distintas épocas da vida do autor. En español tamén contribuíu como poeta, cos libros *Elegías y canciones* (1940) e *Crónica de la derrota de las naciones* (1954), bilingüe castelán-galego. Como narrador, alterna igualmente o galego e o castelán. En galego escribe *Merlín e familia e outras historias* (1955), *As crónicas do Sochantre* (1956) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961). En castelán publica *Las mocedades de Ulises* (1960), *Un hombre que se parecía a Orestes* (1969) –que lle valeu o Premio Nadal–, *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca* (1972) e *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* (1974). A faceta de Cunqueiro como narrador complétase con tres libros de narrativa breve, *Escola de menciñeiros* (1961), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). No eido do teatro publica *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959) e *Don Hamlet e tres pezas máis* (1974), no que se recollen as súas catro pezas teatrais: *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, *A noite vai coma un río*, *Palabras de víspera* e *Función de Romeo y Julieta famosos namorados*. Obras de difícil clasificación son *A cociña galega* (1973) e *Tesouros novos e vellos* (1963), que foi o seu discurso de ingreso na R.A.G.

Doce artigos e dous poemas constitúen a presencia de Cunqueiro en *La Noche* no período 1946-1949. Os artigos, en castelán, adoitan ser cadros ou estampas descritivas de temática galega, con especial mención a Mondoñedo e Compostela. Xa no Suplemento, colabora ás veces co pseudónimo Álvaro Labrada (nalgún caso tamén baixo as iniciais A.C.). Traduce –cunha previa nota de presentación– poemas de Xofré Rudel, J.C.F. Hörderlin e Aloysius Bertrand. En prosa, celebra a chegada a Santiago do cardenal Quiroga Palacios ("Ben vido, don Fernando, a Santiago...", (10-XII--1949). Baixo o titular "Quaderna vía" (18-XII-1949) publica tres breves poemas, en galego, de tema relixioso.

Florencio Manuel **Delgado Gurriarán**

Nacido na localidade ourensá de Córgomo de Valdeorras en 1903, estudiou Dereito na Universidade de Valladolid e trala guerra civil exiliouse en México. En 1934 publica *Bebedeira,* libro de poemas inscrito dentro da corrente hilozoísta de Amado Carballo. Máis tarde, en colaboración con Plácido R. Castro e Lois Tobío Fernández, selecciona e traduce poemas de autores franceses –Arthur Rimbaud ou Paul Verlaine entre outros– para o volume *Poesía inglesa e francesa vertida ó galego* (1949), obra que foi premiada polo Centro Galego de Bos Aires. Anos máis tarde aparece un novo libro, *Galicia infinda* (1963), onde atopamos poemas practicamente bilingües escritos nunha especie de crioulo galego-mexicano. A súa derradeira contribución ás letras galegas constitúea o libro *Cantarenas: poemas: 1934-1980* (1981), que contén os títulos *Bebedeira, Valdeorresas e Dionisias*. Morreu en Estados Unidos en 1987.

Como xornalista codirixiu os números 1 e 2 de *Vieiros* (México) con Luís Soto Fernández e Carlos Velo Cobelas; tempo despois foi substituído por Xosé Caridad Mateo. Colabora tamén en *A Nosa Terra*, *Opinión Gallega* (de Bos Aires), *Grial* e *Alba*.

Álvaro Cunqueiro, por Siro

A súa presencia nás páxinas de *La Noche* só se produce unha vez no Suplemento. Neste colabora coa traducción ó galego (14-I-1950) dun poema –"Queixa dos soldados europeos"– do poeta e narrador francés Pierre Drieu La Rochelle.

Pierre **Drieu la Rochelle**

Naceu en París e combateu na Primeira Guerra Mundial, formando parte do grupo de intelectuais franceses que asumiron unha posición nacionalista e humanista, pero non sen unha actitude polémica e desacougada perante as consecuencias do enfrontamento bélico. Na Segunda Guerra Mundial posicionouse no colaboracionismo cos nazis e suicidouse en 1945, cando as forzas aliadas liberaron Francia.

Drieu la Rochelle chegou a dirixir a *Nouvelle Revue Française*. O seu pensamento, fondamente vitalista, xorde en ensaios como *Mesure de la France* (1922) ou *Le jeune européen* (1927). Aínda que cultivou a poesía, sen dúbida o máis coñecido do seu labor literario foron as novelas, entre as que destacamos, *Le feu follet* (1931), *La commédie de Charleroi* (1934), *Journal d'un homme troupé* (1934), *Gilles* (1939) e *L'homme à cheval*. Con carácter póstumo aparecen *Mémoires de Dirk Raspe* (1966). Maurice Barrès e Paul Claudel influíron na ideoloxía deste escritor, que, como novelista, está preto de André Malraux.

Na sección "Poemas de aquí e de alá" do Suplemento (nº4, do 14-I-1950) temos, como é habitual, unha nota biobibliográfica da autoría de S.(alvador) L.(orenzana) e o poema "Queixa dos soldados europeos" en versión galega de Florencio Delgado Gurriarán.

Eubensei

Pseudónimo de Manuel Beiras García.

Celestino **Fernández de la Vega Pardo**

Foi, sen dúbida, un dos máis relevantes ensaístas das letras galegas. Naceu na localidade luguesa de Friol en 1904. Estudiou Dereito nas Unversidades de Santiago de Compostela e Madrid. Depois da guerra civil gañou as oposicións ó Corpo de Administración Civil do Estado e foi destinado a Lugo, onde residiu ata o seu falecemento en 1986. En Lugo participou na vida local e nas principais tertulias. Pertence ó grupo de ensaístas da Xeración de 1936, xunto con García-Sabell e Ramón Piñeiro, nucleados arredor da editorial Galaxia.

Colaborou en diversas revistas e xornais como *El Progreso, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, La Noche, Grial, Seara Nova, Galicia Emigrante, Fantasía* ou *Ínsula* e en libros colectivos como *Presencia de Galicia* (1951), *7 ensayos sobre Rosalía* (1952), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1958) ou *Ramón Otero Pedrayo, a súa vida* (1958). *O segredo do humor*[6] (1963), único libro que nos deixou, é unha das aportacións máis sutís e precisas á comprensión do tema. En colaboración con Ramón Piñeiro traduciu o *Cancioeiro da poesía céltiga* (1952), publicado por Julius Pokorny en alemán, e *Da esencia da Verdade* (1956), de Martin Heidegger, cun importante prólogo sobre o pensamento heideggeriano. Como ensaísta dedicou especial atención ós temas filosóficos e ademais escribiu numerosos ensaios sobre distintas figuras galegas como Ramón Otero Pedrayo, Valle-Inclán, Rosalía, García-Sabell, Ánxel Fole ou Luís Pimentel; deste último, en 1959 realizou o estudio introductorio ó seu libro *Sombra do aire na herba.*

Aínda que a presencia de Celestino Fernández de la Vega en *La Noche* non se concreta ata a publicación do Suplemento, sabemos que dende Lugo seguía con interese as páxinas do xornal. No devandito Suplemento asinou catro traballos, consistententes nunha nota sobre o filólogo suízo Julius Pokorny e a traducción de catro dos seus textos. Con Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro e Fernández del Riego, integra Celestino Fernández de la Vega o grupo de colaboradores de *La Noche* de orixe luguesa.

Celestino Fernández de la Vega, por Siro

Santiago **Fernández**

Pseudónimo de Xaime Illa Couto.

Mario **Fernández Granell**



Mario Fernández Granell

Coruñés de orixe, naceu en 1914. Realizou en Santiago, ós catorce anos, a súa primeira exposición individual. Logo virían outras mostras en Pontevedra, Vilagarcía e, novamente, en Santiago. Ós dezaseis anos fundou a revista *Sir*, na que colaboraron Eugenio F. Granell e Luís Seoane. En 1931, en Madrid, entrou en contacto con Arturo Souto e incorporouse ó grupo *Avance*. Durante a guerra civil, marchou a Francia e ó retorno ingresa no cárcere da Coruña, onde se dedicaba a ilustrar libros infantís. Rematada a contenda, viaxou a Vigo e fixo traballos de decoración, cerámica e pintura.

Colaborou como ilustrador nas páxinas de *La Noche* e en *Alba* e realizou traballos de encargo para diversas entidades oficiais. En 1957 viaxa a Venezuela e en Caracas fai varias exposicións, todo á vez que escribe artigos en xornais e revistas. A partir de 1970 realiza novas exposicións en Lisboa, Vigo, Bos Aires, Bogotá e Valencia. Os seus cadros figuran en museos de Madrid, Pontevedra, Lugo, Lisboa e Nova York. Escritores e pintores como Celso E. Ferreiro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Fernández del Riego, Laxeiro e Xulio Sigüenza achegaron o seu labor ó surrealismo. Sinxeleza, trazo preciso, variedade temática, cores planas e xustapostas, dinamismo e xeometrismo son algunhas claves estéticas da súa obra pictórica.

É o ilustrador de máis presencia no suplemento de *La Noche*, para o que fixo viñetas, debuxos e tiras de ton humorístico, en particular na sección "Internos y Externos".

Francisco **Fernández del Riego**

Naceu na localidade luguesa de Vilanova de Lourenzá en 1913. Tras cursa-los primeiros estudios entre a súa localidade natal e Monforte de Lemos, en 1930 trasladouse a Madrid para inicia-los de Dereito, que continúa un ano despois en Santiago de Compostela, ó tempo que comeza os de Filosofía e Letras. Vinculado ás posturas republicanas, intégrase na F. U. E. e colabora en diversas iniciativas de orde política e cultural –con especial importancia no terreo xornalístico– con outros mozos, entre os que están Ricardo Carballo Calero, Antonio Fraguas ou os irmáns Lourenzo Fernández, amais de trabar relación cun grupo de intelectuais galegos residentes na capital madrileña, como Rafael Dieste, Gonzalo Torrente Ballester, Carlos Maside ou Urbano Lugrís. Afíliase

6 Vx. ó respecto a obra de Ramón López Vázquez, *Celestino Fernández de la Vega: Pensamento universal desde a provincia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 1993.

dende un comezo ó Partido Galeguista e sería o primeiro Secretario Xeral da Federación de Mocedades Galeguistas, participando en diversos mitins a prol do Estatuto de Autonomía. Tamén ocupara este cargo na agrupación de carácter xuvenil Ultreya á que pertencera. Vinculado ó Seminario de Estudos Galegos e á Editorial Nós, tomou parte na constitución de Galeuzka, en 1935.

Co remate da guerra civil, logo de ser destituído da praza de profesor axudante de Dereito Civil que ocupaba na Universidade de Santiago de Compostela dende había varios anos, viuse na obriga de abandonar esta cidade e fixou residencia en Vigo, onde tamén estaban outros galeguistas desafectos ó novo réxime. Dende Galicia, Valentín Paz Andrade, Carlos Maside, Enrique Peinador ou Gómez Román, ademais de Salvador Lorenzana, emprenden a difícil tarefa da restauración do galeguismo político na clandestinidade. O seu labor foi decisivo nesta empresa, que dende os anos corenta se ve reforzada coa colaboración dos intelectuais galegos exiliados (casos de Castelao, Rafael Dieste ou Luís Seoane), na tentativa por acada-la vindicación da personalidade de Galicia e facer fronte á nova e difícil situación.

Participa na fundación da Editorial Galaxia, da que habería ser secretario do Consello de Administración. En 1960 é elixido membro numerario da R.A.G. e a partir de 1963 converteuse no promotor do Día das Letras Galegas. Neste mesmo ano principia a codirección, con Ramón Piñeiro, da revista *Grial*, tarefa que desempeñará ó longo de vintecinco anos. Un ano máis tarde toma a dirección da Fundación Penzol, cargo que segue a exercer na actualidade, e participa na fundación do P.S.G. No terreo profesional, seguiu a traballar como avogado e xerente de distintas empresas, onde xogou un decisivo papel como intermediario entre patronal e representantes sindicais. En 1992 convertéuse no primeiro Doutor Honoris Causa da Universidade de Vigo, título que habería que adxuntar a numerosos galardóns obtidos ó longo da súa vida.

Infatigable colaborador da prensa escrita e de numerosas revistas, co seu nome ou baixo diversos pseudónimos, a afirmación da personalidade de Galicia maniféstase nos seus traballos aparecidos en medios tanto galegos coma da diáspora; entre eles, *Alento*, *A Nosa Terra*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Colección Grial*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *Galicia*, *Galicia Emigrante*, *Grial*, *Heraldo de Galicia*, *La Noche*, *La Voz de Galicia*, *Nós*, *Ser*, *Universitarios*, *Vallibria*, *Vida Gallega* e *Vieiros*.

Dos numerosos títulos que leva publicado destacamos: *Cos ollos do noso esprito* (1949), *Galicia no espello* (1954), *Escolma de Poesía Galega. IV: os Contemporáneos* (1955), *Letras do noso tempo* (1974), *Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores* (1976), *Un País e unha Cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores* (1973) –discurso de ingreso na R. A. G.–, *Antoloxía da poesía galega* (1975-1980), *Manual de Historia da Literatura Galega* (1981), *Pensamento galeguista do s. XIX* (1983), *Pensamento galeguista do século XX* (1983), *Ánxel Casal e o libro galego* (1983), *Escritores de Portugal e do Brasil* (1984), *Historia da Literatura* (1984), *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990) ou *A Xeración Galaxia* (1996). É autor tamén de versións de libros de fóra ó galego, como asemade vocabularios, ademais de ter realizado diversas escolmas, prologar libros e compoñer limiares, en obras individuais ou de autoría colectiva. Entre os estudios particulares sobre algunha figura literaria contan, entre os máis recentes, *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo: vivencias e fabulacións* (1991) e *Blanco Amor, emigrante e autodidacta: a súa vida literaria* (1992). Tamén escribiu, no eido da narrativa, *O cego de Pumardeón* (1992) e o relato *San Andrés de Teixido* (1993).

Co seu ben coñecido pseudónimo Salvador Lorenzana (ou coas iniciais S. L.), Francisco Fernández del Riego xogou un fundamental papel nas páxinas culturais de *La Noche*. Sorprende nas mesmas a insólita amplitude do seu labor, asiduo e constante, sempre interesado no pasado e presente de Galicia e a súa cultura. A meirande parte das súas achegas figuran na súa sección "Un tema gallego cada semana", pero comparece tamén noutras como "Nuestras exclusivas", "Plumas y Letras gallegas", "Artes y Letras", "Caleidoscopio gallego", "Con pluma ajena" e artigos en primeira páxina.

As achegas de Fernández del Riego en *La Noche* –arredor de cento sesenta– son polo xeral de longa extensión e o uso do castelán é predominante. Hai, sen embargo, unha estimable parte delas en galego. Cronoloxicamente, o seu primeiro artigo foi "Rosalía de Castro. Poetisa del dolor y del paisaje" (20-II-1946). Logo ía seguir unha morea deles sobre escritores galegos: Rafael Dieste, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Manuel Murguía, Lamas Carvajal, Aquilino Iglesia Alvariño, Amado Carballo, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro e moitos máis. Tampouco esqueceu a artistas como Suárez Llanos, Colmeiro, Prego de Oliver, Laxeiro, o escultor Eiroa, etc. Non faltaron tampouco páxinas sobre a situación da lingua, o teatro galego, a paisaxe, temas e figuras históricas, escritores españois e outras cuestións sempre relativas ó ámbito cultural.

Xa no Suplemento, desenvolveu un salientable labor de dirección. Esta tarefa non lle impediu colaborar naquelas páxinas con artigos sobre Lamas Carvajal, crí-



Francisco Fernández del Riego, por Siro

tica de libros e notas de poetas estranxeiros traducidos ó galego. Contamos, en total, catro colaboracións da súa autoría.

Xosé Filgueira Valverde

Naceu en Pontevedra en 1906. Estudiou Dereito en Compostela e tempo despois continuou coa carreira de Filosofía e Letras na sección de Historia. Foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, dentro do cal dirixiu a sección de Historia da Literatura entre 1922 e 1936. Na súa cidade natal foi profesor axudante da cátedra de Lingua e Literatura Españolas (1927) no Instituto de Ensino Medio, centro no que anos despois exerceu como catedrático. Dedicado ó mundo do ensino foi animador de diferentes actividades extraacadémicas onde colleitou importantes éxitos. O seu pasamento aconteceu en Pontevedra en 1996.



Xosé Filgueira Valverde, por Siro

Fundador do Museo de Pontevedra (1927) foi o seu secretario ata 1942, en que chega á dirección do mesmo. O Museo, do que tamén foi director emérito, é tamén Centro de Estudios Locais e lugar de encontro e estudio para os numerosos investigadores que acceden á súa biblioteca.

Xosé Filgueira foi conselleiro de número do C. S. I. C. (1948), membro da delegación do mesmo en Galicia (1943), membro do Instituto Padre Sarmiento e director do mesmo no ano 1972. Presidente do Consello da Cultura Galega (1991) e numerario da R.A.G., da Real Academia da Historia e correspondente da R.A.E. e a de Bellas Artes de San Fernando, así como as de Sevilla, Málaga e A Coruña e tamén da Academia de Sciencias de Portugal. En 1996 foille concedido o Premio das Artes e das Letras de Galicia. É Doutor Honoris Causa polas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. Concedéuselle tamén a Medalla Castelao en 1995.

Colaborador de diferentes xornais e revistas (*Nós, Logos, Cuadernos de Estudios Gallegos, Grial...*), ten unha importante producción bibliográfica, recollida na serie *Adral* entre 1979 e 1994; un conxunto de traballos que abranguen variados eidos do saber e, ó mesmo tempo, unha miscelánea que demostra a súa capacidade de investigación e didactismo.

Entre outros títulos da súa autoría anotamo-lo conxunto de prosas breves reunidas en *Os nenos* (1925); o retrato –situado no escenario da Pontevedra de antanodun popular personaxe en *O vigairo* (1927); a breve peza teatral *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), asinada co pseudónimo J. Acuña; o poemario *Seis cantigas de mar "in modo antico"* (1941) e a serie de textos de recreación da temática popular en *Quintana viva* (1971). No eido do ensaio publicou numerosos traballos sobre figuras como Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, Cabanillas, Cunqueiro ou Camões.

Suman case trinta as colaboracións de Filgueira Valverde en *La Noche* entre 1946 e 1949. Escritas sempre en castelán, constitúen longos artigos, polo xeral de temática galega (pintores, arte sacra, museos, arqueoloxía, poesía, música), con abondosas referencias pontevedresas e compostelás.

Novamente temos un caso de colaboración mínima no Suplemento, en contraste coa frecuente presencia do escritor con anterioridade á publicación do mesmo. Esta presencia redúcese a un artigo (10-XII-1949) –esta vez en galego– que é un retrato do arcebispo Lago González.

Ánxel Fole Sánchez

Pasou a infancia en Lugo, onde naceu en 1903, e alí fixo os estudios primarios e secundarios. En 1927 marcha a Valladolid para iniciar as carreiras de Dereito e Filosofía e Letras e nese mesmo ano escribe o seu primeiro artigo no xornal *La Provincia*. Participa, en 1930, na creación do semanario republicano *Ahora*, que cambiou de cabeceira ó ano seguinte pola de *Guión*. Un ano despois inicia a sección "Cartafolio de Lugo" en *El Progreso*, onde aparecerá o seu pseudónimo máis coñecido, Neumandro. Foi redactor de *El Pueblo Gallego*, no que tamén terá unha sección, "Andar y ver" (que reapareceu anos despois como "Camiños de Galicia" e estivo presente tanto en *La Noche* como en *El Progreso*). Posteriormente, funda a revista *Yunque* e colabora en *Resol*, *Ínsula* e *Horizontes* baixo o pseudónimo Bacurín. A partir de 1946 aparece en *La Noche*, desde 1949 en *Faro de Vigo* e a partir de 1961 manterá a sección "Plaza Mayor" en *Hoja del Lunes*. Ademais, colaborou[7] en *Vida Gallega*, *Chan*, *Teima*, *A Nosa Terra*, *Grial* e en revistas do exilio como *Galicia Emigrante* e *Vieiros*. Por todo este traballo como articulista, no ano 1975 foi nomeado Membro de Honra da


Ánxel Fole, por Maside

[7] Para outras referencias biobibliográficas sobre o autor pódense consultar: Claudio Rodríguez Fer, *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1981; Carlos Casares, *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo: Galaxia, 1984; Xosé de Cora, *Homes de Fole*, Vigo: SEPT, 1983 e, Tareixa Castro, *O trasmundo de Ánxel Fole*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1987. Tamén o número monográfico da revista *Grial* –nº 95, 1967– dedicado a Ánxel Fole e Celestino Fernández de la Vega.

Asociación de Prensa de Lugo. Anteriormente, en 1963, ingresara na R.A.G. Finou en 1986.

Iníciase como narrador con *Auga lizgaira* (1936), libro de contos que non chegou a publicarse a causa da guerra civil. A súa primeira obra publicada data de 1952, *Á lus do candil*, seguida por *Terra Brava* (1955) e *Pauto do demo* (1958), única incursión do autor no teatro. Con posterioridadde apareceron *Contos da néboa* (1973) e *Cartafolio de Lugo* (1981); neste último temos unha recompilación de setenta e catro artigos en castelán publicados en *El Progreso* entre 1929 e 1980. Finalmente, *Historias que ninguén cre* (1981) é un conxunto de relatos de misterio publicados en distintos xornais e revistas. Inédita queda *A liorta*, especie de conto dramático de carácter humorístico que non foi rematado. En canto á poesía, cultivouna en maior medida antes da guerra, en castelán, sen chegar a escribir ningún poemario de verdadeira relevancia.

Como Ánxel Fole ou baixo o seu pseudónimo Neumandro, colaborou o escritor lugués en *La Noche*, onde publicou algo máis dunha ducia de traballos entre 1946 e 1949, o primeiro deles "Estampas da Terra brava" (10-IX-1946). No Suplemento do xornal temos catro novas achegas de Fole, que se manifesta case sempre en castelán. Literatura, lingua, pintura, anécdotas e tipos curiosos son temas preferidos deste autor. Lembremos aquí que Fole creou o seu propio suplemento literario nas páxinas de *El Progreso* de Lugo. Foi "Táboa Redonda", que comezou a súa xeira en maio de 1970.

Xosé Luís **Fontenla Méndez**

Nacido en Pontevedra en 1915, fixo os seus estudios de ensino medio no Instituto daquela capital e despois pasou á Escola de Maxisterio. Formou parte dos grupos de mozos de "Ultreya", organizados por Álvaro de las Casas. Traballou nos equipos socio-pedagóxicos do Seminario de Estudos Galegos e pertenceu ás Mocedades Galeguistas. Estivo así mesmo integrado en "Labor Gallega" de Pontevedra e formou parte da Dereita Galeguista.

Asistiu, en calidade de xornalista, ó proceso de Alexandre Bóveda. Despois da guerra dedicouse ó ensino e estivo destinado na localidade pontevedresa de Arbo. Traballou como inspector de ensino primario e foi tamén xestor administrativo.

Tivo parte activa na fundación da Editorial Galaxia e en 1949 colaborou nas páxinas do Suplemento del Sábado de *La Noche* –aínda que sen asinar endexamais– no labor de traducción ó galego dos textos dos evanxeos, tarefa na que tamén interveu Xaime Illa Couto. Membro do corpo de redactores da revista católica *Logos*[8], foi tamén un dos fundadores da Editorial SEPT, de orientación cristiá. En Pontevedra impulsou a creación do Ateneo e o Cine-Clube e colaborou para que se dixeran as misas en galego, de acordo cos textos do Concilio Vaticano II. En 1965 viu a luz unha traducción súa do ordinario da Santa Misa.

Mantivo Fontenla Méndez relación e amizade con Castelao, Álvaro de las Casas, Alexandre Bóveda, Manolo Torres, Otero Pedrayo, Iglesias Vilarelle, Filgueira Valverde e Vicente Risco. Participou na creación da Democracia Cristiana Galega e, en 1974, do Partido Socialista de Galicia.

Antonio Fraguas, por Siro

Antonio **Fraguas Fraguas**

No ano 1905 naceu na localidade pontevedresa de Loureiro de Cotobade. Realizou estudios de bacharelato na cidade de Pontevedra, tras do que cursou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, na que se habería de licenciar en 1928, doutorándose con posterioridade coa tese *El Colegio de Fonseca,* publicada en 1950. Tras desempeñar distintos cargos relacionados co mundo do ensino, entre os que cabe destaca-lo de Profesor Auxiliar de Xeografía na Facultade de Santiago, en 1950 obtivo a cátedra de Instituto pola especialidade de Xeografía e Historia, desempeñando esta actividade primeiro en Lugo e logo en Santiago de Compostela –no Instituto Rosalía de Castro– ata a súa xubilación.

Investigador, especialmente sobre temas de folclore, etnografía, antropoloxía, música, historia e xeografía, a súa actividade remóntase xa ós tempos do Seminario de Estudos Galegos, no que ingresou en 1928, participando nas seccións de Xeografía, Etnografía e Folclore. Encargado da biblioteca e secretario do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, foi un dos fundadores do Museo do Pobo Galego, institución da que é director honorífico. Ademais, é membro numerario da R.A.G. –dende o ano 1951–, da Real Academia Galega de Ciencias e Cronista Oficial de Galicia dende 1993.

Entre os numerosos premios que conta no seu haber son de referencia obrigada o Premio Pedrón de Ouro, o Premio Trasalba, a Medalla de Ouro da Cidade de Santiago, o Premio Otero Pedrayo ou o Premio de Investigación da Xunta de Galicia. Da extensa nómina de publicacións de carácter periódico que acollen a súa sinatura cómpre facer referencia, entre outras a: *A Nosa Terra*, *Boletín Auriense*, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *El Compostelano*, *El Correo Gallego*, *El Pueblo Gallego*, *La Noche*, *Nós*, *Vida Gallega*.

---

[8] En 1983 a editorial Sotelo Blanco tirou unha edición facsímile, en dous volumes, de *Logos. Revista de Cultura Relixiosa.*

Da longa serie de obras da súa autoría, cómpre citar títulos como *O Culto ós mortos* (1931), *Manuel Murguía, o patriarca* (1979), *Aquilino Iglesia Alvariño: vida e obra. Escolma de textos* (1986), *Romarías e santuarios* (1988), *Celso Emilio Ferreiro* (1989) e *Galicia máxica* (1992) entre outros. Realizou tamén numerosos traballos en libros de carácter colectivo como a *Historia de Galicia* (1980). Publicou tamén os relatos *O conto do Serafín* e *O Santuario da Franqueira* (1993) na colección Contos do Castromil.

Arredor de vinte son as achegas de don Antonio Fraguas en *La Noche*, xa a partir de 1946. Escritas todas elas en castelán, tratan sobre temas e figuras galegas (o Padre Eiján, Suriña de Cambados, etc.), en particular relacionadas con Compostela.

No Suplemento unicamente figura un artigo seu (10--XII-1949): unha biografía de don Afonso de Fonseca y Acevedo, arcebispo de Compostela.

Raimundo **García Domínguez**

A vila pontevedresa de Pontecesures foi o seu lugar de nacemento, en 1916. Licenciado no ano 1936 en Filosofía e Letras (sección de Historia) pola Universidade de Santiago de Compostela, o estoupido da guerra civil malogrou a súa intención de se dedicar á docencia (foi precisamente durante a loita cando publicou os seus primeiros artigos nun xornal de campaña chamado *Estímulo* e descubriu así o que sería a súa profesión de por vida). Participou na contenda no bando republicano e no remate da mesma pasou por diversos cárceres (Carabanchel, Alcalá, Porlier, etc.).

Afiliado ó PSOE desde os últimos anos da guerra, actuou na clandestinidade nos anos corenta, servindo de enlace entre os socialistas galegos e a dirección do partido en Madrid. Tamén por estas datas inicia a súa colaboración en xornais e revistas tanto da capital como da periferia. En *El Español, La Estafeta Literaria, Fantasía, Madrid* e *La Noche* (onde comeza a escribir a súa columna "Anacos") publica os seus primeiros artigos; con posterioridade, a esta nómina haberá que engadir *El Correo Gallego, 3E, Arriba* (coa columna "Callejón del Gato"), *Blanco y Negro, El Imparcial, El Socialista, Qué, ABC, Pueblo, El Sol, El Ideal Gallego, La Región, Diario de Pontevedra, La Voz de Galicia, Atlántico Diario* e *Xornal Diario*, publicacións nas que colaborará ó longo da súa vida tanto co seu nome como baixo pseudónimos como Borobó, Julio Sierra, Raimundo Lozano, Don Gallego e mesmo o heterónimo Ánxelo Novo.

En 1947 instálase en Santiago de Compostela por motivos profesionais e dentro da redacción de *La Noche* vai ocupando diversos cargos ata chegar, no ano 1960, a se-lo director. En febreiro de 1966 é destituído deste posto e cesa como Cronista Oficial de Santiago. Marcha a Madrid e alí traballa como Redactor Xefe de Arquivos da Axencia Efe ata a súa xubilación e funda *Chan* (1969), revista que pretendía se-lo órgano dos galegos fóra do país.

Publica en 1986 *El fantasma de Valle-Inclán*, obra que constituirá o primeiro tomo dos *Papeles de Borobó*, que comprenden a súa producción completa (teatro, narrativa, estudios históricos e biográficos e o seu moi amplo labor como xornalista). A continuación saca do prelo *Pablo Iglesias, el gallego, Libro de los tropiezos, Raíz mágica del 1º de Mayo*, e *Primeros Anacos Santiagueses* (1990), estes últimos publicados por Ediciones de Ánxelo Novo, unha empresa persoal do autor. O libro *La tremenda niñez de la Bella Otero*, despois de aparecer en diversos xornais e na revista *Chan*, foi rescatado para a Biblioteca 114 de *El Correo Gallego*. Algo semellante aconteceu con *Xan Po'reás, burlador de diablos*, que viu a luz nun primeiro momento en *Fantasía* e logo foi traducido ó galego e formou parte dos Contos do Castromil. É autor, así mesmo, de varias pezas teatrais inéditas, *Duce, Duce!, ¿Quién mató el Meco?, Elección parcial, Rodrigón* e *Aura, o el complejo de Polícrates* e dun guión *Tina, la piñeira*, publicado nas páxinas de *Fantasía*.

É membro correspondente da R.A.G. e forma parte da mesa directiva do Padroado Rosalía de Castro. No ano 1986 obtivo o VII Premio Julio Camba de xornalismo por unha serie dos seus Anacos. Xa en 1982 concedéronlle o Pergameo de Honra e Loubanza do Pedrón de Ouro. En 1996 foi obxecto dunha homenaxe tributada por parte do Clube de Xornalistas Galegos en Madrid.

O nome de Raimundo García Domínguez está moi fondamente vencellado[9] a *La Noche*. Na última páxina do xornal compostelán, habitualmente a carón da diaria "Nebulosa" de Manuel Rabanal, aparece a súa columna xornalística que dá vida ás series "Lacón con Grelos", "Cacho de Broa", "Anacos" e "Atlas en el Toral" (esta última baixo o pseudónimo Julio Sierra). Coa excepción xa anotada, estas series aparecen asinadas co seu pseudónimo máis popular, Borobó, (nalgún caso coas iniciais B.R.B.)

A importante e cotiá presencia de Borobó nas páxinas de *La Noche*[10] contrasta notablemente coa súa ausencia no Suplemento. Neste unicamente publicou unha nota –"*La Noche*, supersónica" (15-X-1949)– sobre a distribución do xornal en Galicia. Ó seu carón, aparece o "Guión" programático de Illa Couto, que sen embargo non asina o escrito.

Ricardo **García Suárez**

Naceu en Ferrol en 1918. Licenciouse en Medicina pola Universidade de Santiago e exerceru como médico en Euskadi e máis tarde en Vigo. O seu quefacer intelectual desenvólvese nun dobre eixe, a literatura e as artes plásticas. Para as súas colaboracións artísticas

---

9 O labor de Raimundo García Domínguez en *La Noche* aparece comentado por el mesmo na súa colaboración no apartado de Presentacións deste libro.

10 Co gallo do cincuentenario da aparición de *La Noche*, o seu xornal irmán, *El Correo Gallego*, publicaba (1-II-1996) un "Suplemento commemorativo de los cincuenta años del diario *La Noche*". Pódense ler nel interesantes artigos de Xosé Filgueira Valverde, José A. Valente, Salvador García-Bodaño, Antonio Fraguas, Benito Varela Jácome, Luz Pozo, Manuel Quintáns, Pura Vázquez, Manuel María, José Sánchez Reboredo e o propio Borobó, entre outros. Con posterioridade (Marzo de 1996), baixo a cabeceira Anacos, publicouse un "Suplemento cultural editado por *El Correo Gallego, O Correo Galego* y los amigos de Borobó" no que aparecen unha ducia de artigos pertencentes á célebre sección de Borobó.

(e ás veces tamén para as literarias) empregaba o pseudónimo Xohán Ledo.

García Suárez escribiu o limiar de *Nasce un árbore* (1954), de Rodríguez Mourullo e, como Xohán Ledo, fixo as ilustracións do mesmo. É coautor, xunto a Álvaro Cunqueiro, do estudio *Maside* (1954), sobre a obra pictórica do artista galego. Ilustrou moi importantes obras da literatura galega, entre as que cómpre salientar *Roseira do teu mencer* (1950), de Xosé Mª Álvarez Blázquez; *Entre a vendima e a castañeira* (1957), de Ramón Otero Pedrayo; *Centileos nas ondas* (1958), de Gonzalo López Abente; *A revolta e outras farsas* (1965) e *Camiño bretemoso* (1969), de Xosé Neira Vilas; *A outra banda do Iberr* (1965), de Xohana Torres e *Á lus do candil* (1953), de Ánxel Fole, sempre baixo o pseudónimo Xohán Ledo.

No suplemento de *La Noche* témo-las únicas colaboracións de Xohán Ledo, unha narración curta –cunha ilustración– en castelán, "Un marido feliz" (15-IX--1949) e a ilustración que figura no número do 22 de outubro de 1949, asinada coas iniciais correspondentes ó seu pseudónimo.

Cándido **Alfonso González**

Nado en 1905 na Coruña, emigrou ben cedo á Arxentina e colaborou en publicacións da emigración galega daquel país. Foi subdirector do semanario *Galicia*. Morreu en 1964 en Bos Aires.

Como autor dramático cultivou a comedia. Entre as súas pezas teatrais salientamos *Mala semilla* (1932), *Por la pendiente* (1932) e, xa en galego, *Esfolla na eira*, *Terra nosa* e *Adiós, nós*, escritas e representadas entre 1944 e 1948. A comedia *Mal de ollo* (1954) obtivo un ano antes o Premio Castelao de teatro do Centro Galego de Bos Aires; o libro foi prologado por Domingo García-Sabell e vai acompañado da partitura musical de Adolfo Anta Seoane e portada de Laxeiro. Escribiu tamén varias lendas, entre as que citamos "A moza do risco roxo", "A tumba dos namorados" e "O castelo da lúa". É tamén autor dunhas *Glosas galegas*.

Contribúe ó Suplemento co artigo "Carta de América" (7-I-1950), carta escrita en Bos Aires na que se refire ó cincuentenario de Alfredo Brañas, ás revistas literarias galegas e ó Círculo Provincial Coruñés da capital arxentina.

Thomas **Hardy**

Escritor británico, naceu en Dorsetshire en 1849. Estudiou arquitectura, pero ben cedo se dedicou á literatura. Morreu en 1928 en Max Gate-Dorchester. Despois dalgún fracaso inicial, a súa primeira novela ben acollida pola crítica foi *Under the greenwod tree* (1872), seguida un ano despois por *A pair of the blue eyes*. Outros coñecidos títulos da súa novelística son *Far from the madding crowd* (1874), *The mayor of the Casterbridge* (1886), *The woodlanders* (1887) *Tess of the D'Urbervilles* (1891) e *Jude the obscure* (1891). Escritor fondamente pesimista, pintor do mundo rural e os seus costumes, Hardy abandonou a narrativa pola poesía e como lírico publicou *Poems of the past and present* (1901), *The dynasts* (1908), *Satires of circumstance* (1914) e *Moment of vision* (1917). Tentou tamén o teatro, xénero no que deixou un drama de tema artúrico, *The famous tragedy of the queen of Cornwall* (1922).

No Suplemento de *La Noche* (21-I-1950), na habitual sección "Poemas de aquí e de alá", temos unha curta referencia sobre o escritor e a versión ó galego –feita por Plácido R. Castro– do seu poema "I look into my glass" ("No meu espello miro...")

José Mª **Hernansáez**

Os datos biobibliográficos deste colaborador de *La Noche* foron obxecto de investigación por Baldomero Cores e figuran no apartado correspondente do seu traballo de presentación neste mesmo libro. Remitimos, xa que logo, a esas páxinas que deslindan a existencia dos Hernansáez (pai e fillo) e corrixen erros de Couceiro Freijomil[11] e de Lourenzo Fernández Prieto[12].

Johann Christian Friedrich **Hölderlin**

Escritor alemán, naceu en Lauffen en 1770. Educado relixiosamente, incorporouse primeiro ó Instituto de Nurtingen e, posteriormente, pasou polos conventos de Denkendor e Maulbroon. Con dezaoito anos incorpórase ó "Stift" de Tubinga para cursar Teoloxía, de onde sae no ano 1722; das múltiples amizades feitas alí, destacan as de Hegel e Schelling. Foi, ademais, estudioso de Kant, Spinoza e Rousseau. Habilitado para o cargo de pastor, que non chegou a exercer, no ano 1793 apoiou os ideais que promovía a Revolución Francesa. En Jena, seguiu a Fichte e a Schiller e, en Weimar, relaciónase con Goethe e Herder. A partir de 1796 mantén unha intensa amizade con Suzette Gontard, inspiradora e modelo, que na súa obra Hölderlin chama Diotima.

Residiu en Homburg, Hauptwyl, Burdeos e Alemaña, onde coñece a morte de Suzette. Bibliotecario, a partir de 1804 o seu estado mental lévao cara a unha progresiva esquizofrenia; en 1806 é internado na clínica psiquiátrica da Universidade de Tubinga e algún tempo despois é trasladado á beira do Neckar. Ó longo de case corenta anos dedicouse á música e á composición de poemas que asinaba co nome de Scardanelli. Morreu en Tubinga en 1843.

Da súa obra salientamos unha traxedia *Der Tod des Empedokles* e unha novela epistolar, *Hyperión oder der Eremit in Griechenland;* do seu labor poético, hai que referi-los títulos: *Abendphantasie, Ganimedes, Der Archipelagus, Der Einzige, Der Rhein* e *Andenken*. Seguidor de Schiller, a súa lírica foi pasando por progresivas fases, indo dende a poesía de metros clásicos, de exaltación da natureza, ata a historia, e os versos cada vez máis indescifrables e inconexos que denotaban ese proceso mental dexenerativo.

No Suplemento, en versión galega de Álvaro Cunqueiro, ofrécense tres breves poemas titulados "Adeus", "Edades da vida" e "Primaveira" (12-XI--1949).

---

11 Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Bibliófilos Galegos 1951-1954.

12 Lourenzo Fernández Prieto, "Hernansáez y Moscoso, José María. Agronomía", en *Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores, 1868-1936*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro/Seminario de Estudos Galegos, 1993, pp.177-178.

Aquilino **Iglesia Alvariño**

Nado en 1909 na localidade luguesa de Seivane, logo dos primeiros estudios ingresa no seminario de Mondoñedo. Estudia Latín, Filosofía e Teoloxía. Trasládase a Compostela onde, gracias a Cunqueiro e Luís Manteiga, entra en contacto con xentes do mundo cultural e remata como director de *A Nosa Terra* durante un breve período de tempo. No ano 1933 vai a Vilagarcía e exerce a docencia no Colexio León XIII. Na década dos coarenta comeza en Compostela estudios de Filosofía e Letras, sección de Historia, que rematará no curso 1943-1944. En 1947 é elixido membro da R.A.G. e gaña o Premio Adonais coa obra, aínda inédita, *Lejana voz*. No ano seguinte gaña a cátedra de Latín sendo destinado a Lugo e posteriormente a Pontevedra (1949-1954). En Santiago exerceu a docencia como catedrático no Instituto Rosalía de Castro e traballará no Instituto Padre Sarmiento. Finou nesta cidade en 1961.

Aquilino foi un poeta[13] seguidor da súa xeración, a do 1936, con composicións inscritas no neotrobadorismo, ruralismo ou clasicismo. De 1930 data o seu primeiro libro, *Señardá,* que, segundo el mesmo confesaría na Autobiografía, fora escrito no ano 1928. O segundo poemario, *Corazón ao vento*, aparece en 1933. Xa na posguerra publica en Bos Aires *Contra el ángel y la noche* (1941). De novo en galego sae do prelo, en 1947, *Cómaros verdes*. No ano 1961 ven a luz *Lanza de soledá*[14] e *Nenias*. Finalmente, con carácter póstumo, aparece *Leva o seu cantare* (1964). Ademais, é autor de numerosas traduccións ó galego, así: "Poemas de John Masefield" (1949); *Galliciense Carmen* (1950), de Venancio Fortunato; *Carmina* (1951), de Horacio; "A vixilia de Venus" (1960); "As meigas" (1961), de Teócrito e *A comedia da oliña. (Aulularia)* (1962), de Plauto.

Crítico, traductor e lexicógrafo, compaxinou estas actividades cun importante labor xornalístico e de colaboracións poéticas en revistas, desenvolvido en publicacións como *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo, A Nosa Terra, Nós*, *Céltiga*, *Galicia*, *Vallibria*, *Logos*, *Cristal*, *Galiza*, *Resol*, *Yunque*, *Papel de Color*, *Alento*, *Lar*, *Revista de Portugal*, *La Estafeta Literaria*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Sonata Gallega*, *Posío*, *Cántico*, *Alba*, *Mensajes de Poesía*, *Xistral*, *Aturuxo*, *Poesía Española*, *Nemancos*, *Atlántida*, *4 Ventos*, *Vida Gallega*, *Papeles de Son Armadans*, *Grial*, *Dorna* e *Gelmírez*.

Foi Iglesia Alvariño colaborador habitual de *La Noche* dende os seus comezos. O seu primeiro artigo está datado no 16-II-1946. En seccións como "Nuestras Exclusivas", "Plumas y Letras Gallegas", "Artes y Letras" ou en artigos de primeira páxina contribuiu –entre 1946 e 1949 inclusive– cun total de sesenta e sete achegas. No ámbito da lírica hai composicións da súa autoría en galego e castelán, a carón de traduccións ó galego de poetas estranxeiros[15].

En prosa, son abondosas as súas páxinas de crítica literaria sobre obras de Castillo-Elejabeytia, Ánxel Sevillano, Díaz Castro, Filgueira Valverde, Noriega Varela, Lamas Carvajal, etc. Pero temos tamén –case sempre en castelán– fermosas estampas das terras de Mondoñedo e Compostela e outros artigos de temática folclórica, relixiosa, artística ou histórica.

No Suplemento publicou só dous artigos. Sen embargo, baixo as iniciais A.I. ou A.I.A. aparece como traductor ó galego de dous poemas de John Masefield (22-X-1949) e cun comentario (26-XI-1949) sobre un ensaio de Filgueira Valverde.

Antonio **Iglesias Vilarelle**

En Santiago de Compostela naceu, no ano 1889, Antonio Iglesias Vilarelle. Na súa cidade natal levou a cabo estudios de Letras e de Dereito e ó seu remate marchou traballar como inspector de facenda a Pontevedra, cidade na que dirixiu o Laboratorio de Psicotecnia do Instituto de Segunda Ensinanza. Foi o introductor en Galicia da Psicotécnia e das súas aplicacións educativas. Morreu en Pontevedra en 1971.

O seu labor artístico destaca fundamentalmente como musicólogo e compositor. Foi membro numerario da R.A.G., da Academia de Belas Artes e da Comisión de Monumentos de Pontevedra. Foi tamén un dos integrantes da Sección de Pedagoxía do Seminario de Estudos Galegos. Ademais, dirixiu a Sociedade Coral Polifónica, da cal foi cofundador, e o Conservatorio de Música de Pontevedra. Sería un dos fundadores da revista de cultura relixiosa *Logos*, na Pontevedra de comezos de 1931, onde escribiu tamén algún artigo.

Colaborou en revistas con traballos musicais de creación, tales como "Miserere", "Nosa Señora da Barca", "Os anxeliños da Groria", "Pandeirada" e outros de tipo teórico como "Música en Compostela", que foi o seu discurso de ingreso na R.A.G.

No artigo que publica (31-XII-1949) no Suplemento de *La Noche,* titulado "Músicos y danzantes", fai un repaso dos acontecementos musicais celebrados durante o ano en Galicia.

Xaime **Illa Couto**

Aínda que nado en Santiago de Compostela en 1915, dende moi novo a súa vida estivo vencellada a Vigo, onde exerceu como avogado e profesor da Escola de Enxeñería Técnica. Estudiou Dereito na Universidade de Santiago, estudios que, xa daquela simultaneou coa súa atención polos temas de economía, chegando a ser doutor en Dereito e Económicas e catedrático emérito de Dereito e Economía da Empresa. Pertence á primeira xeración galega de economistas de posguerra. Foi letrado asesor de CaixaVigo, de Zeltia, Corporación Noroeste e doutras empresas, ademais de Presidente de Xustiza e Paz da Comunidade de Vida Cristiá de Vigo, Secretario de organización da Federación de Mocedades Galeguistas e da Unión Galega de Estudiantes e Secretario técnico do Partido Galeguista. Recibiu numerosos premios e distincións,

---

13 En 1994 Luciano Rodríguez publicou un moi completo e interesante traballo, *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, en edición da Deputación Provincial de Lugo.

14 Un estudio sobre este libro publicouse en 1994, a cargo de Román Raña, titulado *A vixilia no Gólgota infinito. (As liñas temáticas de Lanza de soledá)*, que editou a Fundación Caixa Galicia. Tamén se ocupa do mesmo no máis recente *A noite nas palabras. Unha aproximación á poesía galega de posguerra*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudios e Investigacións, 1996.

15 Neste sentido merece destacarse a "Nenia a Petöfi", logo incluída no libro Nenias, publicada nas páxinas de *La Noche* o 18 de agosto de 1949, da que en 1995 se publicou unha versión plurilingüe do texto dedicado por Aquilino ó poeta húngaro en 1940, co título de *Sandor Petöfi. Homenaxe dende Galicia (España)*, en edición de Luciano Rodríguez.

entre eles Memorial Juan XXIII (1986), Medalla Castelao (1987), Premio Trasalba (1992) e numerario electo da R.A.G. Na actualidade é conselleiro-delegado da Editorial Galaxia, secretario da Fundación Penzol e presidente do Instituto Galego de Estudios Comunitarios.

Da súa mocidade destaca a vinculación ó galeguismo, desde a liña ideolóxica das Irmandades da Fala. Interveu na fundación da Federación das Mocedades Galeguistas, formou parte dos equipos de traballo do Seminario de Estudos Galegos, sendo o primeiro bolseiro da devandita institución na sección de Estudos Xurídicos, Económicos e Sociais. Na posguerra, sufriu as depuracións do novo réxime, que lle impediu efectuar o curso de prácticas de Maxisterio. Algúns anos despois, a súa actividade centrouse na participación fundacional da Editorial Galaxia, onde confluíron un importante número de autores que, en xeral, tiveran un protagonismo decisivo no período de preguerra: R. Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, F. Fernández del Riego ou X. Ferro Couselo. Tamén interveu no nacemento dos cadernos da *Colección Grial*, así como na fundación da Editorial SEPT, á vez que dirixiu a *Revista de Economía de Galicia* e a *Revista Galega de Estudios Agrarios* que promoveu a Xunta de Galicia. Moitos dos seus traballos figuran espallados en distintas publicacións; así "Unha quinta esencia de Galicia", no volume *Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra: homaxe da Galicia universal* (1958), "Algúns caracteres da economía galega actual", en *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia* (1952), "Estructura Financeira e desarrollo rexional", en *Introducción á Economía Galega hoxe* (1969), ou máis recentemente "Ramón e Galaxia", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro* (1991), "O padre Seixas: profético, galego e universal", traballo aparecido na revista *Encrucillada* no ano 1994 e "A miña relación con Ferro na militancia galeguista" en anexo 21 do *Boletín Auriense* (1996). En solitario publicou *Construír Galicia* (1992).

Xaime Illa foi o responsable do "Guión" anónimo que, a xeito de editorial, se publicou na páxina inicial que o 15 de outubro de 1949 estreaba o Suplemento del Sábado de *La Noche* e onde fai unha declaración das intencións que induciron á súa saída. A do Suplemento tamén o levou a facer ilustracións, viñetas e algúns dos encabezamentos das seccións. Dentro xa do que son os artigos de colaboración, nunca asinou co seu nome, senón que empregaba os pseudónimos Santiago Fernández (15-X-1949 e 5-XI-1949) e Jaime Lorenzo (26-XI-1949 e 21-I-1950). A temática destes artigos sempre se refire a cuestións relacionadas coa economía.

Xosé **Isorna Ferreirós**

Frade franciscán, naceu en 1921 na localidade pontevedresa de Santa Comba de Louro, no concello de Valga. Logo do seu paso polo Seminario de Herbón, estudiou Filosofía e Teoloxía e ordenouse sacerdote en 1947. Dende aquelas datas, combinou coa actividade eclesiástica, na que leva ocupado distintos cargos directivos de relevo, o exercicio da docencia e o xornalismo. Ten dirixido distintas publicacións, así, de 1950 a 1959 *El Eco Franciscano* e de 1953 a 1968 *Aquí, San Antonio*. Foi conselleiro provincial da O.F.M., vicerrector do Convento de San Francisco, comisario rexional da Orde Franciscana Seglar, superior do Convento de Pontevedra e de Ourense, rector da Real Basílica de San Francisco el Grande de Madrid. É membro correspondente da R.A.G. e na actualidade é delegado diocesano de Medios de Comunicación Social da Curia Diocesana de Santiago.



Xaime Illa Couto, por Siro

Autor de numerosas homilías, opúsculos e ensaios breves, tanto en castelán coma en galego, moitos referidos a figuras das letras e do galeguismo, dentro destes últimos indícanse: *Galicia, ¿podes?* (1968), *Galicia, ¿poderás?* (1969), *A nai galega* (1971), *Homilía da Festa das Bodas de ouro do Casamento de D. Ramón Otero Pedrayo e Mª Xosé Bustamante* (1975), *Un home ó servizo de Galicia* (1975), *Ramón Otero Pedrayo, gloria dunha cultura* (1976), *Eleuterio González Salgado (Leuter)...* (1978), *Sebastián Martínez Risco e Macías...* (1978).

O Padre Isorna é autor de diversos artigos no xornal *La Noche*, no que empeza a colaborar a fins de 1947. Trátase principalmente de temas relixiosos, como son dúas biografías sobre San Francisco de Asís. É tamén autor dun gabancioso comentario da obra *Astronomía a simple vista*, de Ramón Mª Aller Ulloa, que en 1948 publicara a librería Porto de Santiago de Compostela.

No Suplemento del Sábado é autor de senllos artigos de tema relixioso titulados "Fr. Manuel Fernández. Escultor y organero" e "Fray Juan Rodríguez del Padrón y sus relaciones con el convento franciscano de Herbón", que se publicaron nos números correspondentes ós días 3 e 24 de decembro de 1949, respectivamente.

Álvaro **Labrada**

Pseudónimo de Álvaro Cunqueiro.

Julio **Lago Alonso**

Aínda que de orixe castelá –naceu na cidade de Valladolid en 1921– ocupou dende 1948 a cátedra de

francés do Instituto de Lugo, onde coincidiu con Lázaro Montero. Foi nese tempo cando ambos colaboraron nas páxinas de *La Noche*. Con posterioridade trasladarase a diferentes institutos españois ata que en 1967 accedeu a unha cátedra de francés na Universidade de Salamanca. Na actualidade, retirado, vive na súa cidade natal.

A súa actividade profesional orientouse, dende sempre, á traducción de obras do francés ó español e á elaboración de libros de texto para o estudio da lingua francesa. Do seu amplo labor como traductor, que abrangue os ámbitos do ensaio, a narrativa e os estudios lingüísticos e literarios, salientamos, entre outros títulos, *Melchor, Gaspar y Baltasar* (1981), de Michel Tournier; *Obras Completas* (3 vol.), de Jean Paul Sartre, publicados entre 1974 e 1982; *La comedia española* (1968), de Charles V. Aubrun; *Bodas*, *Cartas a un amigo alemán*, *El mito de Sísifo*, *Anverso y reverso*, *El hombre rebelde* (1968), de Albert Camus; *La máquina infernal*, *Orfeo*, *La voz humana* (1966), de Jean Cocteau; *Los problemas teóricos de la traducción* (1971), de Georges Mounin e *Claves para las lenguas modernas* (1972), de J. Guenot. Entre os títulos da súa autoría cabe citar o *Curso práctico de francés comercial*, publicado en 1980.

No Suplemento de *La Noche* colabora en calidade de traductor e temos da súa autoría (26-XI-1949) un artigo sobre a canción de berce, exemplificado coa versión ó castelán –a partir dun texto francés– dunha de orixe africana, recollida no Níxer polo misioneiro Spicht.

Pedro **Laín Entralgo**

Nado en Teruel en 1908, realizou estudios de Química e Medicina. Foi fundador das revistas *Jerarquía* e *Escorial* e en 1942 accedeu á cátedra de Historia da Medicina da Universidade de Madrid. Prestixioso ensaísta de temas médicos, literarios e antropolóxicos, o seu primeiro libro foi *Medicina e Historia* (1941), seguido logo por moitos outros, entre eles *La antropología en la obra de Fray Luis de Granada* (1946), *La generación del 98* (1945), *La espera y la esperanza* (1956), *Teoría y realidad del otro* (1961) e *A qué llamamos España* (1971).

Membro da Real Academia de la Lengua e das academias de Medicina e Historia, dirixiu a publicación da *Historia universal de la medicina* (1975) e deixou as súas memorias no volume *Descargo de conciencia* (1976).

Colaborou no Suplemento de *La Noche* (10-XII-1949) cun breve artigo, "Compostela", que constitúe a súa única comparecencia no xornal.

Xohán **Ledo**

Pseudónimo de Ricardo García Suarez.

Florentino **López Cuevillas**

Foi Florentino López Cuevillas, nado en Ourense en 1886, fillo único dunha familia de avoengo. Estudiou o Bacharelato nas aulas do Instituto no que Marcelo Macías impartía Retórica e Poética. Máis tarde habería de cursar estudios de Farmacia na Universidade de Santiago, os cales remata en 1906, asistindo, ó retorno a Ourense, á tertulia da Comisión Provincial de Monumentos. Pasaría logo a estudiar, por algún tempo, Filosofía e Letras en Madrid, onde traballou como funcionario de gobernación. Máis tarde marchará para Ourense onde desempeñará o cargo de empregado de Facenda. Morreu nesta cidade en xullo de 1958.

O seu labor intelectual destaca fundamentalmente no ámbito da Antropoloxía e da Prehistoria, se ben cultivou tamén a Literatura. Membro fundador da revista neosófica *La Centuria* (1917), ingresou nas Irmandades da Fala. En 1920 foi un dos fundadores da revista *Nós*, na que publica, xa no seu primeiro número, o artigo "Dos nosos tempos". En 1924 leu o discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos e, dous anos máis tarde, ocupará a dirección da Sección de Prehistoria do mesmo, desenvolvendo neste cargo un importante labor (seguirá ocupando este mesmo posto ó se crear o Instituo Padre Sarmiento, en 1931). En 1928 ingresa na R.A.G.

As primeiras colaboracións xornalísiticas de Cuevillas remóntanse ó xornal ourensán *El Miño* e a partir de aí desenvolveu unha extensa actividade investigadora, verquida, especialmente, en publicacións como *Nós*, *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense*, *Boletín da Real Academia Galega*, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* ou os *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

Á súa incansable tarefa investigadora débense, entre outros moitos, os traballos *Bibliografía da Prehistoria Galega* (1927), *Os Oestrymnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galicia* (1929), *Catálogo dos Castros Galegos* (1933), *La Civilización Céltica en Galicia* (1953) ou *A Edade do Ferro na Galiza* (1968). Dentro do terreo da creación literaria cómpre indica-la compilación de ensaios e narracións súas que, co título *Prosas galegas, 1920-1958*, viron lume en 1962.

Os artigos que Cuevillas publica no suplemento de *La Noche* son breves ensaios sobre temas de Historia e Antropoloxía. É o caso de "Relaciones prehistóricas entre Galicia y las islas británicas" (15-X-1949), "Unha Santa, unha cidade, e tres guerreiros" (22-X-1949), "A tremenda antiguedade das terrazas do Miño"(19-XI--1949) e "Unha capela e un ciruxano" (14-I-1950).

Manuel **López Garabal**

Manuel López Garabal, fillo do escultor Raimundo López Pol que fora alcalde de Compostela nos tempos da República, naceu en Santiago de Compostela en 1907. Xa de neno manifesta a afección polo debuxo e logo de estudiar en Vigo comeza a facer litografías para a revista *La Esfera*. Estudia despois Pintura e Debuxo na Sociedad Económica de Amigos do País de Santiago, onde tivo de mestre a Mariano Tito Vázquez, e en 1926 presenta os seus primeiros cadros á Exposición Nacional de Bellas Artes. Un ano despois ingresa na Escuela Superior de Bellas Artes de San Fernando, en Madrid, onde se relaciona con Asorey, Lloréns e Álvarez de Sotomayor. En 1936 casa coa pintora Concha Méndez, despois de expoñer en Santiago e Vigo. Coa súa dona fará anos despois, en Vigo, unha exposición conxunta.

López Garabal foi profesor da Escuela Elemental de Trabajo de Santiago e da de Artes e Oficios da mesma cidade. Fixo exposicións en Madrid, A Coruña e Lugo en repetidas ocasións. "O Cristo de San Fiz", "O mariñeiro cego", "Testa de vella", "O mariñeiro de Fisterra", "Sol entre os carballos", "A volta da romería", "Procesión de Corpus en Santiago", "Recollendo mazáns", "O San Silvestre", "Leiteiras", "Na feira" e "El Pórtico de la Gloria" figuran entre os seus cadros máis celebrados. Expresionismo, primitivismo, feísmo e barroquismo foron termos empregados para definir as diferentes etapas e estilos da súa pintura, coa que creou toda unha mitoloxía de raíz galega.

No Suplemento de *La Noche* é, xunto con Mario F. Granell, o ilustrador máis cotián, sempre con gravados de tema galego que ilustran textos en prosa da súa autoría.

Atanasio **López-Ordóñez**

De procedencia castelá, naceu en León no ano 1876 e foi frade franciscán dende 1891. Ordenouse presbítero en 1899 e seis anos máis tarde marchou para o colexio florentino da Orde de Quaracchi, onde estivo varios anos dedicado á investigación, a carón doutras destacadas personalidades na materia. Visitou os arquivos e bibliotecas romanas, ademais de colaborar na elaboración e rescate de edicións críticas e publicacións relixiosas. Nomeado cronista xeral de Santiago, percorreu numerosos arquivos e bibliotecas galegas, itinerario que tamén continuou facendo en Madrid e noutras cidades españolas. Morreu en Santiago de Compostela en 1944.

Moi variados son os traballos, en especial de índole bibliográfica, que fixo ó longo da súa vida. En Madrid dirixiu a publicación *Archivo Ibero-Americano*, entre 1920 e 1931. Ademais, colaborou en numerosas publicacións, especialmente de Galicia, nas que publicou diversos traballos de tipo monográfico. Citamos entre estes "Notas de bibliografía franciscana española", "Bibliografía del Apóstol Santiago", "Las Casas Reales Españolas y los Franciscanos" e "Origen, evolución y manifestaciones del idioma gallego hasta el siglo XV".

De entre os libros, folletos e separatas da súa autoría, anotamos *Estudios crítico-históricos de Galicia* (1916), *Memoria histórica de los Obispos de Marruecos desde el siglo XIII* (1920), *La Imprenta en Galicia en el siglo XVI* (1934), *La Imprenta en Galicia en el siglo XV* (1935) e *La Imprenta en Galicia en el siglo XVII* (1943). Foi galardoado no concurso bibliográfico da Biblioteca Nacional correspondente ós anos 1942-1943 polo traballo *La Imprenta en Galicia (siglos XV-XVIII)*. Foi o responsable de sacar á luz a *Descriptio Codicum Franciscanorum Ricardinae Florentinae*. En 1947 editáronse os dous volumes de *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*, mercé á iniciativa do Instituto Padre Sarmiento. Neles temos numerosos escritos do autor esparexidos con anterioridade por moi diversas publicacións periódicas.

A inclusión de Atanasio López-Ordóñez neste apartado de colaboradores do Suplemento xustifícase por un breve escrito –"San Antonio y la lengua gallega"– da súa autoría, incluído nunha nota editorial do citado Suplemento (10-XII-1949) e publicado con anterioridade, en 1931, en *El Compostelano*.



Manuel López Garabal, autorretrato

Salvador **Lorenzana**

Pseudónimo de Francisco Fernández del Riego.

Jaime **Lorenzo**

Pseudónimo de Xaime Illa Couto.

Raimundo **Lozano**

Pseudónimo de Raimundo García Domínguez.

Luvicor

Pseudónimo de Luís Viñas Cortegoso.

Luís **Manteiga**

Luís Manteiga naceu a principios de século en Santiago de Compostela. Home de formación autodidacta, desempeñou moi diversos traballos ó longo da súa vida. Foi amigo de Luís Seoane e Arturo Cuadrado. Xunto con Francisco Lamas, asesorou en cuestións de lingua a Federico García Lorca cando compuxo o seu primeiro poema en galego, "Madrigal á cibdá de Santiago". Morreu en Santiago no ano 1949.

Escribiu varias novelas en castelán, todas elas inéditas, entre as que figuran *Zabulón, mundo cerrado*, finalista do Premio Nadal de 1945, *Ángeles y sueños* e *Humano abismo*, obra –esta última– caracterizada polo simbolismo e a visión poética da paisaxe e seleccionada no concurso Janés de novela internacional. Tamén cultivou o ensaio. En moitos dos seus artigos aparece unha forte denuncia social, motivo que leva a este autor a agacharse, nalgunhas ocasións, tralo pseudónimo Abel Quijano.

Colaborou en *Galicia Emigrante, Nós, Sonata Gallega, Yunque, Gelmírez*, e no Suplemento del Sábado de *La Noche*. Nas páxinas deste publicou tres artigos, o primeiro, "Charlas con D. Pedro" (15-X--1949), baixo o devandito pseudónimo. Os dous restantes foron "El no sé qué y la novela" (5-XI-1949) e "Sobre las ruínas" (12-XI-1949).

MAREIRO

Pseudónimo de Valentín Paz Andrade.

Carlos **MARTÍNEZ-BARBEITO Y MORÁS**

Coruñés, nado en 1913, estudiou Filosofía e Letras e Dereito nas universidades de Santiago e Madrid. Na súa mocidade vencellouse ó movemento da F.U.E. con Maside, Carballo Calero, García-Sabell, Fernández del Riego e Luís Seoane co propósito de traballar na renovación da cultura galega. En Madrid foi amigo de García Lorca e os poetas da súa xeración e tratou a Juan Ramón Jiménez e Unamuno. Na universidade madrileña foi alumno de Ortega e Américo Castro, e nela desempeñou o cargo de Profesor de Historia de los Descubrimientos y Geografía de América. Despois, e durante doce anos, traballou como Director do Museo de América. Xefe do departamento do estranxeiro do N.O.D.O., foi membro da R.A.G., do Instituto J. Cornide de Estudios Coruñeses, da Real Academia da Historia, do Instituto de Cultura Hispánica, da Asociación Galega de Xurisprudencia e Lexislación e presidente da Real Academia Galega de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario da Coruña. Pero tamén desempeñou cargos noutras prestixiosas institucións.

A súa amplísima obra escrita abrangue numerosos campos: *Cuartilla* (1932) e *Elegía a la muerte de mi padre* (1950) son libros poéticos; *Las pasiones artificiales* (1950) e *El bosque de Ancines*[16] (1947) son dúas ben coñecidas novelas. Pero escribiu numerosos estudios e ensaios sobre José Cornide, Juan Rodríguez del Padrón[17], E. A. Poe, Feliciano Rolán, Menéndez Pidal, Luís Seoane, Colmeiro e Emilia Pardo Bazán, así como sobre distintos temas coruñeses. Da súa autoría son tamén as guías *Santiago de Compostela* (1952) e *Galicia* (1957).

Como xornalista colaborou en *La Noche* e en *La Voz de Galicia*. A contribución de Carlos Martínez--Barbeito en *La Noche* chega coa aparición do Suplemento do xornal. Redúcese a tres breves estudios biográfico-familiares sobre Rosalía e Murguía, todos eles publicados en novembro de 1949.

John **MASEFIELD**

Inglés de orixe, nado en Ledbury-Herefordshirer no ano 1878, traballou como mariñeiro e exerceu distintos oficios durante a súa estadía nos Estados Unidos nos seus anos mozos. Retornado a Inglaterra, dedicouse á literatura e cultivou a lírica e a novela ata o momento da súa morte, acaecida en Abingdon no ano 1967. Como poeta a súa traxectoria comeza con *Salwater ballads* (1902), pero sería o seu segundo poemario, *The everlasting mercy* (1911), o que lle daría máis sona. Lembremos tamén os seus poemas narrativos, entre eles *Reynard the fox* (1919). Escribiu numerosas novelas, entre as que anotamos *Captain Margaret* (1908) e *The byrd of dawning* (1933). A súa narrativa, sen embargo, non tivo a mesma aceptación que a súa poesía.

A presencia en *La Noche* deste poeta inglés chega a través de Aquilino Iglesia Alvariño, que en datas anteriores á publicación do Suplemento xa traducira os poemas "Os alisios do Leste" e "Rite e rexouba" (18-IX--1949). No nº 2 do Suplemento (22-X-1949) temos outros dous poemas do lírico inglés –"Twilight" ("Solpor") e "Seekers" ("Vagamundos")– en versión galega de A.(quilino) I.(Iglesia).

Lázaro **MONTERO**

En Villar de Peralonso (Salamanca) naceu en 1911 Lázaro Montero. Estudiou Filosofía e Letras e durante longos anos desenvolveu un amplo labor como profesor e catedrático de Literatura Española polos institutos de Peñaranda de Bracamonte, El Escorial, Toledo, Lugo e outros máis. Con posterioridade foi nomeado inspector de Ensino Medio, cargo do que se xubilou en 1981. Colaborou con frecuencia en xornais e revistas como *El Progreso, El Español, Fantasía, Escorial, Revista de Filología Española* e *Cuadernos de Estudios Gallegos*, case sempre con artigos de crítica literaria. Cómpre mencionar tamén a súa intensa actividade como conferenciante.

Do seu amplo labor nos eidos da crítica e os estudios literarios salientamos, ademais de numerosos manuais e libros de texto de Lingua e Literatura españolas para o Ensino Medio, as antoloxías *A Santiago de Compostela en año santo* (1976), *Por tierras de los conquistadores* (1975), *Por tierras de Santa Teresa* (1974) e *Poesía religiosa española* (1950). Outros libros da súa autoría son *Por la ruta del Quijote* (1972) e a traxedia histórica *Doña Fermosa* (1955). Preparou tamén unha edición do *Libro de buen amor*, do Arcipreste de Hita (1958).

Con dous artigos está representado en *La Noche*. O primeiro deles datado o día 18 de outubro de 1949. O segundo (21-I-1950) –xa no Suplemento–, comenta a obra do novelista tudense Manuel Mur Oti.

Euxenio **MONTES DOMÍNGUEZ**

Integrante da Xeración de 1925, poeta, narrador e ensaísta, naceu en Vigo o ano 1897. Cursou estudios de Dereito e Filosofía e Letras nas universidades de Madrid, Barcelona e Oviedo. Viviu na Residencia de Estudiantes e contactou alí coa intelectualidade española dos anos vinte. Catedrático de Filosofía, exerceu a docencia en Cádiz, Lisboa e Roma. Mantivo unha relación de amizade con Ortega e Unamuno, asistiu ás tertulias do Ateneo madrileño e foi correspondente de prensa en capitais europeas como París, Londres, Berlín e Roma. Denantes, en 1930, a intelectualidade galega rompera as relacións con este escritor, nun tempo no que a evolución ideolóxica o tiña conducido a posicións próximas ó fascismo. Despois da guerra civil non volveu escribir en galego. Morreu en 1982 en Madrid.

Manifestouse como escritor en xornais de Vigo (*El Pueblo Gallego*) e Ourense (*La Zarpa*); nesta últma

---

16 *O bosque de Ancines*. Traducción ó galego de Manuel Riveiro Loureiro, Santiago de Compostela: Ed. Laiovento, 1991.

17 *Macías el Enamorado y Juan Rodríguez del Padrón*. (Estudio y antología), Santiago de Compostela: Ed. Bibliófilos Gallegos, 1951.

cidade trabou relación con Vicente Risco, Losada Diéguez e Eduardo Blanco Amor. No eido do xornalismo, colaborou en diarios madrileños como *El Sol, La Época, Debate* e *ABC*. Escribiu tamén nas páxinas de *Revista de Occidente* e *Nós*.

A obra literaria galega[18] do escritor é toda ela anterior a 1936. Na editorial Céltiga publica, en 1922, *O vello mariñeiro toma o sol, O aniño da Debesa e Como na parábola de Peter Breughel* (Contos inéditos). Como poeta deuse a coñecer co poemario *Versos a Tres Cás o Neto* (1930), que amosa o influxo do imaxinismo amadocarballista. Rexistramos, finalmente, o breve pero interesante ensaio *Estética da muiñeira* (1922). Anunciou outro libro poético, *Poemas dunha moa careada*, que sen embargo non chegou a publicar[19].

Euxenio Montes colaborou en *La Noche* dende 1946. Nas páxinas literarias do xornal temos tres fermosas prosas da súa autoría: "El maravilloso viaje de San Brandán" (8-VI-1946), "El viento celta" (26-X--1946) e "Europa en el camino de Santiago" (25-VII--1947). Con posterioridade, no Suplemento, temos, baixo as iniciais E.M., unha nota sobre Walt Whitman e o seu poema –en versión galega– "Un carballo na Lusitania" (26-XI-1949) a carón dun artigo, "O humanismo mistraliano" (19-XI-1949), sobre o poeta provenzal Federico Mistral.

José Mª **Navaz y Sanz**

No grupo de colaboradores non galegos das páxinas de *La Noche* figura José Mª Navaz y Sanz, que nacera en Pamplona en 1898. Doutor en Ciencias Naturais, foi profesor na Escola de Matemáticas de Soria e máis tarde na Escola Normal de Albacete. Trasladado a Galicia, exerceu como axudante por oposición no Instituto Oceanográfico de Vigo dende o mes de outubro de 1935, función que desempeñou durante algúns anos. Ó mesmo tempo, traballou de axudante interino de clases prácticas de Ciencias Naturais no Instituto de Segunda Enseñanza (logo Santa Irene) dende 1935 a 1945, posto que abandonou coa chegada do catedrático da especialidade. Tamén exerceu, no devandito centro, de profesor agregado de Agricultura e Matemáticas, ademais de leva-la secretaría no curso 1936-1937.

Membro directivo do Real Clube Náutico de Vigo, colaborou no *Faro de Vigo* con artigos relacionados coa pesca, deportes e actividades náuticas. Escribiu tamén na revista *Industrias Pesqueras*.

Con Illa Couto, Paz Andrade e Hernansáez, forma parte do grupo de colaboradores que se ocupaba das páxinas de carácter económico (agro, pesca, aforro, comercio, industria). A única colaboración que del se rexistra no Suplemento é "Los peces de Galicia, y su pesca. Estampa y noticia de una notable publicación del siglo XVIII" (12-XI-1949), na que se refire a un tratado de Historia Natural e Bioloxía aplicada, da autoría de Xosé Cornide Saavedra, publicado na Coruña en 1788.

Neumandro

Pseudónimo de Ánxel Fole.

Ramón Otero Pedrayo, por Siro

Ramón **Otero Pedrayo**

Ramón Otero Pedrayo, figura cimeira da literatura galega e un dos nosos máis fecundos escritores, naceu na cidade de Ourense en 1888. Formou parte do chamado Cenáculo ourensán que en 1917 publica *La Centuria, revista neosófica.* En 1929 ingresou na R.A.G. e no período 1931-1933 foi deputado en Madrid polo Partido Nacionalista Republicano. En plena guerra civil é dado de baixa da súa cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Ourense e non será reposto ata 1948. Un ano antes viaxou a Bos Aires e entrevistouse con Castelao. En 1950 gañou a Cátedra de Xeografía na Universidade de Compostela, na que se ha manter ata a xubilación en 1958. Morre en Ourense o 10 de abril de 1976.

A súa obra narrativa encétase en 1925 coa novela curta *Pantelas, home libre*, seguida por *O purgatorio de don Ramiro* (1926), *Escrito na néboa* (1927) e *Os camiños da vida* (1928). Xa na década seguinte aparece *Arredor de sí* (1930), especie de biografía da súa xeración. Outras contribucións súas ó xénero narrativo son: *Contos do camiño e da rúa* (1932), *Fra Vernero* (1934), *A Romeiría de Xelmírez* (1934), *Devalar* (1935), *O mesón dos ermos* (1936) e *O Señorito da Reboraina* (1960). Da producción dramática oteriana cabe salientar: *A lagarada* (1928), *Teatro de Máscaras* (1975), *O desengano do prioiro* (1952) e *Noite compostelana* (1973). Cultivou tamén a poesía e escribiu para o Grupo Brais Pinto un feixe de poemas líricos, *Bocarribeira. Poemas para leer e queimar* (1958). Complétase o fecundo labor de Otero co seu traballo ensaístico e de producción varia. Do seu dilatadísimo repertorio deixamos constancia de *Síntese Xeográfica de Galicia* (1926), *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1933), *Morte e Resurreición* (1932) ou *Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal* (1931). Importantísima é tamén a súa colaboración na prensa

---

18 *Obra en galego, I* (1984), Prólogo de Xoán Rof Carballo. Edición ó cargo de Manuel Casado Nieto, Barcelona: Sotelo Blanco, 1984. Neste libro aparecen os tres contos publicados en Céltiga baixo o título *Tres contos de cego*.

19 No que respecta á producción deste autor, cómpre referi-lo artigo de Antón Capelán Rei "Vinte poemas galegos de Euxenio Montes non recompilados", *Boletín galego de literatura,* nº 10, novembro - 1993.

diaria e revistas culturais. As súas achegas figuran en *El Pueblo Gallego*, *El Heraldo de Galicia*, *Nós*, *A Nosa Terra*, *Logos*, *Cristal*, *Galicia*, *Resol*, *Finisterre*, *Gelmírez*, *Alba*, *Atlántida*, *Aturuxo*, *Galicia Emigrante*, *Vieiros* e *Grial*, ademais da sección que mantivo en *La Región* "Los caminos de Galicia".

Falar dos primeiros anos de *La Noche* conleva falar de Otero Pedrayo. A carón de Borobó ou Manuel Rabanal, foi un dos poucos escritores que mantivo unha sección diaria –"Parladoiro" (1946-1949)– que era a única sempre escrita en galego no xornal. Ademais, fóra da sección, colaborou frecuentemente con artigos en galego ou castelán.

No Suplemento aparecen nove colaboracións de don Ramón. A primeira delas, "Diant'a noite" (15-X-1949), é unha fermosa narración. Son variados os temas que trata o polígrafo ourensán nas súas restantes contribucións, pero en case todas elas están presentes as referencias a Galicia, ós seus escritores e, en xeral, á súa cultura.

Álvaro **Paradela Criado**

Xornalista e escritor coruñés nado en 1911. Cursou estudios de Medicina en Santiago de Compostela e o exercicio da medicina ocuparía toda a súa vida. Na súa producción literaria alterna a poesía coa narrativa e o ensaio. Paradela amosa unha prosa directa e próxima á realidade psicolóxica do mundo rural galego, lonxe dos tópicos literarios e cunha intencionalidade crítica que o leva a se encarar cos problemas. Cultivou asiduamente o xornalismo en medios como *La Voz de Galicia* e *Ferrol Diario*, así como noutras publicacións periódicas, ás veces baixo o pseudónimo Amaro Orzán. Morreu en Freixeiro, A Coruña, en 1979.

Dentro da súa producción literaria, de carácter bilingüe, destacan *La rosa que canta* (1958), *Sabencias: cuadernos de Amaro Orzán* (1969), *Dous contos* (1971), *Asimetría glandular* (1963), *Heces afrentosas* (1966), *La Galicia que duele* (1971) e *Irmaus tolos. Tolerías de tolos* (1973).

Suman algo máis de cincuenta as colaboracións de Álvaro Paradela en *La Noche*, indistintamente en galego e castelán. Trata cuestións, situacións e tipos curiosos cun ton humorístico, sen esquece-los temas médicos, sempre con carácter divulgativo. Polemiza sobre a lingua, a emigración e o modo de ser e actuar dos galegos. Un tanto estrafalario e popularizante, ocúpase en máis dunha ocasión de Noriega Varela e publica tamén dous poemas da súa autoría. No Suplemento só escribiu dous artigos. O primeiro (14-I-1950), "Un vingador. O tolo de Breixo". O segundo (21-I-1950), "Bois e vacas, n-os *Seis poemas galegos* de García Lorca", é un pequeno estudio sobre a obra lírica galega do poeta granadino publicada en 1935.

Valentín **Paz Andrade**

Naceu en Lérez, Pontevedra, no ano 1899. Vencellouse á militancia galeguista nos seus tempos de estudiante de Dereito en Santiago. Xunto a Castelao e Cabanillas, en 1931 presentou a súa candidatura ás Cortes Constituíntes, pero non conseguiu a acta de deputado. Pertenceu ó Partido Galeguista e, en 1936, participou na campaña do Estatuto. Durante moitos

Valentín Paz Andrade

anos exerceu como avogado en Vigo. Interesado por temas de carácter socioeconómico de Galicia, e particularmente pola pesca, foi colaborador da F.A.O. e interviu en congresos da O.N.U. sobre Alimentación e Agricultura. Sobre problemática pesqueira escribiu distintos estudios, entre eles *Los puertos nacionales de pesca* (1928), *Sistema económico de la pesca en Galicia* (1958) e *Los derechos sobre el espacio marinero* (1960). No terreo do xornalismo, dirixiu o xornal *Galicia*, pero colaborou tamén en *El Pueblo Gallego* e nas revistas *Grial*, *Outeiro* e *O Ensino*. En 1977 foi elixido senador pola provincia de Pontevedra. Dez anos máis tarde morreu na cidade de Vigo.

A súa traxectoria de escritor iniciouse coa publicación dunha novela, *Soldado da morte* (1921). Incluído entre os poetas da Xeración de 1925, o seu primeiro libro poético, *Pranto matricial* (1955) é unha elexía á morte de Castelao. Con posterioridade apareceron *Sementeira do vento* (1968), *Cen chaves de sombra* (1979) e *Cartafol de homenaxe a Otero Pedrayo* (1986). Como ensaísta amosou a súa preocupación por Galicia en *Galicia como tarea* (1959), *La marginación de Galicia* (1970), *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978) e *Castelao na luz e na sombra* (1982).

Paz Andrade inicia as súas colaboracións en *La Noche* nas páxinas do Suplemento. Publica o artigo –"Castelao, el hombre y el artista" (14-I-1950)– que é, en realidade, unha afervoada necrolóxica sobre o escritor rianxeiro, morto só unha semana antes en Bos Aires. Como é ben sabido, Paz Andrade dedicou a Castelao unha parte do seu labor literario, tanto en verso como en prosa. Aparece tamén como colaborador en notas e artigos[20] de tema pesqueiro baixo o pseudónimo Mareiro.

Paulino **Pedret Casado**

En 1899 naceu Paulino Pedret Casado na cidade de Santiago de Compostela. Estudiou Filosofía en Roma e ordenouse sacerdote en 1922. Licenciado en Dereito e mais e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago, foi capelán do Exército e da Armada. A súa vocación intelectual levouno a ingresar no Seminario de Estudos Galegos, do que foi membro, e a traballar no Instituto Padre Sarmiento, do que era vicedirector cando morreu, no ano 1969. Ocupou a cátedra de Dereito Canónico en Santiago e pronunciou conferencias por distintos países europeos. Foi membro da R.A.G. e da Academia de Xurisprudencia e Lexislación.

Son innumerables os seus estudios e ensaios, publicados en boa parte en *Spes*, *Grial*, *Boletín da R.A.G.*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Revista de Derecho Canónico* e tamén en xornais como *El Correo Gallego* e *La Noche*. Entre eses estudios da súa autoría anotamos "Un informe sobre Galicia de José Andrés Cornide y Saavedra" (1935), "Los Canónigos Cardenales de Santiago" (1948), "Saco y Arce: su vida y su obra filológica" (1949), "Santiago, el Tradicionalismo y López

20 "Arosa: La isla del pulpo" (19-XI-1949).

Ferreiro" (1947), "Alfredo Brañas y Cambados" (1953), "La vida y la obra de don Pablo Pérez Constanti" (1957), "Colmeiro, maestro de la Universidade Gallega" (1959) "Don Eugenio Carré Aldao" (1959), "O meu galeguismo" (1969) e "Dous dos meus recordos de Otero Pedrayo" (s/d).

Seis artigos e unha enquisa constitúen a presencia de Paulino Pedret en *La Noche*. O seu primeiro traballo no xornal foi "Mi recuerdo de un cura de aldea" (24-V--1947). De particular interese é "Mis recuerdos del obispo D. José Souto Vizoso" (1-VIII-1949). No Suplemento só se rexistra unha achega, "Saco y Arce y otros sacerdotes de su tiempo" (10-XII-1949).

Pero **MEOGO**

A figura deste xogral está aínda rodeada dunha atmosfera de misterio por causa da inseguridade da documentación que hai sobre o noso medievo. Sobre a súa identidade ten habido distintas conxecturas. Carolina Michaëlis pensaba a comezos de século que se trataba dun crego de Sanfíns, mentres que Murguía suxería que se podía tratar dun letrado da localidade ourensá de Banga, relacionado co mosteiro de Toxos--Outos. Sobre este respecto, non se pode afirmar nada con certeza, dado que a documentación medieval contén moitos homónimos que poderían ser adscribibles a esta figura. Os datos que proporciona o seu posto nos *Cancioneiros* permiten supor que era galego e que desenvolveu a súa producción poético-musical na segunda metade do século XIII.

A producción que se conserva deste autor ten sido obxecto de análise por parte de moi diversos investigadores, entre os que cabe citar a Xosé Luís Méndez Ferrín ou Azevedo Filho. O simbolismo erótico abondo inaprensible das súas nove cantigas de amigo, coa presencia dos motivos da auga e do cervo, convérteno á vez no poeta máis paisaxístico e misterioso. A relación dos namorados desenvólvese arredor da *descriptio naturae*, adoptando esta diversos estadios, parellos á situación da dona en relación co seu namorado. A auga adquire nesta paisaxe unha relevancia especial, convertida no elemento máxico recorrente en tódalas cantigas e onde se dá a explicación do erotismo de Meogo. A morte do cervo ferido convértese no renacer á vida, por medio da rasgadura do *brial* e a namorada entrega a súa virxindade no último acto de amor.

No Suplemento do Sábado inclúese a coñecida cantiaga de amigo que comeza: "–Digades filla, miña filla belida..." (18-XII-1949) na que se establece un interesante diálogo entre nai e filla provocado pola tardanza desta.

Ramón **PIÑEIRO**

Naceu en Láncara, Lugo, en 1915. En 1932 trasládase a Lugo para cursar os estudios de Bacharelato, entrando en contacto cos mozos galeguistas daquela cidade, cos que funda a Mocedade Galeguista local. Debido á súa intensa actividade no seo do movemento galeguista é elixido, en 1936, secretario do Comité Provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia. Rematada a guerra, cursa estudios universitarios de Filosofía e, en 1943, participa na reorganización clandestina do galeguismo. Tres anos máis tarde vai de delegado galego a París para conseguir información do goberno republicano no exilio, ademais de xestionar a inclusión de Castelao no goberno de Giral. Á súa volta é detido en Madrid e permanece encarcerado tres anos, proseguindo despois a actividade política.

Dende a fundación da Editorial Galaxia, en 1950, foi o seu director literario, influíndo notablemente na liña de publicación adoptada. Un ano máis tarde aparece, no seo da mesma editorial, a *Colección Grial,* que se inaugura co ensaio "Significado metafísico da saudade", do propio Piñeiro. A partir de mediados da década dos cincuenta o seu traballo céntrase no labor de Galaxia, ademais de mante-la presencia galega na oposición democrática española e desenvolver un intenso papel como orientador e coordinador do movemento galeguista. En 1966 e ata 1970 acode como invitado para impartir uns cursos na Universidade de Middelbury. Ingresa na R.A.G. (1967) pronunciando o discurso "A lingoaxe e as língoas", onde trata especificamente a problemática da lingua galega. Coa chegada da democracia participa na vida política e, en 1981, co gallo das primeiras eleccións ó Parlamento Galego, acepta figurar, con outros galeguistas, como independente nas listas electorais do P.S.O.E., a fin de participar nunha etapa parlamentaria de capital importancia para a vida da nosa autonomía. En 1983 convértese no primeiro presidente do Consello de Cultura Galega. Morre en Santiago de Compostela no ano 1991.

Deuse a coñecer como escritor[21] co antecitado ensaio "Significado metafísico da saudade" (1951), ó que seguirá "A saudade en Rosalía" (1952) e, o máis importante, "Pra unha filosofía da saudade" (1953), que ó engadirlles "A filosofía do home" e "Saudade e sociedade, dimensión do home", constituirán o volume *Filosofía da saudade* (1984). Con Celestino Fernández de la Vega traduciu o *Cancioeiro da Poesía Céltiga* (1951), de Julius Pokorny e, en solitario, verteu ó galego o texto de Heidegger "Von Wesen der Wahrkeit", co título *Da esencia da verdade* (1956). É autor tamén do



Ramón Piñeiro, por Siro

[21] Sobre a súa vida e obra son de interese a monografía *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia*, de Carlos Casares e, o libro colectivo *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, ambos publicados pola Fundación Caixagalicia en 1991. Así mesmo, *Ramón Piñeiro y su circunstancia* (1993) reúne un conxunto de dez conferencias sobre o autor, en edición de Mourelle de Lema.

libro *Olladas no futuro* (1974) e do estudio e antoloxía *Luís Pimentel*, publicada pola R.A.G. en 1990.

Non foi Ramón Piñeiro colaborador de *La Noche*, polo menos nestes primeiros anos que rematan coa publicación do Suplemento. No mesmo só temos del un artigo, "A poesía de Luis Pimentel" (12-XI-1949), escrito en galego, baixo o pseudónimo Luis Veiga do Campo. Non sería esta a única ocasión na que Ramón Piñeiro ía escribir sobre o seu paisano e amigo. Nalgunha ocasión fíxoo tamén sobre Ánxel Fole.

Emilio **Pita Romero**

Aínda que fondamente vencellado a Arxentina, a onde marchou emigrado de neno, naceu na cidade da Coruña en 1909. En Bos Aires permaneceu toda a vida, con interrupcións derivadas da estadía en Montevideo e das viaxes a Galicia, antes da guerra civil, onde contactou coas xentes do galeguismo e se afiliou ó Partido Galeguista amais da Federación de Mocedades Galeguistas. Morreu na capital Arxentina en 1981. As súas colaboracións na prensa, particularmente sobre temas de música e literatura, remóntanse ós anos da República –*Nós*, *A Nosa Terra*– e despois continúan nos medios arxentinos.

O seu poemario *Jacobusland* (1942), ilustrado por Castelao, é un dos primeiros textos publicados en galego na posguerra, na liña da poesía civil. Nos seguintes, *Os relembros. As cantigas* (1959) e *Serán* (1974), esta temática combínase cunha poesía de dimensión esteticista. En 1944 publica *Cantigas de nenos* e vinte anos despois *O ronsel verdegal*, libros nos que, sen desbota-lo esteticismo, incorpora a vía lúdica ós seus versos. Outros traballos seus son a edición do poemario de Pondal, *Queixumes dos Pinos*, que saíu do prelo da editorial Emecé en 1940, e o estudio da música galega que aparece na *Historia de Galiza*, publicada tamén en Bos Aires, entre 1962 e 1973, baixo dirección de Ramón Otero Pedrayo.

No que respecta á producción de Emilio Pita nos primeiros tempos de *La Noche*, case ó mesmo tempo que se publica "Flores de ayer" no número do Suplemento del Sábado, datado o 18 de decembro de 1949, aparecen dúas composicións –"Cantiga da rapariga que levou o río" e "Cantiga da anduriña"– nas páxinas do xornal, ambas incluídas anteriormente no libro *Cantigas de nenos*. O título do texto citado en primeiro lugar está inspirado no de *Flores de ayer* (1871) de Valentín Lamas Carvajal, e constitúe un ensaio sobre este libro, do que tamén se ocupa no artigo "A Patria e os Poetas Galegos do XIX", publicado pouco despois en *A Nosa Terra*.

Edgard Allan **Poe**

Escritor norteamericano e figura universal da literatura do século XIX, naceu en Boston en 1809. A súa existencia foi tan curta como difícil, pola orfandade que o marcou dende os primeiros anos. Viviu nas cidades de Richmond, Boston e Baltimore, onde morreu en 1849, entre dificultades económicas e o abuso do alcohol.

Poe escribiu con certa asiduidade en diferentes xornais e revistas e no *Courier* de Baltimore apareceron os seus primeiros contos. No ámbito da contística publicou logo *Tales of the grotesque and the arabesque* (1940) e outros inesquecibles contos[22] como "The fall of the house of Usher", "The black Cat"[23], "The tell-tale heart", "The purloined letter", "Murders in the Rue Morgue", etc. que lle deron fama. É tamén autor da novela *The narrative of Arthur Gordon Pym* (1838).

Como poeta manifestouse en *Tamerlane and other poems* (1827), baixo a pegada de Lord Byron, pero o seu poemario máis coñecido é *The raven and the other poems* (1845). Autor de escritos de teoría literaria, –*The rational of verse* (1843), *The philosophy of composition* (1846)– Poe foi un renovador dos xéneros fantástico, policiaco e de terror, e a súa obra tivo unha fonda repercusión na literatura posterior.

Nas páxinas do Suplemento de *La Noche* (12-XI-1949) aparece unha breve nota, titulada "Extraña historia de un poema de Edgard Allan Poe", sobre a descuberta dunha nova composición do autor –"Leonania"– que se publica a continuación traducida ó castelán e da que se indica o seu carácter de inédito. Nin a nota nin a traducción levan sinatura, aínda que, xeralmente, das primeiras encargábase Fernández del Riego.

Julius **Pokorny**

Naceu en Praga en 1887. Estudiou Filoloxía na Universidade de Viena e na School of Irs Learning de Dublín. Foi profesor de Filoloxía Celta na Universidade de Berlín. Son da súa autoría diferentes estudios sobre Irlanda, a súa lírica antiga, a súa lingua e o espírito popular das xentes do país.

Na literatura galega o nome de Julius Pokorny está vencellado a un libro, *Altkeltische Dichtungen* (1944), que foi traducido ó galego, co título *Cancioeiro da Poesía Céltiga*, por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega. Publicado en 1952 pola Editorial Bibliófilos Gallegos, obtivo o premio da citada editorial na súa segunda convocatoria, o ano 1951. Xunto con *Cómaros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño; *Xente da barreira* (1950), de Carballo Calero ou *Camiños no tempo* (1949) e *Antífona da cantiga* (1951), de Ramón Cabanillas, este *Cancioeiro*[24] foi un dos libros galegos pioneiros da posguerra.

No Suplemento de *La Noche* temos, traducidos ó castelán por Celestino Fernández de la Vega, tres textos de Pokorny, todos eles de temática céltica.

Agustín **Portela Paz**

Forma parte do grupo de artistas galegos que ilustraron as páxinas de *La Noche*. Nacido en Pontevedra, en 1906, estudiou o bacharelato na súa cidade natal e tivo a Castelao como profesor de Debuxo. En Madrid cursou estudios na Escuela de Ingeniería Industrial, Aparejadores e Bellas Artes e tivo de mestre a Álvaro Gil. Afincado en Pontevedra, traballou como aparellador da Deputación. Participou na fundación do Museo

---

22 Un bo feixe deles aparece no volume *O escarabello de ouro e outros contos*, Trad. Alberto Avendaño, Vigo: Ed. Xerais, 1985.

23 En 1995, en senllas seleccións de textos de literatura fantástica universal, tituladas *O relato fantástico* (Ed. Ir Indo) e *Contos de fantasmas* (Ed. TrisTram), apareceron en galego os dous primeiros relatos citados de Edgar Allan Poe.

24 Edición facsimilar patrocinada polo Consello da Cultura Galega (1991) como homenaxe a Ramón Piñeiro, primeiro Presidente do devandito Consello.

do Pobo Galego e do Museo de Pontevedra e foi membro do Padroado do Pedrón de Ouro e correspondente da R.A.G.

Debuxante e augafortista de moi variada temática e estilo, destaca no debuxo humorístico e como ilustrador de libros de Cabanillas, Cunqueiro e outros. Ilustrou as páxinas de revistas e xornais como *Vida Galega, Chan, Faro de Vigo* e *La Noche*. Especial mención require o seu libro *Pontevedra é boa vila*[25] (1947), no que ilustra trinta e seis textos (prosas breves case todos eles) de grandes autores galegos. En colaboración con A. Rodríguez Friz escribiu *As pontes do Lérez* (1987). A súa última aportación, tamén de ton humorístico, é *O Trasno* (1992). No Suplemento do xornal temos só dúas ilustracións da súa autoría.

Antonio **Prado Díaz**

Escritor e tamén pintor, naceu en Santiago de Compostela en 1902 e alí asistiu ás clases de pintura de Mariano Tito Vázquez. Como pintor tratou con moita frecuencia motivos e lugares composteláns e fixo exposicións por distintas cidades galegas. Os seus artigos e ilustracións foron frecuentes en numerosos xornais galegos como *El Eco de Santiago, El Correo Gallego, La Voz de Galicia* e *La Noche*. Cultivou tamén a lírica, á que contribuíu cos poemarios *Suspiros da i-alma* (1968), que abrangue unha selección dos seus versos escritos dende 1920, e *Lembranzas dun tempo* (1979).

A carón de Mario F. Granell, Urbano Lugrís, Manuel López Garabal, Xosé Sesto e Agustín Portela, aparece como un dos ilustradores do suplemento de *La Noche*.

Abel **Quijano**

Pseudónimo de Luís Manteiga.

Manuel **Rabanal Álvarez**

Fillo dunha familia acomodada de labregos, naceu en 1914 na localidade leonesa da Magdalena de Canales. Desenvolveu unha actividade que podemos concretar nun dobre e complementario eixe: o traballo xornalístico e a actividade docente e a publicación de libros case sempre relacionados con ela. Efectivamente, foi Rabanal catedrático de Grego nos niveis medio e universitario do ensino, cargo que exerceu en León, Valladolid e, sobre todo, en Santiago. En 1945, cando era profesor do Instituto Xelmírez, fundou a revista *Gelmírez*[26] e iniciou as súas primeiras colaboracións –na súa sección "Nebulosa"– en *La Noche* ó ano seguinte. En 1944, en León, figuraba entre os fundadores da revista *Espadaña*. No terreo do xornalismo a súa sinatura foi habitual durante moitos anos no *ABC*, pero colaborou tamén en xornais como *Proa, Diario de León, El Español, Ya, Faro de Vigo* e *El Ideal Gallego*. Morreu en Santiago de Compostela en 1989.

Como poeta, *El Cristo de Asorey* (1952) é o seu único libro, xunto a poemas soltos que apareceron en *Espadaña* e *Gelmírez*. Outros dos seus libros conteñen estudios lingüísticos, literarios e gramaticais, referidos con frecuencia ó ámbito do grego ou do galego. Anotamos, entre outros, *Safo (Antología)* (1963), *El lenguaje y su duende* (1967), *Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses* (1967), *España antigua en las fuentes griegas* (1970), *Grecia viva* (1972) e *Maravillas idiomáticas* (1986). Tentou a narrativa curta, á que contribuíu con *Haz de cuentos pavorosos* (1979).

Foi Manuel Rabanal un dos colaboradores máis asiduos nas páxinas de *La Noche* dende a aparición mesma do xornal. Os artigos da súa columna diaria –"Nebulosa"– da última páxina, constituíron unha sección fixa dende a que o profesor e crítico polemizou con intelectuais do seu tempo como Aquilino Iglesia Alvariño. Pero, sobre todo, actuaron como vehículo de divulgación de cuestións idiomáticas e da actualidade cultural compostelá en ámbitos como os da música, pintura, literatura, etc.

No Suplemento só colabora co traballo "49 anos de filología gallega" (31-XII-1949) nun número dedicado ó balanzo do ano cultural galego.

Jean Arthur **Rimbaud**

Figura clave do simbolismo francés, naceu en Charleville no ano 1854. Mozo aínda, marchou a París, onde coñeceu a Paul Verlaine, que ía ser o seu amigo e protector. Con Verlaine viaxou a Bélxica e Gran Bretaña. Posteriormente pasou tempadas en Italia, Chipre e África. Ata o momento da súa morte, acaecida en Marsella en 1901, levou unha existencia angustiada e desacougada.

En 1871 publicou Rimbaud os seus primeiros poemas, pero o seu primeiro libro –*Une saison en enfer*– non chegou ata dous anos despois. Sen embargo foi *Illuminations* (1886) o poemario que lle daría sona e o situaría como un dos grandes renovadores da poesía europea do século XIX e precursor da lírica contemporánea.

No Suplemento de *La Noche* (28-I-1950) temos unha nota biobibliográfica sobre o poeta, escrita por S.(alvador) L.(orenzana) e un poema –"Cando a fronte do neno..."– traducido ó galego por Luís Tobío Fernández.

Vicente **Risco**

Vicente Risco naceu na cidade de Ourense en 1884. Licenciouse en Dereito en 1906 e a partir de 1913 ampliou estudios na Escola Superior de Maxisterio de Madrid. En 1916 volveu a Ourense como catedrático de Historia da Escola Normal e un ano máis tarde fundou, con Arturo Noguerol, a revista neosófica *La Centuria*. A súa incorporación ás Irmandades foi axiña. Dentro do Seminario de Estudos Galegos desenvolveu unha importante actividade e dirixiu a Sección de Etnografía e Folklore. En 1930 viaxou a Alemaña para estudiar Etnografía e Folklore e a estadía naquel país producirá nel unha radicalización cara a posturas máis conservadoras. Proclamada a II República, fundou con Otero Pedrayo o Partido Nacionalista Republicano e presentouse ás eleccións a Cortes Constituíntes, mais non saíría elixido deputado. En 1945 trasladouse a Madrid e ocupou a cátedra de Paidoloxía e Organización Escolar; contra finais da década regresou a Ourense, onde presidirá a tertulia do café Roma e cultivaría de novo o galego. Morreu en Ourense no ano 1963.

---

[25] Reedición da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, Santiago, 1985.

[26] Foi publicada a edición facsímile da mesma: *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera*, Santiago: Xunta de Galicia, C.I.L.L. Ramón Piñeiro, 1995.

Amplísimo é o labor creativo de Vicente Risco. As aportacións ó eido da literatura iníciaas co relato *Do caso que ll'aconteceu ó Dr. Alveiros* (1919), ó que seguirán *O lobo da xente* (1925), *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925) e a novela curta *A Coutada* (1926). *O porco de pé* (1928) é a única novela súa en galego[27]; a que ía ser a segunda, *Os europeos en Abrantes* (1927), ficou inacabada. *O bufón d'El-Rei. Drama en catro pasos* (1928) representa a súa contribución á nosa dramaturxia. *Mitteleuropa* (1934), recolle as impresións da viaxe que efectuou á Alemaña. Unha moi importante parte de artigos publicados polo autor axúntanse nos volumes *Leria* e *Libro das horas*, os dous publicados en 1961.

En canto á lírica, foi introductor e divulgador da poesía vangardista[28] e chegou aínda a participar das correntes de renovación poética dos movementos de vangarda, con composicións como "Poemas novos", "Versos novos", "Triadas druídicas", "U...Ju...juu... (Poema futurista)" e "Lírica nova", compostos entre finais da década dos anos dez e principios dos vinte[29].

Moitas son as obras que converten a Risco no principal ideólogo do nacionalismo galego, así: "Preludio a toda estética futura" (1917), *Teoría do nacionalismo galego* (1920), "O sentimento da Terra na Raza Galega" (1920), "A interpretación da Historia e o valor do noso tempo" (1926), *El problema político de Galicia* (1930) ou "Nós, os inadaptados" (1933). Téñense feito distintas edicións de traballos publicados por este autor, como é o caso da *Escolma de Vicente Risco* e *Vicente Risco: escolma de textos*, ambas de 1981, e *Prosas de Risco en La Zarpa (1921-1923)* (1982). En 1994 a editorial Galaxia principiou a editalas súas *Obras Completas* en sete volumes.

Membro fundador da revista *Nós*, que lle había de da-lo nome á súa xeración, nela publicou numerosos traballos. En 1937 funda a revista *Misión*. A súa colaboración nos medios de comunicación escrita é abondosa e constante ó longo de toda a súa vida, ó mesmo tempo ca innumerables son os xornais e revistas nos que colabora: *La Región*, *El Miño*, *Mi Tierra*, *A Nosa Terra*, *El Sol*, *La Zarpa*, *Céltiga*, *El Pueblo Gallego*, *Rexurdimento*, *Terra*, *Heraldo de Galicia*, *Logos*, *Alento*, *El pensamiento navarro*, *El Español*, *Pueblo*, *La Estafeta Literaria*.

En febreiro de 1946, ós poucos días de comeza-la xeira de *La Noche*, publica Vicente Risco o seu primeiro artigo no xornal santiagués. A comparecencia no mesmo do escritor ourensán ó longo de catro anos supera os cincuenta traballos. Pintura, lingua, literatura, antropoloxía, xeografía, política e música son os temas máis tratados. Con frecuencia os textos de Risco aparecen en primeira páxina, ás veces na sección "Nuestras Exclusivas".

Esta situación contrasta, de certo, coa case total desaparición da sinatura de don Vicente no Suplemento, onde só temos dous traballos da súa autoría: un deles (31-XII-1949), sobre os estudios etnográficos en Galicia; o segundo –"Un poeta de la Provenza" (19-XI-1949)– sobre o poeta Federico Mistral. Na mesma páxina na que, baixo as siglas V.(icente) R.(isco), aparece este artigo, temos outro de E.(uxenio) M.(ontes) sobre o ilustre poeta da Provenza.

Afonso Daniel **Rodríguez Castelao**

Naceu na vila coruñesa de Rianxo no mes de xaneiro de 1886. Cando tiña nove anos emigra a Arxentina, de onde retornará en 1900. Dous anos máis tarde comeza os estudios de Medicina na Universidade de Santiago, para rematalos en 1909. Instalado en Madrid, en 1916, aproba as oposicións ó corpo de funcionarios de Estatística e vai destinado para Pontevedra, onde tamén imparte clases de Debuxo.

Ingresa nas Irmandades da Fala, en 1920, no grupo Nós e en 1923 no Seminario de Estudos Galegos. Tres anos despois sae elixido membro da R.A.G.. En 1929 viaxa a Bretaña para estudia-los cruceiros. É elixido deputado polo Partido Galeguista en 1931 e por mor da súa actividade política sofre un desterro en Badaxoz. Trala aprobación do Estatuto de Autonomía, e co inicio da guerra civil, trasládase co goberno republicano de Madrid a Valencia. En 1938 viaxa á U.R.S.S. e EE. UU, onde desenvolve unha intensa campaña de apoio á República. Coa fin da guerra marcha para Bos Aires, tendo que trasladarse logo a París ó ser nomeado ministro sen carteira no goberno de Giral, en representación de Galicia. En 1947 marcha de xeito definitivo para Bos Aires, onde finaría o 7 de xaneiro de 1950.

Desenvolveu unha variada e incansable actividade en moi diversas frontes, nas que sobrancea o seu labor de político, debuxante e escritor. Entre os fitos máis salientables da súa tarefa no terreo das artes plásticas hai que salienta-lo seu traballo como caricaturista, ilustrador, artista gráfico e conferenciante sobre temas artísticos. Así, destacámo-la súa participación na I Exposición de Arte Gallego celebrada en Madrid en 1912, as estampas do álbum *Nós* (expostas en 1919), a publicación da conferencia "Arte e galeguismo", o seu traballo como director artístico da revista *Nós*, a publicación da serie de estampas "Cousas da vida" no xornal *Galicia* de Vigo a principio da década de 1920 –liña que seguirá en *Cincuenta homes por dez reás* (1930)– e os álbumes de estampas *Galicia mártir* (1973), *Atila en Galicia* (1973) e *Milicianos* (1938), compostos durante a guerra, ó igual que os *Dibuxos de negros* (1970).

No que atingue á súa producción literaria, comeza coa novela curta *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922). En 1926 publícase *Cousas*, o segundo libro en 1929 e o terceiro –postumamente– en 1975. En 1934 os contos de *Retrincos* e a novela *Os dous de sempre*. A obra dramática *Os vellos non deben de namorarse* publicouse en 1953, aínda que xa dez anos antes se estreara na Arxentina. Dentro do ámbito ensaístico publicou en 1944 *Sempre en Galiza*, ampliado nunha segunda edición póstuma en 1961, obra que representa unha síntese do seu pensamento político. É autor tamén dos estudios *As Cruces de Pedra na Bretaña* (1930) e *As Cruces de Pedra na Galiza* (1949).

Polo que se refire á actividade xornalística, comeza a colaborar en *A Nosa Terra* en 1917 e tres anos despois na revista *Nós* (no número 2 xa aparece o texto "A tola do monte"). Entre outros moitos medios da prensa

27 Con posterioridade publícase *O porco de pé e outras narracións* (1980).

28 Véxase a tal efecto o estudio da súa poesía da autoría de Carlos L. Bernárdez en *O sentimento da terra*, A Coruña: Espiral Maior, 1994.

29 Para unha aproximación valorativa do movemento vangardista en *La Noche* é de interese a consulta do artigo de Antón Capelán, centrado na figura de Manuel Antonio, "Un autor nunca esquecido (da frustrada homenaxe de 1936 á de 1960)", en *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*, Vigo: A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, 1996. Tamén o libro de Xosé Ramón Pena, *Manuel Antonio e a Vangarda*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, col. Estudios e Investigacións, 1996.

escrita, só indicámo-las súas colaboracións en *Galicia*, o seu activo labor na xestación da revista *Galeuzca* en 1945, e as súas achegas na revista *Céltiga*.

No Suplemento correspondente ó 22 de outubro de 1949 aparece, na sección "Cartel de las Letras", o texto titulado "Novela", atribuído por Fernández del Riego a Castelao, o cal queda confirmado coa lectura do artigo. No correspondente ó 14 de xaneiro do ano seguinte, xusto unha semana após o pasamento de Castelao, Francisco Fernández del Riego, á fin do seu artigo "Morreu o grande artista" –asinado baixo a inicial do pseudónimo Lorenzana–, reproduce en memoria do artista de Rianxo algúns dos seus pensamentos sobre o humorismo, o debuxo artístico e a caricatura. Ademais, neste mesmo número rexistrámo-lo emocionado artigo de homenaxe "Castelao. El hombre y el artista", de Valentín Paz Andrade.

Feliciano **Rolán Vicente**

Ben curta foi a existencia de Feliciano Rolán. Naceu en Vigo no ano 1907 e morreu na Guarda en 1935. Foi profesor auxiliar na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, tras do que obtería o título de doutor en Madrid. Na actividade literaria destacou como poeta, e no ano 1932 aparece o seu primeiro conxunto de versos, *Huellas*. Un ano antes do seu pasamento viu a luz a selección de poemas *De mar a mar* (1934), escolmados por Juan Ramón Jiménez, que contén poesías publicadas no xornal madrileño *El Sol*.

Dado o prematuro da súa morte, deixou inédito o libro poético *Ápices*, presentado ó Premio Nacional de Literatura, e mais *Tierra*, no que se evidencia unha fonda pegada da época compostelá vivida polo autor. Estes dous títulos, ademais dos anteriores, compoñen a edición das súas *Obras Poéticas* (1970), prologadas por quen fora un dos críticos que prestara atención á súa figura, Ricardo Carballo Calero. A edición definitiva da súa obra, *Feliciano Rolán: su obra poética*, apareceu en Madrid en 1984.

A inclusión da súa "Prosa inédita" nas páxinas do Suplemento del Sábado (5-XI-1949) constitúe tamén un acto de homenaxe á figura deste poeta, na sección "Poemas de aquí e de alá", baixo o título de "La voz de un poeta muerto". Na sección "Plumas y Letras Gallegas" de *La Noche* temos un poema e un ensaio breve deste escritor (8-VI-1946 e 25-I-1947, respectivamente).

Ronsel

Pseudónimo de Emilio Álvarez Blázquez.

Christine Georgine **Rosetti**

No seo dunha familia de poetas e artistas naceu Christine Georgine Rosetti, na cidade de Londres, en 1830. O seu pai, Gabriel Rosetti, partícipe do Risorgimento italiano, foi poeta de inspiración patriótica. O seu irmán, Dante Gabriel Rosetti, foi un prerrafaelista que destacou como pintor e poeta (*Ballads and sonets*, 1881). Ela foi unha moi activa militante nas ringleiras do anglicanismo relixioso e a súa poesía estivo inspirada pola idea da morte, o amor á natureza e ós nenos. Participou, como o seu irmán, no movemento prerrafaelista. Dos seus libros poéticos cómpre mencionar *The prince's progress* (1866), *Annus Domini* (1874) e *Goblin Market* (1862). Morreu na cidade Londres en 1894.

A aparición desta poeta inglesa no Suplemento de *La Noche* (15-X-1949) débese a Plácido R. Castro, que na sección "Poemas de aquí e de alá" fixo a traducción ó galego de dous poemas da escritora, "Lémbrame" e "Amor meu, cando eu morra...", que van precedidos –como é habitual na sección– por unha breve nota biobibliográfica. O segundo dos poemas reaparece no nº 15 do Suplemento (21-I-1950), na mesma sección, a carón dun poema de Thomas Hardy.

José **Salgueiro**

Pseudónimo de Ricardo García Suárez.

Teodoro **Sandomingo García**

Naceu en Cerdido, A Coruña, no ano 1920. Traballou en diversos organismos oficiais e foi secretario da Asociación de Artistas da Coruña, colaborador do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, secretario da Fundacion da Casa-Museo Valle-Inclán e membro correspondente da R.A.G. e da Real Academia Galega de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario.

Entre os seus estudios mencionamos "Una página de Galicia. El Arzobispo Rajoy y la vida local compostelana. Siglo XVIII", "Siluetas y paisajes", "Al ir y venir. Crónica viajera", "La Coruña en seis rutas. Notas de viaje por la provincia", "Las haciendas municipales en Galicia" e "Ensayo sobre Finisterre. Del atrio de Vilar de Donas a la cima del Monte Nerio". Colaborou en *La Noche*, onde no ano 1949 publicou varios artigos de temática literaria sobre Manuel Antonio, Sofía Casanova e Rosalía de Castro.

No Suplemento de *La Noche* (7-I-1950) publicou "El hombre y su pueblo", sobre a figura de Nicomedes Pastor Díaz, artigo que constitúe a súa única comparecencia naquelas páxinas.

Francisco de **Santiago**

De orixe galega, frei Francisco de Santiago viviu en Lisboa ó longo dos séculos XVII-XVIII. Escribiu, en galego, poemas de carácter relixioso. En portugués fixo diversos estudios sobre temas referentes á orde franciscana, entre eles "Relaçam sumaria e noticiosa dos lugares santos de Jerusalem..." (1706) e "Chronica da sana provincia de Nossa Senhora da Soledade..." (1762). O vilancico "Ai, miña nai, o galeguiño novo..." constitúe a única presencia deste frade e poeta en *La Noche*.

No número do Suplemento correspondente ó Nadal (24-XII-1949) temos unha breve escolma de vilancicos, entre eles o xa citado da autoría de frei Francisco de Santiago e datado en Lisboa no Nadal de 1647. Cómpre dicir que tanto a figura de San Francisco de Asís como o franciscanismo na literatura galega foron obxecto de atención con certa frecuencia nas páxinas do Suplemento.

Luís **Seoane López**

Fillo de emigrantes, naceu en Bos Aires en 1910. Xa de pequeno, trasladouse a Galicia, onde, en 1932, se licenciou en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, militando daquela na F.U.E. e no Partido Galeguista. En 1939, exiliouse en Bos Aires, onde residiu ata 1967, ano no que retorna a Galicia para logo simultanea-la súa residencia en ambas marxes do Atlántico. Morre na Coruña en 1979.

O seu labor intelectual desenvolveuse nos eidos das artes plásticas e da literatura, nunha actitude de compromiso coa causa galeguista. As primeiras publicacións nas que colabora, de xeito temperá, son *Yunque*, *Alento*, *Resol* e *Ser*. Na capital arxentina iniciou unha extensa participación nos medios intelectuais e converteuse no principal valedor do discurso galeguista. Dirixe a revista *Galicia* e funda as colecciónns Hórreo e Dorna, editoriais como Nova e Botella al Mar e a revista *Galicia Emigrante*. Participou na fundación da A.G.U.E.A., da Editorial Citania e do Laboratorio de Formas de Galicia.

Ademais do abondoso traballo como artista plástico e dunha manchea de ensaios sobre a arte galega, realizou tamén unha singular contribución ás nosas letras, sobre todo a partir dos anos cincuenta, dentro da corrente poética do socialrealismo. *Fardel de eisiliado* (1952), *Na brétema, Sant-Iago* (1956), *As cicatrices* (1957) e *A maior abondamento* (1972), constitúen os seus libros poéticos en galego. En castelán é autor, no ámbito narrativo, de *Tres hojas de ruda y un ajo verde* (1948)[30] e da obra de teatro *La soldadera* (1957)[31]. A súa pluma ilustrou tamén moitos libros de escritores galegos.

A súa única colaboración no Suplemento é "La pintura mural de Manuel Colmeiro" (5-XI-1949), onde analiza a obra muralística do artista. Sobre pintura e literatura galegas publicou en *Grial* numerosas colaboracións.

Xosé **Sesto López**

Naceu en Pontevedra no ano 1909. Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago e ingresou como funcionario de Facenda na Delegación de Pontevedra e, con posterioridade, na Subdelegación de Vigo. Máis tarde emigrou a Venezuela, onde foi profesor na Escola Superior de Artes Plásticas de Caracas. A súa actividade artístico-intelectual abrangue ámbitos como os dos estudios históricos, o xornalismo, a ilustración e a miniatura en acibeche e marfil.

Foi Xosé Sesto un dos fundadores, en 1923, de *Acción*, publicación da Xuventude Católica de Pontevedra; ademais, colaborou en *Spes, Cristal* e *Alba,* as dúas primeiras da vila do Lérez. Preparou unha edición anotada da *Historia de Galicia* que escribira un erudito do século XVII e ilustrou o *Libro de Santiago* (1948), de Xosé Filgueira Valverde, e o de Sesto Novás, *Da estrela e da fouce* (1967). Como ensaísta e editor publicou o limiar de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972), de Álvarez Gallego. En 1972 aparece a súa primeira contribución poética, *A lúa está ahí*, que contén un "prólogo que non quere selo" de Celso Emilio Ferreiro. Catro anos máis tarde sae do prelo *Refraneiro da muller*, no que compila case mil cincocentos refráns clasificados tematicamente. É autor tamén do opúsculo *Pranto a Chariño* (1975) e dun "Epi(logo)tafio (Pra cando Celso Emilio fine, no ano MMC)" inserto en *Cimenterio privado* (1973). O resto das súas composicións líricas están espalladas polas revistas xa citadas. No Suplemento del Sábado figura cunha única colaboración gráfica, "La adoración de los Pastores" (24-XII-1949).

Pascual **Sigüenza**

Irmán de Xulio Sigüenza, naceu na Coruña a principios de século. Foi linotipista de *El Pueblo Gallego* de Vigo. A súa única colaboración en *La Noche* consiste no traballo "Estampa coruñesa: Concheiro", aparecida no interior do Suplemento del Sábado o 10 de novembro de 1949. Un meses antes escribira para as páxinas deste xornal o poema en castelán "Automarcha del linotipista", publicado o 14 de xullo dese mesmo ano.

Victoriano **Taibo García**

Naceu en Santiago de Compostela no ano 1885. Exerceu a docencia, como mestre nacional, por diversas vilas e cidades galegas. Participou no movemento galeguista e nas súas ringleiras fixo amizade con Manuel Antonio, Xaime Quintanilla, Lois Porteiro Garea, Ramón Villar Ponte e Luís Peña Novo. Colaborou coas Irmandades da Fala (de feito, a carón de Gonzalo López Abente, foi o máis salientable poeta das Irmandades) e pertenceu ó Instituto de Estudios Históricos do Miño e á R.A.G. "Rosalía de Castro, precursora da fala" foi o título do seu discurso de entrada nesta última institución. Colaborou en publicacións como *Nós, A Nosa Terra* e *O Tío Marcos da Portela*. Morreu en Santiago de Compostela en 1966.

Herdeiro do saudosismo e do lirismo de Cabanillas, como poeta deuse a coñecer con *Abrente* (1922), para publicar despois *Da vella roseira* (1925). Inéditos quedaron outros títulos como *Cabrinfollas, Abicedo* e *Enxangadas*. Como narrador merece lembranza o seu libro de contos e lendas, *Da agra aberta* (1956), que contén un feixe de narracións de fasquía popular e carácter costumista.

Comparece por primeira vez en *La Noche* cando aparece o Suplemento, no que temos os seus poemas "Leda d'amor" (3-XII-1949) e "Cariña de proa, lúa alurada..." (24-XII-1949).

Lois **Tobío Fernández**

En Viveiro (A Coruña) naceu, en 1896, Lois Tobío Fernández. Fixo estudios de Dereito na Universidade de Santiago, na que ecerceu de profesor antes de ingresar, en 1933, na carreira diplomática. Como profesor axudante de Dereito Administrativo, obtivo unha bolsa de estudios para estudiar Ciencia Política en Berlín. Pertenceu ó Consello Executivo do Partido Galeguista, así como ó grupo fundador do Seminario de Estudos Galegos, no que dirixiu a sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Ocupou diferentes cargos

---

30 Existe unha reedición facsímile desta obra publicada en Ediciós do Castro en 1996.

31 A versión orixinal en galego desta peza teatral, *A Soldadeira*, foi publicada no Boletín Galego de Literatura nº 11 de maio de 1994 (pp. 105-165). A mediados de 1996 Ediciós do Castro tirou do prelo esta obra, en edición de Xosé Luís Axeitos, cun interesante estudio introductorio de Mª Fe González e Armando Requeixo.

como diplomático fóra de España e participou na redacción do Autoproxecto do Estatuto de Autonomía de 1931. Tras 1938 marchou ó exilio –Bos Aires, A Habana, Montevideo– de onde retornou en 1963. En 1974 reingresou na carreira diplomática.

Lois Tobío desenvolveu un moi amplo labor político e intelectual. Publicou artigos e ensaios nos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Galicia Emigrante* e *Grial*. Encargouse da edición da *Historia de Galiza* (1962), que dirixiu Otero Pedrayo e colaborou con Plácido R. Castro e F. Delgado Gurriarán no libro *Poesías inglesas e francesas vertidas ao galego* (1949). Traduciu ó castelán a *Teoría del Estado* (1944), de H. Heller e escribiu numerosos estudios de investigación sobre a figura do Conde de Gondomar. Posteriormente e no eido da traducción, pasou ó galego os *Sonetos a Orfeu* (1980), de R. M. Rilke e *Nai coraxe e máis os seus fillos* (1987), de B. Brecht. En 1994 apareceu o libro *As décadas de T. L.* que contén as súas memorias.

Nos xornais santiagueses *El Compostelano, El Correo Gallego* e *La Noche* colaborou o seu irmán, Jesús Tobío Fernández. No Suplemento de *La Noche* (28-I-1950) temos unha única colaboración de Lois Tobío, a versión ó galego do poema de A. Rimbaud "Quand le front de l'enfant..." que vai precedida dunha nota de presentación do poeta francés a cargo de S.(alvador) L.(orenzana).

Manuel **TORRES MARTÍNEZ**

Naceu en Marín en 1901. Estudiou Maxisterio en Pontevedra e deu os seus primeiros pasos como debuxante e pintor da man de Lino Villafínez. A carón de Maside, Colmeiro e Souto, forma parte dos novecentistas galegos que deron pulo renovador á pintura. Exerceu como mestre, alternando a docencia coa pintura e a literatura. Foi bo coñecedor da obra da Xeración Nós e nas tertulias do café Derby, en Vigo, coñeceu a Rafael Dieste e Valentín Paz-Andrade. A partir de 1920 comeza a colaborar, con artigos primeiro e con debuxos de ton humorístico despois, en *Faro de Vigo*. Así mesmo, ilustrou as páxinas de *Céltiga*, de Bos Aires. En 1927, cunha bolsa de estudios da Deputación de Pontevedra, marchou a Madrid, onde coñeceu a Bagaría e Federico Ribas e en calidade de debuxante humorístico colaborou en xornais como *El Sol* e *La Libertad*. Participou tamén, na capital, na mostra colectiva de Arte Galega, a carón de Castelao, Souto, Asorey e Bello Piñeiro..

Retornado a Vigo, a partir de 1930 colaborou en *El Pueblo Gallego* con artigos e ilustracións que amosan a súa inspiración popular. Os seus debuxos apareceron tamén en *La Voz de Galicia* (dende 1962) e *Diario de Pontevedra* (dende 1965). Así mesmo ilustra as páxinas das revistas *Cristal, Spes, Triunfal, Finisterre, Galicia Emigrante, Mar, A Nosa Terra* e *Sonata Gallega*. En 1931, outra bolsa de estudios permitiulle visitar París. En 1934 fíxose socio do Seminario de Estudos Galegos e participou no libro *Dez cursos de Traballo (1923-1934)*, publicado por aquela institución en 1934. En 1946 funda e publica, co seu irmán Xosé, a revista *Ría*, dedicada a temas de Marín.

Cultivador do gravado e o linóleo, Torres Martínez fixo exposicións en Madrid (1930 e 1967), Vigo (1933, 1956), Bos Aires (1957) e Pontevedra (1970, 1982) entre outras cidades. Traballou tamén como escultor e na súa obra, neste terreo, pódese adverti-la pegada de Asorey. Cadros como "Leiteiras", "Peixeiras", "Pescantinas", "Parexa parolando", "Romería", "Mujer sentada", "Siesta" ou "Descanso" figuran entre o mellor da súa variada producción.

Manuel Torres, por Siro

Como escritor publicou *Do meu cartafol* (1986), integrado por poemas e narracións. En 1986 publica unha escolma de viñetas que tiñan aparecido en diversos xornais galegos. A temática e intencionalidade amosan a influencia de Castelao.

No Suplemento del Sábado figura cun único traballo, o títulado "San Quietán de Lonxe" (22-X-1949).

Vizconde de **TRIVES**

Pseudónimo de Antonio Bonet Correa.

Adriano del **VALLE**

Andaluz de orixe, naceu en Sevilla en 1895. Foi fundador, con Isaac del Vando-Villar, da revista *Grecia* e cultivou o ultraísmo de vangarda e o neopopularismo lorquiano. Precisamente a pegada de Lorca e Alberti inflúe con claridade no seu primeiro libro poético, *Primavera portátil* (1934). Sempre no eido da lírica, publicou despois *Los gozos del río* (1940), *Arpa fiel* (1941) –prologado por Dámaso Alonso–, *La innombrable* (1954) e *Égloga de Gabriel Miró y Fábula del Peñón de Ifach* (1957), este último aparecido no ano mesmo da súa morte en Madrid.

A presencia no Suplemento de *La Noche* deste poeta andaluz limitouse a un pequeno feixe de comentarios líricos sobre figuras galegas (Rosalía, Euxenio Montes) baixo o título "Introducción a unos motivos gallegos" (15-X-1949).

Benito **VARELA JÁCOME**

En Soutolongo (Pontevedra) naceu Benito Varela Jácome no ano 1919. Desenvolveu un amplo labor no terreo do ensino medio e universitario en Santiago, San Sebastián e Madrid. Na actualidade é catedrático de Literatura Hispanoamericana –en situación de emérito– da Universidade compostelana.

Son abondosísimos os seus estudios e páxinas críticas sobre figuras da literatura galega, española e universal, ben sexa en libros da súa autoría, ben en prólogos, edicións, ensaios e artigos. Polo que se refire á literatura galega, escribiu traballos sobre Lamas Carvajal, Ramón Cabanillas, Eduardo Pondal, Castelao, Cunqueiro, Armado Cotarelo Valledor ou Rodríguez Mourullo. Entre as súas máis interesantes aportacións figuran os libros *Historia de la literatura gallega* (1950), *Poetas gallegos* (1953), *Singraduras da narrativa galega* (1973) e *Estructuras de la narrativa de Castelao* (1973). Fixo tamén a edición da *Poesía completa en galego* de Rosalía de Castro (1980); de *Estebo* (1981), de Lesta Meis e mais das *Memorias de Tains* (1983), de Rodríguez Mourullo.

Sobre escritores de expresión castelá, ademais de edicións de obras de Ruíz de Alarcón, Espronceda, José Martí, E. Pardo Bazán, Mateo Alemán, Larra ou Valera, é autor dos libros *Renovación de la novela en el siglo XX* (1967), *Estructuras novelísticas de Emilia Pardo Bazán* (1973), *El cuento hispanoamericano* (1976) e *Leopoldo Alas Clarín* (1980). Contribuíu tamén ó ámbito dos libros de texto e da análise textual.

Menos coñecida hoxe é a súa vasta tarefa de xornalista, que desempeñou con asiduidade en *La Noche* dende 1946 e con anterioridade en *El Compostelano*. Pero colaborou tamén noutros xornais galegos e en publicacións como *Cuadernos de Estudios Gallegos, Ínsula, Cuadernos Hispanoamericanos, Ateneo* e *Revista de Letras* da Universidade de Puerto Rico.

Varela Jácome, que viña publicando artigos en *El Compostelano*, foi colaborador de *La Noche* dende os seus comezos. Traballou arreo no xornal, moitas horas do día e da noite, facendo recensións de libros, notas da actualidade cultural e moitísimos artigos de crítica literaria sobre autores galegos, españois e hispanoamericanos.

No Suplemento as súas achegas redúcense ós artigos "La gaita en la lírica gallega" (3-XII-1949) e "Un estudio decisivo sobre el segundo cura de Fruime" (18-XII--1949), no que comenta a conferencia de Sánchez Cantón sobre a figura do poeta prerrómantico galego Antonio Francisco de Castro.

Lorenzo **VARELA**

Aínda que naceu na Habana en 1917 cursou os primeiros estudios en Bos Aires. A comezos de 1930 veu a Galicia, estudiou o Bacharelato e iniciou a súa andaina política e cultural (ocupará un cargo directivo nas Mocedades Galeguistas de Lugo). En 1933 marchou a Madrid e alí participou nos labores de Misiones Pedagógicas e sumouse ó grupo de Poetas Andantes y Navegantes (P.A.N.). Cando se inicia a guerra civil, Lorenzo Varela estudiaba na Facultade de Filosofía e Letras e traballaba como colaborador en *El Sol*. Xa en 1940 reside en México e funda e codirixe a revista literaria *Romance*, ó tempo que colabora en *Taller*. Ó ano seguinte trasladouse a Bos Aires. Nesta capital fundou a revista *Correo Literario* (1950), en colaboración con Luís Seoane e Arturo Cuadrado. Foi tamén asesor de dirección do xornal *El Mundo* e director de *El Pueblo Español*. En maio de 1976 retornou a España e instalouse en Madrid ata o momento do seu pasamento en 1978.

Se ben as súas primeiras composicións son en castelán e e de carácter popularista, Lorenzo Varela, como poeta pertencente á primeira xeración de posguerra, apostará definitivamente por unha poesía socialrealista. Inicialmente publicou en castelán *Elegías españolas* (1940) e *Torres de amor* (1942). Un ano máis tarde saíu do prelo unha antoloxía de ensaios sobre Baudelaire traducida e prologada por Lorenzo Varela co título *Actualidad de la obra crítica de Baudelaire*. En 1945 publicou o seu ensaio *El Renacimiento*. O seu primeiro libro en galego foi *Catro poemas pra catro gravados*, incluído no álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medioevales* (1944), reeditado en 1951 co título *Catro Poemas Galegos*. En 1954 publica *Lonxe* e en 1979 viu a luz o seu libro *Homaxes*, edición feita por Luís Seoane, e *Poesía*.

Autor prolífico, prologou libros –de Manuel Lueiro Rey, *Escolma ferida* (1977) e de Valentín Paz Andrade, *Cen chaves de sombra* (1979)– e catálogos sobre temas artísticos. Colaborou na prensa e na radio e publicou artigos, ensaios e poesías en diversos xornais e revistas –*Nova Galiza*, *El Mono Azul* e *Hora de España*, *De Mar a Mar*, *Cabalgata*, *La Nación*, *Sur*, *Galicia Emigrante*, *La Razón* e *Alba*–. Participa cun soneto no libro *Castelao na voz dos poetas* (1970) e está presente, así mesmo, nos volumes colectivos *Poetas en la España leal* (1937) e *Homenaje de despedida a las Brigadas Internacionales* (1938). En 1963 gravou dous discos co título *Federico García Lorca. Poesías dichas por Lorenzo Varela*.

A única colaboración de Lorenzo Varela no Suplemento de *La Noche* é o artigo "La pintura de Seoane" (26-XI-1949).

Luis **VEIGA DO CAMPO**

Pseudónimo de Ramón Piñeiro.

Luis **VIÑAS CORTEGOSO**

Naceu en Pontevedra en 1912 no seo dunha familia vinculada ó mundo do libro. En 1931 ingresou no Partido Galeguista, ano no que tamén aproba as oposicións de maxisterio, logrando destino definitivo en 1934 en Vilagarcía de Arousa. Participante dos círculos galeguistas da súa cidade, chegouse a afiliar á Asociación de Amigos de Rusia. En 1934 marchou a Madrid como pensionado da II República a fin de estudia-la carreira de Filosofía e Letras. Naquela capital asistiu ás tertulias de Ortega e Besteiro. Logo de transcorrida a guerra civil obtivo praza como inspector de E.X.B. No contexto de recuperación cultural do galeguismo a finais dos anos corenta, asistiu ás tertulias do café Suavia e emprendeu o labor editorial, xunto con Xosé María Álvarez Blázquez, ó fundar, en Vigo, Edicións Monterrey (que máis tarde cambiaría o nome polo de Ediciós Castrelos) intervindo tamén na fundación da Editorial Galaxia, dentro da que formou parte

do seu consello de administración, encargándose da dirección administrativa e comercial. Frecuentaba as tertulias viguesas de Illa Couto, Fernández del Riego, Plácido R. Castro, Maside, Celso Collazo, os irmáns Álvarez Blázquez e outros.

A chegada da democracia supuxo a volta á súa participación na vida pública e política. Integraríase nunha opción política de carácter galega, con independencia da súa ideoloxía, acorde coa participación na estratexia política desenvolvida principalmente por Ramón Piñeiro. En 1977, seguindo unha traxectoria persoal de home de esquerdas, presentouse ás eleccións nas listas do Partido Socialista Galego (P.S.G.) pola provincia de Pontevedra. Trala consolidación da democracia retirouse da actividade política desempeñando, entón, o cargo de inspector de ensino primario ademais do de conselleiro da Editorial Galaxia, coa que colabora na actualidade.

En paralelo coa súa actividade como articulista no xornal *La Noche* fixo unha edición da obra *Vida y viajes literarios*, de Frei Martiño Sarmiento. Polo que se refire á súa participación no Suplemento del Sábado, tan só se rexistra unha colaboración súa, o conto "Deixádeo fuxir", no número correspondente ó 5 de novembro de 1949. Ademais, no nº 7 (do 26-XI-1949) do Suplemento aparece unha breve nota en galego asinada por Luvicor –pseudónimo tralo que se agacha Luís Viñas Cortegoso– co título de "Suum quisque" (p. 8), onde trata a visión do ser en Platón e Aristóteles.

Walt **Whitman**

Escritor norteamericano nado en Long Island en 1819 e finado en New Jersey en 1892. Traballou no ensino e no xornalismo e neste último ámbito chegou a dirixir o *Daily Eagle* de Brooklin. Trátase dun poeta universal, autor sen embargo dun único libro poético, *Leaves of grass*, que aparecera en 1855, en tipografía feita a man polo propio autor. O libro, mal recibido pola crítica e considerado escandaloso polas metáforas sexuais da súa linguaxe poética, foi obxecto de numerosas edicións que incorporan novos poemas. Whitman encarna a figura do gran bardo que fala nos seus versos de si mesmo e da colectividade humana nun ton elevado e intenso. A vida, a morte e o erotismo son tres grandes eixes do exaltado canto lírico do poeta, que se move entre o paganismo e o misticismo.

A guerra civil ou de secesión –evocada no libro de memorias *Specimen days* (1882)– ecoa tamén nos versos de *Leaves of grass*, que non obstante é un poemario fortemente vitalista e acada unha significativa dimensión simbólica. Moitos poetas norteamericanos acusaron a pegada de Whitman, particularmente os integrantes da *beat generation*, encabezados por Allen Ginsberg.

No Suplemento del Sábado atopamos un único traballo deste escritor titulado: "Un carballo na Lusitania" (26-XI-1949) en traducción de E(uxenio) M(ontes).

Xus

Pseudónimo de Celso Collazo Lema.

William **Butler Yeats**

Naceu en Sandymount (Irlanda) no ano 1865 no seo dunha familia protestante. Morreu en Roquebrune-Saint Martin (Francia), en 1939. Cursou estudios de arte en Londres e Dublín. Residiu en Londres dende 1887 e alí figurou no grupo de escritores decadentes, comezando a publicación das súas obra de temática céltica como o poemario *The wanderings of Oisin* (1889), o drama en verso *The countess Cathleen* (1892) ou a antoloxía *A book of Irish verse* (1895).

Retornado a Irlanda en 1896, converteuse en primeira figura do movemento do renacer literario irlandés. Xunto a Lady Gregory creou o teatro nacional de Irlanda, que tivo a súa sede no Abbey Theatre de Dublín e logrou un grande éxito. Loitou pola independencia da súa patria e foi senador entre os anos 1922 e 1928.

Desta segunda etapa da súa producción literaria destacan os libros poéticos *The wind among the reeds* (1899) e *The green helmet* (1910). Posteriormente a súa obra acusa o influxo do mundo sobrenatural e das lendas, segundo se manifesta en *The tower* (1928) e *The winding stark* (1929). Algunhas das súas últimas pezas teatrais foron *The cat and the moon*[32] (1924) e *Plays in prose and verse* (1923). Recibiu o Premio Nobel de Literatura en 1923.

A presencia de W. B. Yeats no Suplemento de *La Noche* (22-X-1949) redúcese a unha nota biobibliográfica e á traducción –anónima– ó galego dunha das súas lendas, "Nosa Señora dos Outeiros".

32 Verquida recentemente ó galego. Vx. ó respecto, Yeats, W. B., *A ola de caldo* e *O gato e a lúa*, prólogo e traducción de Manuel F. Vieites, A Coruña: Elsinor Teatro, col. Cadernos de Teatro, nº 7, 1996.

ANEXO

CINCUENTENARIO DO XORNAL *LA NOCHE*

1. Editorial Compostela: unha aventura compostelá

A familia Sáenz-Díez García, representada polos irmáns D. Juan e D. Pedro, fillos de D. Hacisclo Sáenz--Díez e de Dª Isabel García Blanco, acorda, en xuño de 1938, a creación, coa participación das persoas máis representativas da cidade, dunha sociedade, Editorial Compostela, S. A., que, de acordo co artigo 3º dos seus Estatutos "tendrá por objeto la publicación, impresión, edición y venta, o cualquiera de estas actividades aisladas, de periódicos, libros, revistas y publicaciones y en general, toda clase de trabajos de imprenta y litografía".

Na Xunta Xeral de Accionistas do 29 de decembro de 1938 –a Acta de Fundación ten data de 27 de xuño do mesmo ano– podemos descubrir como accionistas, entre outros, os seguintes apelidos: D. Juan Gil Armada (Marqués de Figueroa), D. Jorge de la Riva, D. Ramón González Mendá, D. Cándido Varela de Limia, Sr. Vizconde de San Alberto, D. Julio Reguera Domínguez, D. Ángel Rey Gallardo, D. Manuel Porto, D. Luis Peña Mantecón, D. Ángel Botana Sieyro, D. José María Bustamante, D. José María Rubido, D. Ricardo Bescansa, D. Fernando Alsina, D. Isidoro e D. Estanislao Pérez Artime, D. Eduardo Fernández, D. Ildefonso Gallego, D. Francisco Ron Mato, D. Álvaro Santaló, D. Arturo Vilas, D. Julián, D. Manuel, D. Miguel e Dª María Pérez Esteso, D. Felipe Gil, D. Marcelino Blanco, ademais, naturalmente, dos Sáenz--Díez xunto coa súa nai, Dª Isabel García Blanco, como principal accionista. Nómina na que non figuran evidentemente un bo número de accionistas que só despois da "Orden del Ministerio de Información y Turismo de 10 de enero de 1958", que esixía a conversión das accións ó portador en accións nominativas, unha vez resolto desfavorablemente o recurso presentado pola sociedade Editorial Compostela, se viron na obriga de renunciar ó seu anonimato.

Esta ampla acollida por parte da burguesía compostelá dificilmente se podería explicar sen ter en conta sobre todo o enorme prestixio de que gozaba a familia Sáenz-Díez García, abondo acreditado dende o mesmo establecemento en Santiago do seu fundador, D. Simeón García de Olalla y de la Riva, nado o 18 de febreiro de 1833 na pequena vila rioxana de Ortigosa de Cameros, a quen *La Noche* (17-VII-1946), con motivo do descubrimento dunha lápida conmemorativa na súa casa natal, lembraba con estas palabras: "Si Ortigosa de Cameros fue la cuna del hombre, Galicia vino a ser la sede de su obra. Desde nuestra tierra, y concretamente desde Santiago, se proyectó hacia toda España". Unha presencia que a figura excepcional da súa filla, Dª Isabel García Blanco, persoalmente e a través dos seus fillos, perpetuou na realización de obras compostelás coma o Sanatorio da Esperanza, as Escolas da Inmaculada ou o Colexio La Salle.

A nova sociedade, a través do seu Consello de Administración, presidido entón por D. Juan Sáenz--Díez García, asume dende o primeiro momento a responsabilidade de continua-la publicación do xornal que viña editando a familia Simeón García, *El Eco de Santiago*, nomeándose, o 20 de xuño de 1938, a D. Juan Manuel Pereira de la Fuente como Administrador da Sociedade, "con las obligaciones propias del cargo, inclusive la de llevar la contabilidad", e como Director e Subdirector, respectivamente, de *El Eco de Santiago*, a D. José Goñi Aizpúrua e a D. Celestino Sánchez Rivera. Só dous meses despois, o 11 de agosto de 1938, o mesmo Consello de Administración acorda a compra do xornal ferrolán *El Correo Gallego*, propiedade de D. Rafael Barcón, trasladándose o seu domicilio social a Santiago onde, como resultado da súa fusión co anterior, sae á rúa coa cabeceira *El Correo Gallego-Eco de Santiago.*

O xornal vespertino *La Noche* ía constituír con todo a aventura xornalística de maior significación no labor editorial da nova sociedade. En outubro de 1945 é Goñi, o principal protagonista nesta aventura, o designado polo Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., (LA[1]: 11-X-1945), para realiza-la compra do xornal *El Compostelano*, sendo el mesmo quen propón e leva a cabo o proxecto de transformación deste no vespertino *La Noche*. A súa saída ó público o día 1 de febreiro de 1946, marcará un fito de indiscutible relevo tanto no mundo do xornalismo galego coma na historia de Galicia.

A actividade de Editorial Compostela, S. A., non se limitou sen embargo ó labor xornalístico. Na súa imprenta da Rúa Nova, nº 13, e nos talleres do Preguntoiro, nº 29, imprimíronse obras coma *Las glándulas de secreción interna y su Histofisiología,* de Ramón Sánchez Calvo, ben que neste caso o Consello de Administración (LA: 9-XI-1941) se vira na obriga de atende-las reclamacións formuladas polo autor con motivo dos erros comprobados na realización da mesma, ou a importante obra *Patología General* do doutor Novoa Santos, segundo informe recibido (LA: 31-III-1943) polo Consello de Administración, e levouse a cabo a edición de publicacións periódicas como *Campiña* da Coruña, *Ultreya* e *Servicio*, "órganos, respectivamente, de las Hermandades de Labradores, Acción Católica y S.E.U., de Santiago, éstas", tal como informa ó Consello (LA: 20-III-1950) o mesmo Sr. Goñi.

El Eco de Santiago *compartiu cabeceira con* El Correo Gallego

[1] LA: Siglas coas que remitimos ó *Libro de Actas* do Consello de Administración da Sociedade Editorial Compostela, S. A., Arquivos da Sociedade.

Pensamos sen embargo –idea sobre a que voltaremos máis dunha vez– que este esforzo da nova empresa Editorial Compostela, S. A., non resulta doado entendelo sen ter en conta os ideais que os animaron e fixeron posible dende os seus mesmos comezos. Calquera intento de achegamento, dende criterios económicos e comerciais, á realidade desta entidade ofrecería sempre unha visión deformada da mesma, errónea e de todo incompleta.

Editorial Compostela, S. A., nace, segundo vimos, como un proxecto da familia Sáenz-Díez ó que a Igrexa e a burguesía compostelás e o mundo intelectual galego, nunha clara coincidencia cos ideais que aquela representaba, lle outorgaron de inmediato a súa confianza e colaboración. O texto do artigo 1º dos seus Estatutos, e aínda o conxunto dos mesmos, pouco máis significaba, neste senso, que unha legalización obrigada daquel proxecto. "Con la denominación de Editorial Compostela, S. A., –lemos na súa redacción do 20 de decembro de 1965– se constituye una Sociedad con el carácter de mercantil y anónima, rigiéndose por los presentes Estatutos y por la vigente Ley de Sociedades Anónimas y demás normas jurídicas vigentes o que en lo sucesivo se dicten".

O verdadeiro senso da nova Sociedade, co protagonismo indiscutible dos Sáenz-Díez, na súa primeira etapa, e de D. Feliciano Barrera Fernández, a partir do momento en que este se fai cargo da continuidade da mesma en 1965, queda abondo de manifesto na súa propia organización estatutaria. Unha simple ollada ó carácter, constitución e funcionamento dos seus principais órganos de goberno –Xunta Xeral de Accionistas, Consello de Administración, Xunta de Fundadores, Consello de Redacción–, xunto cunha breve lembranza das personalidades que desempeñaron as funcións máis importantes, resulta suficientemente orientadora.

a) Da Xunta Xeral de Accionistas (Capítulo I dos Estatutos), que podía ser Ordinaria ou Extraordinaria, podían formar parte tódolos accionistas, gozando do dereito de asistencia "todos los titulares que posean o representen un número de acciones cuyo capital nominal ascienda a veinticinco mil pesetas nominales como mínimo". Este órgano "tiene –artigo 18– la plena soberanía y potestad de mando de la Sociedad, y decidirá por mayoría en los asuntos de su competencia, todo ello sin perjuicio de las facultades que expresamente han sido reservadas en los presentes Estatutos a la Junta de Fundadores". Entre as súas competencias –Estatutos de 1965– estaba a de nomear e renova-lo Consello de Administración.

Resulta especialmente significativa a citada lista que nos ofrece a "relación de accionistas presentes por si y por representación" na primeira Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas da Sociedade celebrada o 29 de decembro de 1938. Esta relación alcanzaba, en "capital presente y representado", un total de 149.000 pesetas, cando só se tiñan posto en circulación 200.000 pesetas en accións.

b) O Consello de Administración (Capítulo III dos Estatutos), estaba composto –artigo 40– "por un número de miembros no inferior a tres ni superior a veinte", sendo a duración dos seus cargos de catro anos, aínda que "podrán ser reelegidos indefinidamente".

O nomeamento destes, que de acordo co artigo 34 dos Estatutos aprobados pola Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas de 28 de novembro de 1953 era unha función compartida pola Xunta de Fundadores e a de Accionistas –podéndose varia-lo número dos seus membros sempre que se conservara "un número total impar de consejeros, de los que el Presidente y la mitad de los vocales serán elegidos siempre de entre sus miembros por la Junta de Fundadores"–, pasa a ser (LA: 20-XII-1965) función exclusiva da Xunta Xeral de Accionistas. "El Consejo de Administración –artigo 46– tendrá las más amplias facultades para la administración y gobierno de la Sociedad, sin más limitaciones que las señaladas a la Junta de Fundadores y las correspondientes a la Junta General".

D. Juan Sáenz-Díez García sería o seu primeiro Presidente, ben que sen renunciar nunca ó seu papel protagonista na Sociedade como fundador e accionista maioritario, soubo delegar con acerto tanto as súas funcións coma os seus cargos, desempeñando unhas e outros só dun xeito transitorio. Na nómina de membros deste órgano da Sociedade, figuraron, citados na orde cronolóxica da súa primeira presencia no Consello, entre outros: D. Ángel Botana Sieyro, García de Albéniz, D. Cándido Varela de Limia, D. Julio Reguera Rodríguez (Presidente), D. Ricardo Bermejo, D. Laureano Nóvoa Varela, D. Francisco Ron Mato, D. Julián Pérez Esteso, D. Eduardo Fernández Codesido, D. Ricardo Bescansa, D. Juan Gil Armada (Presidente), D. José Goñi Aizpúrua, D. Luis Sánchez Harguindey (Presidente), D. José Viña Iglesias, D. Francisco Terrer de la Riva, D. Aquilino Bartolomé Martínez, D. Octavio Sanmartín Domínguez, D. Julio Murúa Quiroga, D. José Eladio Amado de Lema, D. Buenaventura Castro Rial, D. Feliciano Barrera Fernández, D. Javier Vázquez Sánchez Puga, D. Manuel Comesaña Sieiro, D. Salvador Moreno Tizón, D. Ramón Fabeiro Vigo, D. Alberto Casal Rivas, D. Juan Baliño Ledo, D. Manuel Cerezales González, D. José Filgueira Valverde, D. Jesús Fontán Lobé, D. Francisco Vázquez Méndez, D. Francisco Amado Súnico, D. José Lahera Maiquez, D. Ángel Porto Anido, D. Francisco Leal Insua, D. Alberto Casal Rivas, D. Constantino Lobo Montero e D. Miguel Pola Vaquerizo.

c) A Xunta de Fundadores (Capítulo II dos Estatutos), está "constituída –artigo 32– por todos los propietarios de Acciones de la Serie A". Entre as súas funcións figura a obriga de velar polo cumprimento do artigo 3º –obxectivos da Sociedade– "interpretando con carácter inapelable –artigo 33, ap. a)– su alcance y su aplicación a la orientación de las actividades sociales y de las publicaciones de toda clase que se editen por la Compañía", con "derecho a formular veto a la ejecución de cualquier acuerdo de la Junta de Accionistas o del Consejo de Administración".

Órgano que non só concentraba o máximo poder da Sociedade, con evidente protagonismo, como xa se dixo, primeiro, da familia Sáenz-Díez e, dende 1965 –acordo do Consello de Administración do 30 de agosto dese mesmo ano– D. Feliciano Barrera Fernández, senón que, dende os propios Estatutos, se ofrecía a garantía total da súa continuidade naquelas persoas que ostentaban a condición de membros do mesmo. Así, mentres no parágrafo segundo do artigo 32 se establece que "no podrá variarse estos Estatutos, en lo referente a facultades de la Junta de Fundadores ni referente al objeto social sin el informe favorable de la propia Junta de Fundadores", entre as súas funcións, "con

exclusión de los demás organismos sociales", establécese o seu dereito a "aprobar la emisión de acciones nominativas equiparadas a las de la serie A", insistíndose, a continuación, en que "sin esta aprobación expresa de la Junta de Fundadores, no podrán emitirse nuevas acciones con dicho carácter". En calquera caso, "en toda ampliación de Acciones de la Serie A –artigo 36–, tendrán derecho preferente de inscripción los poseedores de Acciones de la misma clase, proporcionalmente".

Esta redacción dos Estatutos, resultado da reforma que propón o Consello de Administración en xuntanza do 4 de agosto de 1965, e presentados o 20 de decembro do mesmo ano, modificaba, nalgúns aspectos de modo substancial, redaccións anteriores. Os Estatutos, por exemplo, aprobados pola Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas, de 28 de novembro de 1953, dicían no seu artigo 25:

"La Junta de Fundadores estará constituída por todos los propietarios de acciones de la Serie A) y las de la Serie C) en el caso que, según se prevé en el artículo once, sean equiparadas a las de Fundador..."

Razóns de recoñecemento, como no caso de Goñi, Sánchez Harguindey ou do notario Terrer de la Riva, ou comerciais, como no caso da familia Amado de Lema, que nun momento dado aparecen como posuidores de Accións da Serie A, fai pouco doado establece-lo número dos que, ademais de teren a condición de membros da Xunta de Fundadores por posuíren esta clase de accións, colaboraron de feito coa familia Sáenz-Díez na creación de Editorial Compostela, S. A. Así, xunto a D. Juan, D. Pedro e Dª Rosario Sáenz-Díez, que constituían por si mesmos maioría, atopamos, na Xunta Xeral de Accionistas de 13 de xaneiro de 1959, como membros de pleno dereito da Xunta de Fundadores, os seguintes nomes, citados en orde ó valor da súa representación neste órgano da Sociedade: Fillos de Olimpio Pérez, D. Arturo Vilas Molezún, D. Antonio Fernández Fernández, D. Antonio Santaló Rodríguez, D. José Goñi Aizpúrua, D. Francisco Ron Mato, D. Ricardo Bermejo Lema, D. Cándido Varela de Limia, D. José Mª Bustamante Urrutia, D. Ramón González Mendá, D. Laureano Nóvoa Varela, D. Luis Sánchez Harguindey e D. Francisco Terrer de la Riva. A familia Sáenz-Díez, que segue conservando a maioría na Xunta de Fundadores incluso na etapa en que Faro de Vigo, S.A., entra a formar parte de Editorial Compostela, S.A., só perde esta condición a partir do acordo do Consello de Administración desta Sociedade, de 30 de agosto de 1965, polo que, "en cumplimiento del artículo 13 de los Estatutos, autoriza a los señores Faro de Vigo, S. A., Dª Teresa Amado de Lema, Dª Mª del Pilar Amado de Lema, Dª Mª Mercedes Barrera de Lema, D. Buenaventura Castro Rial, D. José Eladio Amado de Lema, D. Juan Sáenz-Díez García, Dª Carmen Sáenz--Díez García, a los herederos de D. Pedro Sáenz-Díez García y a D. Alberto Casal Rivas, para que vendan aquellas sus acciones de esta Sociedad que estimen convenientes y en las condiciones que quieran, renunciando el Consejo al derecho de tanteo establecido en el artículo nº 13 de los Estatutos de Editorial Compostela, S. A., al Consejero D. Feliciano Barrera Fernández". No reconto do número de accións presentes e representadas na Xunta Xeral de Accionistas do 16 de maio do mesmo ano, D. Feliciano Barrera pode acredita-la maioría por si mesmo, na totalidade e en cada tipo de accións da Sociedade, incluídas, naturalmente, as da Serie A. A familia Sáenz-Díez, representada nesta ocasión por D. Juan, ocupa simplemente un lugar de honra, cun número de accións moi pequeno, na nova andaina que a Sociedade Editorial Compostela, S. A., está a punto de comezar.

A Xunta de Fundadores podía, ademais, "para mejor cumplimiento de la misión que le asignan estos Estatutos" –artigo 37– "designar un Consejo de Redacción para asistir y asesorar a la Dirección del periódico y a la de las demás publicaciones que se editen por la Sociedad, o se impriman en sus talleres, principalmente en lo que se refiere a la aplicación del artículo 3º de los presentes Estatutos", correspondéndolle tamén a ela o dereito a nomear integramente este Consello de Redacción –artigo 38– e a renovación, cando así o estimase oportuno, dos Conselleiros deste Consello.

Non parece que a Xunta de Fundadores abusara en exceso desta posibilidade de nomeamento e renovación dun órgano, polo menos teoricamente, dunha grande importancia no desenvolvemento cotián da actividade principal da Sociedade, a edición de xornais. No período de tempo que vai dende a fundación de Editorial Compostela, S. A., ata 1967, ano no que desaparece *La Noche* e que nos serve de linde nesta breve nota histórica, só temos noticia dunha reunión solemne do mesmo, o día 29 de maio de 1951, para, xunto co Consello de Administración, coñecer do propio Director-Xerente da Sociedade, D. José Goñi Aizpúrua, o contido dun telegrama da Dirección Xeral de Prensa, recibido o día 20 dese mesmo mes, "por el que se le suspendía como Director de los dos periódicos". Estaba entón composto este Consello polos señores D. Manuel Capón Fernández, D. Luis Máiz Eleicegui e D. Álvaro Santaló Rodríguez. Non é ata o 19 de novembro de 1959, oito anos despois, que o Consello de Administración fai constar no seu Libro de Actas "que por considerarlo oportuno para el debido asesoramiento y garantía de la dirección de los dos periódicos, la Junta de Fundadores acordó la renovación de su Consejo de Redacción que ha quedado constituído por los señores que a continuación se expresa:

Presidente: D. Luis Máiz Eleicegui; Vicepresidente: D. Manuel Rabanal Álvarez; Secretario: D. Jesús Precedo Lafuente; Vocales: D. Luis Sánchez Harguindey y D. Raimundo García Domínguez".

Co seguinte engadido: "personas cuya solvencia cultural y moral es de todos conocida y a las que, por consiguiente, debe considerarse como absolutamente aptas para ejercer con plena eficacia la elevada misión que se les confía, consistente en velar por el cumplimiento de lo establecido en el Artículo 3º de los Estatutos de la Empresa".

Editorial Compostela, S. A., foi, pois, un proxecto que debe atopa-la súa xustificación última, aínda en moitos dos seus propios fracasos e erros, no seu carácter de empresa eminentemente idealista, na súa principal preocupación por "estar pendiente de no perder la espiritualidad esencial a nuestros actos para servir así los ideales de Dios en primer término, y con ellos los de nuestra patria y nuestra tradición gallega", tal como lembraba o propio Presidente do Consello de Administración, D. Luis Sánchez Harguindey, na xuntanza celebrada o 3 de agosto de 1962. O obxectivo final de Editorial Compostela, S. A., foi, pois, se a nosa lectura non é de todo equivocada, mesmo poñer en marcha dende Santiago de Compostela –cidade que,

como salientaba o Conselleiro D. Buenaventura Castro Rial (7-VI-1963) "puede alcanzar una preeminencia periodística, cultural y espiritual, que en sí llevan dos entidades tan representativas en el ambiente compostelano: su Universidad y la Diócesis"–, unha empresa editorial, centrada principalmente no ámbito xornalístico, capaz de crear e potenciar, no espacio xeográfico máis amplo posible, unha corrente de opinión que dende presupostos eminentemente católicos servira de espallamento dos ideais carlistas e dos valores culturais de Galicia. Un obxectivo que, coas variantes e matizacións, que as circunstancias impuxeron ó longo dos anos da súa existencia, se concretou dun xeito claro no seu xornal *La Noche*.

2. Trinta anos de historia

2.1. O nacemento de *La Noche*

Non deixaremos de insistir en que o obxectivo deste traballo non tenta nunca ir máis aló do esforzo por entende-lo que no seu tempo representou un xornal como *La Noche*. Sen embargo, a súa historia é, en boa medida, a historia mesma da empresa que a fixo realidade, Editorial Compostela, S. A. Pretender entender unha sen a outra parece unha aventura imposible. Punto de vista que, sen dúbida, vai se-lo principal culpable da nosa insistencia en volver unha e outra vez sobre esta Sociedade compostelá.

A actividade xornalística constituíu a principal e máis importante preocupación de Editorial Compostela, dende o primeiro momento da súa fundación en xuño de 1938. A compra de *El Correo Gallego* de Ferrol, quizabes nun principio coa intención simplemente de potencia-lo cometido que lle tiñan asignado ó seu propio xornal *El Compostelano*, puña abondo de manifesto esta vocación da Sociedade recentemente creada. As diferentes peripecias que Editorial Compostela ten vivido ó longo destes trinta primeiros anos de existencia permítennos aínda afirmarnos na sospeita de que a súa gran teima foi, dende sempre, lograr un xornal coa suficiente entidade e interese que, rachando co carácter localista de *El Compostelano*, fora capaz de se facer presente en tódolos ámbitos do mundo galego, en toda Galicia e aínda en calquera lugar, da Península ou do estranxeiro, no que os galegos tiveran unha significativa presencia. Obxectivo que non debeu pesar pouco na súa decisión de adquirir un xornal coma *El Correo Gallego*.

Antiga sede de El Correo Gallego *na rúa Real de Ferrol*

O ben gañado prestixio da nova adquisición, ó longo dos seus sesenta anos de vida como xornal ferrolán, xustificaba, neste senso, o importante esforzo que representou para a nova sociedade a súa compra. *El Correo Gallego* nacera efectivamente en Ferrol o día 1 de agosto de 1878. Xavier Navaza resume, nun documentado traballo publicado nas páxinas deste mesmo xornal (9-IX-1995), os momentos máis sobresaíntes da súa vida ferrolá, dende a súa fundación por D. José Mariano Abizanda y Sanmartín, "alcalde de Ferrol en 1890", ata o seu paso a Santiago de Compostela, en 1938, coa súa compra a D. Rafael Barcón Orta, "que cerraba definitivamente la saga ferrolana", pola Editorial Compostela, S.A., presidida entón por D. Juan Sáenz-Díez García. "Está naciendo –escribe Navaza no citado artigo– el moderno periodismo, no ya por los avances tecnológicos, que son escasos, pero sí en cuanto al carácter de los periódicos y de las personas que impulsan el nacimiento de nuevas cabeceras". *El Correo Gallego*, dende a súa etapa ferrolá, é un espléndido exemplo deste nacemento. Navaza lembra así os seus protagonistas daquela época, "individuos dotados de una poderosa personalidad que a menudo han tenido éxito en los negocios y que sobresalen por su interés hacia las cuestiones políticas de actualidad, sobre las que desean influir creando corrientes informativas":

"Abizanda y Sanmartín permaneció en el timón hasta su muerte, a mediados de agosto de 1901. Su hijo Mariano Abizanda de la Vega, oficial de artillería, heredaría los títulos de propiedad que poseía, aunque desde el primer momento se mostró poco interesado en la empresa periodística, de modo que ésta pasó en la práctica a manos de Abelardo Fernández Yáñez –socio de su padre y hombre asimismo preocupado y ocupado por una acción política regida por las mismas coordenadas monárquico-liberales– que compartiría una etapa de transición con Ángel García Valerio, hasta que la familia Barcón, un imaginativo, emergente y ambicioso clan, se hace con la propiedad en 1913.

Los hermanos Barcón protagonizaban, a la sazón, buena parte del debate político y cultural de la ciudad departamental y, como le sucedía a Abizanda y Sanmartín y al mismo Abelardo Fernández, constituían un grupo familiar de extraordinaria proyección social que tenía en su seno figuras magnetizadas por la capacidad de influencia que, cada vez más, generaba la información diaria.

El nuevo dueño del diario, Rafael Barcón Orta, era hijo de Barcón de Quevedo, personalidad de notable influencia en la ciudad. Él mismo y su hermano Ubaldo asumirán alternativamente la dirección de El Correo Gallego *desde 1923 y durante casi década y media, es decir, la mayor parte de los veinticinco años en que se mantienen como propietarios hasta que en 1938 venden la titularidad del periódico a la Editorial Compostela, de Santiago".*

Non obstante, ademais do indiscutible prestixio que con esta adquisición acumulaba a nova Sociedade, ampliando de momento o ámbito comercial no que ata entón se movía, non debeu ser pequeno o estímulo que representou, na decisión final para levar a cabo esta compra, o mesmo atractivo do expresivo título do xornal ferrolán, *El Correo Gallego.* As palabras teñen, sobre todo no mundo da comunicación, un poder moito maior do que, en xeral, nos atrevemos a sospeitar.

O proxecto, con todo, de lograr un xornal de ámbito galego, se nalgún momento anterior á aparición de *La Noche* se chegou a formular dun xeito máis ou menos formal, tiña que agardar tempos mellores. Nin os sucesivos directores do novo xornal –D. José Goñi Aizpúrua, D. Felipe García de Albéniz, D. José Barberá Armelles e, de novo, D. José Goñi–, nin a economía da empresa, na que desempeñaron os cargos de Administrador ou Xerente os señores D. Celestino Sánchez Rivera, D. Felipe García de Albéniz, D. Ricardo Findín de Lugo e D. José Goñi Aizpúrua, puideron facer naquel tempo outra cousa que intentar consolida-la Sociedade recentemente creada. Os ideais e alento que animaban ós fundadores parecían de todo insuficientes para superar con éxito unhas circunstancias sociais e políticas, das que unha guerra civil esnaquizadora se empeñaba en facer atrancos insalvables.

Só uns días despois (CA. 20-VIII-1938) de realizada a compra e traslado da "maquinaria, título, enseres y material" do xornal ferrolán ó seu novo domicilio social en Santiago, o Consello de Administración, na obriga de dar cumprimento á Orde Ministerial de 19 de agosto, reguladora de soldos e cadros de persoal mínimos na prensa diaria, tomaba a decisión de fusiona-los dous xornais da Sociedade, acordando a súa saída á rúa coa cabeceira *El Correo Gallego-Eco de Santiago*. De momento, pois, Santiago e Ferrol ían constituí-lo ámbito do esforzo xornalístico de Editorial Compostela, S.A.

Os primeiros pasos da Sociedade, sen dúbida, en exceso alongados no tempo no constante intento de superación dunhas circunstancias de todo adversas, non permiten, con todo, sospeitar que esta decisión representara ningún atranco especial no normal desenvolvemento da mesma. Dalgún xeito esta parecía a única solución que as circunstancias económicas da Sociedade aconsellaban. Ben que as súas liquidacións anuais, pertinazmente negativas, non foran nunca impedimento suficiente para continuar naquel soño inicial, se alguén o tivo, de lograr un xornal de ámbito galego. *El Correo Gallego-Eco de Santiago* permitíase, en tales circunstancias, publicar extraordinarios coma o do día do Apóstolo de 1941, de nada menos que 40 páxinas, mentres os traballadores da empresa, que non descoñecían as dificultades desta, facían chegar ó seu Consello de Administración (CA. 16-VIII-1941) a través dunha carta do Director a expresión do seu agradecemento polo "aumento transitorio del veinte por ciento sobre la nómina actual", que se lles acababa de notificar.

Naturalmente os recursos que facían posible superar esta situación de precariedade tiñan a súa orixe nunha fonte moi coñecida: os Sáenz-Díez García. Esta familia, representada especialmente polos irmáns D. Juan e D. Pedro, este ata a súa morte en tráxico accidente sufrido en 1959 en Tarragona, foi o soporte económico máis sólido da Sociedade ata, polo menos, o acordo entre esta e *Faro de Vigo* en 1962, tal como no seu breve resumo da historia da empresa lembraba o Presidente do Consello de Administración, D. Luis Sánchez Harguindey, na xuntanza que aquel celebrou o día 10 de agosto de 1959, diante dos tamén asistentes D. Felipe Fernández Armesto e D. Carlos Godó Montañola. Despois de recordar que Editorial Compostela se fundara mesmo "durante los difíciles tiempos de la guerra de liberación, a la que casi inmediatamente sucedió la Mundial", D. Luis Sánchez Harguindey engadía, segundo literalmente se recolle na correspondente acta: "hubo de hacer frente a un espinoso período, que sólo pudo superarse merced a constantes sacrificios, fundamentalmente soportados por los señores de Sáenz-Díez García".

Aspecto que, en calquera caso, se debería precisar no senso de que, mentres viviu, foi mesmo a nai dos Sáenz-Díez, Dª Isabel García Blanco, como principal accionista e representante principal da familia Sáenz--Díez García, quen, coa súa proverbial xenerosidade, fixo realmente posible o milagre daquela continuidade. Referíndose ás súas "entregas periódicas para atenciones administrativas", o Presidente do Consello de administración (CA. 26-VIII-1941) "hace mención a los préstamos facilitados por Dª Isabel García Blanco, gracias a los cuales pudo seguir adelante la empresa, y cuyo importe en el día de la fecha asciende a la cantidad de 386.000 pesetas", cando o capital social da mesma era só de 600.000. Un ano despois (CA. 11-VIII-1942), en acta do mesmo Consello, faise consta-la aprobación, por unanimidade do mesmo, da proposta do propio D. Juan Sáenz-Díez no senso de que era "necesario distinguir entre los préstamos y aquellas otras cantidades adelantadas a la empresa por Dª Isabel García Blanco que está dispuesta a tomar 200.000 pesetas (doscientas mil pesetas) en acciones que acuerde emitir la Junta Extraordinaria".

Os mesmos locais do xornal, que a partir de agosto de 1941 ocupan o baixo completo do nº 29 da rúa compostelá do Preguntoiro con saída para a rúa de Altamira, eran, xunto co nº 13 da Rúa Nova, no que Editorial Compostela tiña unha imprenta ó cargo do señor Acarrete, tamén propiedade da ilustre dona.

Esta situación, que se atopaba moi lonxe de mellorar o 11 de outubro de 1945, data na que o Consello de Administración acorda comisionar a D. José Goñi "para la adquisición del periódico *El Compostelano*", non foi sen embargo ningún atranco para que esta operación se levara a cabo e Editorial Compostela, S. A., asumira a responsabilidade de poñer na rúa un novo xornal. A proposta dun aumento do capital social da Empresa, "de 600.000 pesetas a un millón quinientas mil", non ten lugar ata a reunión do Consello de Administración do 6 de febreiro de 1947, un ano despois do nacemento de *La Noche*.

Aínda que estas cuestións materiais non deixaron nunca de estar presentes no permanente intento dos seus máis directos responsables por lograr unha empresa capaz de se autofinanciar, só dende a estimación destas preocupacións como algo secundario na orde xerárquica dos intereses dos fundadores de Editorial Compostela, S. A., resulta doado entende-lo esforzo continuado que o seu desenvolvemento representou para todos eles.

El Compostelano, un xornal, como nos lembra D. Antonio Couceiro Freijomil no artigo "Desde *El Catón Compostelano* a *La Noche*. Síntesis histórica del perio-

dismo local" publicado en *La Noche* o 22 de febreiro de 1946, "netamente católico" que "se publicaba en 1869", era un xornal vespertino, vindo a complementa--la súa publicación por Editorial Compostela o labor editorial xornalístico da Sociedade que tiña en *El Correo Gallego,* un xornal matutino. Unha característica da nova publicación *La Noche* que, xunto co seu carácter "regional", idea sobre a que agora, con mellor fortuna, volvía o seu promotor, lle ía permitir a Editorial Compostela, S. A., ampliar significativamente a súa capacidade de oferta informativa podendo achegarse, sen necesidade de grandes inversións, a un maior número de lectores en toda Galicia, en saídas á rúa de mañá e tarde.

Temos sen embargo a impresión que este punto de vista comercial, que sen dúbida Goñi, o seu principal promotor, debeu manexar con grande habelencia fronte ós mesmos accionistas da Sociedade e, sobre todo, fronte á familia Sáenz-Díez García, estaba lonxe de selo centro dos intereses xornalísticos do basco. Non fai falta en calquera caso insistir en que, dun xeito máis ou menos consciente, os Sáenz-Díez, especialmente, e, polo menos a maioría dos accionistas de Editorial Compostela, S. A., compartían as mesmas preocupacións de Goñi. Unha breve lembranza das iniciativas postas entón en marcha para levar adiante o novo proxecto editorial da Sociedade permite, sen grandes dificultades, comproba-la realidade deste encontro de diferentes intereses.

O primeiro paso de Goñi foi cambia-lo título do novo xornal, substituíndose o de *El Compostelano* por *La Noche*. O protagonismo de Goñi en Editorial Compostela non parece discutible, sobre todo se temos en conta que naquela época desempeñaba os cargos de Director e Xerente da Sociedade –segundo acordo do Consello de Administración do 22 de febreiro de 1945– e o de Secretario do propio Consello, "cargo (CA. 7-VI-1946) para el que fue designado por dicho Consejo el pasado año y en el que vino actuando desde aquella fecha".

Independentemente de que o novo Director-Xerente tivera a intención dun rótulo distinto do de *La Noche* para o novo xornal –parece efectivamente que a súa primeira intención foi titulalo *La Tarde*–, o cambio ten en si mesmo unhas motivacións e un significado moito máis importantes do que poderiamos pensar. Efectivamente, mentres, por unha banda, se puña claramente de manifesto a decidida vontade de lograr unha publicación que, dende o primeiro momento, renunciaba a calquera caracterización localista que puidera limita-la súa vocación de xornal de ámbito galego, por outra, se ben razóns administrativas esixían amosar unha certa continuidade, mantendo, por exemplo, a numeración correlativa de *El Compostelano* no novo xornal, en canto aquel lle autorizaba a súa condición de vespertino, pretendíase deixar moi claro que *La Noche* era, en tódolos demais aspectos, un xornal de nova creación. Obxectivos que, dende agora e dun xeito prioritario, van orientar tódolos esforzos de Goñi, que intelixentemente acertou a descubrir no logro dos mesmos os seus máis irrenunciables ideais de católico, carlista, defensor das singularidades dos pobos, como elementos enriquecedores de unidades superiores, e apaixonado crente nos valores e poder da cultura.

Se boa parte deste traballo se dirixe precisamente ó descubrimento da identidade e personalidade de *La Noche*, como un xornal de nova creación, non estará demais lembrar aquí algúns feitos que, dende o noso punto de vista, xustifican a súa condición de xornal galego. Non sen certa ironía publicara o 5 de outubro de 1949, na súa terceira páxina, esta curiosa rectificación a un xornal basco:

"La Noche *es de Galicia. Un estimado colega de Bilbao reproduce el comentario de nuestros corresponsales deportivos acerca del arbitraje del Sr. Díaz Edreira en el encuentro Arosa Lucense, y comienza diciendo: Llega a nuestras manos el periódico* La Noche *de La Coruña, ...*

No tiene importancia, porque se da el caso de que La Noche *es de La Coruña al ser de Galicia, como consta en el encasillado de la fecha. De suerte que si otro día atribuyen a Lugo, por ejemplo, la vecindad de nuestro periódico, no habrán ido muy descaminados".*

Dimensión que só alcanza o seu irmán *El Correo Gallego*, cal fenómeno mítico que só atopa o senso da resurrección na propia morte, no momento mesmo en que aquela desaparece.

El Correo Gallego, efectivamente, foi sempre, ata a mesma desaparición de *La Noche*, un xornal de ámbito local. O propio Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., aínda o 20 de decembro de 1965, unha vez superados os inconvenientes que pretendían limita-lo seu ámbito de difusión –o Conselleiro Delegado da Sociedade constituída por Editorial Compostela, S. A. e



Vello obradoiro onde se facía La Noche, *na rúa Altamira de Santiago*

Faro de Vigo, S. A., manifestaba, o 6 de abril de 1963, que *El Correo Gallego* "debería distribuir su tirada en un 80% en Santiago y un 20% en Ferrol"– referíase a el con ese cualificativo, "como periódico local de Santiago de Compostela, El Ferrol del Caudillo y el Ulla".

La Noche, pola contra, non só nace con esa vocación de xornal galego, para toda Galicia, senón que, dende o primeiro momento, se poñen en marcha tódolos recursos da empresa para que tal obxectivo resulte posible. Só catro anos despois da súa aparición, a Xerencia de Editorial Compostela, coa finalidade dunha mellor atención ó público lector de *La Noche* nas cidades onde a súa difusión é máis intensa, proponlle ó Consello de Administración (LA: 27-X-1950) "que se hagan dos ediciones: una a las cuatro de la tarde para Lugo y Orense, otra a las cinco y media para La Coruña, Vigo y Pontevedra".

Carácter, por outra banda, que Editorial Compostela defendeu sempre para este xornal ata o momento da súa desaparición. No mesmo proxecto de acordo con Faro de Vigo, S. A., do que ten noticia o Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., na súa xuntanza do 29 de novembro de 1961, faise constar: que "en cuanto a *La Noche*, se estima, que por su carácter de periódico regional para toda Galicia, debe dotársele de los medios adecuados para que desarrolle su actividad como tal".

O empeño de Editorial Compostela en manter este carácter de *La Noche* non debeu ser un dos atrancos menores no posterior desenvolvemento da nova sociedade xurdida entre Editorial Compostela, S. A., e Faro de Vigo, S. A. A súa disolución, confirmada en decembro de 1965 coa aprobación dos novos Estatutos de Editorial Compostela, S. A., e o nomeamento de D. Feliciano Barrera Fernández como Conselleiro Delegado (LA: 20-XII-1965), non se pode deslindar da proposta que presentara este ó Consello de Administración. Entre outras cousas, o Sr. Barrera propón naquela reunión "que sentado que nosotros queremos hacer de *La Noche* el gran diario vespertino de Galicia y, a *El Correo Gallego* consolidarlo como el periódico local de Santiago de Compostela y El Ferrol del Caudillo, forzosamente tendríamos que ir a una nueva ampliación de capital que financieramente nos permita dar cima a tales aspiraciones".

Convén, neste senso, non perder de vista que, dende o seu nacemento (1 de febreiro de 1946), *La Noche*, lonxe de resolve-los problemas económicos que a diario debía enfronta-la empresa editora, significou un permanente agravamento dos mesmos. D. Luis Sánchez Harguindey, na súa condición de Presidente, informa ó Consello de Administración (LA: 26-IV-1961) que a marcha financeira da empresa "ha mejorado durante el referido período hasta el punto de obtenerse un pequeño superávit –19.659 pts.– de poca cuantía en sí mismo, pero muy significativo y prometedor si se tiene en cuenta que es el primero que se ha logrado desde la constitución de la Sociedad". Situación de certo que remataría producindo a súa desaparición despois de 22 anos de fervorosos entusiasmos dos seus fundadores e de cantos loitaron pola súa continuidade.

O *Libro de Actas* do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., fonte principal do noso traballo, é testemuña fiel e puntual das mil dificultades que cada día debían intentar supera-los responsables da Sociedade. Nas xuntanzas do seu Consello están permanentemente presentes as limitacións dos continxentes de papel, xunto co elevado do seu prezo, a necesidade de novas adquisicións de metal para linotipias e estereotipia, de matrices e espacios, os aumentos salariais... e, sobre todo, os problemas derivados da distribución de ámbolos dous xornais. Cuestións que, xunto cun cada vez maior nivel de esixencia por parte dos mesmos lectores, reclamando unha e outra vez unha maior calidade de impresión e unha maior atención ós contidos informativos, explican, en boa parte, a limitación do número de exemplares de cada tirada, tanto no que se refire a *El Correo Gallego* coma a *La Noche*, contribuíndo necesariamente a facer cada vez menos viable a súa continuidade.

Goñi, que non descoñecía o estado da empresa e tampouco o risco que para ela representaba a aventura dun novo xornal como *La Noche*, confiando, sobre todo, no apoio persoal e económico dos Sáenz-Díez García, creu, con todo, chegada definitivamente a hora de enfrontar con ánimo decidido esta situación. Non podía, amedrentado por unhas circunstancias adversas, renunciar á oportunidade que se lle ofrecía de poñer en marcha o tantas veces soñado proxecto de facer de Editorial Compostela, S. A., esa grande empresa capaz de facer realidade os seus soños de xornalista –insistamos– católico, carlista e defensor dos valores da cultura singular de cada pobo. Naturalmente, o labor xornalístico da Sociedade tiña de enfronta-la aberta competencia dun gran número de xornais galegos que coma *Faro de Vigo*, *La Región* ou *La Voz de Galicia* –este empeñado nada menos que en derrotalo en Ferrol, o espacio de maior presencia da empresa que agora dirixía e xerenciaba el mesmo–, saíndo, con decisión, do pechado ámbito xeográfico no que ata entón se estivera movendo.

É a el mesmo, a quen comisionara o Consello de Administración para a compra de *El Compostelano*, quen informa a este, en xuntanza celebrada o día 25 de outubro de 1945, "que adquirió la propiedad de dicho periódico a nombre propio", e que se dispón a realiza-las adecuadas tramitacións "para transferir dicha propiedad a Editorial Compostela, S. A". O que se fai efectivo, por acordo do mesmo Consello, o 20 de novembro do mesmo ano.

Xa vimos como a súa primeira decisión foi cambialo título de *El Compostelano* polo de *La Noche*. Goñi estaba a pensar nun xornal de ámbito galego, vendo, no novo xornal, a mellor oportunidade para logralo. Pero sabía tamén que, nese camiño, non ían ser poucas as dificultades que se terían que salvar. Unhas de tipo político, intentando manter vivos uns ideais que non coincidían en absoluto cos defendidos polo Réxime imperante –o seu coñecido carlismo, por exemplo–, outras de carácter social, pretendendo o triunfo dun medio de comunicación escrita nun contexto popular culturalmente pouco devoto da lectura. Contando con recursos económicos moi limitados, Goñi debía enfrontar ademais o problema de modernización técnica dunha empresa que debía ofrecer un producto digno e atractivo para os seus potenciais receptores sen esquecer, naturalmente, os intereses dos mesmos.

Tres obxectivos concretos deben, neste senso, centra-los primeiros pasos do Director-Xerente de Editorial Compostela, S. A.: a modernización da empresa, a atención ás esixencias dos lectores e a pro-

cura de solucións adecuadas a unha distribución dos xornais enormemente difícil e custosa.

2.2. A creación dunha estructura empresarial adecuada ás necesidades de edición dun novo xornal

Máis adiante tentaremos achegarnos ó verdadeiro senso deste proxecto de D. José Goñi Aizpúrua, perfecto intérprete dos obxectivos que orientaron o nacemento e potenciación da actividade xornalística, primeiro, da familia Sáenz-Díez García e, en xeral, de Editorial Compostela, S. A. Aquí, faremos referencia tan só a aqueles aspectos que, dende unha perspectiva principalmente comercial, os responsables de levar adiante esta empresa e, dun xeito particular, Goñi Aizpúrua, tiveron necesidade de enfrontar na súa loita apaixonada por facela realidade.

Non tivo grandes dificultades para lograr que os esforzos económicos da Sociedade, coas colaboracións ás que logo nos referiremos, se puxeran dende o primeiro momento ó servicio do seu cobizoso proxecto, sendo, sen dúbida, unha das súas primeiras preocupacións atender a soluciona-las evidentes carencias materiais da empresa. El, como se lembra polo propio Consello de Administración, en xuntanza do 20 de febreiro de 1950, "abogó insistentemente por la mejora de las instalaciones y maquinaria".

As melloras, pois, dentro das limitadas posibilidades da Sociedade irían chegando pouco a pouco. En 1941 –acordo coa propietaria Dª Isabel García Blanco do Consello de Administración, o 16 de agosto dese ano–, lográrase a ampliación dos locais destinados a oficinas e talleres, ata entón cunha soa saída polo Preguntoiro, nº 29, pasando agora a ocupa-lo baixo completo, con outra saída á rúa de Altamira. Acometéronse de inmediato diversas obras de adaptación ás novas necesidades da empresa, ben que, sempre, dun carácter tan provisional que nunca se puideron dar por rematadas. O 10 de febreiro de 1947, *La Noche* celebraba cun extraordinario o seu primeiro aniversario poñendo de relevo "el acto de inaugurar y bendecir la nueva rotativa adquirida para editar nuestro periódico y su fraternal colega *El Correo Gallego*". O Presidente do Consello de Administración, D. Julio Reguera, lembraba no seú discurso de "Explicación dun acto": "La maquinaria que vamos a inaugurar supone, en números redondos, un valor de un millón de pesetas" vindo a substituír aquela outra rotativa, "la primera que tuvo el periodismo santiagués" que inauguramos "también un mes de febrero, como ahora, en 1939". As palabras de agradecemento do Consello de Administración (LA: 19-VII-1949) ós señores Sáenz-Díez "por haber cedido para su utilización, sin percibir de momento ningún pago en concepto de alquiler, la rotativa "Fe" que actualmente se utiliza para la edición de los periódicos *El Correo Gallego* y *La Noche*", son abondo expresivas tanto da situación económica da empresa coma do que esta incorporación técnica representou entón para a mesma.

Homenaxe a Isabel García Blanco (Santiago, 1952), coñecida figura da familia propietaria da Editorial Compostela

Con todo, non obstante a insistencia de Goñi na necesidade de mellora-las instalacións e maquinaria da Empresa, a súa renovación da mesma realizouse sempre con moita máis lentitude da que o Director-Xerente pretendía. En 1957, Editorial Compostela, consciente da necesidade desa renovación técnica, solicita un permiso de importación para realiza-la compra en Inglaterra dunha linotipia, modelo 73, de catro marquesiñas e cos seus correspondentes xogos de matrices. O Consello de Administración, que acordara o 23 de maio de 1959 a compra dun teletipo Siemens, o pago do cal se ordena o 30 de outubro do ano seguinte, e a adquisición dunha nova linotipia o 10 de agosto de 1959, recibe noticia da concesión da licencia de importación solicitada e, aínda que realiza as oportunas xestións para levar a cabo esta compra, unha vez máis, dificultades de tipo financeiro frustran esta posibilidade.

Pero Editorial Compostela non renunciaría a continuar no empeño da súa soñada modernización, asinándose, o 14 de outubro de 1962, o contrato de compra dunha nova linotipia, modelo R5, a Faro de Vigo, S. A., da instalación da cal se dera noticia xa na reunión anterior do Consello de Administración, do 11 de agosto. Entón xa non se atopaba Goñi á fronte dos destinos da Sociedade, pero a súa obra, continuada con igual entusiasmo polos seus sucesores, arraigara tan fondo en Editorial Compostela que na reunión do seu Consello de Administración, do 15 de xullo de 1965, o entón Xerente, D. José Heras Romera, claramente impresionado polo entusiasmo amosado naquela xuntanza por D. Feliciano Barrera Fernández, atreveuse a propoñer "que tanto *El Correo Gallego* como *La Noche* se editen a dos colores".

Evidentemente as preocupacións de Goñi, neste e noutros aspectos relacionados coa marcha da Sociedade, eran amplamente compartidas polos principais responsables da mesma e pola maioría dos accionistas, ben que existiran diferentes puntos de vista sobre a prioridade que merecera cada unha delas. Así, o Presidente do Consello de Administración, no seu comentario sobre a Memoria de 1957, non dubidaba en manifestar "que a este evidente esfuerzo que se viene realizando por parte de la Sociedad y de su personal para mantener la vitalidad y prestancia tanto de *El Correo Gallego* como de *La Noche*, deberán añadirse además el mínimo de esfuerzos materiales tecnicamente precisos, para complementar la buena voluntad que sin duda existe por parte de todos, para dar a Editorial

Compostela el nuevo impulso que necesita para llevarla cuanto antes a su mayoría de edad económica".

2.3. A distribución: delegacións-representacións

A distribución foi un dos problemas máis difíciles que tivo que enfronta-lo proxecto de Editorial Compostela, S. A., ó tentar poñer en marcha un xornal para toda Galicia. A simple pretensión de facer chegar a Ferrol, a horas adecuadas, *El Correo Gallego-Eco de Santiago*, logo, *El Correo Gallego*, viña constituíndo, segundo xa deixamos dito, un dos maiores atrancos no desenvolvemento da empresa. Aínda que dende o primeiro momento se intentou complementa-la función que neste senso desempeñaban empresas de transporte coma *Castromil*, potenciando este sistema con medios propios –en distintos números de *La Noche* pódense ler noticias coma esta: "El servicio de automóviles de *La Noche*, Santiago-Vigo y viceversa, se hace diariamente" (LA: 14-VI-1947) –, esta cuestión non estivo nunca totalmente resolta.

Unha solución importante, aínda que non de todo suficiente, constituíuna a creación de varias Delegacións-Representacións (as Actas do Consello de Administración refírense a esta institución cun ou con outro nome indistintamente), sendo as principais a de Ferrol, que comezou a funcionar pouco despois de se levar a cabo a compra de *El Correo Gallego*, a da Coruña e a de Vigo. As súas funcións eran moi variadas, ocupándose, sobre todo, de realiza-la distribución, directa ou indirectamente, na súa área de influencia, dos xornais que cada día, con maior ou menor puntualidade, a Sociedade lles facía chegar, de contratar publicidade, de propoñer ou confeccionar suplementos especiais relacionados coa vida e o acontecer da cidade, e de elaborar ou buscar colaboracións sobre aspectos da vida local. O Delegado ou Representante, primeiro responsable do funcionamento da Delegación, gozaba dunha gran autonomía, rexéndose por contrato as súas relacións coa Empresa.

A Delegación de Ferrol, en moitos aspectos a máis complexa das tres antes citadas, representou, nesta aventura de Editorial Compostela, unha experiencia fundamental. Primeiro, pola importancia que dende o primeiro momento se lle asignou como instrumento básico da expresión, nunca renunciada, da vontade da Sociedade de conserva-lo carácter ferrolán de *El Correo Gallego*, que agora se publicaba en Santiago, e, segundo, pola personalidade e relevo dos seus mesmos Delegados. Especial interese ofrece a figura de D. José Mª López Ramón, primeiro representante en Ferrol de *El Correo Gallego-Eco de Santiago*, (Alcalde da Cidade Departamental e, máis tarde, Gobernador de Lugo). Aínda que termina cesando por diferencias coa Sociedade, presentando a súa demisión o 27 de decembro de 1960, séndolle aceptada polo Consello de Administración de Editorial Compostela na súa xuntanza do 11 de xaneiro de 1961, López Ramón, que soubo rodearse de magníficos colaboradores –entre eles podemos lembrar a Olga Viaño, Mario Couceiro, o Tenente de Intendencia da Armada, D. José Porta, que adoitaba asina-los seus traballos co pseudónimo Waldo de Urbis, Meirás Otero, Copado Serrano ou López Barreras–, logrou facer da Delegación ferrolá un verdadeiro centro xornalístico e cultural. O Consello de Administración de Editorial Compostela e persoalmente D. José Goñi Aizpúrua foron testemuñas do protagonismo deste dinámico ferrolán. Á súa iniciativa débese a creación (LA: 27-IV-1954) dun quincenario "de carácter netamente local, fechado en Ferrol, desde allí dirigido y a base de colaboración ferrolana", que, co título *Mar*, serviría de voceiro do Comité de Entidades como "Alcalde, Cámara de Comercio, Círculo Mercantil, etc.", que, aínda que Goñi pensaba que debería publicarse como un simple suplemento de *El Correo Gallego*, terminaría saíndo como publicación autónoma. Os desacordos, que non faltaron, unhas veces, polo que dende o Consello de Administración da Sociedade se considera descoido ou abandono do Representante ferrolán e, outras, polo mesmo carácter do propio López Ramón –a chamada de atención do Consello, por exemplo, polo fracaso "del extraordinario de la Semana Santa Ferrolana" (LA: 27-IV-1960), ou a protesta do propio López Ramón (LA: 16-XII-1958) pola confección en Santiago dun extra de *La Noche* "conmemorando el Centenario de dicha ciudad como tal", sen consultalo– non poden poñer en dúbida o seu compromiso real coa idea da Sociedade de potencia-la presencia e identidade de *El Correo Gallego* con Ferrol. O propio Goñi informaría ó Consello de Administración (LA: 11-VIII-1959) que López Ramón, unha vez enterado dos novos proxectos de mellora de *El Correo Gallego*, "lo agradece y dice que para él el periódico es más importante que la Alcaldía cuyo desempeño considera como un servicio, insistiendo en que no regateará esfuerzos para llevar a aquel a la prestigiosa posición que en la ciudad le corresponde como verdadero periódico local".

Entre os sucesores de D. José Mª López Ramón, merecen mención especial D. José Fernández Areal, nomeado o 11 de xaneiro de 1961, e D. Mario Couceiro Bescos (LA: 27-III-1961), que xa viña desempeñando estas funcións como substituto nos casos de ausencia de Fernández Areal dende o 28 de xaneiro do mesmo ano.

As características das outras dúas Delegacións –A Coruña e Vigo– eran lixeiramente diferentes, particularmente polo que fai ó interese do noso traballo, dado que o xornal que se representa nestas é agora *La Noche*. En xeral, parece que a Sociedade optou nestas Delegacións por delegados relacionados co mundo da publicidade, ben que non descoidara nunca, segundo imos ver, a contratación de persoal especialmente significado no ámbito das letras.

O consello de Administración de Editorial Compostela ten noticia (LA: 27-VIII-1957) da entrevista que o Delegado de *La Noche* na Coruña, D. Domingo Torrón Villares, celebra cos representantes da Sociedade, D. Francisco Vázquez Méndez e D. Raimundo García Domínguez, sobre a caída de ventas que estaba a sufrir este xornal. Torrón Villares tiña entón a exclusiva da publicidade para *La Noche*. A colaboración de D. Felipe Fernández Armesto coa Sociedade Editorial Compostela tentaría potencia-la presencia deste xornal na Coruña, contratándose a colaboración de D. Álvaro Cunqueiro coa finalidade de lle dar –tal como se recolle na correspondente acta (LA: 29-IX-1959)– "un nuevo matiz a la que ya nos venía prestando D. Regino Barbeito". Torrón Villares sería substituído como Delegado de *La Noche* na Coruña por D. Máximo Sanz Valdés, Director da "Agencia de Publicidad *Maxau*". Non pasaría sen embargo moito tempo (LA: 30-XI-1960) para que o novo Delegado tivera que enfronta-la necesidade de tentar "reorganizar la colaboración literaria e informativa" procedente desta cidade "cuya irregularidad y falta de orientación definida", segundo se puxo de manifesto na xuntanza

celebrada co Director da Sociedade e o xornalista Sr. Caparrós, era notoria. O Consello de administración (LA: 17-XII-1960) "a propuesta de la Dirección y de la Gerencia, acuerda (...) que a partir del 1º de enero de 1961 comience a colaborar para *La Noche* en La Coruña D. Jorge Víctor Sueiro con arreglo a un plan literario-informativo que perfilará de acuerdo con el Director". O novo colaborador deberá, cando menos, durante ese ano lograr "un número extraordinario de publicidad en *La Noche*, a ser posible, dedicado a La Coruña".

A Delegación de Vigo debeu resultar moito menos conflictiva que a de Ferrol e, incluso, que a da Coruña, segundo se deduce da escasa presencia da mesma no *Libro de Actas* do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. Naturalmente o seu campo limitábase, coma no caso da Coruña, ó xornal *La Noche*. Especial relevo tivo a figura de D. Fernando Ruíz Moreno, que rexentaba unha axencia propia de publicidade. Como titular da Delegación, D. Fernando Ruíz comprometérase (LA: 27-II-1956) "a pedir mensualmente 19.000 ejemplares como mínimo", gozando dunha cantidade de pesetas, previamente acordada coa Sociedade, para fotografías e conferencias telefónicas, e outra, o dobre da primeira, para colaboracións. *La Noche* destinaría, diariamente, media páxina á información referente a Vigo, "cuyo original será revisado por el titular de la Delegación". Naturalmente, Vigo era obxecto preferente, a un nivel semellante ó da Coruña, dos extraordinarios do xornal.

O día 2 de agosto de 1956 o Consello de Administración de Editorial Compostela acorda a substitución de D. Fernando Ruíz Moreno como Delegado de *La Noche* en Vigo. Parece que Ruíz Moreno prefería poder dedicarse con maior atención ó seu negocio particular como dono dunha axencia de publicidade. D. Alejandro Requejo Domínguez, que sería o seu substituto, continuaría o labor daquel. Esta Delegación pasou a un segundo plano durante o tempo que durou a sociedade Editorial Compostela, S. A, e Faro de Vigo, S. A.

2.4. A atención ós lectores

Con todo, aínda que, coas obrigadas limitacións que impoñían os medios técnicos de que en cada momento se puido dispoñer, Editorial Compostela lograba ofrecer ó público un producto cada día mellor, máis coidado e de aspecto cada día máis atractivo, as lícitas cobizas dos seus lectores estaban lonxe de seren satisfeitas. Os lectores continuaban amosándose especialmente esixentes tanto fronte á calidade de impresión dos dous xornais coma fronte á necesidade dunha maior atención informativa nos mesmos ós asuntos de carácter local. Críticas, de certo, ás que Goñi non era de todo alleo, aínda que el sabía moi ben que se trataba de dúas cuestións con solucións de moi distinta dificultade. En informe presentado por el mesmo ó Consello de Administración o 10 de xaneiro de 1953, recoñecía, entre outras cousas, "que ambos periódicos debieran hacer más comentarios sobre la vida local, pero que por el momento no le parece oportuno activar tal particular, por las complicaciones que en ciertos aspectos pudieran surgir y porque además no se dispone en la actualidad de persona completamente idónea". Aínda, pois, estando de acordo coas protestas dos lectores, non sempre resultaba doado poder atendelas, sobre todo, se, como parece, o expediente que dous anos antes se lle incoara a el mesmo tivera precisamente algo que ver con este apartado informativo.

Pero só uns meses despois, na xuntanza do Consello do 4 de xullo do mesmo ano, Goñi, diante da resposta negativa dos lectores que deixaban de adquiri-los xornais da Sociedade insistindo na necesidade dunha máis ampla información sobre cuestións de carácter local, informa que "para atender a este sector de la opinión he advertido a los señores Pola y García Domínguez para que procuren atenderlo, pero de modo que se trate de una manera discreta".

Ferrol, onde a competencia de *La Voz de Galicia* se amosaba dun xeito máis agresivo, non era alleo a este tipo de protestas, engadíndose neste caso os inconvenientes que representaba calquera atraso na súa distribución. *El Correo Gallego* sentíase alí coma un xornal propio –carácter que Editorial Compostela se empeñou sempre en manter vivo naquela cidade– facendo moito máis patente calquera deficiencia que o mesmo presentara. Goñi, consciente destes problemas, proponlle ó Consello de Administración (CA. 31-VII-1954) a seguinte solución: Primeiro, "como medio para obviar este grave inconveniente –as demoras na chegada a Ferrol de *El Correo Gallego*– y tan sólo por vía de ensayo, que se encargue a nuestro colaborador D. Benito Varela Jácome para que supervise todo el proceso de confección"; e, segundo, "se encomiende al Sr. Varela y también por vía de ensayo la misión de velar porque se lleve a efecto dicha función informativa", é dicir, "la información general y en especial la local" referida a Ferrol. Cuestións, por certo, sobre as que volve tres anos máis tarde o Delegado señor López Ramón –Consello de Administración do 30 de xullo de 1957– ó advertirlle ó mesmo Sr. Goñi "que en Ferrol se venía observando una constante baja en la venta de *El Correo Gallego*, que atribuía a lo pobre y poco vistoso de su contenido literario e informativo y a lo tardío de su llegada".

Estes contratempos, menos anecdóticos do que verdadeiramente parecen, poñen claramente de relevo os puntos máis conflictivos do labor que debía levar a cabo o Director Xerente da Sociedade, D. José Goñi Aizpúrua. Pero tamén, naturalmente, as dificultades e problemas que a Sociedade ía ter que enfrontar ó longo do tempo na súa loita non só polo logro duns obxectivos concretos, senón ineluso pola súa supervivencia como empresa editorial xornalística.

En síntese, facíase necesario alcanzar unha tirada suficiente de cada un dos xornais (*El Correo Gallego* e *La Noche*), conseguir que ámbolos dous ofreceran un nivel de calidade competitivo, resolve-los atrancos que unha distribución irregular representaba para unha chegada puntual dos mesmos ó lector e, sobre todo, lograr unha maior capacidade de xeración de novos recursos. Tratábase efectivamente de tentar dar unha resposta adecuada a unhas esixencias que, se cadra, segundo xa vimos, non sempre resultaban coincidentes cos intereses da Sociedade e que, en calquera caso, presupuñan solucións económicas e humanas de moi elevado custo para as súas posibilidades reais.

Resulta de todo redundante e innecesario lembrar que o coñecemento do seu desenvolvemento re-sulta fundamental para intentar entender algunhas das contradiccións que, na perspectiva da nosa curiosidade, presenta *La Noche* ó longo dos seus vintedous anos de historia. Aínda que a íntima interdependencia existente entre a ampla serie de problemas, que, neste caso, a Sociedade tivo necesidade de enfrontar, fai difícil calquera intento de esquematización, pensamos que un

breve percorrido a través dalgunhas das súas solucións máis afortunadas pode ofrecernos algunha luz.

3. Os medios humanos

Se os resultados constituíran o único dato para valora-lo labor dun home coma D. José Goñi Aizpúrua á fronte da sociedade Editorial Compostela, S. A., despois do breve percorrido realizado ata aquí, non teriamos máis remedio que cualificalo simplemente de mediocre. Nin os esforzos de modernización, nin a ambigüidade da súa resposta a uns lectores se cadra en exceso interesados no acontecer local e pouco menos que indiferentes, maioritariamente, fronte ó mundo da cultura, nin as súas solucións ós problemas de distribución dos dous xornais alcanzaron, nin moito menos, o nivel desexado.

Grupo de primeiros colaboradores de La Noche *na homenaxe a Couceiro Freijomil*

Pero é necesario recoñecer que tales obxectivos non constituíron nunca a súa principal preocupación, nin, segundo teremos aínda oportunidade de ver, a da propia Sociedade. Nin, de certo, como obxectivos, xa que evidentemente eran moi outros os que movían e alentaban a Editorial Compostela e ó seu Director-Xerente, nin, tan sequera, como principais recursos para levar adiante o seu verdadeiro labor de información, orientación e formación da sociedade á que se dirixían os seus xornais.

O feito, en calquera caso, de que a nosa atención se centre preferentemente na figura de Goñi non ten outra xustificación que o interese que, dende o noso punto de vista, ofrece, para unha mellor comprensión do fenómeno que significou *La Noche*, mesmo o seu nacemento e primeiros pasos, xa que é a el a quen lle corresponde o principal protagonismo na súa configuración definitiva.

Neste senso, convén advertir que efectivamente, aínda que nunca renunciou a atender cuestións coma as sinaladas ata aquí, o seu principal interese estivo sempre no recoñecemento dos medios humanos coma único camiño indiscutible para resolver calquera outras deficiencias que se puideran presentar. Non tanto porque o prestixio dun gran equipo de colaboradores podía doadamente disimular limitacións técnicas e aínda demoras na recepción do novo xornal, coma polo feito fundamental de que ese equipo tiña que garanti-la calidade e autenticidade da mensaxe que se pretendía difundir. Punto de vista no que debeu ter unha especial influencia o feito, que parece pouco discutible, de que tanto no pensamento de Goñi coma no da propia Sociedade, o receptor de referencia fora mesmo o mundo universitario ou, cando menos, un público moi diferente culturalmente do que podía describir calquera estudio sociolóxico. Nada, pois, de particular en que fora neste empeño no que Goñi centrara os seus principais esforzos.

3.1. A primeira promoción de *La Noche*

Aínda que non sempre resulta doado establecer lindes entre *El Correo Gallego* e *La Noche*, gracias, sobre todo, ás noticias de García Domínguez (Borobó) –"Primeira promoción de *La Noche*"[2]–, podemos reconstruír con abonda precisión a composición do corpo de redacción que puxo en marcha aquela aventura xornalística de Editorial Compostela, S. A., e máis concretamente, segundo xa se dixo, de José Goñi Aizpúrua. Un grupo que, na perspectiva do noso percorrido, merece un especial interese polo que, como primeiros responsables xornalísticos e, nalgún senso, como primeiros representantes desta nova etapa da Sociedade, significaron na posta en marcha daquel proxecto que foi *La Noche*.

Do organigrama, por exemplo, de *El Correo Gallego-Eco de Santiago* que, segundo acordo do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., do 20 de agosto de 1938, debía comunicarse á autoridade competente –Director: D. José Goñi Aizpúrua; Redactor-Xefe: D. Felipe García Albéniz; Redactor de mesa e Subdirector: D. Celestino Sánchez Rivera; Redactor Político: D. Antonio López Sánchez (naquelas datas, na fronte, como soldado); Redactor de sucesos: D. Miguel Pola Vaquerizo; Redactor de deportes e espectáculos: D. Eduardo González Méndez; Redactor de Política Estranxeira: D. Camilo Barcia Trelles (pendente aínda de acordo coa empresa); e Fotógrafo: Sr. Chicharro– só o señor Pola Vaquerizo, ademais naturalmente do director, se poden considerar membros desta "primeira promoción de *La Noche*". Un dato, sen dúbida, aínda que significativo, insuficiente para sospeitar tan sequera cambios importantes no senso evidentemente continuísta do novo quefacer que representou *La Noche*. Non podemos deixar de recoñecer neste grupo o mérito de ser, cando menos, unha base e un punto de partida necesarios para o desenvolvemento, primeiro, da espléndida actividade cultural do equipo de colaboradores formado dende o primeiro momento por Goñi, no que podemos salienta-lo grupo representante do galeguismo procedente de Nós e do

[2] Borobó, "Memorial de Trevonzos", en *Plumas e Letras en La Noche*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, 1996, pp. 32-34.

Seminario de Estudos Galegos, e, logo, xa na década dos cincuenta, do mesmo quefacer neste xornal do grupo que Borobó bautizou co nome de Xeración de *La Noche*.

O carácter de profesionais do xornalismo, con que inicialmente se podería presentar esta primeira promoción de *La Noche*, está lonxe, con todo, de ser un elemento diferenciador importante fronte ó citado equipo de colaboradores do que tanto chegou a presumir Goñi. Coa excepción quizabes do primeiro xefe de redacción, Emilio Merino Losada, o último e único redactor de *El Compostelano*, e o primeiro e único redactor de *La Noche* ata a súa marcha a *El Ideal Gallego* da Coruña[3], de Miguel Pola Vaquerizo, que, como redactor, redactor-xefe, director accidental ou director substituto, vive a aventura completa deste xornal, ou o mesmo Raimundo García Domínguez (Borobó), auxiliar de redacción, redactor-xefe, director delegado e director dos dous xornais ata o 22 do febreiro de 1965, e, se cadra, Concha Castroviejo, auxiliar de redacción ata o seu paso a *Informaciones*, o 4 de xullo de 1953, e, naturalmente, os irmáns Xesús e Pepe Alvite, tódolos compoñentes do grupo, coa inclusión plena dos citados, eran sobre todo literatos e, en calquera caso, todos periodistas por libre, sen ningún título nin carné oficial[4]. Entre o persoal que o Consello de Administración, en xuntanza celebrada o 7 de xaneiro de 1952, para asistir a un cursiño que organizado en Madrid por D. Juan Aparicio, daquela Director Xeral de Prensa, no primeiro trimestre deste mesmo ano, para xornalistas sen carné, atopábanse, entre outros, Borobó, Concha Castroviejo (para entón xa en *Informaciones*), Olano, a filla e o fillo de Goñi, os irmáns Alvite e Manuel Garabal. A necesidade de cubri-los servicios mínimos da empresa explicaría ausencias coma a de Miguel Pola Vaquerizo e, con gran fortuna para o ensino galego, de Benito Varela Jácome, entre outros.

O resto de compoñentes –frei Xosé Isorna, Antonio Bonet Correa, Pepe Ruibal– non fan máis que acentua-las dificultades de deslinde entre os diferentes grupos que pretende Borobó. ¿Por que, por exemplo, non figura Varela Jácome nin o P. Isorna en ningunha das listas con que Goñi intenta promociona-lo novo xornal? Tal feito desbota inicialmente calquera sospeita sobre a hipótese dun carácter ideoloxicamente neutro nesta primeira promoción. Se Benito Varela aparece, por exemplo, na nómina de colaboradores que Francisco Fernández del Riego elabora para aqueles famosos programas da BBC en *Galicia desde Londres*[5], o ilustre franciscano P. Isorna foi, ademais dunha das máis brillantes, a pluma máis constante, dende os primeiros momentos de *La Noche* ata a súa desaparición, tanto neste xornal coma en *El Correo Gallego* ata hoxe mesmo, no logro dunha presencia permanente e caracterizadora do pensamento da Igrexa.

3.2. A dirección técnica

Non parece un grande atrevemento atribuírlle a D. José Goñi Aizpúrua, o dinámico guipuscoano de quen, en palabras de Borobó[6], "podería dicirse que era tamén carlista de nacemento", a verdadeira paternidade de *La Noche*. Un feito que, sen dúbida, pode explicar algunhas das características máis salientables desta publicación.

Goñi, de quen dicía, "con respeto, eso sí", Emilio Álvarez Blázquez[7] "que era 'católico, feo e tradicional', sin que nunca rifara" con el, "porque as tres cousas eran certas, como tamén era certo o seu interese e comprensión polas cousas galegas", chegara a Santiago da man de D. Juan Sáenz-Díez García, fervoroso católico e comprometido carlista coma el, facéndose cargo de inmediato da dirección de *El Eco de Santiago* (LA: 20-VI-1938), xornal propiedade da familia Simeón, entón representada por Dª Isabel García Blanco e os seus fillos, os Sáenz-Díez García, e, logo, da sociedade Editorial Compostela, S. A., creada por esta mesma familia. Só, en calquera caso, a plena identificación entre o basco e o seu valedor, evidente dende o primeiro momento da chegada daquel a Compostela, fai posible entende-lo protagonismo, cada vez máis acentuado, de Goñi no desenvolvemento do labor editorial da nova sociedade compostelá.

Poucos meses despois, Goñi encárgase da dirección (LA: 20-VIII-1938) de *El Correo Gallego-Eco de Santiago*, xornal que nace, segundo xa se dixo, da fusión, acordada, nesta mesma data, polo Consello de Administración da nova sociedade, entre o compostelán *El Eco de Santiago* e *El Correo Gallego*, domiciliado en Ferrol ata a súa adquisición por Editorial Compostela, S. A. A compra (LA: 20-X-1945) de *El Compostelano* e a súa case inmediata transformación no novo xornal *La Noche* multiplícanlle a Goñi o seu labor de director. Funcións que só circunstancialmente é capaz de renunciar, non obstante o tempo que sen dúbida lle esixía o desempeño das variadas actividades derivadas do seu relevante papel en Editorial Compostela, S. A.: director-xerente da sociedade (LA: 10-IV-1945), secretario do Consello de Administración (LA: 7-VI-1946), conselleiro, e, a proposta de D. Juan Sáenz-Díez, xerente e representante da empresa con tan amplos poderes que pode nomear el mesmo os seus propios representantes (LA: 31-VII-1950), e socio fundador ó outorgárselle o dereito a adquirir catro "Acciones de Fundador" (LA: 5-X-1953) e a súa dedicación, con longas ausencias de Galicia, á sociedade Prensa Castellana, S. A., propietaria de *Informaciones*, na que (LA: 4-VII-1953) ostenta o cargo de Conselleiro-Delegado. El mesmo aclara ó propio Consello de Administración da sociedade Editorial Compostela, S. A., en xuntanza celebrada o 10 de xaneiro de 1953, "que el hecho de que esta nueva situación (refírese en concreto á súa presencia en *Informaciones*) le obligue a prolongadas estancias en Madrid no implica el abandono de los asuntos vinculados a la Dirección-Gerencia" de Editorial Compostela.

É mesmo neste contexto, dominado pola atenta presencia de D. José Goñi Aizpúrua, como debemos entende-lo maior ou menor protagonismo dos diferentes directores de *La Noche* que ó longo dos seus vintedous anos de existencia deixaron dalgún modo a pegada da súa presencia. Aspecto, por outra banda, que non se pode deslindar tampouco do feito de que a dirección deste xornal non fora, en xeral, distinta da de *El Correo Gallego*, presentándose case sempre coma unha mesma ou única función.

---

3 Art. cit, p. 20.

4 Idem, pp. 30-32.

5 *Galicia desde Londres*, edición de Antonio Raúl de Toro Santos, Oleiros-A Coruña: Editorial Tambre, 1994, p. 32.

6 Borobó, art. cit, p. 17.

7 Emilio Álvarez Blázquez, "O Suplemento de *La Noche*, trinta anos despois", en *Grial*, tomo 19, nº 71, 1981, p. 90.

Entre estas persoas merece sen dúbida un posto de especial relevo a figura de D. Raimundo García Domínguez (Borobó). Natural de Pontecesures, onde nace en 1916, cursa Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, sendo sorprendido pola guerra civil en Santander, durante a celebración do Curso de Verán da Universidade desta cidade. Loita no exército republicano adscribíndose á U.X.T. en 1936. Coa Primeira Brigada Internacional participa na fronte de Brunete, ocupando o posto de Comisario de Transportes do III Corpo do Exército Republicano nos sectores do Xarama e de Segorbe, afiliándose ó P.S.O.E nos últimos días da guerra. Prisioneiro en Madrid, o día 2 de abril de 1939, pasa por varios campos de concentración, para rematar facendo o servicio militar en Marrocos.

Colaborador de *La Noche* dende o primeiro momento (no primeiro número do 1 de febreiro de 1946 aparece a súa columna *Lacón con grelos* que logo se faría tan popular baixo o rótulo de *Anacos*), incorpórase á redacción da mesma, da man naturalmente de Goñi, "dende o 1º de xaneiro de 1947"[8]. Aínda que oficialmente, ou, se se prefire, a efectos laborais, non toma posesión como Director de *El Correo Gallego* e de *La Noche* ata o 4 de abril de 1960, a confianza depositada nel por Goñi e a súa indiscutible capacidade e valía fixeron del, dende moito antes, o verdadeiro director destes xornais e particularmente de *La Noche* dende moito antes.

Intentar explicar esta situación partindo simplemente do suposto dunha certa resistencia do propio Goñi para renunciar responsabilidades noutros colaboradores, incluso tratándose de persoas valoradas por el tan positivamente coma Borobó, resultaría, cando menos, unha simplificación excesiva. Aínda que nomeamentos coma o do seu fillo, Goñi Etchevers, como Director de *El Correo Gallego* en setembro de 1957 con motivo do traslado deste a Santiago para cumpri-lo servicio militar, poderían avalar esta sospeita, non podemos esquece-la importancia que a sempre difícil economía de Editorial Compostela, S. A., debeu ter na mesma promoción dos seus traballadores.

García Domínguez, efectivamente, non pasa da categoría de Auxiliar de Redacción, alcanzada dous anos despois de ingresar na empresa, aínda que desempeña dende o primeiro momento un papel moi relevante, no corpo de redacción de *La Noche*, logrando só dez anos despois, segundo acordo do Consello de Administración do 17 de agosto de 1958, o cargo de Redactor-Xefe deste xornal. Director dos dous xornais, en funcións delegadas, o 28 de agosto de 1959, pasará por unha serie de trámites (proposto como director (LA:10-VIII-1959), estudio do seu contrato como director (LA: 30-XI-1959), director electo (LA: 29-III-1960) ata a toma definitiva de posesión deste cargo na data anteriormente citada do 4 de abril de 1960. Algo, por outra parte, que non impediu que puidera representar a *La Noche* (LA: 15-XII-1956) en conflictos como o producido entre este xornal e a Cámara de Comercio de Cesures, ou que, o 30 de novembro de 1959, recibira o nomeamento de vocal do seu Consello de Redacción.

Problemas sobre todo de tipo económico –solicitude dun novo contrato como director (LA: 10-I-1963), reclamacións sobre a necesidade de que lle actualizaran o seu soldo como responsable oficial da direccións dos dous xornais (LA: 3-V-1963)– terminaron provocando o seu cese o 22 de febreiro de 1965, data na que, como protesta a esta decisión do Consello de Administración da sociedade Editorial Compostela, S. A., presenta a súa demisión o entón secretario do mesmo, D. Octavio Sanmartín Domínguez.

Preto de vinte anos de vida de *El Correo Gallego* e sobre todo de *La Noche* son con todo o mellor testemuño do seu labor como un dos máis notables xornalistas galegos de calquera tempo anterior. Varias xeracións de mozos galegos, en particular aquela que el mesmo bautizou co nome do xornal dos seus amores, *La Noche*, nun acto permanente de xusto recoñecemento ían contribuír a face-la súa memoria inmorredoira.

D. Miguel Pola Vaquerizo, que tomara posesión como "substituto, para el caso de su destitución", de D. Raimundo García Domínguez, o mesmo día 4 de abril de 1960, resulta proposto polo Consello de Administración como Director de *El Correo Gallego* o día 16 de xuño de 1965. O Sr. Pola Vaquerizo desempeñara con anterioridade os cargos de Redactor de Sucesos de *El Correo Gallego-Eco de Santiago* (20-VIII-1938), de Director accidental en 1941 e 1951, e de Xefe de Redacción nese mesmo ano.

O sucesor inmediato de Borobó como Director foi D. José Vidal Iborra, segundo acordo do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., do 22 de febreiro de 1965, a mesma data do cese daquel. Vidal Iborra desempeñara antes o mesmo cargo no xornal rioxano *Nueva Rioja*.

O 29 de abril de 1967 é nomeado Director de *La Noche*, o entón Director de Editorial Compostela, S. A., D. Francisco Leal Insua, quen, o 20 de xuño do mesmo ano, substituiría ó Sr. Lahera Márquez como vocal do Consello de Administración da Sociedade.

Non se debe esquecer con todo que o desempeño da función de director, tanto nos xornais dependentes de Editorial Compostela, S. A., coma nos publicados no resto do Estado, incluídos aqueles que pertencían á Prensa do Movemento, non sempre se correspondía cos nomes que oficialmente figuraban como tales. O caso de Borobó, tal como se deixou anotado máis arriba, non é neste senso ningunha excepción. Os nomeamentos oficiais esixían un determinado número de requisitos que non sempre podían cumprimentar adecuadamente os aspirantes propostos pola empresa, debendo agardar, en calquera caso, a decisión final durante un tempo que, interinamente, ocupaba este ou outra persoa, sen que tal situación significara ningunha garantía, polo menos oficialmente, de recoñecemento posterior. Lembremos, por exemplo, ó xa citado Emilio Merino Losada, en 1951, a D. José Landeira Yrago, que pertenceu á redacción de *La Noche* dende 1946 e sucedeu a D. Emilio Merino Losada no desempeño de tódalas funcións que eran responsabilidade deste, a D. José Rey Feás, "reporteiro meritorio" dende 1941, que substitúe ó Sr. Pola Vaquerizo durante a peregrinación deste a Roma en 1956, outorgándolle o Consello de Administración da Sociedade a categoría de Redactor de 1ª o 19 de xuño de 1957, D. Manuel Castiñeiras Rodríguez, que figuraba como Redactor de 1ª, en 1957, nomeado Redactor-Xefe de *La Noche*, en funcións, o 28 de outubro de 1958, persoas que, entre outras, merecen, con todo mérito, unha obrigada lembranza no momento de intentar deseña-lo cadro técnico que co seu esforzo e colaboración, fixo posible o labor daque-

[8] Borobó, "Memorial de Trevonzos. Génesis carlista de *La Noche*. El Suplemento Literario; catapulta para la acción cultural del galleguismo", en *Galicia Exprés*, nº 1, 1986.

les que tiveron a honra de ocupa-los postos de maior responsabilidade.

Nómina que, en calquera caso, quedaría de todo incompleta se na mesma non se incluíran aqueles que, dende postos de menor relevo, facían posible co seu traballo o milagre que significa sempre poñer cada día na rúa un xornal. Algúns destes, como o xefe de talleres D. Ángel Botana Rey, ou os linotipistas D. José Fernández Dueros, D. Domingo Otero Bazarra, D. Xesús Cea ou o poeta D. Julio Sigüenza, por citar só uns poucos nomes, inspiraron artigos coma aquel de Baldomero Cores, "De día por *La Noche*", no que, entre outras cousas, dicía:

"Desde la linotipia, intérprete de las máis intrincadas escrituras, hasta la rotativa, entonando belicoso cantar, va pasando el alma del escritor. Duele menos presenciar la misma tarea a un Guttemberg de nuestro tiempo, siquiera sea más lenta. Parece como si el impresor manual fuera acariciando cada una de las frases que el escritor plasmó con cariño. Palabra a palabra va silenciosamente reescribiendo lo escrito, y, muchas veces, lo no escrito".

Convén, neste senso, non esquecer que os colaboradores de *La Noche*, na súa inmensa maioría, presentaban os seus traballos manuscritos, ás veces con caligrafías tan difíciles para o linotipista, que a interpretación deste –"reescribiendo lo escrito, y, muchas veces, lo no escrito", como escribiu Baldomero Cores[9] –significaba melloras de estilo que o mesmo autor non tiña reparos en recoñecer. Cea ou Tojo, aínda en activo na empresa Editorial Compostela, S. A., lembran algunhas anécdotas que poderían resultar demoledoras para un investigador que, tomando como fonte, por outra banda obrigada, as páxinas deste xornal intentara a reconstrucción crítica da lingua dalgún dos nosos grandes clásicos.

3.3. Os colaboradores

A popularización por Franco Grande[10] da "Xeración de *La Noche*", composta por un relevante grupo de mozas e mozos galegos que se deron a coñecer como escritores na década dos cincuenta a través das Festas Minervais da Universidade de Santiago e, sobre todo, das páxinas do xornal que lles dá nome, non nos pode facer esquece-la existencia doutros grupos. O mesmo Borobó, pai da feliz denominación daquela brillante xeración, fala de diferentes "promocións", "constelacións" ou "xeracións" –"a dos Ramóns, a dos Álvaros e a especificamente denominada Xeración de *La Noche*"– en varios dos seus traballos. Grupos máis ou menos homoxéneos pero, en calquera caso, unidos tódolos seus compoñentes polo feito da súa presencia, como colaboradores, deste xornal compostelán.

Goñi enfrontábase, como xa vimos, no momento de intentar poñer en marcha o novo xornal, con non poucos problemas. A experiencia de *El Correo Gallego* e, antes incluso, de *El Eco de Santiago* e de *El Correo Gallego-Eco de Santiago,* xornais dos que tamén fora, segundo xa vimos, director; non lle podía facer esquece-las dificultades, sobre todo económicas, que representaba a publicación dun novo xornal. Aínda que os ideais que, sen dúbida, alentaban esta aventura podían xustificar abondo unha experiencia desta clase, non parece que puidera sentirse alleo á realidade dunha empresa, en permanente situación de precariedade, que, como Editorial Compostela, S. A., na que el ostentaba mesmo o cargo de director-xerente, tiña de se-la responsable de levalo adiante.

Debeu, pois, ter moi claro, dende o primeiro momento en que decidiu a aventura de *La Noche*, que só contando cun gran equipo de colaboradores, coa suficiente capacidade de atracción para os lectores e, á vez, non demasiado afastado das súas persoais inquedanzas, podía facer realidade o seu cobizoso proxecto. Así, polo menos, parecen confirma-lo as diferentes notas con que, primeiro, en *El Compostelano*, e, logo, nas mesmas páxinas de *La Noche*, intenta esperta-lo interese dos lectores polo novo xornal. "Dentro de unos días –podemos ler en recadro da 2ª páxina de *El Compostelano* do día 22 de xaneiro de 1946– publicaremos una lista de colaboradores que escribirán diariamente en *La Noche*. Catedráticos y escritores ilustres, auténticos valores nacionales, honrarán con sus firmas prestigiosas las columnas de *La Noche* para cuyas páginas redactarán trabajos exclusivos sobre temas de sus respectivas especialidades". Ideas nas que insiste catro días despois, en nota do 26 de xaneiro, lembrando que "esta lista que comprende una selección de las más eminentes figuras de nuestra intelectualidad, es independiente de otros insignes escritores y prestigiosos periodistas que avalarán también con sus trabajos las columnas de *La Noche*". "*La Noche* –lese noutra columna de *El Compostelano* da mesma data– contará con el mejor cuadro de colaboradores que ha tenido nunca un periódico de Galicia".

Na lista anunciada, que aparece por primeira vez en *El Compostelano* do martes, 29 de xaneiro do mesmo ano, aparecen os seguintes nomes: Aller Ulloa (Ramón), Barcia Trelles (Camilo), Bouza Brey (Fermín), Capón Fernández (Manuel), Castro Arines (Manuel), Castillo López (Ángel del), Canellas López (Ángel), Couceiro Freijomil (Antonio), Fraguas y Fraguas (Antonio), Fernández Almuzara (Eugenio), Filgueira Valverde (José), Fuenmayor Champín (Amadeo de), G. Cerezales (Manuel), Iglesias Iglesias (Luis), Iglesia Alvariño (Aquilino), Jorge Echeverri (Ángel), Lago Fernández (Fray Bernardino), Leal Insua (Francisco), Legaz Lacambra (Luis), López Rodó (Laureano), López Niño (Enrique), Massó (Gaspar), Merino Losada (Emilio), Moralejo Laso (Abelardo), Otero Pedrayo (Ramón), Pérez Villamil (José), Portela Pazos (Salustiano), Prieto Bances (Ramón), Puga de Oliver (Adolfo), Peña Ibáñez (José Luis), Rabanal Álvarez (Manuel), Rey Martínez (Manuel), Suárez Serantes (Manuel), Vázquez Trabazo (Luis) e Villanueva Castro (Ulpiano). Lista que, con lixeiras variacións, ía continuar aparecendo, despois da repetición, ó día seguinte, no mesmo xornal, con certa insistencia en números sucesivos de *La Noche*, sobre todo, ó longo do ano 1946. En datas sucesivas a lista vaise ampliando cos nomes de José María Castroviejo Blanco-Cicerón, o 2 de febreiro, de Felipe García Albéniz e José Pérez Villamil, respectivamente, os días 13 e 18 do mesmo mes, e os de M. Devesa Quintana, Raimundo García Domínguez, Andrés Lago Cízur Goñi, Enrique Otero Aenlle e Eduardo Pérez Hervada, o 14 de marzo, desaparecendo o nome de Abelardo Moralejo Laso, incoporando a publicada o día 7 de maio os nomes de Emilio González Vila e de Salvador Lorenzana (Francisco Fernández del Riego), incluíndo a do día 3 de xullo dous novos nomes, o de José Landeira Yrago e o de Carlos Pereira Amil, á vez que caía da lista Emilio González Vila. O 28 de marzo de 1947, coincidindo coa celebración do primeiro aniversario do xornal, publícase de novo a coñecida lista de

[9] Baldomero Cores Trasmonte, "De día por *La Noche*", en *La Noche*, 25-VI-1953.

[10] X. L. Franco Grande, *Os anos escuros, I*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.

colaboradores coa incorporación de catro novos nomes, José Luis de Azcárraga, Jesús Carro García, Álvaro Cunqueiro e Vicente Risco, na que ademais é necesario sumar, ás xa citadas desaparicións, os nomes de Camilo Barcia Trelles e Emilio Merino Losada, que non figuran nesta nova relación.

Sen dúbida, este esforzo de elaboración dun equipo de nomes ilustres garda máis dun segredo sobre as verdadeiras pretensións de Goñi Aizpúrua, o cobizoso director de *La Noche*, entre os cales podemos sospeitar con certa seguranza o seu desexo de lograr un xornal do máis alto nivel intelectual. O resultado, con todo, desta brillante nómina de 51 colaboradores, aínda sendo incompleta –non se entenden moi ben, por exemplo, ausencias de nomes coma Benito Varela Jácome–, reflicte con abonda claridade o desexo de lograr un equipo no que estiveran presentes tanto os estamentos eclesial, universitario e intelectual como, naturalmente, o mundo dos profesionais do xornalismo.

No extraordinario de *La Noche* (10-II-1947) publicado con motivo do primeiro aniversario deste xornal, Borobó –a sinatura é simplemente B.– pon de relevo cumpridamente a importancia deste nunha ampla reportaxe, "Nuestros colaboradores", ilustrada cos retratos dalgúns deles. "Quisimos –escribe o gran xornalista–, desde un principio, contar con la más amplia y selecta colaboración que fuese posible dentro de Galicia, y a nuestras demandas respondieron favorablemente ese medio centenar de personas, distinguidas por su capacidad intelectual o por la brillantez de su pluma, que dan a *La Noche* con sostenida frecuencia tono de rotativo hondo e inquieto". "Por la primera plana de *La Noche* –engade máis adiante– han desfilado catedráticos de la Universidad compostelana, canónigos y otras personalidades de la Iglesia gallega, los hombres del antiguo Seminario de Estudios, los periodistas gallegos que destacan en Madrid, y otras figuras de vario origen". Clasifica-ción que Borobó destaca no citado artigo cos se-guintes rótulos en versaletas:

a) "La Iglesia": "El sacerdocio gallego acogió a *La Noche* con gran cariño y muchas de sus personalidades más eminentes le han prestado su colaboración". Salienta Borobó os nomes de Portela Pazos, Deán da catedral, de Capón Fernández, do cóengo Maxistral Lago Cízur, do Lectoral Rey Martínez, do xesuíta Fernández Almuzara, do franciscano Frei Bernardino Lago Fernández.

b) "La Universidad": "De la Universidad gallega hemos recibido tan copiosa ayuda espiritual, que podría vanagloriarse *La Noche* de ser algo así como el altavoz de su Claustro". Sobresaen na consideración do autor os nomes de D. Ramón Aller, "humilde padre e insigne astrónomo", D. Luis Iglesias, "tan enamorado de su Galicia", Legaz Lacambra, "cuya formación filosófica es excepcional", D. Camilo Barcia Trelles, Prieto Bances, López Rodó, Amadeo de Fuenmayor, Ángel Canellas, "quien por haber pasado a explicar en otra Universidad, ha perdido contacto con nosotros", D. Enrique Otero Aenlle, "cuyas aficiones literarias no son menos estimables que su preparación científica", "el anatómico" D. Ángel Jorge Echeverri, "el psiquiatra Pérez Villamil" e o Doutor Villanueva, "nuestro ilustre colaborador inédito". O feito de que Borobó sitúe nun apartado especial, "trío de doctores", ós tres médicos, Devesa, Hervada e Paradela, non parece dificultade suficiente para que os incluamos mesmo neste apartado reservado polo autor ós profesores da Universidade.

c) "La Galleguidad": "Aquí incluímos –escribe Borobó– a los hombres cuyo amor a Galicia está por encima de toda contingencia, de cualquier circunstancia". Na lista destes colaboradores, "lugar de honor ocupa don Ramón Otero Pedrayo, el orgullo de *La Noche*, donde traza diariamente su 'Parladoiro', que con la 'Novísima Glosa' de Eugenio d'Ors y 'Vida y Espíritu de Estelrich' en el *Diario de Barcelona*, constituye la sección de mayor densidad espiritual de la Prensa española". A continuación lembra o ilustre xornalista a D. Vicente Risco, "con su preocupación por todas las novedades espirituales, con su finísima ironía, con su enorme bagaje histórico", "el gran Filgueira Valverde", Bouza Brey, "magistrado, arqueólogo y poeta", "don Ángel del Castillo y el sacerdote don Xesús Carro, para quienes el arte gallego no tiene secretos", D. Antonio Fraguas, D. Aquilino Iglesia Alvariño, Salvador Lorenzana, "pseudónimo bajo el cual se oculta un abogado vigués, que puede ser muy bien el Azorín gallego".

A importancia da presencia galeguista resulta, de certo, evidente, na representación de figuras coma as citadas, ben que, naturalmente, procurada oportunamente a clara coincidencia desta co pensamento da

Nun primeiro plano, personalidades vencelladas a La Noche: *Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Carballo Calero, Borobó e Manuel Beiras García*

Igrexa, liña ideolóxica que, dende a nosa perspectiva, vai orientar, predominantemente, o novo xornal.

Deste xeito, Goñi, sen renunciar ós seus máis fondos ideais, relixiosos e políticos, lograba prestixia-la publicación cunha nómina de colaboradores verdadeiramente excepcional.

Borobó non se limita no citado artigo, "Nuestros colaboradores", a facer lembranza destes tres grupos. Con esa súa rara habelencia para a clasificación, remata o seu amplo traballo con catro novos subtítulos: "Gente de Madrid", "Trío de doctores", "Otros escritores" e "Los de casa". Clasificación que, pecando se cadra de excesivamente minuciosa, evita, con todo, máis dun problema.

Así, en "Gente de Madrid", sitúa "un curioso grupo de escritores gallegos y vascos", todos eles admiradores de Álvaro Cunqueiro, "el último bohemio de las letras, el orfebre máximo con que cuenta actualmente la prosa castellana; y un gran poeta, si conocido y delicado en gallego, desconocido y sublime en castellano". Cerezales, Trabazo e Castro Arines, "orensanos, más o menos", xunto a Adolfo Prego, "hombre 'Mundo", representan a Galicia, mentres Euscadi, con Goñi, o mesmo Director de *La Noche*, e con Felipe García Albéniz, que dirixira con anterioridade *El Correo Gallego*, aparece representada polos irmáns Peña Ibáñez, José Luis e Juan José, este asinando co pseudónimo Rey Quiroga. En "Otros escritores", inclúe Borobó a D. José María Castroviejo, D. Alvaro Ruibal, García Martí, "arosano en Madrid", Leal Insua, "cuando le deja tiempo su *Progreso*", Noriega Varela, Gaspar Massó e Vázquez Santamaría. D. Antonio Couceiro Freijomil, que "compone nuestra página de 'Plumas y Letras Gallegas' y también el Calendario", D. Miguel Ramón Pola, Suárez Serantes, Ladeira Yrago e Rabanal figuran baixo o rótulo de "Los de casa". Ó "trío de doctores" xa fixemos referencia máis arriba. Naturalmente Borobó, que sen dúbida, pretendía dar unha visión o máis completa posible do cadro de colaboradores con que, un ano despois da súa primeira saída á rúa, contaba *La Noche* non podía esquece-lo xornalismo deportivo no que colaboradores coma Pepe Balón ou os irmáns Alvite, Xesús e Pepe, eran –nas súas mesmas palabras– "ejemplo del periodismo vivo, ágil, polifacético, ajeno al laboratorio, a la enciclopedia, al cuento..."

Non parece de certo que se lle poidan facer moitos reproches a aquel entusiasta anuncio de *El Compostelano* no que se prometía para os lectores de *La Noche* "el mejor cuadro de colaboradores que ha tenido nunca un periódico de Galicia".

3.4. A xeración de *La Noche*

Entre os colaboradores que deixaron a súa pegada neste xornal salientan tódolos estudiosos do grupo que Borobó bautizou co nome de "La Generación de *La Noche*". "Arredor de 1950 ou de 1952 –escribe X. L. Franco Grande[11]–, unha nova xeración cultural empezaba a lumbrigar na escura realidade da Galicia daqueles anos". Aspecto no que insiste este mesmo autor en diferentes momentos do seu estudio poñendo de relevo, unha e outra vez, este carácter culturalista do grupo, especialmente presente no xornal que lle dá nome. "Á beira das nosas actividades posibles –precisará noutro momento[12]–, seguiamos coa nosa vocación literaria, enchendo as páxinas de *La Noche* de artigos e outras colaboracións literarias e políticas".

O estudio, con todo, desta xeración está aínda sen facer. Calquera intento dunha caracterización da mesma esixe, cando menos, unha revisión máis atenta das páxinas do xornal que lle dá nome, correspondentes a esa década dos cincuenta. Calquera intento dunha caracterización desta xeración ten de ser ata entón necesariamente provisional. Non debemos, neste senso, esquecer que o primeiro sinal de identidade que presenta este grupo é a enorme heteroxeneidade dos seus compoñentes, non só pola súa diferente formación académica senón, tamén e sobre todo, pola diversa ideoloxía que inspiraba a cada un deles. Baldomero Cores Trasmonte, un dos seus membros e, sen dúbida, o primeiro que se achegou criticamente a unha explicación da mesma, pon claramente de relevo estas diferencias nalgún dos seus artigos publicados en *La Noche* durante os anos daquela década. Na súa defensa do "Recio abolengo de la comunidad en nuestro país", subtítulo do seu artigo "A los más o menos jóvenes de esta mi generación" (*La Noche*, 13-V-1958) Baldomero Cores deixa ben claras as súas persoais inquedanzas fronte a aqueles compañeiros da súa xeración que, na liña dun galeguismo culturalista, se amosan de todo descoñecedores da verdadeira realidade de Galicia. O citado artigo comeza con estas palabras: "Es muy penoso que los más o menos jóvenes de esta mi generación sigan adheridos a los viejos criterios intelectuales, desusados ya, equivocados siempre y ridículos a veces".

Non parece que represente un risco excesivo adiantar aquí como trazos máis característicos do grupo, ademais desa evidente diversidade, os seguintes: a condición de universitarios da maioría dos seus compoñentes, a presencia na mesma do maxisterio directo ou indirecto de Ramón Piñeiro, o seu interese por Europa ou o europeísmo e, sobre todo, a manifestación dunha clara conciencia galeguista, primeiro, de carácter culturalista –literaria e lingüística– e, logo, con abertas preocupacións políticas, máis ou menos diluídas nos seus comezos. *La Noche*, gracias, sobre todo, á exquisita sensibilidade dun xornalista como Borobó, representou, xunto coas Festas Minervais, diferentes revistas e outros xornais, o principal foro das súas inquedanzas. Sen dúbida, tanto naquela Universidade compostelá da década dos cincuenta coma nas páxinas de *La Noche*, alentaba e soñaba futuros esperanzados unha mocidade moito máis diversa do que parece suxerir Franco Grande no seu traballo *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*. Cando non obstante nos referimos a esta xeración, a xeración de *La Noche*, estamos simplemente a pensar naqueles mozos que coma o mesmo Xosé Luís Franco Grande, Méndez Ferrín, Xosé Manuel Beiras Torrado, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Ramón Lugrís Pérez, Xohana Torres, Ángel Blanco Losada, Salvador García Bodaño, Manuel María, Baldomero e Ventura Cores Trasmonte, Gustavo Balboa, Antonio Concheiro Caamaño, X. Manuel López Nogueira, Manuel Vidán Torreira, Xosé María Proupín, Uxío Novoneyra, Manuel Peregil Cambón, Antonio Rubal, Antonio Fernández Chao, Xulio Fernández Pintos, Serafín García Fernández, Luís e Camilo González Suárez Llanos, Xosé María Teixeiro, Bernardino Graña, Moncho Silva, Alfonso Álvarez Gándara, Marina Mayoral, Arcadio López Casanova, Francisco Xavier Carro e tantos outros, que, na diversidade das súas ideas e proxectos, amosaban unha clara preocupación galeguista. Un galeguismo, en calquera caso, que era para estes mozos e mozas algo máis que –como escribe Franco Grande– "unha idea", "unha actitude", "unha orientación da nosa vida": "o galeguismo –precisa o historiador desta xeración– era

[11] Op. cit., p. 31.

[12] Idem.

para nós algo constituído, artellado, organizado". Algo que, nun daqueles ciclos de conferencias que organizou este grupo, perfectamente historiados por Franco Grande no libro antes citado, explicitou un dos seus máis notables representantes, Ramón Lugrís Pérez[13]:

"*Este ciclo de conferencias sobre cultura gallega, que tengo el honor de inaugurar, tiene unha significación muy profunda en el campo de nuestra actividad espiritual. Representa la primera salida en bloque de los universitarios gallegos por los caminos y las ciudades del país para pregonar las verdades de nuestra auténtica cultura, para establecer de nuevo ese contacto entre Universidad y Sociedad, que nunca debió romperse, para presentarnos a los ojos de Galicia como un grupo de jóvenes decididos a desarrrollar, en la medida de nuestras fuerzas, la gloriosa tradición cultural que nuestros maestros verdaderos nos dejaron, para alentar, siquiera como pregoneros de algo que está muy por encima de nosostros, la esperanza de los que, esparcidos por la vieja tierra de Galicia, alimentan cuidadosamente la llama de un ideal aparentemente fracasado. Nuestra voz no traerá la alquitarada ciencia de laboratorio ni la cultura de gabinete, falsas, dolorosamente falsas, que, día tras día, monótonamente, resuenan en las cátedras universitarias (las excepciones, por ser bien notorias, no precisan ser nombradas ahora). Venimos con una fe, con un amor y con una esperanza que no precisan formulación cabalística. Surgen por su propia fuerza de la entraña de nuestro pueblo, como síntesis y clave de nuestro propio espíritu. Venimos a hablaros de Galicia, y a tratar de mostraros eso que, sin duda, presentís en vuestras conciencias: que pertenecemos a una comunidad cultural, claramente definida, con sentido e historia propios dentro de esta zarandeada y gloriosa Europa que trata de buscar nuevas formas de vida*".

É esta preocupación, europeísta dende a conciencia dun fondo galeguismo, a característica que mellor define a esta xeración, o único grupo dos aquí consignados e ó que con certo rigor lle cabe esta cualificación. Punto de vista que se afianza na nosa coincidencia de todo con Francisco Fernández del Riego[14] na súa proposta de definición para xeración: "grupo de homes que aparecen con ideas claras e propósitos definidos nos momentos cruciais da vida dun pobo".

4. *La Noche*, unha lumieira na escuridade dun tempo ido

Constituiría un atentado contra a necesidade de manter un mínimo de obxectividade neste sinxelo intento de penetra-lo verdadeiro significado deste xornal galego, alcanzado nun tempo e nun contexto moi concretos, pretender ignora-lo profundo senso empresarial, que dende un primeiro momento inspirou tódolos esforzos da sociedade Editorial Compostela, S. A., como responsable da súa publicación. Aspecto que, con certas matizacións, recoñecía o seu propio Consello de Administración en informe presentado a Faro de Vigo, S. A. "Este Consejo –Acta de 29 de novembro de 1961–, desde que fue constituído, siempre ha estimado que su misión se había de concretar a velar por la buena marcha de Editorial Compostela, S. A. en cuanto con ello defendía simultaneamente los valores morales que aquella representa, los intereses generales de Galicia, y más concretamente los de Santiago de Compostela y El Ferrol del Caudillo, y los particulares de la familia Sáenz-Díez". Por enriba desta consideración, que non por iso deixa de parecer necesaria, *La Noche* foi evidentemente algo máis, se cadra, moito máis que un simple instrumento comercial ó servicio dos intereses económicos dunha familia e dunha sociedade que, por outra banda, nunca puideron gozar deses hipotéticos beneficios. Os ideais que alentan nas súas páxinas, como lumieiras que racharon tebras dun tempo escuro, xustifican, cando menos, a nosa admiración por cantos, dende unha conciencia colectiva, ou individualmente, as acenderon e fixeron posible o seu espallamento.

Parece evidente que non resulta doado, dende unha perspectiva que, neste caso, quere necesariamente se-lo máis ampla e abarcadora posible, establecer lindes e moito menos xerarquías entre uns e outros. A defensa da doutrina e moral católicas, e a máis ou menos disimulada do caso do galeguismo e sobre todo do espírito carlista, fixo de *La Noche*, diante de nada, un xornal eminentemente cultural e, dalgún xeito, unha publicación, dentro duns límites posibles, á marxe das canles normais do Réxime. Ben que a mesma comprensión deste coa Igrexa e a colaboración desta con aquel, deixando de lado a limitada capacidade da mocidade de Acción Católica na asunción das consignas das súas propias xerarquías en relación con estes feitos políticos, non deben facernos esquece-las suspicacias existentes entre ámbolos dous poderes.

Non parece que sexa necesario insistir no intento, se cadra de todo inútil, de poñer de relevo unha independencia, en calquera caso, abondo discutible deste xornal fronte á política dun Réxime que nunca abandonou a súa vixilancia sobre calquera medio de comunicación por moito que se presentara cun carácter máis ou menos culturalista. Non podemos esquecer que isto era xa suficiente motivo, se non o máis estimulante, para avivar a súa coidada atención sobre el.

Negar esta posibilidade sería dalgún xeito tanto como renunciar á oportunidade de atopar unha explicación, máis ou menos satisfactoria, a uns feitos que, coma a presencia nas páxinas de *La Noche* da lingua galega e, en xeral, das preocupacións galeguistas daquel entón, seguen simplemente a produci-la sorpresa de cantos se veñen achegando ó seu estudio. Autonomía que sen dúbida atopa a súa xustificación tanto na pertenza deste xornal, como a de *El Correo Gallego*, á Prensa Católica, como na coincidencia dos seus máis directos responsables co pensamento e ideais que a Igrexa defendía.

Non parece que sexa necesario advertir que calquera intento de proba-la realidade desta situación, mesmo a través das páxinas de *La Noche*, resulte pouco máis que un imposible. Non obstante unha observación atenta de determinadas actuacións da sociedade Editorial Compostela e de algúns dos seus principais protagonistas permítennos cando menos manternos firmes na sospeita da realidade dese máis ou menos disimulado enfrontamento, ben que, naturalmente, *La Noche* non represente outra cousa, neste conflicto, máis que unha mostra –coidamos que significativa– do mesmo e, no senso do noso traballo, unha publicación o carácter da cal, dende o noso punto de vista, só pode atopar unha explicación lóxica no contexto sinalado de xornal católico cun importante protagonismo no mesmo do pensamento e poder da Igrexa. Pode resultar especialmente ilustrativo, polo menos, da preocupación por deixar claro quén é cadaquén, o intento de impedir un excesivo control por parte do Estado dos propios membros da

[13] Ramón Lugrís Pérez, "El individualismo gallego y su proyección europea" (conferencia), en X. L. Franco Grande, *Os anos escuros, I*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985, pp. 193-194.

[14] Francisco Fernández del Riego, *A Xeración Galaxia*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Agra aberta, nº 21, 1996, p. 25.

Sociedade. Sospeitando, sen dúbida, o Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., que a "Orde do Ministerio de Información y Turismo", do 10 de xaneiro de 1958, esixindo a conversión das accións ó portador en accións nominativas, un modo claro de control sobre a mesma, en sesión do 30 de setembro de 1958, fai constar:

1º. Que os "socios anónimos" non teñen ningunha intervención na orientación dos seus xornais *El Correo Gallego* e *La Noche*. 2º. Que só a Xunta de Fundadores, perfectamente identificada polo mesmo carácter do tipo de accións que define ós seus posuidores, lle corresponde esta función segundo literalmente expresa o artigo 26 dos Estatutos da Sociedade Editorial Compostela, S. A.: "A la Junta de Fundadores corresponde con exclusión de los demás organismos sociales, velar por el cumplimiento de la finalidad a que se refiere el artículo 3º de estos Estatutos, interpretando con carácter inapelable su alcance y aplicación a la orientación de las actividades sociales y de las publicaciones de toda clase que se editan por la compañía, fijando el criterio religioso, moral y político que debe presidir la redacción de los artículos y noticias y la admisión de anuncios, reclamos, reseñas de espectáculos y actos de cualquiera clase. La Junta de Fundadores tiene también el derecho de formular veto a la ejecución de cualquier acuerdo de la Junta de Accionistas o del Consejo de Administración que pueda significar quebrantamiento de las normas de la Religión o de la Moral Cristiana". O citado artigo 3º establecía "que será objeto de la Editorial Compostela, S. A., la publicación, edición y venta, o cualquiera de estas actividades aisladas, de periódicos, libros, revistas y publicaciones, y, en general, toda clase de trabajos de imprenta y litografía, siempre que todas y cada una de estas actividades se ajusten estrictamente al Dogma y a la Moral Católica, y a las ideas tradicionalmente españolas inspiradoras de la presente cruzada Nacional".

O feito de que o Ministerio non aceptara estes razoamentos, ben porque as súas intencións non eran as que pensaba Editorial Compostela, ben porque descubrira no seu comunicado a pretensión de limita-lo poder que dalgún xeito cría corresponderlle a si mesmo, non diminúe en nada o senso da nosa sospeita de que, cando menos, existía unha clara resistencia por parte da sociedade Editorial Compostela, que non era máis que unha das moitas voces da Igrexa, a unha total submisión da mesma ó Réxime.

Aínda que non sexa máis que unha simple anécdota, un acordo do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., do 24 de febreiro de 1940 –*La Noche* non era daquela nin tan sequera un proxecto–, ilustra con abonda claridade esta cobiza da Sociedade por deslinda-lo seu propio campo en relación con determinadas organizacións do Réxime. No *Libro de Actas* da sociedade recóllese, entre outras cousas, o seguinte: "se acuerda indicar al Sr. Jefe de Falange, por mediación del Sr. Administrador, que la empresa deja a su criterio la fijación de precio por la esquela de José Antonio publicada en el periódico, haciendo constar que sea cual fuere la cantidad a percibir, se entregará como donativo a Auxilio Social". Só importaba, realmente, deixar constancia de que non se trataba dunha colaboración gratuíta da empresa.

Sen dúbida, algúns clérigos ilustres, amplamente deostados pola simpatía amosada co Réxime, merecerían unha maior atención por parte duns e doutros se non se esquecera que, en máis dunha ocasión, esa actitude se baseaba máis na identificación daquel coa Relixión –o mesmo título de Cruzada con que se pretendeu explicar aquel levantamento militar ten a súa xustificación relixiosa nesta tese– que no seu propio carácter político. O mesmo "Saludo, lector amigo", no primeiro número do novo xornal, remata así: "*La Noche* sale hoy modesta y humildemente a la rúa, ansiosa de demostrarte lo más pronto posible, lector amigo, que si en lo íntimo te complace, si en lo profundo llega a ganarse tu afecto, en lo externo no tardará en hacerse también digna de ti, de esta Galicia nuestra que tanto necesita del esfuerzo de todos, de España, y, en definitiva, de la causa de Dios". Algo, por outra banda, que non pasaba desapercibido a ningún dos seus atentos seguidores. Abonde simplemente lembrar aquel fermoso artigo de M. Barbeito Herrera (*La Noche*, 2-II-1946) no que con non disimulado entusiasmo saúda dende Madrid a aparición do novo xornal. "*La Noche* –escribía M. Barbeito– nace en buena cuna y de nobles propósitos. Y lo que es mejor para quienes sientan la fidelidad a los principios indeclinables de la tradición cristiana: de estirpe caballerosa".

É esta posición de autonomía e independencia da prensa católica, como, dende o noso punto de vista, se podé entende-la presencia dalgunhas tendencias que, como a galeguista, atoparon a oportunidade de poderen sobrevivir nun contexto político tan pouco favorable. O mesmo equipo de colaboradores con que Goñi intentaba prestixia-lo seu xornal é, neste senso, segundo teremos ocasión de ver, unha boa proba desta presencia diversa, representada por intelectuais e universitarios, de ideoloxía católica, galeguista ou carlista, ben que a condición indispensable fora mesmo a aceptación explícita da liña católica. Unha presencia que xunto a cuestións directamente relacionadas con estas ideas producía artigos, comentarios ou sentidos poemas nos que a historia, a xeografía, a economía, a mesma política ou os máis íntimos sentimentos eran convites á evocación e reflexión arredor dos temas que, dende o máis profundo de si mesmos, estimulaban a súa creación. Sempre naturalmente dende o respecto ó espírito cristián que orientaba a publicación, pero coa perspectiva dunha Galicia que, sobre todo na súa lingua e cultura, se amosaba, con maior ou menor intensidade, constantemente presente. De todo isto son claras testemuñas *Plumas e Letras en La Noche (1946-1950)*, con que o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro iniciou as súas publicacións sobre este xornal, e a presente edición facsimilar do seu *Suplemento del Sábado*.

La Noche, pois, mesmo pola súa clara ideoloxía católica, puido se-lo soporte eficaz dese galeguismo que buscaba na formación da mocidade a esperanza do seu futuro. Ben entendido que o propio xornal, é dicir, os seus promotores, dende supostos carlistas –estes sempre menos explícitos nas súas manifestacións– e galeguistas –non se esqueza que ambos movementos gozaban de semellantes antipatías por parte do Réxime–, compartían boa parte do que aquel pretendía salvar do esquecemento duns tempos tan difíciles. Coincidencia, pois, que se repetía na necesidade de evita-los atrancos que, neste senso, significaba a situación política do momento para levar adiante un proxecto con tales obxectivos.

No artigo "Nuestro primer aniversario" (*La Noche*, 10-II-1947), en letra cursiva e sen sinatura –¿autoría do propio Goñi?–, exponse con abonda claridade cal é a

teoría do xornal. O seu interese en relación con estas cuestións xustifica suficientemente a extensión da nosa cita. Entre outras cousas, dise alí:

"Por lo tanto, pretendemos servir al Catolicismo con todas sus consecuencias, a España en su auténtica realidad social e histórica, y a la continuidad de nuestro pueblo. Queremos el máximo fortalecimiento espiritual, moral y material de España; y para mayor solidez y fundamento de su unidad, el acrecentamiento del vigor de los países que la componen. Pues la grandeza y reciedumbre de cuanto les es común y es sustantivo pueden asentarse cordialmente en las diferencias accidentales honradamente sentidas y desarrolladas. Somos, pues, amantes de la personalidad de Galicia, pieza importante de España, con todas sus características propias de lengua, arte, cultura, derecho, historia, costumbres y paisaje. Sin estorbo para la obra total. Así como en un ábside románico las varias capillas que la circundan, entidades con propia personalidad en el conjunto arquitectónico que conviene cuidar y mantener, no son añadidos extemporáneos ni atentan a la grandiosa unidad del templo".

No mesmo discurso do Presidente do Consello de Administración, D. Julio Reguera, no acto celebrado "en la casa de *La Noche*", con motivo da celebración do seu primeiro aniversario, no que ten lugar a bendición polo Ilmo. Bispo Auxiliar, D. José Souto Vizoso, da nova rotativa e a imposición das "Medallas del Trabajo" ós distinguidos operarios, "señores Lage y González López", este dobre senso, católico e galeguista –insistimos en que os ideais carlistas só se explicitan na súa coincidencia coas ideas rexionalistas– maniféstase con toda claridade. Os oíntes, primeiro, e os lectores de *La Noche*, uns días despois (10-II-1947), puideron escoitar e ler:

"Editorial Compostela se fundó, apenas hace dos lustros, al servicio de los más altos ideales: la Fe y la Patria. Y en función de tal servicio se siente satisfecha del camino andado y con mayor ambición hoy, si cabe, después de las muchas dificultades vencidas y del terreno conquistado. A la sombra protectora de nuestro Apóstol Santiago, y a la luz de esta antorcha permanente que en el orden religioso y cultural es Compostela, perseguimos laborar por España trabajando por Galicia. Galicia es para nosotros una unidad a la que aspiramos servir por encima de estrechos y mezquinos localismos".

"El Correo Gallego *y* La Noche, *nacidos en Galicia y para Galicia, no quieren ser de esos periódicos que hay que preguntar donde se editan para averiguar cual es su origen, sino que pretenden rebosar por todos sus poros galleguismo de la mejor solera, galleguismo de auténtica pura cepa, de aquel que está inspirado en la esencia de la tradición española, dentro de la cual convergieron, en las épocas de mayor esplendor patrio, los más diversos matices de que está constituída la unidad nacional".*

Coidamos de certo que intentar descoñece-la influencia que o carácter católico de *La Noche*, e, naturalmente, o fervoroso Catolicismo que profesaron os seus fundadores –familia Sáenz-Díez, Goñi Aizpúrua e os máis directos responsables desta Editorial Compostela–, é tanto como renunciar á razón máis profunda tanto da xenerosa acollida dispensada ó galeguismo nas páxinas deste xornal, como da liberdade da que esta presencia puido gozar.

Punto de vista que evidentemente esixe, cando menos, matizar opinións, abondo xeneralizadas, coma a que expresa Enrique Santos Gayoso na súa *Historia de la prensa gallega*[15] referíndose a *La Noche*:

"Como todos los periódicos gallegos de esta época mostraba una ferviente adhesión al régimen franquista, hecho que nunca pudo ocultar. Con el tiempo el diario se agilizó y procuró tener a los más importantes intelectuales gallegos del momento y dar oportunidad a los más jóvenes".

Se de certo non resulta doado comproba-la "ferviente adhesión" de que fala Santos Gayoso, non podemos deixar de precisar que, se por unha banda, "los más importantes intelectuales gallegos del momento" aparecen colaborando neste xornal dende o primeiro momento da súa creación, por outra, nesa "oportunidad a los más jóvenes", particularmente representados pola Xeración de *La Noche*", coidamos se debe ver, máis que unha axilización do propio xornal, unha certa flexibilización do Réxime, unha debilitación da presión da ideoloxía católica e, quizais sobre todo, a coincidencia da presencia dun home como D. Raimundo García Domínguez á fronte desta publicación.

O que, en calquera caso, non parece ofrecer grandes dúbidas é o feito dunha espléndida presencia galeguista nas páxinas de *La Noche*, dende o primeiro momento da súa aparición. Realidade a que contribuíu tanto o propio xornal, "o primeiro –como lle lembraba Xaime Illa Couto a Víctor F. Freixanes[16]– que despois da guerra prendéu na problemática do país", como a situación na que se atopaba entón este movemento político.

Resulta de todo inxenuo pensar que o cualificativo culturalista, con que nos empeñamos en delimitar esta presencia nun xornal que nace e se desenvolve en pleno franquismo, pode diminuír dalgún xeito o seu valor e significado. Non só era, de certo, o único que se podía facer naquel momento e circunstancias, senón que, curiosamente, se trataba mesmo do que, con grande acerto, chamou Argimiro Rojo Salgado[17] unha verdadeira "ofensiva".

Aínda que este autor está a se referir concretamente ás razóns que explican o nacemento dunha institución como "Galaxia", as súas observacións sobre o comportamento do galeguismo de entón resultan igualmente adecuadas para valora-la súa presencia en *La Noche*, verdadeiro campo de experimentación e preparación da nova empresa. Diante da frustración que representou para todos eles o feito de que o remate da Segunda Guerra Mundial non significara o triunfo da democracia en España, "os superviventes das Mocedades Galeguistas –escribe Rojo Salgado[18] –, dos cales a tarefa histórica era a de perpetuar no tempo o legado nacionalista máis alá da revolta da guerra fratricida, tiveron de adaptarse ás novas circunstancias". Esta adaptación, que na visión de Rojo Salgado tivo como resultado a creación de Galaxia –"Así naceu Galaxia, que permitiu

---

15 Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega 1800-1986*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990, p. 690.

16 Xaime Illa Couto, "Dende o Cristianismo e a democracia", en Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de Galegos*, Vigo: Editorial Galaxia, 1982, p. 179.

17 Argimiro Rojo Salgado: *As mocedades galeguistas*,Vigo: Editorial Galaxia, col. Agra aberta, nº 2, 1987, p. 136.

18 Op. cit., pp. 135-136.

a organización legal dese esforzo"[19]–, levouse a cabo, en palabras deste autor, deste xeito:

"Había que comezar de novo. Os efectos da guerra civil e europea, e o mesmo paso do tempo, asestan un duro golpe ó galeguismo. As novas circunstancias reclamaban unha revisión no procedemento a seguir. Decídese manter unha dobre liña de actuación: por unha banda conserva-los contactos coa oposición clandestina, co fin de estar presentes en todo o proceso de loita e conspiración contra o réxime franquista; por outra parte, iniciar unha gran ofensiva cultural, destinada á concienciación galeguista das novas xeracións e a afirmación da personalidade de Galicia como pobo. Tratábase unha vez máis de pór en marcha todo ese gran complexo cultural galeguista. Pero para isto precisábase dun órgano axeitado e que fose ademais aceptado pola legalidade vixente".[20]

Ese órgano foi, efectivamente, Galaxia. Pero mentres esta non apareceu, "*La Noche* –como escribiu Borobó– siguió siendo la única catapulta para la acción cultural acometida por el Partido Galleguista en la clandestinidad" e polo galeguismo que entón logrou sobrevivir e se sentiu cos azos suficientes para loitar por unha esperanzada continuidade. Marcos Valcárcel resume perfectamente este feito nun atinado artigo (abril 96 GI (4)) que, con gran acerto, titula "*La Noche*. Cultura e galeguismo na longa noite de pedra". Entre outras cousas di:

"La Noche constituiu o refuxio dos nomes máis egrexios do galeguismo de preguerra que sobrevivía caladamente na Galicia interior, incluídos algúns alonxados naqueles anos da militancia galeguista. Non é difícil encontrar artigos dun certo carácter reivindicativo, loxicamente desde o escenario cultural, único viable daquela; pódese citar, por exemplo, o traballo Unamuno y Galicia, asinado por Celso de Cela (LN. 17-VIII-1946), que reproduce posicións e argumentos xa escoitados antes de 1936 nos debates parlamentarios da Segunda República. Outras veces utilizábanse seccións como Prosas olvidadas para recuperar textos de Murguía ou de Leopoldo Pedreira que falaban da 'personalidade geográfica de la región gallega', nun posibilismo na fronteira do permitido entón pola censura imperante"[21].

Non se esqueza, neste senso, que boa parte dos que protagonizaron a aventura de Galaxia, tal como se constata nunha simple consulta dos índices de *Plumas e Letras en La Noche* e nos desta mesma publicación, atoparon neste xornal o medio máis axeitado para a posta en marcha do seu novo programa. Eles foron os que dun xeito máis brillante contribuíron a facer de *La Noche* esa lumieira capaz de racha-las mestas sombras dun tempo intensamente escuro.

O programa galeguista de Editorial Compostela pode parecer limitado e aínda, se se quere, en exceso orientado. Pero se sempre é importante situarse no contexto dos feitos para poder entendelos, non o é menos neste caso concreto. ¡Como non ían sentirse orgullosos os promotores destas ideas se nas mesmas páxinas do seu xornal *La Noche* podía publicar Juan de Vigo (15-V-1947) un artigo co seguinte rótulo a tres columnas!:

"En las librerías de Galicia es casi imposible encontrar un libro escrito en gallego. No existen editores, ni publicación alguna que cultive la lengua vernácula de modo especial".

Aceptar, con todo, como pretenden algúns bos coñecedores da época como o mesmo Borobó, que a lingua e a cultura galegas non atoparon ningún impedimento para se faceren presentes nas páxinas de *La Noche*, parécenos unha inxenuidade excesiva. Podemos de certo entende-la explicación que o ilustre xornalista nos ofrece no seu artigo de presentación da citada publicación *Plumas e Letras en La Noche (1946-1950)*[22] sobre a interrupción dos "Parladoiros" de Otero Pedrayo, pero non parece que sexa posible ignora-la influencia, por exemplo, que o propio senso de autocensura tivo na limitación da súa frecuencia. Sen dúbida, a censura, tanto a política coma a eclesiástica e mesmo, segundo nos conta Borobó a propósito da supresión dos "Parladoiros" de Otero Pedrayo, a de carácter social, aínda podendo xulgarse como moi moderada e sempre comprensiva con aqueles que gozaban da amizade do censor, non deixou de ser nunca unha limitación á liberdade creadora e particularmente á manifestación de opinións de carácter político ou relixioso. Tanto o traballo citado de Borobó como o de Francisco Fernández del Riego, "Breve Historia do Suplemento", no libro que agora publicamos, ilustran con datos de sumo interese este curioso contexto.

A habilidade e sutileza de Goñi, disimulando, unhas veces, as verdadeiras razóns de determinadas decisións obrigadas –a non publicación de determinados artigos, a devolución dun artigo de Ánxel Fole, a supresión dos "Parladoiros" de Otero Pedrayo ou a substitución do nome de Álvaro Cunqueiro polo pseudónimo de Álvaro Labrada– e, outras, realizando engadidos matizadores do verdadeiro senso dun artigo, explican tanto o seu éxito no evidente intento sempre de evitar reaccións pouco desexadas nos seus colaboradores, como ese carácter liberal que sentimos alentar nas páxinas de *La Noche*.

Pode que só as cuestións relixiosas constituíran para Goñi unha linde insuperable, segundo podemos efectivamente deducir da advertencia que, neste senso, lle fai mesmo a Fernández del Riego –artigo anteriormente citado– ó referirse ás razóns da devolución dun artigo a Ánxel Fole. Goñi dicíalle textualmente: "Devólvolle o último artigo de Ánxel Fole que me mandou. Prefiriría que dito señor enviase artigos sobre temas ou escritores menos discutidos dende o punto de vista católico"[23].

Noutras situacións, aparentemente se cadra máis conflictivas, unha simple nota podía resolver dificultades aparentemente insalvables. Só a Nota de Redacción que aparece ó pé do artigo, "Ars longa, vita brevis", de Salvador Lorenzana (pseudónimo de Francisco Fernández del Riego), na súa sección "Un tema gallego cada semana" (*La Noche*, 20-VI-1949), pode xustificala súa publicación. Fernández del Riego, que estudia neste traballo o senso e carácter da obra artística de

---

19 Idem, p. 136.

20 Ibidem.

21 Marcos Valcárcel, "La Noche. Cultura e galeguismo na longa noite de pedra", en *Galicia Internacional*, nº 9, abril, 1996

22 VV.AA., *Plumas e Letras en La Noche*,Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, 1996, pp. 17-55.

23 Francisco Fernández del Riego, "Breve historia do Suplemento", na sección de Presentacións deste libro.

Castelao, salientando na mesma o "realismo y simbolismo de una obra", "el acento caricaturesco" e a "eternización del alma gallega", comeza o mesmo con estas palabras:

"Se halla gravemente enfermo, lejos de Galicia, el gran artista gallego. Sufre, la grave dolencia, fuera de su país, que tanto ama. Ante nuestros ojos tenemos varios volúmenes de dibujos del artista excepcional: el Album "Nós", los Libros de "Cousas"... Contemplamos con íntima emoción, delectación estas figuras, las leyendas inscritas al pie de cada una. Pensamos que, a pesar del tiempo transcurrido, no han envejecido los tipos creados por el artista, sus famosos dibujos. Entre otras razones, porque el creador, al inscribirlos en su caracterización más aguda, supo prescindir de los elementos más circunstanciales y momentáneos".

Aínda que no artigo Fernández del Riego se permite non citar nunca o nome nin os apelidos do recordado artista galego –o texto que vai ó pé do rostro de Castelao que ilustra o traballo di simplemente: "Reproducción de un grabado en madera, de Maside"–, Goñi, sempre atento a estas debilidades dalgúns dos seus colaboradores galeguistas, non dubida en engadir ó pé de dito artigo:

"N. de la R.-El elogio que del artista hace muy justamente nuestro colaborador, no excluye la divergencia con el político. Para el gran dibujante gallego, hoy gravemente enfermo fuera de España, nuestro mejor fervor admirativo. Otros aspectos de su personalidad, no son del caso. Y ahí está, para lección de generaciones futuras, el magno esfuerzo, traducido en arte genial".

Evidentemente, só a delicada substitución de "lejos de Galicia" por "fuera de España", tan habelenciosamente realizada por Goñi, aforra calquera comentario sobre o labor que neste senso levou a cabo o intelixente inspirador e director de *La Noche*. Condicións que non sempre lle permitiron a Goñi saír de certas situacións coa mesma fortuna.

O 29 de maio de 1951, reunidos os Consellos de Administración e de Redacción de Editorial Compostela, compostos, respectivamente, polos señores D. Luis Sánchez Harguindey (Presidente), D. Juan Sáenz-Díez García (Vicepresidente), D. Francisco Ron Mato (Vocal) e D. José Viña Iglesias (Secretario), D. Manuel Capón Fernández, D. Luis Máiz Eleicegui e D. Álvaro Santaló Rodríguez, "el Director-Gerente, D. José Goñi Aizpúrua, participa a ambos Consejos que el día 20 del corriente recibió un telegrama de la Dirección General de Prensa, por el que se le suspendía como Director de los dos periódicos, nombrándose para sustituirle al Redactor Jefe D. Miguel Pola Vaquerizo, mientras se tramitase el expediente cuya incoación se ordenaba y anunciándose la próxima llegada de los señores García--Rubio y Servet para encargarse de su tramitación". Só catro meses despois, o 24 de outubro do mesmo ano, o Sr. Goñi daba conta "oficialmente de la favorable resolución del expediente que le había sido incoado por el Ilmo. Sr. Director General de Prensa D. Tomás Cerro Comochanco, de orden del Exmo. Sr. Ministro de Educación Nacional D. José Ibáñez Martín". O feito de que este incidente, como outros moitos de menor entidade, se resolvera favorablemente, non pode deixar de facernos sospeita-la atención que toda advertencia, máis ou menos disimulada, da Administración tiña necesariamente de merecer a cantos ostentaban algunha responsabilidade nos medios xornalísticos, incluídos, naturalmente, os que colaboraban nos mesmos.

5. *La Noche*, un xornal con personalidade propia

Tal como se dixo anteriormente, Goñi, o primeiro promotor e verdadeiro creador de *La Noche*, non levou a cabo o cambio de título de *El Compostelano* dun modo caprichoso. Independentemente de que a súa intención fora un rótulo distinto do de *La Noche*, o cambio –como adiantabamos– ten en si mesmo unhas motivacións e un significado moito máis importantes do que en xeral se soe pensar. Efectivamente, mentres que, por unha banda, se puña claramente de manifesto a decidida vontade de lograr unha publicación vespertina que, dende o primeiro momento, renunciaba a calquera caracterización localista que puidera limita-la súa vocación de xornal de ámbito galego, por outra, pretendíase deixar moi claro que *La Noche* era, en tódolos demais aspectos, un xornal de nova creación. Obxectivos que, dende agora e dun xeito prioritario, van orientar tódolos esforzos de Goñi, que intelixentemente acertou a descubrir no logro dos mesmos os seus máis irrenunciables ideais de católico, carlista, defensor das singularidades dos pobos como elementos e enriquecedores de unidades superiores e apaixonado crente nos valores e poder da cultura.

Parécenos importante esta insistencia, permitíndonos incluso a liberdade da repetición literal dunha afirmación realizada pouco antes, porque, coas matizacións que se queira, esta vai se-la liña orientadora de *La Noche*, que tódolos continuadores se esforzarán sempre en defender. Só cando o carácter vespertino e "rexional" deste xornal, entendido este último no senso concreto de ámbito da súa difusión, logre impoñerse suficientemente sobre aqueles aspectos ideolóxicos –o seu carácter de xornal católico non diminúe nunca– cos que o definiu Goñi, perderá definitivamente a principal razón da súa existencia.

Aínda que non resulte doado poñer en dúbida esta identidade ideolóxica entre ámbolos dous xornais de Editorial Compostela, S. A., –intentar isto mesmo, por exemplo, no ámbito xeral do xornalismo galego da época podería ofrecer resultados moi interesantes para o coñecemento dunha etapa moi importante da nosa historia–, non podemos esquecer que as mesmas diferencias que os distinguían –matutino e vespertino, local e galego– ían condicionar outros moitos aspectos dos mesmos. Abondaría con comprobar, por exemplo, cómo a simple diferencia entre ser un xornal da mañá ou da tarde influía tanto na amplitude coma no mesmo contido da información española e internacional, que necesariamente tiña de ser común para os dous xornais. As evidentes limitacións de espacio, maiores nun xornal que como *La Noche* debía atende-las necesidades dunha información local moito máis ampla que *El Correo Gallego*, non dependían tan só dos elevados custos do papel. Os condicionamentos, neste senso, de tipo legal quedan abondo de manifesto en notas-aviso que en diferentes momentos aparecen nas páxinas de *La Noche* con textos semellantes a este:

"Por decisión de la Superioridad, La Noche queda obligada hasta nueva orden a limitar diariamente el número de páginas, haciendo constar a nuestros lectores que la habitual extensión informativa no sufrirá reducción alguna, toda vez que –diariamente– se harán ediciones para las distintas provincias gallegas.

Rogamos a nuestros amables comunicantes y a todos aquellos que nos envían notas, o reseñas para su publicación, se atengan en la redacción de las mismas a un máximum de concisión".

Causas que efectivamente poderían explicar diferencias esenciais entre os dous xornais de Editorial Compostela, S. A., se, como nós pensamos e insistimos en amosar, principalmente Goñi Aizpúrua e, en xeral, a propia Sociedade non viran, dende o primeiro momento, en *La Noche* o instrumento máis adecuado para facer un xornalismo o máis acorde posible cos seus máis cobizosos ideais.

Así parecían intuílo tamén aqueles que como o profesor Filgueira Valverde, dende o seu posto de membro do Consello de Administración da sociedade Editorial Compostela, S. A., e Faro de Vigo, S. A., (LA: 4-III-1963) se atreve a propoñe-la necesidade de nomear un Director para cada xornal "con el objeto principal –explicaba– de que cada uno pueda entregarse en forma autónoma al propio periódico que dirige".

Aínda que sospeitamos que as razóns de Amado de Lema ó rexeitar esta proposta (LA: 6-IV-1963) eran fundamentalmente de tipo económico, non se debe esquecer que o propio Goñi nunca foi especialmente partidario de amosar por este medio a autonomía dos dous xornais. Sen dúbida, o seu carácter individualista e o feito de que lle correspondera a el mesmo, durante moitos anos, o desempeño desta función, permitíndolle un control total do desenvolvemento do seu propio proxecto, explican suficientemente esta actitude. A súa suspensión como Director dos dous xornais (LA: 20-V-1951) resólvese nomeando a D. Miguel Pola Vaquerizo como substituto, pero tamén dos dous xornais. Non pasara tan sequera ano e medio do nomeamento do seu fillo, D. José Luis Goñi Etchevers, como Director de *El Correo Gallego*, cando na reunión do 14 de agosto de 1958, propón ó Consello de Administración a necesidade de que de novo "se unifique para los dos periódicos propiedad de la Empresa" a Dirección dos mesmos, que, segundo as súas mesmas palabras, "ya desde hace bastante tiempo se halla en estado de interinidad". Nestas datas, D. Raimundo García Domínguez (Borobó), desempeñaba, oficialmente, o cargo de Redactor Xefe de *La Noche*, aínda que todos souberan que, dadas as ausencias de Goñi, el era dende facía algún tempo o verdadeiro Director dos dous xornais, se se quere, "en funciones delegadas" como recoñece o propio Consello de Administración na súa xuntanza do 28 de outubro de este mesmo ano de 1958.

Este modo de actuación de Goñi, por certo soportado con simpatía por parte dos seus colaboradores máis directos –de poucas persoas ten recibido máis eloxios que de Raimundo García Domínguez–, eran patentes en calquera das situacións que tiveran algo que ver co control da Sociedade. Auténtico representante e portavoz dos Sáenz-Díez García, da confianza e amizade dos cales gozou sempre, especialmente da de D. Juan Sáenz-Díez, cando se leva a cabo a súa incorporación a *Informaciones*, fronte a calquera reticencia que puidera provoca-la súa continuidade á fronte de Editorial Compostela, S. A., non dubida en lembrarlle ó seu Consello de Administración (LA: 10-I-1953) "que del estrecho vínculo que en la actualidad une a esta Empresa con el diario madrileño" "se derivarán sin duda alguna a su juicio beneficiosas consecuencias de todo orden para aquella, esperando se evidencien en breve plazo. Aclara que el hecho de que esta nueva situación le obligue a prolongadas estancias en Madrid no implica el abandono de los asuntos vinculados a la Dirección-Gerencia" de Editorial Compostela.

Sería de todo inxusto que estas observacións sobre Goñi nos fixeran caer na sospeita dun home en exceso preocupado de si mesmo, movido por intereses alleos á empresa. A súa cobiza tiña obxectivos moi diferentes. El mesmo informaría ó Consello de Administración, na súa xuntanza do 4 de xullo de 1953, que "una parte considerable de su sueldo, sin perjuicio de continuar en la Dirección-Gerencia de la Empresa y los periódicos, correrá a cargo de la Sociedad Prensa Castellana, S. A., propietaria del diario madrileño *Informaciones*, y dentro de la cual ocupa el cargo de Consejero Delegado".

La Noche, agás a etapa correspondente á presencia do propio fillo de Goñi, D. José Luis Goñi Etchevers, por acordo do Consello de Administración do 11 de marzo de 1958, como Director de *El Correo Gallego*, causando baixa o 28 de outubro do mesmo ano, nunca tivo á súa fronte un Director propio ata o 16 de maio de 1966, data na que o entón Conselleiro Delegado de Editorial Compostela, S. A., D. Feliciano Barrera Fernández, lle manifesta ó Consello de Administración da Sociedade "que cree que ha llegado el momento de que tanto *El Correo Gallego* como *La Noche* tengan su propio Director, ya que así podrán ser mejor atendidos para cumplir con sus respectivas finalidades, como diarios de la mañana y de la tarde, y dotarlos de la variedad, densidad e interés de contenido que sin duda necesitan para atraer la atención de sus lectores y anunciantes en la medida suficiente para situarlos dentro de las cifras de tirada y publicidad a que aspiramos". Os propostos para estes cargos foron D. José Vidal Iborra, que dende o 22 de febreiro de 1965, data do cese de Borobó, viña dirixindo os dous xornais, e D. Miguel Ramón Pola Vaquerizo para *La Noche* e *El Correo Gallego* respectivamente. O derradeiro Director de *La Noche*, autónomo en relación con *El Correo Gallego*, sería D. Francisco Leal Insua, nomeado o 29 de abril de 1967, aínda que continuaba ó mesmo tempo como Director de Editorial Compostela, cargo que viña ostentando dende o 9 de outubro de 1966, "con la misión –como se especifica na acta do Consello de Administración desta mesma data– de velar por el mantenimiento de la prestancia y perfecta coordinación interna y externa de sus dos periódicos, y ocuparse personalmente de cualquier labor literaria e informativa que por su importacia requiera su intervención".

La Noche, pois, aínda que en ocasións se esforza en amosarse a si mesma como un xornal diferente de *El Correo Gallego* –"Carta del nieto al abuelo, o de *La Noche* al *Correo*", publicado o 20 de marzo de 1946 na súa sección *Buenas noches*–, dende o punto de vista de Editorial Compostela esas diferencias non pasaban de que, mentres este era un xornal matutino de carácter local, para Santiago e Ferrol, *La Noche*, dende o seu nacemento ata a súa desaparición, foi sempre un xornal vespertino de ámbito galego, para toda Galicia. Características que efectivamente dende unha perspectiva empresarial resultaban suficientes para xustifica-lo esforzo que representaba o mantemento destas dúas publicacións sen que, por outra banda, significaran ningún perigo na defensa dunha ideoloxía común.

Pero os seus mesmos contidos, "literarios e informativos", ofrecen en relación con "*el abuelito*" máis dunha diferencia notable. Diferencias motivadas non só por razóns de tipo técnico, derivadas do mesmo carác-

ter diferente dos dous xornais, tal como adiantabamos pouco antes, senón tamén naquelas que, segundo se deixa dito, podían xustifica-lo empeño no mantemento dunha Dirección única.

Sen dúbida, o extraordinario equipo de colaboradores incorporado por Goñi como base fundamental do proxecto que para el representou dende o primeiro momento *La Noche*, como a xeración de mozos que na década dos cincuenta fai acto de presencia en *La Noche* da man de Raimundo García Domínguez (Borobó), son feitos que en si mesmos aforran calquera esforzo por tentar poñer de relevo a personalidade e interese evidentes deste xornal non só fronte ó seu irmán *El Correo Gallego,* senón incluso no contexto do xornalismo galego da época. A dedicación de apartados especiais a tan importantes aspectos de *La Noche* non xustifican o silencio dalgunhas circunstancias que, dun ou doutro xeito, favoreceron ou entorpeceron, segundo os casos, o desenvolvemento daqueles.

Goñi, referíndose ós dous xornais da Sociedade, manifestaba ó Consello de Administración, o 10 de xaneiro de 1953, que "tres son las actividades que a parte de otras menos importantes deberán constituir su preocupación cotidiana: 1º Cuestiones religiosas; 2º Asuntos municipales, a tratar de modo constructivo; y 3º Asuntos políticos". Unha liña xornalística na que o Director Xerente de Editorial Compostela, S. A., despois de preto de sete anos de experiencia tentando un xornal diferente, deixaba no capítulo de cuestións "menos importantes" algunhas daquelas que forman xa para sempre a parte máis importante dos seus logros como fundador e promotor de *La Noche*.

A publicidade, unha das principais fontes de recursos do xornal, tiña tamén boa parte de culpa nesta aparente conversión de Goñi. Naquel mesmo Consello, tivo a oportunidade de lembrar, por exemplo, que "los ingresos por publicidad inserta en los periódicos ha rebasado durante el mes de diciembre de 1952 la cifra de 100.000 pesetas". O propio Consello de Administración, en xuntanza do 1 de abril de 1956, poñendo de manifesto o interese que este capítulo representaba para a Empresa, acorda "nombrar a D. Celestino Crespo colaborador de *La Noche* para que coadyuve con el empleado administrativo, D. Francisco Quinteiro Noya, al incremento de la publicidad del periódico en Santiago, y también en todos los pueblos de la Región, procurando la edición de extraordinarios con motivo de las festividades que en aquellos suelen celebrarse en determinadas épocas del año".

O único aspecto intocable do xornal, tanto por convencemento propio dos seus responsables como por esixencia dos mesmos Estatutos, era, como o foi sempre, o seu carácter relixioso. Outra clase de contidos –culturais, galegos, económicos, etc.– non podían evita-la influencia que sobre eles exercían factores ambientais e circunstanciais de todo tipo, entre os cales non eran os menores os de carácter económico a publicidade tiña un especial protagonismo. Para o Consello de Administración da Sociedade constituía un tema da súa maior atención a simple noticia de que o seu empregado o Sr. Quinteiro Noya, que tiña unha axencia de publicidade na rúa da Troia e a quen se lle permitira ocupa-lo local da Rúa Nova nº 13 para potenciar esta actividade, lograra que "la agencia *Rasgo* los tenga en cuenta con relación a campañas de casas tan importantes como la de Edesa, Profidén, González Bías y algunas otras". Un aspecto de *La Noche* que necesariamente se debería estudiar en relación coa súa incapacidade para estimula-la suficiente presencia dunha publicidade galega nas súas páxinas ou mesmo do comercio e da industria galega para xerar esa publicidade.

É, neste senso, importante sinalar que a maioría dos colaboradores de *La Noche*, sobre todo nos apartados de tipo cultural, exercían esa función de acordo co senso máis literal da súa denominación: sen cobrar. Un agasallo da Sociedade ou a simple oportunidade de poder publicar un traballo podían significa-lo único pago agardado. O Consello de Administración (16-VIII-1941) "acuerda obsequiar con un objeto de Santiago a D. Manuel –erro evidente do Secretario– Otero Pedrayo por varias publicaciones publicadas con el pseudónimo de Peñanofre en 1939 y que no quiso cobrar".

Unha excepción na aplicación deste criterio dentro da Empresa debeuna representar D. Raimundo García Domínguez, o cal, dende o momento que asume responsabilidades na mesma, non só esixe, cando así o estima xusto, a revisión do seu propio salario e o doutros traballadores, senón que, con frecuencia, eleva ó Consello a solicitude de pago para distintos colaboradores que viñan realizando o seu traballo dun modo desinteresado. Abonde neste senso lembra-la súa proposta ó Consello de Administración (LA: 28-IX-1958) "sobre la conveniencia de concertar algunas colaboraciones retribuídas y estables", recomendando, neste caso, ós señores "D. Antonio Rodríguez Cadarso y a D. Benito Santos Santorum, ya acreditados en dicha función, toda vez que los dos vienen colaborando desde hace tiempo con sus trabajos en los dos periódicos". O mesmo Consello examinaba e aprobaba outra proposta de García Domínguez na que se solicitaba "se asigne al redactor de primera, D. Manuel Castiñeiras Rodríguez, una gratificación de trescientas pesetas mensuales, por la nueva labor que le ha encomendado en cuanto a la confección de *La Noche*". Outra proposta do mesmo García Domínguez (LA: 30-IX-1960), solicitando se autorizasen unhas asignacións mensuais a Europa Press e a D. Antonio Domínguez de Olano, "para colaboraciones literarias e informativas", daría lugar ó seguinte acordo do Consello: "Se acuerda también que, para lo sucesivo, no se proceda a la contratación de ninguna otra colaboración de pago, sobre las ya existentes en la actualidad, sin obtener la previa autorización del Consejo de Administración".

Convén, pois, non perder de vista que, en xeral, a explicación para suprimir ou intensifica-la presencia de determinadas colaboracións non se debe buscar exclusivamente nin prioritariamente en razóns de tipo económico. Calquera xeneralización neste senso pode levarnos a cometer máis dun grave erro. Sen dúbida as colaboracións remuneradas existiron sempre tanto en *El Correo Gallego* coma en *La Noche* e, incluso, en determinadas circunstancias se contrataban, xenerosamente, colaboradores especiais para levaren a cabo determinados traballos de interese para a Empresa, no mesmo ámbito específico do puramente cultural. Bo exemplo disto pode ser, por exemplo, o acordo tomado polo Consello de Administración na súa reunión do 30 de xullo de 1960, "de que tanto *El Correo Gallego* como *La Noche* presten una especial atención a las jornadas que *Música en Compostela*" vai celebrar no Hostal dos Reis Católicos, confiándoselle esta misión ó colaborador literario D. José Luis Santamaría e, se este non se compromete, a D. Pablo de Silva "por el precio de 500 pesetas".

En calquera caso, en momentos de especial importancia para o futuro de *La Noche*, como, por exemplo, a reunión do Consello de Administración do 10 de agosto de 1959, na que estiveron presentes D. Felipe Fernández Armesto e D. Carlos Godó Montañola, a cuestión dos contidos desta ocupa sempre un primeiro plano. Nesta xuntanza, acórdase entre outras cousas, a necesidade de que se atenda "con preferencia a la información local de Ferrol y Santiago y también a la regional en los dos periódicos". Unha declaración na que a falta de sensibilidade fronte a unha diferenciación clara dos dous xornais resultaba evidente.

Non fai falta dicir que cada etapa da vida de *La Noche*, sen mudar necesariamente o seu senso principal, é en boa medida resultado do que sempre pretendeu ser e dos modos con que as diferentes ideas tentaron levalo a cabo. D. José Eladio Amado de Lema, Conselleiro Delegado de Editorial Compostela, S. A., e Faro de Vigo, S. A., estimaba, segundo informe presentado ó Consello de Administración (LA: 26-I-1963), "que en lo que se refiere a la tirada de *La Noche* deberá dársele un maior sentido popular, dinámico y de preocupación por cuantos casos se relacionen con las clases trabajadoras prestando su preferente atención a todo lo referente a asuntos populares, dando así una superior vitalidad a sus páginas, creyendo asimismo que al querer que *La Noche* sea el periódico que llegue a todos los puntos del Noroeste español deberá recoger en sus columnas cuanto se relacione con el aspecto de una alegría popular, siempre que esta se mantenga dentro de los límites del buen gusto, corrección, moralidad y ortodoxia católica, esenciales todas ellas en nuestra Empresa".

Amado de Lema, no respecto obrigado ó máis esencial de *La Noche*, abría unha perspectiva de futuro para ela moi diferente da inicialmente debuxada por Goñi Aizpúrua. Motivado por razóns esencialmente mercantís –está, de certo, a se referir moi concretamente á necesidade de aumenta-lo seu número de tirada– sospeita que o tipo de colaboracións que caracterizaban este xornal pecaba dun exceso de culturalismo, que, quizabes na súa concepción dun xornalismo máis agresivo, estaba lonxe de se-lo mellor atractivo para un público maioritariamente traballador e rural. Cando D. Luis Sánchez Harguindey, Presidente do Consello de Administración, (LA: 7-VI-1963) se refire á unión Editorial Compostela, S. A., con Faro de Vigo, S. A., como unha gran esperanza económica e espiritual, en canto a partir de entón se vai poder contar cos necesarios medios materiais e "principalmente porque podrá procederse a una defensa eficaz y útil de los postulados religiosos y patrióticos que son base de la Empresa, como igualmente a los intereses culturales, económicos y genuinamente propios de nuestra Región", D. Eladio Amado de Lema precisaría:

"Si bien los proyectos sobre *La Noche* están en embrión, se espera desarrollarlos con un estudio de perspectivas para que este periódico pueda ser el principal diario de Galicia, con un contenido biológico y espiritual".

Non se pode negar que *La Noche*, aínda compartindo con *El Correo Gallego*, segundo xa vimos, unha mesma dirección, alcanza na etapa de colaboración entre Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A., un dos momentos de maior autonomía e protagonismo. Ben que as razóns desta preferencia por parte de D. Eladio Amado de Lema non ían resultar do agrado de Editorial Compostela, S. A., que vía na mesma un perigo para as lexítimas aspiracións de *El Correo Gallego*.

D. Feliciano Barrera Fernández, que ía lidera-la derradeira etapa de *La Noche*, aínda coincidindo en aspectos moi importantes co seu antecesor no cargo de Conselleiro Delegado, claramente diverxía en dúas cuestións moi concretas: na necesidade, por unha banda, de potencia-lo papel de *El Correo Gallego* e nun certo cambio do contido xeral de *La Noche*, por outra.

Era necesario, pois, logra-la consolidación definitiva de *El Correo Gallego* (LA: 20-XII-1965) "como periódico local de Santiago, El Ferrol del Caudillo y el Ullán"; e o de *La Noche* "como diario de la tarde para Galicia". O propio D. Feliciano Barrera, Como Conselleiro Delegado de Editorial Compostela, S. A., informaba, entre outras cousas, ó Consello de Administración (LA: 16-V-1966):

"Ha llegado el momento de que tanto *El Correo Gallego* como *La Noche* tengan su propio Director y de dotarlos de la variedad, densidad e interés de contenido que sen duda necesitan para atraer la atención de sus lectores y anunciantes en la medida suficiente para situarlos dentro de las cifras de tirada y publicidad a que aspiramos".

O 9 de outubro do mesmo ano, D. Feliciano Barrera podía precisar xa en qué –dende o seu punto de vista– debía consistir esa "variedad, densidad e interés de contenido" de *La Noche*. A cita, un pouco longa, ben merece a pena para poder penetra-las verdadeiras intencións do novo responsable, en funcións de Conselleiro Delegado, de Editorial Compostela, S. A. Entre outras cousas, significa:

"Son muchas las personas que opinan que *La Noche* ha mejorado especialmente en el sentido de que va adquiriendo una categoría nacional, al estilo de la prensa de Madrid. Que esto le parece satisfactorio y que, sus fundamentales deseos, en cuanto a *La Noche* no consisten en darle un carácter 'populachero' que, falseando la libertad de prensa concedida por el estado con miras constructivas, explote los bajos instintos humanos para lograr inmoralmente crecimientos de tirada, sino en hacer de ella un periódico ampliamente popular, seriamente cualificado, aunque sin incurrir en un total intelectualismo que excluya el interés de la masa por su contenido".

No momento de tentar explica-la desaparición de *La Noche*, non se debería esquece-la parte de culpa que no seu fracaso final debeu ter mesmo ese esforzo permanente, ó longo de tantos anos, dos seus responsables por faceren dela algo máis ca un xornal vespertino para toda Galicia. A súa indiscutible personalidade, sobre todo en canto xornal especialmente interesado no mundo da cultura, tiña necesariamente de paga-lo correspondente tributo a unhas circunstancias sociais que estaban moi lonxe de se-las máis favorables para unha aventura desta clase.

6. Etapas diferentes no desenvolvemento de *La Noche*

O enfrontamento dos múltiples problemas, que a continuidade da empresa xornalística esixía da Sociedade Editorial Compostela, S. A., terminaría implicando colaboracións que, necesariamente, tiñan de influír tanto no desenvolvemento da mesma como

nas características do seu resultado. Coa finalidade de diminuír na medida do posible o número das constantes repeticións nas que nos vemos obrigados a incorrer, intentaremos só sinalar aqueles momentos que, pola súa especial transcendencia para a historia de *La Noche*, nos parece útil ter presentes no plano xeral do seu acontecer. Pensamos, neste senso, que significa-la presencia destas diferentes etapas pode facilitar unha mellor comprensión dalgunhas das cuestións máis importantes relacionadas con este xornal.

A figura de D. José Goñi Aizpúrua sobresae como principal protagonista do nacemento e posta en marcha de *La Noche* por Editorial Compostela, S. A. Protagonismo que, ó longo desta procura de achegamento á realidade da súa principal obra, *La Noche*, queda tan de manifesto que nos aforra aquí calquera outro comentario.

Coidamos que durante o longo período de tempo que promove, dirixe e xerencia este xornal e a mesma Sociedade –sempre como representante plenipotenciario da familia Sáenz-Díez García– debemos distinguir tres períodos ou etapas, que, aínda sobrepoñéndose no tempo, en determinados momentos e circunstancias alcanzan unha clara identidade propia, deixando o sinal do seu paso, con pegadas moi persoais, en *La Noche* e, naturalmente, na mesma Sociedade.

A primeira destas tres etapas estaría caracterizada pola presencia absoluta e directa de Goñi, preocupado fundamentalmente pola posta en marcha dun xornal, *La Noche*, de ámbito galego, como portavoz do seu propio pensamento, que é tanto como dicir, como portavoz dos Sáenz-Díez e de Editorial Compostela, S. A.

Sen que Goñi renunciara ó seu protagonismo, abre unha nova etapa –na nosa perspectiva, a segunda na vida de *La Noche*– D. Raimundo García Domínguez, o xornalista Borobó, o cal, aínda que dende a súa chegada a Editorial Compostela da man de Goñi viña sendo o principal intérprete e verdadeiro representante deste, resulta proposto por el, como Director dos dous xornais, na mesma xuntanza (LA: 10-VIII-1959) na que se acorda a colaboración dos señores Fernández Armesto con Editorial Compostela. Dato cronolóxico –o ilustre xornalista non toma posesión deste cargo ata o 4 de abril de 1960– que faría especialmente difícil entendelo especial protagonismo de Borobó en *La Noche*, na década dos cincuenta, se polo mesmo Goñi non coñeceramos que de feito, dadas as súas constantes ausencias, viña desempeñando ese cargo dende moito tempo antes. O propio Borobó –*Memorial de Trevonzos*: "Génesis carlista de *La Noche*"[24]– recórdanos esta situación: "D. José Goñi dirigió *La Noche*, hasta el primero de abril de 1960", data na que "le reemplacé oficialmente en una labor que venía desempeñando de modo efectivo desde hacía tiempo", "habiendo depositada en mí tanta confianza" "–y en Miguel Ramón Pola, que llevaba *El Correo Gallego*– que casi nunca llamó, desde Madrid, para dar instrucciones".

A Xeración de La Noche, bautizada polo propio Borobó, non é máis que un símbolo, ben que o máis expresivo, das novas rotas coas que este fixo navega-lo xornal vespertino de Editorial Compostela. Unha mocidade crítica, descubridora da súa propia conciencia galeguista, interesada en Europa como especial referencia democrática e con vivas preocupacións polo mundo galego, substituía, con novos e apaixonados pulos, á madura xeración do galeguismo dos grandes



O recente libro de Xavier Navaza percorre a andaina de El Correo Gallego *dende a súa fundación ata hoxe mesmo*

mestres. Borobó, sen traizoar nunca o espírito de Goñi –as súas dificultades na Sociedade xorden despois da desaparición deste, na etapa Editoral Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.–, lograba que *La Noche*, sen deixar de lembra-lo noso pasado máis exemplar, volvera, dende a ollada moza dos novos colaboradores, os seus ollos moi abertos cara a un futuro próximo.

A terceira etapa –naturalmente, dentro do período de goberno de Goñi– estaría representada pola colaboración de D. Felipe Fernández Armesto e Dª María Victoria Fernández España con Editorial Compostela, S. A. Un período interesante, aínda que os resultados non se corresponderon de todo coas optimistas espectativas que anunciaba o Presidente do Consello de Administración, D. Luis Sánchez Harguindey, (LA: 10-VIII-1959) que vía nesta "nueva y valiosa" colaboración de "los señores Fernández Armesto, cuya destacada posición dentro del mundo del periodismo es de todos conocida", a esperanza "de los frutos más óptimos". *La Noche*, que cambia a súa cabeceira polo rótulo en recadro que os propios traballadores da Empresa bautizaron como "onza de chocolate", debería lograr "un carácter principalmente regional, prescindiendo en lo posible de exagerados localismos y procurando destacar todas aquellas actividades industriales y mercantiles de singular significación en Galicia como las constituídas por la madera, agricultura, ganadería, minería, pesca, electricidad, etc." Preocupacións, en calquera caso, que non significaba nos novos accionistas de Editorial Compostela o abandono ou descoido doutros aspectos culturais máis literarios, debéndose ás súas suxestións a incorporación ás páxinas de *La Noche* de colaboradores como Álvaro Cunqueiro.

Esta etapa, se no plano puramente xornalístico –informativo e literario–, representou un momento importante para as dúas publicacións da Sociedade, non tivo igual fortuna no económico. O recoñecemento, por exemplo, da necesidade de adquisición dunha

[24] Borobó, "Memorial de Trevonzos. Génesis carlista de *La Noche*. El Suplemento Literario; catapulta para la acción cultural del galleguismo", en *Galicia Exprés*, nº 1, 1986.

nova linotipia e un teletipo, tal como se fai constar en acta na primeira xuntanza de D. Felipe Fernández Armesto co Consello de Administración de Editorial Compostela (LA: 10-VIII-1959), continuará sendo un proxecto que só na etapa seguinte se vai poder levar a cabo.

A sinatura do "contrato que ha de regir las futuras relaciones entre Editorial Compostela, S. A., y Faro de Vigo, S. A." –Xunta Xeral de Accionistas celebrada o 10 de abril de 1962– inicia o segundo período importante na historia de *La Noche* e o final da presencia de D. José Goñi Aizpúrua á fronte da sociedade Editorial Compostela, S. A., ben que sexa el mesmo quen presenta este proxecto ó Consello de Administración da Sociedade. Borobó, que fora nomeado director dos dous xornais, *El Correo Gallego* e *La Noche*, na etapa anterior, continuará no desempeño deste cargo ata o 22 de febreiro de 1965.

A desaparición de Goñi e as novas ideas con que se pon á fronte da nova Sociedade D. Eladio Amado de Lema, non deixan de producir importantes cambios na orientación que ata entón viña ofrecendo *La Noche*. Se ben é *El Correo Gallego* o xornal máis afectado polos criterios que orientan a nova Sociedade –a posibilidade de crear un novo xornal para Ferrol, a posta en marcha do cal correspondería mesmo a D. Eladio Amado de Lema, non ía se-la menor dificultade que tivera que enfrontar nesta nova etapa da Sociedade–, *La Noche*, que ía sufrir importantes cambios, non deixaría de amosa-las consecuencias dos mesmos. Naturalmente nunca se puxo en dúbida a súa condición de xornal vespertino para toda Galicia. Pero este mesmo carácter do xornal vai xustifica-las importantes variacións que nel vai produci-la súa orientación literaria e informativa, sempre de acordo cos particulares puntos de vista dos novos rectores da Sociedade.

O novo Conselleiro Delegado, D. José Eladio Amado de Lema estima que, diante de nada, se facía necesario mellora-lo nivel profesional dos traballadores de ámbolos dous xornais da Empresa. O feito de que dende 1952 a maioría destes profesionais se atoparan en posesión do carné oficial de xornalistas non lle impedía expresar ó Consello de Administración (LA: 3-V-1963) que dado que "todos cuantos en *El Correo Gallego* son, por lo general, 'amateurs', había precisión de reforzarlos con la entrada de dos redactores jóvenes, que vivan la vida universitaria". Amado de Lema, que lembrara, na súa toma de posesión como Conselleiro Delegado da nova Sociedade (LA: 3-VIII-1962) que "su labor no hubiera podido ser realizada si no hubiera contado con el eficaz apoyo de cuantos formaban parte de una Empresa que considera como máximo galardón la dilatada vida de 109 años que cuenta en la actualidad *Faro de Vigo* fundado por sus abuelos", estima (LA: 26-I-1963) que "en lo que se refiere a la tirada de *La Noche* deberá dársele un mayor sentido popular, dinámico y de preocupación por cuantos casos se relacionen con las clases trabajadoras prestando su preferente atención a todo lo referente a asuntos populares".

Aínda que logo se volva sobre o senso destes cambios en *La Noche* –obsérvese que nas preocupacións de Amado de Lema por mellora-lo nivel profesional dos traballadores se cita mesmo *El Correo Gallego* e non *La Noche*–, parece abondo evidente que aqueles contidos, se se quere *culturalistas*, que viñan caracterizando este xornal coma unha especie de aula aberta, pasan agora, polo menos no interese dos novos rectores da Sociedade, a un discreto segundo plano.

Resultaría inxusto non ter presente que, neste amplo proceso de cambios de *La Noche* que agora se inicia, debeu ter non pouca importancia o mesmo nacemento en 1950 de *Galaxia*. Sen dúbida, o xornal compostelán cumprira, dende o noso punto de vista satisfactoriamente o seu papel tanto de canle (na primeira época de Goñi) das inquedanzas dun galeguismo que loitaba pola súa continuidade nuns tempos difíciles, coma, logo na etapa de Borobó –década dos cincuenta–, de escola e preparación dos máis novos para maiores empresas. Aínda que a colaboración entre ambas institucións non só foi posible senón real, non se pode descoñece-la competencia que inicialmente, nun ámbito de lectores reducido, representaba a unha para a outra. Se sempre, para unha análise correcta, resulta perigosa a descontextualización dos feitos que se intentan analizar, no caso concreto de *La Noche*, dadas as especiais circunstancias, non só políticas senón sociolóxicas nas que se desenvolveu, ese perigo é moito maior. ¿Como poderiamos entender, se non, a satisfacción con que Goñi, no seu informe ó Consello de Administración (LA: 30-VI-1960), entre as distintas xestións realizadas en Madrid con motivo da Xunta Xeral Ordinaria do "Consorcio de Diarios Españoles", saliente "la realizada con el Subsecretario del Ministerio de Información y Turismo, Sr. Villar Palasí, y cuyo motivo principal fue el de lograr por parte del Ministerio la adopción de las medidas necesarias para evitar la salida de publicaciones irregulares, *por el grave* –o subliñado é noso– *perjuicio que ocasionan a la prensa normal*".

A última etapa de *La Noche*, que se inicia o 20 de decembro de 1965 coa aprobación dos novos Estatutos e a toma de posesión de D. Feliciano Barrera Fernández como Conselleiro Delegado de Editorial Compostela, S.A., dando fin ó período de colaboración desta Sociedade con Faro de Vigo, S. A., remata o 11 de outubro de 1967. Nin a tentativa de regreso ó modelo de Goñi, en calquera caso necesariamente distinto xa que nin as circunstancias eran as mesmas nin o novo responsable da Sociedade era Goñi, nin os claros esforzos do novo Conselleiro Delegado por impulsa-lo papel de *La Noche* e, naturalmente, o de *El Correo Gallego*, ían poder evita-la desaparición daquela.

As innovacións non se fixeron agardar. O Sr. Barrera, que, aínda como vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A., e Faro de Vigo, S. A., (LA: 15-VII-1965), suxerira con tanto entusiasmo "una nueva ampliación de capital que financieramente" permitira "dar cima a tales aspiraciones" (o Xerente D. José Heras Romera se atreveu a propoñer que os dous xornais se editaran a dúas cores) soubo, de certo, amosarse xeneroso cando as circunstancias o situaron a el mesmo á fronte da nova Empresa. Xenerosidade que non se limitou ó plano económico, estimulando e promovendo cantos cambios pareceran necesarios para, dunha vez, facer de *La Noche* "el gran diario vespertino de Galicia" e consolidar *El Correo Gallego* "como el periódico local de Santiago de Compostela y El Ferrol del Caudillo".

Entre as diferentes innovacións impulsadas por D. Feliciano Barrera, merece salientarse o nomeamento dun Director para cada xornal (LA: 16-V-1966), sobre todo polo que tal decisión representaba no recoñecemento da personalidade propia de *La Noche*. Un paso, ademais, fundamental para emprende-las correspon-

dentes reformas no plano do seu contido, tentando, como el mesmo manifesta (LA: 9-IX-1966), "hacer de ella un periódico ampliamente popular, seriamente cualificado, aunque sin incurrir en un total intelectualismo que excluya el interés de la masa por su contenido". Goñi, polo menos como claro inspirador daquelas "Buenas tardes" da primeira páxina do número un de *La Noche*, sen sinatura, non estivera, como deixamos suxerido, moi lonxe destas ideas. O artigo-editorial remataba así:

"Algunos hombres de ciencia sostienen que no les interesa escribir en los periódicos, porque no podrían ser comprendidos. Naturalmente que no lo serán si abordan sus cuestiones desde un plano de pura técnica. Pero la Ciencia, como el Arte, la Filosofía como la Literatura, todo lo importante interesa al gran público. Lo que ocurre es que no siempre se sabe hablarle. El pensamiento, la idea, atraen al hombre de la calle aunque él mismo no lo sepa. Mas es menester que el vehículo, la expresión, sea asimilable. Que esté de acuerdo con el lenguaje corriente, con el léxico habitual. No hay razón ninguna para que la especialización se haga incompatible con la vulgarización".

Preocupacións do Sr. Barrera que resultan claramente evidenciadas no nomeamento, nesa mesma reunión do Consello de Administración, de D. Francisco Leal Insua como Director de Editorial Compostela, "con la misión de velar por el mantenimiento de la presencia y perfecta coordinación interna y externa de sus dos periódicos".

Por outra banda, o Sr. Barrera, como no seu día parece que pensaba D. José Goñi Aizpúrua, non se amosa en absoluto satisfeito cos "títulos e subtítulos (LA: 16-V-1966) que actualmente encabezan los periódicos de la Empresa". Parece efectivamente que nin entón o basco nin agora o Sr. Barrera, sen dúbida máis próximos ó mundo das realidades materiais que ó da poesía, estavan moi de acordo con aqueles que, como D. Ramón M. Aller, Rabanal ou Manuel Suárez Serantes, quixeron ver no título de *La Noche* un claro acerto de Goñi e Editorial Compostela, S. A. "La noche –escribía no primeiro número deste xornal o santo e sabio D. Ramón Aller– se presta más que el día para volver los ojos al cielo". A *Nebulosa* de Rabanal dicía, entre outras cousas, naquel día de festa para a Sociedade:

"Contra lo que creen los más, la noche sirve para mejor ver. Sólo a su amparo se divisan las estrellas, las constelaciones. Sólo bajo su manto concretan su confusa existencia las luciérnagas. Sólo por ella el fuego fatuo pone de relieve la desconcertante mansedumbre de los muertos".

Non menos elevado se amosa Suárez Serantes, cando nos lembra, no seu artigo dese mesmo día 1 de febreiro de 1946:

"En la noche se verificó el acontecimiento más grande del universo: el Nacimiento del Niño Dios; que hizo de la noche negra de sombras, la Nochebuena iluminada y florecida de estrellas; la noche dulce y alegre, cantada en la poesía cristiana de los villancicos, y en los viejos autos representados en las gloriosas catedrales. En la noche, milagreras rutas estelares señalan a los Magos de Oriente el Portal de Belén; y es también en la noche cuando –heraldo de buena nueva– aparece la estrella que señala el sepulcro jacobeo y quedan los caminos de nuestra Compostela, marcados en la noche pacífica y tranquila con la plata de miles de estrellas".

De certo, tan poéticos simbolismos non podían facer esquece-la necesidade dun título capaz de suxestionar interpretacións algo máis doadas. Así o entendeu, polo menos, D. Feliciano Barrera ó volver de novo (Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas: LA: 11-VI-1966) a insistir "en que el título de *La Noche* no le parece el más apto para respaldar y expresar adecuadamente en Galicia la fisonomía de un diario que aspira a ser considerado como el de la tarde para toda la Región". Precisión que, cando menos, nos permite coñecer que, nesta pretensión do Sr. Barrera non alentaba aínda ningunha escura intención de suprimir este xornal. Efectivamente a súa proposta, que as actas do Consello de Administración de Editorial Compostela recollen con todo detalle, non tentaba outra cousa que potencia-lo papel que se lle asignara a este xornal. "Y, es por ello" –continúa–, por lo que propone a la Junta General Extraordinaria de Accionistas, que el subtítulo de *Diario vespertino de Galicia* que ya viene figurando bajo el título de *La Noche*, en el momento oportuno, pase a primer plano, o sea, que, suprimiendo la palabra *vespertino* se convierta en el nuevo título del periódico que, a partir de tal momento, se llamaría *El Diario de Galicia*".

Aínda que esta proposta, polas razóns que fora, non atopou nunca "o momento oportuno" para se facer realidade, *La Noche* alcanza a vivir momentos de verdadeiro optimismo. O propio Conselleiro Delegado, que comprobaba cómo este xornal estaba a sufrir un crecemento superior ó de *El Correo Gallego*, anunciaba ó Consello de Administración (LA: 27-VII-1966) "que, dentro del plazo de un año, espera que tanto uno como otro alcancen una tirada similar a la de *La Región* de Orense, que estima en unos 10.000 ejemplares, pero lo que ve realmente difícil y que por consiguiente requerirá gran esfuerzo de todos, si nos basamos en la experiencia y en el hecho de que en Galicia se publican nueve periódicos y la mayoría buenos, será la apreciable superación de dicha cifra de tirada".

Pouco máis dun ano despois daquela declaración (LA: 11-IX-1967) "el Consejero Delegado propone la supresión de *La Noche* y que pase *El Correo Gallego* a diario vespertino". "Sometida la propuesta del Sr. Barrera al Consejo", atopándose presentes os señores D. Luis Sánchez Harguindey (Presidente), D. Miguel Ramón Pola, D. Ángel Porto Anido, D. Francisco Vázquez, D. Francisco Leal Insua e D. José Luis Galovart, e, representados, D. José Filgueira Valverde, D. Constantino Lobo, D. Juan Sáenz-Díez e D. Buenaventura Castro Rial, "éste la aprueba por unanimidad". A única oposición, manifestada neste caso polo Presidente do Consello de Administración, D. Luis Sánchez Harguindey, facía referencia tan só á oportunidade do carácter vespertino de *El Correo Gallego*.

Nunha terra na que as defuncións se celebran con máis festa que os propios nacementos, a morte de *La Noche* non mereceu naquelas circunstancias ningunha especial manifestación de dor. Se cadra, coma en tantas outras ocasións, poucos se decataron entón da importancia do defunto e da transcendencia do triste acontecemento. Parece, pois, de xustiza que agora, cincuenta anos despois do seu nacemento, lembremos o seu final. Un feito, en calquera caso, que no contexto esperanzado dun novo xornal de Editorial Compostela, S. A., *O*

Correo Galego, adquire novas e suxestivas perspectivas para unha interpretación se cadra diferente do seu verdadeiro significado.

7. *La Noche* na perspectiva dos seus colaboradores

O novo xornal de Editorial Compostela, S. A., converteuse dende o primeiro momento nunha empresa coa que, tanto os seus propios promotores coma cantos colaboraron en facela realidade, se amosaron abertamente comprometidos. Habelenciosamente inspirada dende arriba por homes coma Goñi, *La Noche* foi fundamentalmente unha obra colectiva na que, con probado protagonismo, dende a Dirección e Redacción da mesma, dende o mesmo posto de lector e dende os diferentes Consellos da Sociedade, participou o máis representativo, naquel entón, do mundo económico, xornalístico e cultural de Galicia.

É nesta perspectiva de identificación coa aventura que significou *La Noche* como debemos entende-lo entusiasmo e ata o orgullo con que, frecuentemente, se manifestan sobre este xornal a maioría destas persoas. Excesos, en calquera caso, que en nada diminúen o valor obxectivo das súas opinións en canto testemuñas do significado e papel que entón lle correspondeu a *La Noche* no contexto do xornalismo galego e, en xeral, da cultura galega.

A súa saída á rúa, o 1º de febreiro de 1946, fora xa motivo de non poucos entusiasmos. Xunto ós saúdos, máis ou menos protocolarios, de personalidades coma "el Nuncio Apostólico, Monseñor Cicognani", "el Capitán General del Departamento de El Ferrol, almirante Moreu", "Doña Isabel García", "el Gobernador Civil de La Coruña", "así como los Alcaldes de Vigo, Orense y Pontevedra", ou o do xornal *Correo Español-Pueblo Vasco*, "don Ramón Otero Pedrayo, sitiado por el temporal en Trasalba –nota publicada no mesmo xornal baixo o rótulo: "cordialidad y estímulo"– desea "que la nueva máquina tire *Noches* hasta el fin de los tiempos". M. Barbeito Herrera dicía, entre outras cousas, nun artigo que este xornal (*La Noche*, 2-II-1946) reproducía do publicado o día anterior en *El Correo Gallego*:

"*La Noche* nace en buena cuna y de nobles propósitos. Y lo que es mejor para quienes sientan la fidelidad a los principios indeclinables de la tradición cristiana: de estirpe caballerosa. No es el nuestro clima de aventureros y corsarios. Cervantes vino después de Colón, como vinieron los galeones de Indias después que unos hombres se atrevieron a lanzarse por la ruta incierta de un nuevo mundo ignorado. Y si alguien piensa que hay exageración en la imagen, es porque no sabe cuales riesgos afronta el hombre que consagra su esfuerzo abrir caminos en esa masa frecuentemente amorfa que se llama opinión pública. Un periódico nuevo no vale más que una carabela que leva el ancla contra viento y marea. Acaso sin la loca arrogancia del héroe cervantino, no hubiésemos descubierto que muchos que parecen gigantes, son sólo molinos de viento. Y ser Quijote es ya mucho en tierra donde todavía hay tanto Sancho Panza".

Só un ano despois, Filgueira Valverde publicaba un fermoso artigo titulado "*La Noche*, mañana", no número extraordinario dedicado á celebración do primeiro aniversario deste xornal (10-II-1947), na perspectiva dun futuro que hoxe é xa realidade. Nel alentan os grandes soños que aquel primeiro ano de *La Noche* espertou no ilustre polígrafo galego. A súa reproducción completa ten de ser, sen dúbida, un agasallo inapreciable para o lector que ata aquí teña resistido a pesadez dun relato sobrecargado de referencias e continuas redundancias. A dúas columnas, "*La Noche*, mañana" ocupaba a parte esquerda da primeira plana do xornal. Dicía así:

"En la 'Historia del periodismo gallego', carrete magnetofónico, distribución Segrel Ed., Santiago, 1997, Secuencia XII, podrá hallarse lo que sigue:

Tal era el cuadro de la Prensa de Galicia al iniciarse, en 1946, la publicación de La Noche. Que los augurios no eran demasiado favorables a la salida de un 'diario de la tarde', como entonces se decía, lo prueban muchas de las respuestas que la 'Editorial Compostela' recibió al comunicar a los posibles colaboradores su decisión. En el Archivo de esta entidad, famoso por su colección de autógrafos de escritores gallegos, figuran muchas cartas desalentadoras; es cierto que ninguno negaba o regateaba su aportación, pero todos ponían en duda que la iniciativa tuviese en el público el acogimiento que entre ellos hallaba: 'Un periódico así –venían a decir– será convenientísimo, pero ha de tenerse en cuenta que sus posibles lectores son oyentes asiduos de la 'última hora' de las radios y suscritores de la Prensa madrileña que llega a Galicia por la tarde'.

Se encontraba pues el nuevo diario frente a unos adversarios a los cuales en modo alguno podría sustituir; para convivir con ellos había de hacerse necesario; ni una excelente información de última hora, por completa que fuese, ni una colaboración de firmas consagradas fuera de Galicia, todo lo copiosa y depurada que pudiera reunirse, aunque superase a la allegada por los mejores rotativos centrales, podría desplazarlos de la posición conquistada en largos años. Para abrise paso, La Noche necesitaba ser un periódico gallego, reflejar el momento cultural de Galicia, con esa fidelidad que sólo la antena compostelana, cargada de historia, es capaz de captar, pero aun esto sería inútil si no lograba hablar a muchos en el lenguaje de su propio interés, de su gusto, de sus aficiones... Tenía que informar diariamente al eclesiástico de las noticias de 'Palacio' y al investigador de las tareas de sus colegas universitarios, al deportista de los riesgos y triunfos de su equipo favorito; tenía que apasionar sin ofender y que criticar sin destruir; tenía que ser, en suma, un periódico de 'muchas almas', pero con un solo y elevado espíritu, el que Goñi supo imprimirle.

No hubiera bastado un selecto cuadro de redacción. El nuevo periódico había de dar, ante los lectores, de que nada de cuanto afectase a Galicia le era ajeno, y para ello era preciso que una serie muy amplia, todo lo amplia posible, de colaboradores diese al lector la impresión de que si no hoy, mañana o pasado, el escritor amigo podría dirigirse a él desde aquellas columnas. Pero necesitaba también, al lado de esta siempre renovada y cambiante lucería, la 'gota de agua' de unas secciones fijas donde las gentes pudiesen trabar esa amistad, que llega a hacerse imprescindible, del breve y diario ensayo sobre temas tanto propios como universales.

Y así como, en le acopio de sus colaboraciones, La Noche supo dar al lector la impresión de que en aquella cadena de nombres estaba representada, con amplitud, la Galicia que 'tenía algo que decir', así para

estos sillarejos periodísticos de diaria labra, supo descubrir lo que era menester decir en cada jornada, sin que la reiteración fatigase ni se acusase cansancio, antes bien perfeccionando la tarea a cada nuevo paso.

Fué aquí, donde, a par de un nombre consagrado como el de Ramón Otero Pedrayo, en sus 'Parladoiros', después recogidos, libres de las inevitables erratas, en esos tomitos en cuarto que no faltan en ninguna biblioteca gallega, hicieron sus primeras armas en las letras cotidianas el catedrático helenista Rabanal; Landeira, fino intérprete del culturalismo, y García Domínguez, que allí se reveló como pluma maestra del humor gallego. Especilegios de sus artículos son otros tres libros característicos de la Galicia del 1950: 'Nebulosas', 'Mirador' y 'Anacos', alguno de ellos llegado ya a la 160ª edición. En cambio, quizá por su carácter 'de actualidad', no cayeron en libros los ensayos de otras secciones; creemos que alguno de nuestros apasionados por la historia de la época, debiera espigar, por ejemplo, una selecta de 'Atlas en el Toral', cuyo título parece aludir a una estatua que existía sobre cierto palacio compostelano, estatua derribada, a pretexto de defectos formales e iconográficos, por la pasajera moda académica, 'contenlitista', que, por aquel entonces precisamente, comenzaba a manifestarse.

Para valorar lo que significó La Noche en la historia del periodismo gallego, no puede, en modo alguno, apelarse al número de sus lectores en los primeros años de tirada. Es inconcebible pensar que en su extraordinario de 1947 el periódico tan hábilmente dirigido por don José Goñi pudiera gloriarse de alcanzar tiradas de 15 mil ejemplares. ¡15.000 ejemplares, cuando ya Vigo y La coruña pasaban de los 200.000 habitantes! Y eso mediando el empleo de medios ornitológicos de propaganda como el de llamados 'gorriones'. Por fortuna, las cifras de tirada aumentan en proporción geométrica en los años sucesivos: el gran periódico educa él mismo al público en la lectura y le hace apetecer el cultivo del espíritu.

(La 'publicación' finisecular pasa, después de esta visión general, a ocuparse en detalles que omitimos porque sólo dentro de cincuenta años comenzará a dársele importancia)".

Unha enquisa, publicada neste mesmo extraordinario do primeiro aniversario de *La Noche*, realizada entre "algunos gallegos ilustres que viven en Madrid", para que expresaran a súa opinión "sobre el más joven de los periódicos de Galicia", ofrece un máis que suxestivo resultado. Fernández Flórez, do que se reproduce a súa resposta manuscrita– coincide con Filgueira Valverde en recoñecer, como principal mérito e razón do seu éxito, o esforzo dos seus responsables por facelo un xornal claramente galego. Esta é a súa transcrición literal:

"Conozco La Noche y me parece un excelente diario. En Galicia se sabe hacer periódicos y siempre hubo en ella algunos verdaderamente ejemplares, y grandes periodistas. Hoy, el defecto principal de toda la prensa –no sólo de la de nuestra región– es que se parecen terriblemente los unos a los otros. Muchas veces, leo los diarios de Galicia y... nada dicen de Galicia. Es como si leyese los de Madrid. Cierto que también muchas veces leo los de Madrid y... nada dicen de España. Sólo se distinguen en su tipografía.

Sobresalir en este período de monótona semejanza es un extraordinario mérito para La Noche. Le deseo cordialmente muy larga vida".

Para o presidente do Centro Gallego de Madrid, D. Constantino Lobo, que ve, no seu "brillante cuadro de redactores y colaboradores", a mellor garantía do seu futuro e no carácter vespertino do xornal un dos seus maiores acertos, "porque –segundo el pensa, non sen certa inxenuidade– en nuestra tierra, que da tantos hombres entregados al trabajo, el día lo dedican estos a su labor y no a la lectura, siendo la ventaja de este periódico recoger la información del día y su aliciente, proporcionar descanso al atardecer".

D. Fernando Álvarez de Sotomayor, Director do Museo do Prado, "le encuentra movido, alegre, dinámico, muy a propósito con su carácter de periódico vespertino". "¡Que menos –exclama– puede tener Galicia que un periódico de la tarde!"

Lémbrese, aínda que só sexa de paso, que unha das razóns, se non a única, para que Editorial Compostela se fixera co xornal *El Compostelano* foi, precisamente, o carácter vespertino do mesmo. Nada, pois de particular que a enquisa á que estamos a facer referencia saliente aquelas observacións dos consultados que poñen de relevo esta condición de *La Noche*.

Especial interese ofrece a resposta de don Francisco Javier Sánchez Cantón, Subdirector naquel momento do citado Museo do Prado. Crítico resulta o seu punto de vista sobre o modo de facer presente a Galicia nun xornal como *La Noche*, unha das cuestións, de certo, fundamentais no intento dos seus responsables por lograren unha configuración aceptable do mesmo no ámbito concreto dos seus contidos. Estas son as palabras do ilustre pontevedrés citadas polo xornal entre comiñas:

"¿Mi parecer sobre La Noche? Es el periódico gallego que leo con más gusto. Recuerda a Galicia, superándola en agilidad. ¿Qué echo en falta? Una impresión más clara, mejor papel y... una página destinada a Pontevedra. ¿Y en cuanto al fondo? Desearía ver acentuarse la repulsa al 'enxebrismo' fácil y falso; y que, cada vez más intensamente, se prefieran Gelmírez a Pardo de Cela; los benedictinos a los hermandinos; doña Emilia ó Tío Marcos da Portela..."

"La estima, la lee y se deleita con este periódico" o pintor coruñés D. Luis Mosquera, mentres un aguafortista tan renombrado coma don Manuel Castro Gil "ve en *La Noche* un vehículo excelente para que salgan más allá de nuestras fronteras las bellezas de Santiago".

D. Juan Sáenz-Díez, o papel do cal en *La Noche* aforra calquera cita, D. José María Rivero de Agúilar, "dedicado a las cuestiones ferroviarias" dende o Ministerio de Obras Públicas, D. Julio Wais, entre outros, limítanse prudentemente a desexarlle un futuro venturoso.

Nun artigo publicado neste xornal o día 2 de abril de 1947 –"Cómo leo yo *La Noche*"– un lector tan prestixioso como D. José Luis de Azcárraga, colaborador residente en Madrid, despois de adverti-la demora dos dous días con que chegaba á capital e observar, con certa ironía, o descoido con que se poñían a etiqueta do enderezo e o selo de Correos, deixando ilexible o artigo de colaboración e con frecuencia a sinatura do

mesmo, non dubida en salientar no vespertino xornal compostelán cousas coma estas:

"Inmediatamente doy un vistazo general a las fotos y saboreo sus pies, escritos con gracia por –lo sospecho– Landeira. Y a propósito: ¿Por qué no se asoma éste a su, magnífico, 'Mirador'? Realmente lo siento, pues el tal L. es un hallazgo". "Antes de pasar la hoja –comeza a súa lectura pola primeira páxina– leo la colaboración, sobre todo cuando se debe a la pluma culta, erudita e interesante de Filgueira Valverde". Despois de pasa-la folla e dirixirse "presuroso a la sección de Santiago", na páxina de deportes interésase pola sinatura do irmán do Doutor García Arias, Pepe Balón, "capaz de hacerse él solito –con sus múltiples pseudónimos– una especie de 'Marca'", para logo deterse en seccións coma 'Atlas en el Toral' e 'Fonseca', "con delectación", antes de folga-los seus entusiasmos na importancia da última páxina. Alí "muchos artículos de Suárez Serantes a la caza del 'Virgen del Mar', de A. Mundo, Carranza o Rey Quiroga se funden a los dos 'platos fuertes' de Rabanal y Borobó, que con sus columnas fijas sostienen el edificio diario de *La Noche*". "Rabanal es un gran escritor, pues dejando a un lado el mérito de su aticismo, sus helenizantes ironías, sus alardes filológicos y... todo lo demás, es el hombre que, sin decir tonterías, puede llenar cuartillas y libros contra el reloj". E, naturalmente, Borobó, "otro punto y aparte", do que lle gustan os seus 'Anacos' "por su jugosa movilidad y prodigioso juego de artificio imaginativo". Só cando lle queda tempo intenta "descifrar el gallego de Otero Pedrayo en sus 'Parladoiros', con la cooperación valiosa de Pepa Barreiro", a súa cociñeira. A figura de Alvite –sen dúbida refírese a Xesús– "el mago del reportaje, con sus bolsillos llenos de papeluchos y notas de original taquigrafía jacobea", pecha a súa lembranza de *La Noche* dende Madrid.

8. Conclusións

Agarda sen dúbida a súa oportunidade a lembranza obrigada e, necesariamente máis demorada, a década dos cincuenta, a época da Xeración de *La Noche*. As primeiras publicacións –*Plumas y Letras en La Noche* e esta edición facsimilar do *Suplemento do Sábado*– son só tanto un adianto do proxecto xeral de recuperar e estimula-la curiosidade dos estudiosos e, en xeral, de tódolos lectores fronte a unha etapa fundamental da nosa historia contemporánea, coma unha homenaxe, no cincuentenario deste xornal, a cantos, dende os máis diferentes posicionamentos ideolóxicos, souberon nun tempo moi difícil acender en *La Noche* un facho de futuro que en boa medida é felizmente.

Un traballo que, de certo, resultaría imposible sen a acaída e xenerosa colaboración de Editorial Compostela e, particularmente, de D. José Manuel Rey Novoa, director dos seus xornais *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, facilitándono-lo acceso ós fondos documentais do Arquivo da Sociedade. Para el, para a sociedade Editorial Compostela e para cantos nos ofreceron a súa comprensión e colaboración para levar adiante este traballo, o noso máis fondo recoñecemento.

9. Índice onomástico[25]

Abizanda de la Vega, Mariano: Dono de *El Correo Gallego* dende 1901, ano da morte do seu pai, ata 1913, data na que se fai coa propiedade a familia Barcón.

Abizanda y Sanmartín, José Mariano: Fundador de *El Correo Gallego* (Ferrol).

Alsina, Fernando: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Álvarez Gándara, Alfonso: Membro da xeración de *La Noche*.

Alvite, Jesús: Colaborador reporteiro de *La Noche* e *El Correo Gallego*.

Alvite, José: Colaborador de *La Noche* e *El Correo Gallego*.

Aller Ulloa, Ramón: Crego e astrónomo de sona universal, que formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Amado de Lema, José Eladio: Conselleiro Delegado de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Amado de Lema, María del Pilar: Accionista de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Amado de Lema, Teresa: Accionista de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Amado Súnico, Francisco: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Azcárraga, José Luis de: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Balboa, Gustavo: Membro da xeración de *La Noche*.

Baliño Ledo, Juan: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A. (1964). Xerente de Faro de Vigo, S. A. (1964).

Barbeito, Regino: Colaborador de *La Noche* na Coruña (1959).

Barberá Armelles, José: Director interino de *El Correo Gallego-Eco de Santiago*.

Barcia Trelles, Camilo: Catedrático de Dereito Internacional na Universidade de Santiago de Compostela e Redactor de política estranxeira en *El Correo Gallego-Eco de Santiago* e en *La Noche*.

Barcón de Quevedo, Diego Francisco: Patriarca da familia ferrolá Barcón Orta, propietaria de *El Correo Gallego* dende 1913 ata 1938.

Barcón Orta, Rafael: Propietario, xunto co seu irmán Ubaldo, do xornal ferrolán *El Correo Gallego* ata 1938, data na que a sociedade compostelá Editorial Compostela adquire a súa titularidade.

---

25 Levan un asterisco os nomes incluídos no apartado do repertorio biobibliográfico deste libro. No citado apartado pódese atopar unha máis ampla información sobre eles. Moitas das persoas rexistradas no presente índice e outras máis, relacionadas todas elas coa sociedade Editorial Compostela e cos seus diferentes xornais, figuran no libro de Xavier Navaza, *El Correo Gallego: Doce décadas de periodismo en Galicia*, Santiago de Compostela: Edicións El Correo Gallego/O Correo Galego, 1996.

Barcón Orta, Ubaldo: Propietario, xunto co seu irmám Rafael, do xornal ferrolán *El Correo Gallego* ata 1938, data na que a sociedade compostelá Editorial Compostela adquire a súa titularidade.

Barrera de Lema, María Mercedes: Accionista da sociedade Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Barrera Fernández, Feliciano: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A., fundador do premio "Editorial Compostela" (1965) e Conselleiro Delegado e accionista maioritario de Editorial Compostela, S. A.

Bartolomé Martínez, Aquilino: Vocal e Secretario do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Beiras Torrado, Xosé Manuel: Membro da Xeración de *La Noche*.

Bermejo Lema, Ricardo: Accionista fundador e Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. (1942).

Bescansa, Ricardo: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Blanco Losada, Ángel: Membro da xeración de *La Noche*.

Blanco, Marcelino: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Bonet-Correa Calderón, Antonio*: Colaborador de *La Noche* e, máis tarde, Catedrático de Historia da Arte e Académico de Belas Artes.

Borobó: Pseudónimo de Raimundo García Domínguez.

Botana Rey, Ángel: Xefe de Talleres de Editorial Compostela, S. A. (1956).

Botana Sabugueiro, Ángel: Auxiliar de Redacción (1957).

Botana Sieyro, Ángel: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A. e segundo Presidente da súa Xunta de Fundadores.

Bouza Brey, Fermín: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Bustamante Urrutia, José María: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Cadarso, Antonio: Colaborador de *La Noche* e responsable de extraordinarios.

Canellas López, Ángel: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Caparrós Muñoz, Luis*: Xornalista e colaborador de *La Noche* na Coruña (1960).

Capón Fernández, Manuel: Cóengo da Catedral de Santiago, Rector do Seminario Conciliar, responsable da censura relixiosa en *El Correo Gallego* e *La Noche*, membro do Consello de Redacción de Editoria Compostela, S. A., formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Carro García, Jesús*: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Carro, Francisco Xavier: Membro da xeración de *La Noche*.

Casal Rivas, Alberto: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Castillo López, Ángel del: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Castiñeiras Rodríguez, Manuel: Redactor de 1ª de *El Correo Gallego* e *La Noche* e Redactor-Xefe, en funcións, deste último.

Castro Arines, Manuel: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Castro Rial, Buenaventura: Membro do Consello Nacional de Prensa e Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Castroviejo Blanco-Cicerón, Xosé María: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Castroviejo, Concha, (Asela): Auxiliar de Redacción de *El Correo Gallego* e *La Noche*.

Cea Seoane, Jesús: linotipista.

Cerezales González, Manuel: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A. Director de *Faro de Vigo* e membro do Consello Nacional de Prensa. Formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Cerro Comochanco, Tomás: Director Xeral de Prensa, responsable do inicio de procedemento administrativo polo que Goñi fora suspendido como Director dos dous xornais de Editorial Compostela e como xornalista.

Comesaña Sieiro, Manuel: Membro do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Concheiro Caamaño, Antonio: Membro da xeración de *La Noche*.

Copado Serrano: Colaborador de *El Correo Gallego* e *La Noche*, en Ferrol.

Cores Trasmonte, Baldomero: Membro da xeración de *La Noche*.

Cores Trasmonte, Ventura: Membro da xeración de *La Noche*.

Couceiro Bescos, Mario: Colaborador de *El Correo Gallego* e *La Noche* e Delegado de Editorial Compostela nesta cidade en substitución de Fernández Areal.

Couceiro Freijomil, Antonio: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*, merecendo

especial relevo o seu labor como coordenador dalgúns dos seus suplementos máis prestixiosos.

Crespo, Celestino: Colaborador de *La Noche* e Delegado en Vigo deste xornal.

Cunqueiro Mora, Álvaro*: Integrante da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Devesa Quintana, Manuel: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Domínguez Olano, Antonio: Colaborador en Lugo de *La Noche* e logo membro da mesa de redacción, en Santiago, deste mesmo xornal.

Fabeiro Vigo, Ramón: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Fernández Almuzara, Eugenio: Xesuíta membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Fernández Areal, José Ramón: Tenente do Corpo Xurídico da Armada e Delegado de editorial Compostela, S. A. en Ferrol.

Fernández Armesto, Felipe (Augusto Asía): Accionista de Editorial Compostela, S. A.

Fernández Codesido, Eduardo: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Fernández Chao, Antonio: Membro da xeración de *La Noche*.

Fernández del Riego, Francisco (Salvador Lorenzana)*: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*, alcanzando gran sona coa súa sección "Atalaya. Un tema gallego cada semana". Coordenou con Xaime Illa o *Suplemento* do que se fai aquí unha edición facsímile.

Fernández Dueros, José: Linotipista en Editorial Compostela, S. A.

Fernández Fernández, Antonio: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Fernández Pintos, Xulio: Membro da xeración de *La Noche*.

Fernández Yáñez, Abelardo: Socio de don José Mariano Abizanda y Sanmartín, ferrolán e fundador de *El Correo Gallego,* verdadeiro responsable deste xornal ata o seu paso á familia Barcón.

Filgueira Valverde, Xosé*: Colaborador de *La Noche* e *El correo Gallego*, Vocal do Consello de Administración da sociedade Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Findín, Ricardo: Xerente de Editorial Compostela, S.A.

Fontán Lobé, Jesús: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Fraguas Fraguas, Antonio*: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Franco Grande, Xosé Luis: Membro da xeración de *La Noche*.

Fuenmayor Champín, Amadeo de: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Galovart García, José Luis: Secretario do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Gallego, Ildefonso: Accionista fundador de editorial Compostela, S. A.

Garabal Expósito, Jesús: Redactor de 2ª de *El Correo Gallego* e *La Noche*.

García Albéniz, Felipe: Redactor-Xefe de *El Correo Gallego-El eco de Santiago* e Director –en substitución do señor Barberá– Administrador e Secretario do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. Formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

García Blanco, Isabel: Fundadora e accionista maioritaria de Editorial Compostela, S. A., ata a súa morte en 1957.

García Bodaño, Salvador: Membro da xeración de *La Noche*.

García Domínguez, Raimundo, (Borobó)*: Auxiliar de Redacción, Redactor-Xefe de *La Noche*, Director dos xornais *El Correo Gallego* e *La Noche* e Vocal do Consello de Redacción de Editorial Compostela, S. A., formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

García Fernández, Serafín: Membro da xeración de *La Noche*.

García Martí, Victoriano: Colaborador de *La Noche* dende Madrid.

García Viaño, Olga Cristina: Colaboradora de *El Correo Gallego* e *La Noche* en Ferrol.

Gil Armada, Juan, (Marqués de Figueroa): Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A. e Vocal, Vicepresidente e Presidente do seu Consello de Administración.

Gil, Felipe: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Godó Montañola, Carlos: Aconsella ós Fernández Armesto a súa colaboración con Editorial Compostela, S. A., atopándose presente na reunión que estes celebran coa Sociedade compostelá o 10 de agosto de 1959.

González Mendá, Ramón: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

González Méndez, Eduardo: Redactor de deportes e espectáculos de *El Correo Gallego-El Eco de Santiago*.

González Suárez-Llanos, Camilo: Membro da xeración de *La Noche*.

González Suárez-Llanos, Luis: Membro da xeración de *La Noche*.

González Vila, Emilio: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

González, Ramón: Secretario do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Goñi Aizpúrua, José: Director de *El Eco de Santiago*, *El Correo Gallego-El Eco de Santiago*, *El Correo Gallego* e *La Noche*; Xerente e Director-Xerente de Editorial Compostela, S. A., accionista fundador, Vocal e Secretario do Consello de Administración desta Sociedade.

Goñi Etchevers, José Luis: Director de *El Correo Gallego*.

Graña, Bernardino: Membro da xeración de *La Noche*.

Heras Romera, José: Xerente de Editorial Compostela, S. A.

Fillos de Olimpio Pérez: Accionistas fundadores de Editorial Compostela, S. A.

Ibáñez Martín, José: Ministro de Educación Nacional que deu a orde de iniciación dun proceso administrativo contra Goñi Aizpúrua como Director de *El Correo Gallego* e *La Noche*.

Iglesia Alvariño, Aquilino*: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Iglesias Iglesias, Luis: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Illa Couto, Xaime*: Colaborador de *La Noche* e, xunto con Francisco Fernández del Riego, coordenador do *Suplemento* que se ofrece en edición facsimilar.

Isorna Ferreirós, Fr. José*: Colaborador de *El Correo Gallego* e de *La Noche*.

Jorge Echeverri, Ángel: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Lago Cizur Goñi, Andrés: Maxistral da Catedral de Santiago, formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Lago Fernández, Frei Bernardino: Franciscano membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Lahera Márquez, José: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Landeira Yrago, José: Xefe de Redacción de *La Noche*, formou parte da primeira nómina dos seus colaboradores.

Leal Insua, Francisco: Director de Editorial Compostela, S. A. e de *La Noche*, e Vocal do Consello de Adminsitración de Editorial Compostela, S. A., formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Legaz Lacambra, Luis: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Lema Rubido, Mercedes de: Presidenta do Consello de Administración de Faro de Vigo, S. A. e accionista de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Lema, Josefina: Presidenta de Faro de Vigo, S. A. e accionista de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

Liste Abalo, Agustín: Xefe de peche de *El Correo Gallego* e *La Noche*.

Lobo Montero, Constantino: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A. e Faro de Vigo, S. A.

López Barreira, Joaquín (Kinso): Colaborador de *El Correo Gallego* e *La Noche* en Ferrol.

López Barreira, Xavier: Colaborador de *El Correo Gallego* e *La Noche* en Ferrol.

López Casanova, Arcadio: Membro da xeración de *La Noche*.

López Niño, Enrique: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

López Nogueira, Manuel: Membro da xeración de *La Noche*.

López Ramón, José María: Alcalde de Ferrol e Gobernador Civil de Lugo, foi Representante de Editorial Compostela, S. A. en Ferrol.

López Rodó, Laureano: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

López Sánchez, Antonio: Redactor político de *El Correo Gallego-El Eco de Santiago*.

Lugrís Pérez, Ramón: Membro da xeración de *La Noche*.

Máiz Eleicegui, Luis: Membro do primeiro Consello de Redacción de Editorial Compostela, S. A. e Presidente do segundo.

Manuel María: Membro da xeración de *La Noche*.

Massó, Gaspar: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Mayoral, Marina: Membro da xeración de *La Noche*.

Meirás Otero: Colaborador de *El Correo Gallego* e *La Noche* en Ferrol.

Méndez Ferrín, Xosé Luis: Membro da xeración de *La Noche*.

Merino Losada, Emilio: Redactor de *El Compostelano*, formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Moralejo Laso, Abelardo: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Moreno Tizón, Salvador: Vocal do Consello de administración de Editorial Compostela, S. A.

Mundo: Pseudónimo de Adolfo Prego, ben que outros colaboradores coma o mesmo Raimundo García Domínguez, dado o contido xeral da sección que se asinaba con este nome, botaran man del para cubrila páxina correspondente.

Murúa Quiroga, Julio: Vicepresidente do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Noriega Varela: Colaborador de *La Noche*.

Nóvoa Santos, Roberto: Autor da obra *Patología General* impresa nos talleres de Editorial Compostela, S. A., situados no nº 13 da Rúa Nova.

Nóvoa Varela, Laureano: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Novoneyra, Uxío: Membro da xeración de *La Noche*.

Otero Aenlle, Enrique: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Otero Bazarra, Domingo: Linotipista en Editorial Compostela, S. A.

Otero Pedrayo, Ramón*: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*. Alcanzou gran sona coa súa sección "Parladoiro".

Paz Barreiro, Manuel: Auxiliar de Redacción de 1ª en Editorial Compostela, S. A.

Pedrosa Agrafojo, Perfecto: Xefe de peche de *El Correo Gallego* e *La Noche*.

Peña Ibáñez, José Luis: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Peña Ibáñez, Juan José (Rey Quiroga): Colaborador de *La Noche* dende Madrid.

Peña Mantecón, Luis: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Peregil Cambón, Manuel: Membro da xeración de *La Noche*.

Pereira Amil, Carlos: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Pereira de la Fuente, Manuel: Administrador de Editorial Compostela, S. A. e Redactor de *El Eco de Santiago*.

Pérez Artime, Estanislao: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Pérez Artime, Isidoro: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Pérez Esteso, Julián: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A. e Vocal do seu Consello de Adminitración.

Pérez Esteso, Manuel: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Pérez Esteso, María: Accionista fundadora de Editorial Compostela, S. A.

Pérez Esteso, Miguel: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Pérez Hervada, Eduardo: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Pérez Villamil, José; Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Piñeiro, Ramón*: Colaborador de *La Noche*.

Pola Vaquerizo, Miguel Ramón: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela S. A. Redactor de sucesos de *El Correo Gallego-El Eco de Santiago*, Xefe de Redaccción e Redactor-Xefe de *El Correo Gallego* e *La Noche*, e Director, suplente, accidental, interino e substituto, de ámbolos dous xornais.

Porta, José (Waldo de Urbis): Tenente de Intendencia da Armada, que substitúe –como colaborador de *El Correo Gallego* e *La Noche*– a Olga Cristina García Viaño en Ferrol.

Portela Pazos, Salustiano: Deán da catedral de Santiago, formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Porto Anido, Ángel: Vocal do Consello de Administración de Editorial Compostela, S. A.

Porto, Manuel: Accionista fundador de editorial Compostela, S. A.

Precedo Lafuente, Jesús: Secretario do segundo Consello de Redacción de Editorial Compostela, S.A.

Prego, Adolfo (Mundo): Colaborador de *La Noche* dende Madrid.

Prieto Bances, Ramón: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Proupín, Xosé María: Membro da xeración de *La Noche*.

Puga de Oliver, Adolfo: Membro da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Quinteiro Noya, Francisco: Administrador de Editorial Compostela, S. A.

Rabanal Álvarez, Manuel*: Colaborador de *El Correo Gallego* e Vicepresidente segundo do Consello de Redacción de Editorial Compostela, S. A., formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*, alcanzando gran sona a súa sección "Nebulosa".

Reguera Rodríguez, Julio: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A., e Vocal e Presidente do seu Consello de Administración.

Requejo Domínguez, José: Delegado de *La Noche* en Vigo.

Rey Feás, José: Reporteiro meritorio e Redactor de 1ª de *El Correo Gallego* e *La Noche*.

Rey Gallardo, Ángel: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Rey Martínez, Manuel: Cóengo Lectoral da catedral de Santiago, formou parte da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Rey Quiroga: Pseudónimo de Juan José Peña Ibáñez.

Ribal, Pepe: Colaborador de *La Noche*.

Risco, Vicente*: Integrante da primeira nómina de colaboradores de *La Noche*.

Riva, Jorge de la: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Rodríguez Mourullo, Gonzalo: Membro da xeración de *La Noche*.

Ron Mato, Francisco: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A. e Vocal do seu Consello de Administración.

Rubal, Antonio: Membro da xeración de *La Noche*.

Rubido, José María: Accionista fundador de Editorial Compostela, S. A.

Ruibal, Álvaro: Colaborador de *La Noche*.

Ruibal, Pepe: Colaborador de *La Noche* e *El Correo Gallego*.

